

**OLGA CASTRO
MARÍA LIÑEIRA
EDITORAS**

**Trama e urda.
Contribucións multidisciplinares
desde os estudos galegos**



**Trama e urda. Contribucións
multidisciplinares desde os
estudos galegos**

Edita

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2015

Pazo de Raxoi - 2º andar - Praza do Obradoiro

15705 - Santiago de Compostela

T 981 957 202 - F 981 957 205

correo@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

doi:10.17075/tucmeg.2015

OLGA CASTRO
MARÍA LIÑEIRA
EDITORAS

Trama e urda.
Contribucións
multidisciplinares desde
os estudos galegos



Introducción

Olga Castro

Aston University

María Liñeira

University of Exeter

doi:10.17075/tucmeg.2015.001

FÍOS E TÉCNICAS NOS ESTUDOS GALEGOS ACTUAIS

Con «Trama e urda: contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos» ve á luz un volume colectivo que amosa a variedade de fíos e técnicas que se entrelazan para conformar o tecido presente dos estudos galegos. As autoras e autores dos dezaoto traballos que acá se inclúen atópanse en distintos puntos dunha carreira profesional que se desenvolve tanto dentro coma fóra de Galicia, proba da crecente extensión xeográfica dos estudos galegos. Boa parte das achegas enmárcanse nos tradicionais eidos da lingua, da historia e da literatura mais tamén se inclúen dous traballos que se ocupan da divulgación da lingua galega grazas a Internet e da divulgación científica, especialmente na Galicia do século XXI. Son, polo tanto, contribucións multidisciplinares que pretenden achegar novas análises, datos e perspectivas variadas sobre temas específicos. Dentro desta diversidade de traballos, todos eles teñen en común que foron presentados no X Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) «Galiza alén do Arco Atlántico: unha visión multidisciplinar dos estudos galegos», celebrado en setembro de 2012 na universidade galesa de Caerdydd (Cardiff). Nesa conferencia presentáronse máis de setenta relatorios que deron conta da vixosidade dos estudos galegos. Deste congreso deriváronse dúas publicacións: esta que aquí presentamos agora e un número monográfico da revista *Abriu: Estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*, titulado «Crevices Exposed: Blind Spots in Galician Textuality», que saíu do prelo no outono de 2015.

A lingua galega é o tema principal da primeira sección do volume, que consta de sete capítulos. No capítulo inaugural, Rosario Álvarez analiza a posición e valor estratéxico da lingua galega desde o que denomina a perspectiva da mundialización. O seu exhaustivo estudo sobre a política lingüística exterior do galego, o ensino da lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras e para a comunidade residente no exterior, conclúe cun chamamento á acción para a posta en marcha de medidas que favorezan a súa internacionalización.

Os seguintes tres capítulos analizan diferentes aspectos relacionados co Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués, unha iniciativa de

consulta gratuita en liña posta en marcha polo Instituto da Lingua Galega, organismo dependente da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración con distintas universidades brasileiras e portuguesas. O obxectivo do proxecto é integrar nun banco de datos materiais lexicográficos en galego e portugués, á vez que ofrecer unha representación cartográfica da distribución territorial dos termos. Ernesto González Seoane dá conta da metodoloxía seguida no deseño da base de datos así como das estratexias aplicadas para afrontar o reto de dar cabida nunha única plataforma un corpus tan diverso (galego, portugués brasileiro e europeo). Rosa Mouzo Villar, pola súa banda, céntrase en explorar as utilidades do Tesouro para matizar e ampliar a información terminolóxica dispoñíbel nos dicionarios xerais, principalmente debido ao carácter inédito de boa parte dos materiais compilados nesta base de datos (moitos deles procedentes de traballos de investigación sen publicar). As utilidades do Tesouro que examina Marta Negro Romero teñen que ver co potencial que ofrece esta ferramenta terminolóxica para a realización de traballos de investigación, nomeadamente aqueles de carácter contrastivo ou que investigan procesos de variación e mudanza. O estudo da variación lingüística é tamén o tema principal do capítulo de Helena Bermúdez Sabel, no que se defende o uso da edición sinóptica como mellor tipoloxía ecdótica para realizar este tipo de estudos. A autora parte de modelos previos para facer unha nova proposta metodolóxica de edición sinóptica que resolva eivas anteriores e sexa idónea para o estudo de variacións na lingua da lírica galego-portuguesa.

Desde un enfoque sociolingüístico, Obdulia Castro parte das investigacións realizadas sobre o contínuum oralidade-alfabetización para presentar os resultados dun estudo revelador sobre usos lingüísticos e percepcións socioculturais respecto do uso do galego. O peche a esta primeira sección fornéceno o traballo de Paula Bouzas. A cabalo entre a sociolingüística e a análise crítica do discurso, Bouzas analiza as ideoloxías sobre a diversidade lingüística e os idiomas minorizados en España, en concreto sobre o galego, que durante a presidencia de José María Aznar (1996-2004) promoveron os xornais estatais El País, El Mundo e ABC.

Na seguinte sección Manuel Gago céntrase na posición da lingua galega, neste caso trazando a súa posición nos territorios dixitais. Malia a baixa presenza de Internet nos fogares galegos, fenómenos como o auxe dos blogs e de Facebook déronlle ao galego maior presenza e vitalidade. A responsabilidade das institucións tamén aparece recollida nesta contribución, na que se avalían dúas iniciativas na

rede do Consello da Cultura Galega. Pola súa banda, o científico Xurxo Mariño dá conta da desafortunada brecha entre o que Charles P. Snow denominou as culturas científica e humanística. A continuación explora as disciplinas en que se busca a multidisciplinariedade e, finalmente, presenta os proxectos galegos de comunicación da ciencia, nos que el é participante activo.

A sección de historia xira ao redor da historia das institucións. Leila Rodrigues da Silva e Maria Boguszewicz ocúpanse da Igrexa, e Cristina Martínez Tejero do grupo Galaxia. No seu capítulo, Leila Rodrigues da Silva tenta identificar un perfil ideal de bispo no contexto da reorganización da Igrexa tras a conversión ao cristianismo dos suevos analizando polo miúdo as actas dos concilios bracarenses do século VI e os escritos do bispo Martiño de Dumio. No seguinte traballo, Maria Boguszewicz afonda na relación entre a lingua galega e a Igrexa ofrecendo coma contrapunto a relación entre a lingua casubia e a Igrexa. A orixinal comparación permítenos profundizar nas tensas relacións políticas entre a institución e os movementos nacionais de ambas as comunidades. Finalmente, Cristina Martínez Tejero abre coa súa publicación unha frutífera liña de investigación sobre os procesos de construción do coñecemento das institucións, nestecaso do grupo Galaxia. A autora pon de manifesto as dificultades para analizar o seu obxecto de estudo, teoriza sobre o concepto de «coñecemento construído» e reflexiona sobre a configuración e funcionamento do campo dos estudos galegos.

A sección final está dedicada á literatura. Comeza cun texto da poeta Chus Pato en que se exploran as semellanzas e diferenzas entre o labor da tradutora e da poeta a través da lectura do texto pioneiro de Walter Benjamin «O cometido de quen traduce» e dun ensaio de Paul de Man sobre o devandito texto. A continuación, Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes fai unha achega de grande interese á historia do teatro de principios do século XX na que estuda as tensións repertoriais na obra dramática de Leandro Carré, servíndose da súa peza *Un caso complicado*. Olivia Rodríguez González, especialista en Vicente Risco, aplica os principios da escola neolachmanniana a unha hipotética edición crítica d'*O porco de pé*. A través da análise pormenorizada das diferentes reedicións ilústrase o proceso de fixación da norma culta do galego. Os seguintes dous traballos xiran arredor da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín. Primeiro, Natalia Szejko explora como a selección de protagonistas e o establecemento de certas relacións interpersoais producen un efecto melancólico na obra do autor. Segundo, María Carreira López analiza as relacións intertextuais

entre o poema do ourensán «Quén é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande», a cuarta rima do italiano Guido Cavalcanti «Chi è questa che ven, ch'ogn'om la mira» e o libro bíblico Cántiga das Cántigas. Por último, María Obdulia Luis Gamallo pecha a sección (e o volume) cunha lectura da obra *Cartas de Galicia*, unha tradución ao galego publicada en 1968 das oito cartas que o autor belga Prosper-Henri Devos escribiu durante a súa viaxe pola Península Ibérica en 1912. A tradución desta obra de literatura de viaxes, da man de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, achega unha interesante visión da Galiza de comezos do século XX aos ollos dun belga.

En total, dezaoito capítulos cos que as editoras de «Trama e urda: contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos» deixamos nas mans das lectoras e lectores un volume colectivo que deita luz sobre unha parte do tecido máis actual dos estudos galegos.

Índice

- 6 **INTRODUCCIÓN: Fíos e técnicas nos estudos galegos actuais**
Olga Castro e María Liñeira
- 15 **Lingua galega: entre a identidade e a mundialización**
Rosario Álvarez
- 45 **Aspectos metodolóxicos do deseño e elaboración do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (TLPGP)**
Ernesto González Seoane
- 61 **O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* e a súa contribución á lexicografía e dialectoloxía galegas**
Rosa Mouzo Villar
- 77 **O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* no marco do espazo lingüístico galego-portugués (PE e PB)**
Marta Negro Romero
- 99 **A edición sinóptica e a súa aplicación ao estudo da variación lingüística na lírica galego-portuguesa**
Helena Bermúdez Sabel
- 117 **The Orality-Literacy Continuum in Galician: Language Choice, Cultural Identity, and Language Policy at a Crossroads**
Obdulia Castro
- 145 **A construción do discurso acerca da lingua galega na prensa escrita de ámbito estatal. Análise de *El País*, *El Mundo* e *ABC* durante a «era Aznar» (1996-2004)**
Paula Bouzas Rosende
- 169 **A cultura científica. Estratexias de comunicación e de integración**
Xurxo Mariño Alfonso
- 181 **Cultura galega e territorios dixitais: entre a sociedade civil e as institucións**
Manuel Gago Mariño
- 191 **O bispo idealizado no contexto de reorganización da Igrexa no reino suevo: una análise das atas conciliares bracarenses e dos escritos martinianos**
Leila Rodrigues da Silva
- 205 **As coordenadas políticas da elección da lingua de comunicación da Igrexa católica en Galicia e Casubia**
Maria Boguszewicz
- 225 **A construción do coñecemento sobre Galaxia no campo dos estudos galegos: primeiras achegas**
Cristina Martínez Tejero

- 241 **O texto como resistencia, corpo e ruína: a tradución e o poema**
Chus Pato
- 251 ***Un caso complicado: tensión repertoriais no teatro de Leandro Carré***
Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes
- 263 **Consideracións metodolóxicas para a edición crítica de textos literarios galegos do século XX. O caso de *O porco de pé* (1928) de Vicente Risco**
Olivia Rodríguez González
- 283 **O concepto de melancolía na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín**
Natalia Szejko
- 295 **Quen é ela? A representación da muller no diálogo intertextual da poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín**
María Carreira López
- 311 ***Cartas de Galicia*, de Prosper-Henri Devos: historia dunha edición, análise dunha publicación**
María Obdulia Luis Gamallo

LINGUA GALEGA: ENTRE A IDENTIDADE E A MUNDIALIZACIÓN

Rosario Álvarez

Consello da Cultura Galega,
Instituto da Lingua Galega, Universidade
de Santiago de Compostela

[doi:10.17075/tucmeg.2015.002](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.002)

O título deste capítulo pode parecer un tanto pretencioso, pois son moitos e variados os ámbitos científicos e foros de alto debate intelectual que nos últimos tempos se teñen ocupado deste tema ou de temas conexas. Non debe esperarse desta contribución nin unha síntese crítica do novo coñecemento adiantado nos estudos neste dominio nin, moito menos, unha achega teórica orixinal ou innovadora a propósito dun tema tan complexo e multifacético. Preténdese só colocar o tema no campo de atención da comunidade investigadora e de persoas interesadas nos estudos galegos, por considerar que é o ámbito idóneo para reflexionarmos sobre a posición e posible proxección internacional (interlingüística) do galego e para nos preguntarmos sobre as estratexias e opcións de futuro.

Pertencemos a un pobo moi dado á reflexión e conversa sobre a lingua, tanto dándolle voltas ao código coma á súa situación social, de modo que moitas das ideas que seguen (con estas ou outras palabras), forman parte de comentarios habituais entre persoas galegas que non son lingüistas. Con frecuencia atopámonos en situacións problemáticas que nos parecen exclusivas de nós, pola nosa particular situación sociolingüística; contribúe a iso a propaganda centralista das linguas oficiais de estados poderosos, que promoven idearios a favor do monolingüismo e da exclusión da diferenza.

Así, foinos transmitido que a situación lingüística ideal é a dunha sociedade monolingüe e botamos a vida perseguindo a volta a unha situación sociolingüística coma a que presuntamente tiveron os nosos devanceiros medievais (exclusión feita da concorrencia do latín e da presenza en distintas doses doutras variedades románicas, que tiveron despois maior ou menor fortuna). Para unha grande parte dos e das defensoras dunha liña monolingüística pouco importa que a maior parte da comunidade científica poña sobre a mesa, unha e outra vez e en todo o mundo, o feito incontestable de que a realidade mostra teimosamente que a «normalidade» — entendida como o común ou usual — está do lado das sociedades bilingües ou plurilingües.

Tamén se ten discutido, e moito, sobre a dificultade de vida normalizada (e incluso pervivencia) das linguas con ámbito territorial reducido. Estas

dificultades (na prensa, na literatura, na ciencia, nos negocios, etc.) resultan maiores se estas linguas non teñen estado. De feito, incluso no seo da mesma comunidade hai grupos que discuten a conveniencia da aprendizaxe e uso da lingua propia, medíndoa en termos de rendibilidade no contexto planetario. Esquécese (ou preténdese que se esqueza) que todas as linguas son ferramentas de comunicación válidas en función das circunstancias, entre as que non ocupa un lugar menor o medio; isto é, unha lingua pode ser a única idónea no seo da comunidade e inadecuada para unha relación internacional concreta. Aínda en relación co anterior, tense alertado do perigo de que a lingua identitaria se enquistase no seu espazo territorial ou simbólico, sexa porque os seus e súas falantes a abandonan fóra del, sexa porque non dá captado o interese dos e das falantes doutra lingua ou de estudosos do estranxeiro.

Neste contexto, propómonos analizar a posición do galego no universo das linguas e mais a presenza da lingua galega no mundo, no territorio que non lle é propio por nacemento, a través de galegofalantes que residen fóra da terra, de estranxeiros e estranxeiras que a incorporaron ao seu fardel, e finalmente do seu ensino como lingua estranxeira.

1. UNHA NOVA ORDE LINGÜÍSTICA

A globalización produce unha nova orde lingüística caracterizada en gran parte, pero non só, pola emerxencia dunha lingua particular, o inglés, que se vai convertendo na lingua global, supranacional e supraestatal, impulsada non só polas instancias de poder instaladas en poderosos países anglófonos, senón moi activamente polos gobernos e elites dirixentes de países que teñen unha ou máis linguas propias, distintas do inglés e nos máis dos casos distanciadas del en tipoloxía. Impulsado por un movemento planetario e con esas axudas endóxenas e esóxenas, o inglés non só se foi convertendo na lingua de relación internacional no mundo dos negocios, da política, das comunicacións, da investigación, etc., senón, en moitos lugares, na lingua de instalación das clases sociais altas e de boa parte da mocidade. Non hai máis que ver a enorme cantidade de recursos, públicos e privados, destinados á aprendizaxe do inglés, á tradución simultánea e á versión de obras orixinais a esta lingua (incluso de textos que nunca chegan a ver a luz na primeira versión). Chega un punto en que na valoración do seu coñecemento se inverten os papeis: saber inglés deixou de ser un mérito para ser un requisito; non falar inglés convértese nunha eiva e, desde

logo, nun factor de exclusión. Houbera xa outras linguas imperiais expandidas polo mundo con funcións de intercomunicación semellantes, pero en toda a historia da humanidade nunca unha proporción semellante de poboación, en circunstancias e lugares tan diversos, abandonara ou complementara a lingua propia para adoptar (con maior ou menor destreza e grao de corrección) unha mesma lingua diferente.

O movemento a favor do inglés semella hoxe imparabile, se ben ningún lingüista se atreverá a negar que a longo ou medio prazo se pode conter e mesmo reverter, porque a historia é pendular e porque a hexemonía (económica, cultural, política, relixiosa, militar...) nunca é para sempre. En todo caso, no presente, obsérvanse xa algúns indicios de resistencia activa ou de reacción contra esa tendencia á mundialización do inglés como lingua A, entre os que cómpre destacar catro:

a) Débense considerar nesta liña os movementos «ecolingüísticos», de forma moi ampla e non só referidos á «ameaza» do inglés. A *ecolingüística* ou *ecoloxía lingüística* pode ser comprendida e definida de distintas maneiras. Aos efectos que nos interesan, destacamos a póla da lingüística que ten como obxectivo principal detectar situacións de fragilidade do medio e risco de extinción, para fomentar políticas que defendan o equilibrio e a conservación da diversidade lingüística, contribuíndo así á preservación e protección das linguas do mundo.

b) En reacción máis directa ao exclusivo predominio do inglés, debemos considerar o movemento englobable baixo o rótulo *intercomprensión* (románica, xermánica, etc.), que con frecuencia crecente é unha actitude sostida a nivel individual ou por pequenos grupos, mais no que se enmarcan organizacións multinacionais como Unión Latina ou Festlatino, e proxectos articulados como EuroComRom, EuroComGerm e EuroComSlav. Así se expresa a páxina que dá a benvida a EuroCom (o subliñado é noso):¹

- Na casa europea, as linguas non son alleas unhas para as outras, están relacionadas.
- No seo das familias lingüísticas románica, eslava e xermánica a xente enténdese naturalmente.
- EuroCom traza o camiño cara ao plurilingüismo.
- A intercomprensión europea constitúe a nivel cultural un complemento ao inglés como lingua universal.
- EuroCom preserva a riqueza cultural e lingüística de Europa.

¹ Véxase <http://www.eurocom-frankfurt.de>

A novidade destes movementos reside en que toman a bandeira do interlingüismo como garantía do respecto e preservación da diversidade cultural e lingüística, sen converter ningunha das linguas particulares en hexemónica («por unha latinidade plural», proclama por exemplo a Unión Latina).² A alianza estratéxica dos falantes de linguas románicas doadamente intercomprensibles, e por tanto dominables a efectos prácticos (decodificación oral e/ou escrita), converte esta forza humana nunha das máis numerosas e espalladas por todo o mundo.³ De por parte, estas linguas están en contacto con numerosísimas linguas indíxenas, das que son interlocutoras privilexiadas.

c) O temor de que a globalización resulte en «homoxeneización» acentúa os movementos identitarios e de defensa de todos os espazos simbólicos que garanten a individualidade de pobos, entre eles en primeiro lugar a lingua. Como nos fai notar Fishman (2001: 4), nunca ata hoxe houbera tantas linguas estandarizadas nin con políticas de recuperación en marcha, en número que crece significativamente co paso do tempo. Prográmanse accións de política lingüística, non só aplicables a linguas minorizadas emerxentes (caso do galego), senón tamén a linguas que ata agora non se sentiran ameazadas (caso do francés); así, a lei Toubon de 1994 xorde como reacción fronte á ameaza do inglés (limitación e substitución canónica de anglicismos, obriga de usar o francés na publicidade escrita e audiovisual, etc.).

d) Algúns autores salientan claros indicios dunha tendencia global de regreso ás orixes, que pode supoñer unha oportunidade para linguas vinculadas a herdanzas familiares ou históricas, por exemplo ao portugués na China, India e nos territorios lusófonos de África (David Graddol, *apud* FLAD 2008: 28-33⁴). A oportunidade aumenta consonte o fai a

² Véxase <http://www.unilat.org/SG/es>

³ Ocorre incluso no seo de cada lingua, orientando conxuntamente a política lingüística oficial consonte o principio pluricéntrico, o que implica que o centro orixinario abandone o concepto patrimonialista da «autenticidade». Así se declara formalmente na política oficial das academias da lingua española, cando optan polo «panhispanismo», o que obriga á Real Academia Española a cambiar a súa perspectiva e a esforzarse por asumir que deixa de ser a única institución con capacidade para se pronunciar sobre a norma en toda a área descontinua de lingua española. Parte das reticencias portuguesas sobre o *Acordo ortográfico* explícanse pola dificultade de asumir unha posición semellante desde Portugal; desde Brasil, voces autorizadas, defensoras de actitudes e propostas integradoras, sosteñen que a lusofonía, para ser viable, debe ser «entendida de maneira ampla e abrangente, multicêntrica e heterogênea» (Faraco 2010: 81).

⁴ Nesta liña, os autores do informe *A Internacionalização da Língua Portuguesa. Para uma política articulada de promoção e difusão*, que teñen á vista un complexo estramado de datos e criterios, presentes e cara ao futuro, propoñen valorizar «os puntos de ancoragem» que deixou no Oriente a historia da presenza portuguesa, sobre todo na India, Xapón e Macau (e, a través deste enclave, na China), do mesmo xeito que chaman a atención sobre as especificidades do escenario africano, decorrentes de circunstancias históricas recentes (aínda que, precisamente por isto, alertan de que nalgúns casos será

consideración do inglés como unha «destreza básica», adquirida desde niveis cada vez máis baixos, pois o lugar «lingua estranxeira», presente en todos os sistemas educativos, xa pode ser ocupado por un abano maior de linguas cunha opción real, entre elas as que se vinculan á herdanza cultural.

2. A FORTALEZA E VALORES ESTRATÉXICOS DAS LINGUAS

É un lugar común afirmar que a vitalidade dunha lingua non se mide polo número de falantes senón pola robustez que mostra dentro do seu territorio, no seu nicho. Poderíamos engadir que ese vizo é independente da maior ou menor necesidade que sintan os seus e súas falantes, individual ou colectivamente, de coñeceren outra ou outras linguas non propias. Acórdansenos exemplos coñecidos, non moi distantes: unha lingua coma o danés móstrase vital no seu territorio, a pesar de ser unha lingua moderadamente areal (isto é, circunscrita a un territorio de non grandes dimensións con algunhas extensións a países contiguos)⁵ e de andar por preto de 5,5 millóns de falantes. O mesmo ocorre co islandés, lingua rexional, que anda preto do cuarto de millón (Moreno 2003: 150), se ben este pequeno número explica que as súas e seus falantes aprendan maioritariamente outras linguas alleas (de forma obrigada polo ensino, inglés e danés). Por desgraza, non podemos dicir que esta sexa a situación do galego; por iso nos atopamos nun proceso de «normalización», isto é, de recuperación desa vitalidade interna ata atinxir un grao satisfactorio no seo da sociedade galega. Mais non é o noso propósito presente ocuparnos deste tipo de vitalidade, dentro da comunidade de falantes. Lembraremos só que a *Carta europea das linguas rexionais e minoritarias*, ratificada polo Consello de Europa en 1992, se dirixe á protección destas linguas como expresión da riqueza cultural, buscando a súa revitalización mediante o emprego en novos ámbitos, que abarcan todos os sectores da vida pública (educación, administración, xustiza, medios de comunicación, vida económica...), mais sempre dentro do territorio que lles é propio en cada caso; dito doutro xeito, a *Carta* só se pronuncia sobre a vitalidade interna.

preciso lidar cautelosamente con contas pendentes e resentimentos aínda non resoltos, que poderían actuar en sentido contrario ao desexado) (Reis 2010: 22-23).

⁵ Galicia ten unha extensión de 29.574 km², fronte aos 43.098 km² de Dinamarca. O danés é a lingua oficial de Dinamarca (5.535.000 habitantes), é cooficial en Groenlandia e as Illas Feroe, e é moi coñecida como segunda ou terceira lingua en Islandia. Conta en total con 5,3 millóns de persoas falantes, segundo Moreno (2003: 150).

Outra dimensión é o valor estratéxico das linguas, que se mide sobre todo fóra do territorio e da propia comunidade de falantes, en interacción con outras comunidades humanas e con outras linguas: ben polas oportunidades que a lingua propia ofrece aos seus naturais fóra do país de procedencia ou do nicho adquirido (a resposta á recorrente pregunta «para que quero o galego fóra de Galicia?»), ben polo recoñecemento que lle demostran falantes doutras linguas (volvendo a unha pregunta típica, «por que unha persoa estranxeira vai querer aprender galego?»). Ese valor estratéxico é importante porque está en relación directa co valor económico e co poder que cada lingua ten: enténdasenos ben, non falamos en termos de dominio, senón de difusión e dunha fortaleza disuasoria ante os intentos de asoballamento. O valor estratéxico está, adoito, detrás da elección lingüística que fan os individuos cando se lles presenta a ocasión ou obriga de optar: en que lingua quero instalarme, facer literatura, redactar un artigo científico, rodar un filme, facer a publicidade, poñer un anuncio, rotular a miña empresa, educar as miñas crianzas; e, tamén, que outras linguas quero aprender e dominar plenamente, en cales me gustaría poder ler ou ver un filme en versión orixinal, etc.

Na definición deste valor estratéxico xoga un complexo sistema de variables, que se combinan en distintos graos.⁶ Intervenían factores coma os seguintes:

a) O número, dimensión, posición e espallamento dos países en que se fala (como primeira lingua ou non). É unha lingua rexional, coma o islandés con 250.000 falantes (Moreno 2003: 150) ou coma o bengalí, unha das dez máis faladas do mundo con 170 millóns (Moreno 2003: 243)? É unha lingua expandida, como primeira ou segunda lingua, nunha rexión xeográfica internacional, relativamente pequena (coma o danés) ou relativamente ampla (coma o alemán)? É unha lingua que se estende por vastas rexións do planeta, continuas (caso do árabe e ruso) ou descontinuas (caso do francés, español e portugués)?

b) A relación como lingua areal coas linguas rexionais ou locais, sobre todo nos casos en que as linguas vernáculas sexan especialmente abundantes e diferentes entre si. O francés non é unha das dez linguas máis faladas do mundo, pero si unha das máis estendidas; máis alá do seu valor como lingua oficial dunha das potencias europeas (e algúns territorios


⁶ Como xa foi indicado, a *Carta europea das linguas* pouco achega a este respecto. Limitase a (a) facer unha declaración leve sobre a necesidade de fomentar o entendemento mutuo entre todos os grupos lingüísticos dun país, e a (b) esixir que se promovan activamente os intercambios transfronteirizos no caso de linguas que se falen noutros estados (como lingua minoritaria ou maioritaria).

limítrofes), do Québec, dalgúns países caribeños e polinésicos, etc., o francés ten un importante valor estratéxico como lingua de comunicación en diversos países de África, derivado da colonización francesa e belga, especialmente na zona subsahariana. A pesar dunha secular política lingüicida, en Brasil fálanse arredor de 200 linguas indíxenas, de extensión e número de falantes desiguais, dunhas 20 familias distintas, algunhas de grupos xenéticos moi diferenciados: a intercomunicación ten que facerse a través de individuos bilingües, en xeral a través do portugués, polo que esta lingua cobra unha grande importancia estratéxica en toda a área.

c) A proximidade tipolóxica con outra ou outras linguas, o que facilita a intercomprensión entre elas. Nese sentido, dentro da familia xermánica, pódese afirmar que o valor estratéxico do islandés é menor có do danés, porque este é facilmente comprensible polos falantes das outras dúas linguas nórdicas continentais (sueco e o noruegués [bokmål]), coas que feito forma un *continuum* lingüístico. Voltando á Península Ibérica, a singularidade do éuscaro é un factor de illamento en contra, que non teñen o catalán ou o galego.

d) A medida en que falantes alleas/os deciden aprendela como lingua de intercomunicación, polo xeral en actividades que non atinguen toda a poboación senón segmentos máis ou menos especializados. En última instancia, «a globalización referida á comunicación lingüística ten que ver cos procesos en que unhas linguas se usan cada vez máis na comunicación internacional mentres que outras perden importancia e incluso desaparecen» (Garrido 2010: 71). Segundo o British Council, no ano 2000 aprendían inglés como lingua estranxeira entre 750 e mil millóns de persoas en todo o mundo; segundo o Instituto Cervantes, en 2010 aprendían español como segunda lingua 14 millóns de persoas, un terzo en Europa e dous terzos en América (datos tomados de Garrido 2010: 88-89): a distancia entre o interese mostrado no dominio dunha e outra linguas repercute no diferente valor estratéxico.

Figure 2.5: Proportion of pupils learning foreign languages in secondary education, by language, 2005 (1)



(1) Refer to the Internet metadata file (http://europa.eu.int/estatref/info/sdds/en/educ/educ_base.htm).
 (2) 2004.

Source: Eurostat (tps00057, tps00058 and tps00059), Unesco, OECD

This indicator presents the percentage of all pupils in upper secondary education (ISCED level 3) who are learning English/French/German as a foreign language. It only covers general and not vocational education in countries where English/French/German is described as a foreign language in the curriculum or other official document relating to education in the country.

Fig.1 Aprendizaxe de linguas estranxeiras en Europa (datos de 2005, Eurostat)

Os datos do gráfico anterior proceden do *Anuario 2005* de Eurostat e refírense á Unión Europea, Croacia, Turquía e Islandia.⁷ Repárese no seguinte: ao parecer, a poboación en idade escolar do Reino Unido non ten necesidade de aprender linguas estranxeiras; en todos os países de lingua non-inglesa, a lingua preferente é o inglés (salvo Bélxica, por razóns doadamente comprensibles); na Europa occidental, a segunda lingua é o francés; na Europa central e oriental como segunda opción domina amplamente o alemán, coa excepción moi marcada de Romanía. Só se consideran tres linguas, porque as outras non teñen datos significativos neste nivel académico; dito doutro xeito, os responsables do sistema educativo ou os estudantes en condicións de elixir non recoñecen valor estratéxico ao italiano, portugués, español... Por darnos un dato máis abrangente, fóra do ensino secundario, apuntamos que, segundo o Eurobarómetro 2012, as cinco linguas estranxeiras máis faladas na UE —no sentido de ter competencias para manter unha conversa noutra lingua— son, por esta orde, o inglés (38%), francés (12%), alemán (11%), español (7%) e ruso (5%).⁸

⁷ Dispoñible en <http://epp.eurostat.ec.europa.eu>. No último Anuario, con datos de 2009 e nalgúns casos 2008, falta información fundamental en varios países membros, polo que tomamos como referencia o anterior.

⁸ Houbo cambios significativos desde o Eurobarómetro 2006: mantense o inglés (38%), descenden francés e alemán (tiñan 14%) e mais o ruso (antes 6%), só aumenta o español (antes 6%). Sen dúbida, isto garda relación co aumento do valor estratéxico do español, pois na última enquisa as linguas que a cidadanía percibe como máis útiles son, despois do inglés,

e) A vinculación coa innovación e a tecnoloxía. Parece incuestionable que este factor pode explicar que no contexto europeo se vexa como mellor investimento aprender francés ou alemán antes ca español ou portugués. É evidente que Internet deu un enorme pulo ao inglés e non faltaron voces que alertaron sobre o posible monolingüismo imposto pola rede. Co paso do tempo, a realidade mostrouse diferente: a medida que se foi difundindo e xeneralizando o acceso a esta rede e aos seus recursos, o peso específico do inglés foi diminuindo. Así, no ano 2000 cerca do 50% dos usuarios de Internet tiñan o inglés como primeira lingua; en 2007 a porcentaxe baixara ao 29% (Graddol, apud FLAD, 2008: 31).

Por iso algúns autores (De Swaan 1993 e 2001; Calvet 2004) falan da «galaxia das linguas», organizadas nun sistema gravitacional en que unhas gravitan no campo doutras, non necesariamente nunha relación de dependencia senón de subsistencia e, en moitos casos, de apoio mutuo. Nese universo, as linguas clasifícanse pola posición que ocupan e pola rede de relacións que son capaces de establecer coas restantes, próximas ou afastadas. Sintetizando as propostas máis recorrentes, establecemos cinco chanzos (de límites difusos):

a) *Lingua local*: circunscrita a un pequeno territorio sen autonomía política nin administrativa, como por exemplo o mirandés.

b) *Lingua rexional*: circunscrita ao seu dominio básico, sexa este un pequeno estado (caso do islandés) ou unha nación sen estado (casos do galego, catalán, bengalí...). Entran tamén neste grupo as linguas de pobos instalados nunha área xeográfica que non se corresponde cos límites de ningún estado (por exemplo, o aimará, estendido no altiplano entre Bolivia, Chile e Perú, e en parte da Arxentina).

c) *Lingua areal*: lingua dun estado ou nación con extensións, como primeira ou segunda lingua, nunha área de influencia próxima (danés, sueco, croata); con frecuencia, por razóns xeopolíticas, superponse a linguas autóctonas (caso do hindi).

d) *Lingua internacional*: lingua de varios estados ou nacións, en distribución areal continua (árabe, ruso, alemán...) ou policéntrica (francés, español, portugués...).

e) *Lingua global*: lingua internacional con capacidade para superpoñerse a todas as anteriores, cando menos en determinados grupos sociais e en determinados usos globais (de momento, só o inglés).

o alemán (17%), o francés (16%), o español (14%) e o chinés (6%).

3. A POSICIÓN E VALOR ESTRATÉXICOS DO GALEGO

De acordo coa exposición anterior, no concerto mundial o galego é unha *lingua rexional*, circunscrita ao seu dominio básico. Na nosa opinión, o feito de que o galego se fale fóra dos límites administrativos de Galicia non resta validez á afirmación básica de que se trata dunha lingua rexional, xa que eses territorios contiguos son tamén constitutivos. De todos os xeitos, tendo en conta que as decisións sobre a lingua nos territorios estremeiros dependen doutras administracións e que a comunidade de falantes, fragmentada por razóns sociopolíticas, gravita arredor de distintos centros de poder, podería considerarse moderadamente areal.

O número de falantes habituais estímase preto de 3 millóns no territorio orixinario (Galicia e banda occidental de Asturias, León e Zamora), ao que se suman as e os falantes que a teñen como segunda lingua. Ademais, debido a procesos migratorios recorrentes a moitas e diversas partes do mundo, existe unha ampla comunidade galega no exterior, que con frecuencia se articulou en sociedades e conservou a súa lingua como marca de identidade e vehículo comunicativo no ámbito privado e, nalgunhas áreas, tamén no público (publicacións periódicas, creación e edición literaria, comunicación radiofónica, artes escénicas e música...). Probablemente a suma de todo sexa o que xustifica a atribución de «algo menos de cuatro millones de hablantes localizados en su mayoría en Galicia» (Moreno 2003: 199); *Ethnologue*, que lle atribúe algo máis de 3 millóns, sitúa o galego no posto 160 das linguas do mundo. No ámbito europeo é unha lingua de tamaño medio-baixo, lonxe das cifras das 17 máis faladas (por riba de 10 millóns de falantes) e no intermedio das que se contan por millóns; nesa orde, sitúase entre outras linguas con estado, como o noruegués (4 millóns) e o lituano (3 millóns), dun lado, e o letón, macedonio e o esloveno (2 millóns) do outro (naturalmente, como xa foi dito, a similitude queda nas cifras, pois estas non son por si determinantes da fortaleza e status). Segundo información sintetizada pola Real Academia Galega, «por número de falantes o galego ocupa o lugar 160 entre as 5.500 linguas do mundo, o lugar 23 entre as 150 linguas europeas e é a segunda lingua europea máis falada entre as non oficiais en ningún estado».⁹

O galego é lingua propia e oficial dunha nación sen estado, como se recolle no *Estatuto de Autonomía de Galicia*, que tamén contempla a

⁹ Estes e outros datos básicos están dispoñibles en: <http://www.realacademiagalega.org/datos-uso>

oficialidade do español, en canto que lingua oficial de toda España;¹⁰ de por parte, o galego, xunto co vasco e o catalán, son as tres únicas linguas europeas non oficiais de estados que poden ser utilizadas nas institucións da Unión Europea. Este carácter de semioficialidade, desde 2005, reconece o dereito de nos poder dirixir por escrito en galego ás institucións comunitarias e a ser respondidos na mesma lingua, e mais propicia que algúns documentos e publicacións oficiais sexan traducidos ao galego.¹¹




Fig. 2. Galicía no mundo. Sociedades de emigrantes e centros de estudos galegos. Fonte: CCG

¹⁰ Segundo recolle o *Estatuto de Autonomía de Galicia*, no artigo 5 «1.A lingua propia de Galicia é o galego. | 2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. | 3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento. | 4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.»

¹¹ Para máis información, véxase: http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_na_union_europea

O galego é a lingua propia de Galicia, berce dunha comunidade espallada polo mundo. Sexa pola emigración (antiga e moderna), sexa polo exilio, Galicia ten esta característica singular de gran potencialidade estratéxica. Conta cunha rede de centos de centros e organizacións constituídos desde hai moitos anos polas colectividades da emigración, que en boa medida deberían ser repensados para os adaptar ás necesidades da sociedade actual e garantir a pervivencia. Conta agora con novas e novos emigrantes, con moita máis cualificación, que están presentes en empresas sobranceiras e institucións decisorias, desde Bruxelas ou Londres ata Nova York ou Shangai; os novos núcleos de emigrantes cualificadas/os poden ser o fermento sobre o que construír as antenas de Galicia ao longo de todo o mundo. O mapa recollido na fig. 2, elaborado polo Consello da Cultura Galega (CCG) para a exposición «Galicia 25. Unha cultura para un novo século»,¹² aproxima de forma sintética e plástica a rede de institucións galegas no mundo, nadas na súa maior parte da comunidade, da sociedade civil. Un patrimonio singular, unha rede planetaria, que pode servir de canle excepcional á lingua galega. Esta é tamén a nosa forza, se sabemos reorientala e aproveitala.

Galicia ten tamén outras características culturais salientables. A cultura, como marca-país, é o aspecto que nos define positivamente e reflicte unha identidade propia, orixinal e por iso única, con características e estilo propios que consolidan unha reputación e un recoñecemento de Galicia a partir deses trazos positivos e singulares. Naturalmente, nesa imaxe cultural vai a lingua, a literatura, a gastronomía, a ciencia, a industria, a artesanía, a paisaxe, etc. Entre os trazos singulares está a nosa posición de *finis terrae*, a meta dese Camiño de Santiago que vertebra Europa, que durante séculos colocou Galicia no mapa mental de millóns de persoas europeas, e que é amais carta de presentación positiva aos ollos de millóns de persoas de todo o mundo. A lingua e a cultura de Galicia poden beneficiarse desta rede e dos factores de prestixio que van ligados a ela.

A lingua galega intégrase nun espazo de *continuum románico*, dentro do bloque hispánico occidental, basicamente galego-portugués. A estreita similitude co portugués, que nos coloca de forma natural no seu mesmo bloque lingüístico, é un activo que engade un gran valor estratéxico ao galego, xa que esa é unha das dez linguas máis faladas do planeta en número de falantes nativos (a sétima, segundo algunhas estimacións, só por detrás do chinés mandarín, inglés, español, árabe, bengalí e hindi). A intercomprensión lingüística antes aludida está garantida entre falantes de

¹² Catálogo da exposición dispoñible en: <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/galicia25anos.pdf>

galego e de portugués, con graos diversos dependendo, sobre todo, das distintas variedades orais dentro da lusofonía. Chamamos a atención, ademais, sobre o feito da contigüidade territorial con Portugal como un factor positivo que sumar nesa posición estratéxica. Este é un activo que a lingua galega ten e que a comunidade de falantes non explota adecuadamente; para facelo, debería fomentar a consciencia deste valor e desta oportunidade, valorando o coñecemento do portugués (máis alá da simple decodificación) e procurando o intercambio transfronteirizo.

Dentro do espazo iberorrománico, o *continuum* prolóngase polo leste. Entre o galego e o asturiano ou o castelán hai tamén unha gran similitude (menor cá que teñen galego e portugués, pero alta e significativa en todo caso); ademais, hoxe todas as persoas galegofalantes dominan en maior ou menor grao o español, oral e escrito. Esa proximidade ao español (que na planificación do corpus tendemos a ver como un perigo asimilacionista) amplía a xa mencionada intercomprensión románica; e faino a través doutra lingua internacional que, por descontinua, está entre as máis faladas e estendidas do planeta.¹³

Por tanto, pódese afirmar que o galego, alicerce fundamental da marca Galicia, ten o valor estratéxico de ser a lingua propia dunha comunidade lingüística que é ponte entre os dous hemisferios do hispanismo, o nucleado polo español e o nucleado polo portugués. Segundo as diferentes estimacións de número de falantes, a suma de falantes nativas/os de español e portugués duplica a cifra de falantes nativas/os de inglés, e sitúase por riba de 3:4 se consideramos o número de falantes. O coñecemento e uso do galego permite a intercomprensión con ese vasto mundo lingüístico e cultural.

A pesar do dito anteriormente, a proxección exterior do galego, que se podería estear nese carácter de ponte e na dispersión da galegitude por todo o mundo, é moi feble. É consecuencia de que en Galicia, respecto do status da lingua, sempre existiu maior preocupación pola normalización no seu interior ca pola presenza e difusión fóra das nosas fronteiras; e isto a pesar de que o galeguismo cultural do século XX se caracterizou pola apertura e vontade de se inserir nun contexto europeo, sen o reduccionismo localista. As propostas e accións políticas tamén estiveron sempre dirixidas, fundamentalmente, ao artellamento e normalización internas.

¹³ Cómpre insistir na aclaración de que non estamos a falar de medidas de planificación do corpus, no sentido de achegamento ou distanciamento normativo respecto de español ou portugués, senón de posición estratéxica e de distancia, sendo o galego como é, sen necesidade de transformarse naquilo que non é.

Pero esta consideración e recoñecemento da nosa febleza neste ámbito non nos debe ocultar que non faltaron accións nestoutro sentido: pénsese nas promovidas por comunidades galegas emigrantes (emisións radiofónicas, representacións teatrais, prensa periódica, edicións literarias...) e, nun nivel máis académico, na penetración en universidades estranxeiras de galeguistas emigrantes ou exiliados/as ou na creación da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). A novidade dos últimos tempos é que hai iniciativas que perseguen en liñas xerais este obxectivo. A programación é feble e mellorable, como veremos; nun casos parte de instancias públicas (gubernamentais) e noutros semellan iniciativas particulares (empresas da cultura, grupos de investigación, etc.). Pódense considerar nesta liña: (a) a tradución de obras literarias dalgúns dos nosos autores e autoras máis representativas a outras linguas; (b) os cursos de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras; (c) os cursos de lingua e cultura galegas para a comunidade galega emigrante; (d) a creación de lectorados e Centros de Estudos Galegos en universidades fóra do Sistema Universitario de Galicia; e (e) a cooperación científica entre grupos de investigación sediados en Galicia e persoal investigador (individuos, equipos, grupos, institutos...) en centros de investigación en diversos lugares do mundo.

As novas tecnoloxías e a rede global reveláronse como unha oportunidade extraordinaria para proxectar a cultura e difundir a lingua galega no exterior, non como a ameaza que vaticinaban outrora as voces agoireiras. Sen dúbida a presenza do galego na Internet é aínda bastante limitada, con soporte fragmentario cando non escaso, como diagnostican as autoras do *Libro branco* sobre o galego na era dixital (García / Arza 2012: 14, 33-34). Isto non lles impide ser «moderadamente optimistas», porque no tecido investigador galego existen o dinamismo, competencia e interese necesarios. A propia existencia deste libro branco marca un camiño: forma parte dunha serie destinada a avaliar o apoio das tecnoloxías da linguaxe en 30 linguas europeas, pois ao identificar as carencias, necesidades e deficiencias, poderase «deseñar un programa de investigación e desenvolvemento a grande escala dirixido á construción dunha Europa verdadeiramente plurilingüe e tecnoloxicamente avanzada» (Ib.: 31). O valor estratéxico do galego aumenta e refórzase na medida en que interacciona coas outras linguas oficiais europeas nestes ámbitos.

En distintos lugares recolleemos a afirmación de que o galego se encontra entre as 30 linguas máis usadas na Internet no mundo, por diante de linguas que o triplican ou quintuplican en número de falantes; non a facemos nosa, porque ignoramos a orixe e fundamento desa aseveración,

así como os datos que serven de base a un cálculo obxectivo. Ora ben, un experto como Gómez Guinovart (2003: 4), ao medir o tamaño da web en lingua galega a partir do número de páxinas por lingua indexadas en Allthewe, podía afirmar hai algo máis dunha década que «o galego aparece no posto trixésimo sétimo, con 98.998 páxinas e o 0'014% das páxinas da arañeira, inmediatamente seguido polo euskara (0'011%)».

4. A POLÍTICA LINGÜÍSTICA NO EXTERIOR

Ao analizarmos con algún detalle as características da promoción cultural galega no exterior atopamos unha acción esmigallada, que non obedece nin a unha estratexia de país nin a unha ou varias programacións minimamente coordinadas; nin sequera a promoción da lingua está encarreirada, a pesar de pertencer sobre todo á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL). Segundo un informe elaborado polo Observatorio da Cultura Galega (dependente do CCG), a partir da análise dos presupostos 2011 da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre as entidades públicas galegas que realizan promoción cultural no exterior, chégase a dúas conclusións básicas: (a) ningunha instancia governamental ten encomendada de maneira preferente esta tarefa; (b) non hai un fío condutor nin unha planificación coordinada, senón accións independentes que non garanten continuidade nin complementariedade.¹⁴ A falta dunha política definida de acción exterior e dunha instancia de planificación, xunto coa atomización de orzamentos e medidas, debilitan de forma preocupante a proxección exterior de Galicia, da súa cultura e da súa lingua. Na exposición sobre a proxección exterior da lingua galega imos centrarnos na aprendizaxe da lingua fóra de Galicia ou como lingua estranxeira dentro da comunidade.

¹⁴ A relación de entidades que, segundo os presupostos de 2011, realizaron accións desde tipo no ámbito da Xunta de Galicia foron: a Secretaría Xeral de Emigración (baixo a Presidencia da Xunta de Galicia); a Fundación Galicia Europa e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza); a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo (Consellería de Cultura e Turismo); a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Consellería de Educación); a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal; o Consorcio Audiovisual de Galicia e o Consorcio de Santiago.

4.1. O ensino do galego fóra de Galicia: ámbito non universitario

Unha das nosas grandes eivas é a falta de conexión entre as accións de atención á emigración (dun lado) e a proxección exterior do galego e a acción cultural (do outro). Se o comparamos cos modelos catalán e vasco, un dos obxectivos dos institutos Etxepare e Ramon Llull é precisamente o aproveitamento dos centros culturais e sociais na diáspora. No entanto, nun panorama de acción exterior descentralizada, parcial e descoordinada coma a galega, isto resulta francamente difícil. En consecuencia, apenas se ofrece a posibilidade de afondar no estudo da lingua familiar ao numeroso colectivo de emigrantes galegas e galegos e descendentes, privando a esta poboación da posibilidade de manteren o vínculo coa cultura das súas orixes e de reforzaren os trazos identitarios. A densa rede de *Centros galegos* e *Casas de Galicia* espalladas por todo o mundo constitúe aínda unha estrutura ampla e estable apropiada para acoller accións deste tipo; mesmo podería contribuír a darlles unha oportunidade de sobrevivencia, de superar a crise provocada polo cambio xeracional.

4.1.1. Accións da Xunta para a comunidade residente no exterior

A *Lei de Normalización Lingüística* de 1983 afirma no seu preámbulo que a lingua é un dos factores da recuperación da identidade colectiva por ser o núcleo vital da nosa identidade. Ademais engade que a lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, pois é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade; e, mais que na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre a poboación galega afincada na terra nativa e a emigrada polo mundo. Recoñécese, por tanto, desde o preámbulo a necesidade de promover o galego no exterior para que as galegas e galegos da emigración poidan coñecer a nosa lingua; por iso, o título V desta lei está dedicado ao galego no exterior e di no seu artigo 21 que «o Goberno Galego fará uso dos recursos que lle confiren a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para que os emigrantes galegos poidan dispoñer de servizos culturais lingüísticos en lingua galega». Neste contexto encádranse as actividades culturais e cursos de galego na rede de centros galegos no exterior, que dependen de eventuais convocatorias conxuntas da SXPL e da Secretaría Xeral de Emigración. Consisten en cursos preparatorios de lingua galega, para os niveis CELGA, e de extensión cultural. O feito de non teren data fixa nin programación estable nin continuidade dificulta a planificación, tanto para os centros como para as posibles persoas interesadas.

É difícil avaliar a eficacia e resultados destes cursos. En setembro de 2012, os datos máis actualizados que ofrece a Xunta de Galicia sobre este aspecto na súa páxina son do ano 2007 e na memoria da SXPL de 2010 nin se mencionan. Con todo, no DOG de 13/07/2011 aínda saíu a convocatoria, que alcanzaba ata finalizar o primeiro semestre de 2012. Os datos proporcionados para o ano 2007 só permiten achegarse ao reparto xeográfico e tipo de actividade: nas distintas comunidades españolas (Andalucía, Asturias, Castilla-León, Cataluña, País Vasco, Madrid) óptase por cursos de iniciación ou perfeccionamento da lingua, sen dúbida orientándose á obtención dos certificados acreditativos do seu coñecemento, requisito ou mérito para a consecución de determinados postos de traballo en Galicia.¹⁵ O mesmo ocorre coa programación, escasa, da emigración europea (Alemaña, Francia, Suíza). En cambio, a emigración americana opta pola extensión cultural (Arxentina, Cuba). Segundo González González (2007: 391), na década que vai do ano 1995 ao 2005 impartíronse 868 cursos non regrados deste tipo, repartidos na maioría dos países de América e de Europa occidental. No seu traballo, que ofrece gráficos por anos, número de cursos e de alumnado (demostrando que a media anual de alumnado está por riba das dúas mil persoas, malia que se descoñeza cal é o número de persoas diferentes que se beneficiaron), González González conclúe que se dá «a circunstancia de que a eles acode unha porcentaxe cada vez máis alta de persoas non galegas interesadas pola lingua, a literatura e a cultura deste país».

4.1.2. *Accións do Instituto Cervantes*

Como afirmou Iñaki Anasagasti no seu blog en 2007, «el Instituto Cervantes tiene solo servicios mínimos en relación a las lenguas cooficiales».¹⁶ Mais é un espazo co que debemos contar, pois ao cabo está sostido con recursos públicos de toda a cidadanía, tamén dos que non nos recoñecemos como falantes naturais de español. E, de feito, na páxina da SXPL, baixo a epígrafe *Outros cursos fóra de Galicia*, afirmase que os centros do Instituto Cervantes nos diferentes continentes ofertan a posibilidade de estudar galego, cando existe unha demanda (aínda que, na práctica, na páxina do Cervantes non existe nin a opción de saber onde se programan nin como demandalos). En resposta á nosa petición de información en

¹⁵ Dispoñible en: http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/cursos_exterior.pdf

¹⁶ Dispoñible en: http://ianasagasti.blogs.com/mi_blog/2007/03/el_instituto_ce.html

setembro de 2012, Álvaro García Santa-Cecilia, xefe do Departamento de Ordenación Académica do Instituto Cervantes respondeu en síntese:¹⁷

- No curso académico 2011-2012 ofreceuse a opción de cursos de galego no 55% dos centros (34 de 62 centros); podería ofertarse no 45% restante se houbera constancia de alumnado interesado. Que se ofrezca non quere dicir que se imparta.
- A actividade docente de galego está concentrada no centro de París. Desde o curso 1996-1997 ata o 2010-2011 abriu polo menos un curso de galego cada ano académico, atendido polo lectorado de galego da Universidade París III Sorbonne Nouvelle. O alumnado é maioritariamente descendente de persoas galegas ou emigrantes xa na xubilación, pero tamén hai alumnado francés. No curso 2011-2012 non houbo alumnado.
- Só noutras dúas ocasións houbo cursos de galego noutros centros da rede do IC: en 2003-2004, en Múnic; en 2007-2008, en Bruxelas.
- A maioría dos cursos de lingua galega son de nivel básico A1, mais tamén se abriron algúns cursos especiais de perfeccionamento.

Ademais, no *Espazo das Linguas Ibéricas*, promovido en Madrid polo Instituto Cervantes xunto coa Universidade de Alcalá de Henares, hai cursos dirixidos á obtención do CELGA.¹⁸ O ensino do catalán é responsabilidade do Institut Ramon Llull, o do éuscaro da Euskaltzaindia e o portugués do Instituto Camões. Cómpre salientar que o ensino do galego non depende da Real Academia Galega, que gardaría similitude co caso vasco, nin coas universidades, coas que a SXPL convenía para os cursos de verán, senón da Xunta de Galicia a través do seu Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, un organismo que non ten actividades nin obxectivos docentes.

4.1.3. No ensino primario e secundario fóra de Galicia

A oferta neste ámbito é practicamente inexistente. Daremos só, como apuntamentos, noticia de iniciativas meritorias e programacións singulares.

A primeira delas é o *Proxecto Galauda*, unha iniciativa nacida na Universitat de Barcelona, coa colaboración das dúas administracións autonómicas da Xunta de Galicia e da Generalitat de Catalunya.¹⁹ O proxecto busca a introdución do galego como segunda lingua moderna nos centros de ensino secundario, e a reciprocidade de ensino do catalán en

¹⁷ Comunicación por correo electrónico.

¹⁸ Dispoñible en: <http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/CursosGalego2012-2013Calendario.pdf>

¹⁹ Para máis información, véxase: <http://phobos.xtec.cat/galauda/>

Galicia. O equipo elabora materiais de aprendizaxe (*Vencello, Galauda*) e organiza, coa colaboración da SXPL, viaxes anuais coas alumnas e alumnos a Galicia. Catro institutos imparten a materia de galego optativa como segunda lingua moderna: IES Narcís Monturiol (Barcelona), IES Arquitecte Manuel Raspall (Cardedeu), IES Margarita Xirgu (L'Hospitalet de Llobregat), IES Sant Just Desvern (Sant Just Desvern).

A Xunta de Galicia mantén colaboración permanente cos centros Cañada Blanch de Londres (Reino Unido) e Santiago Apóstol de Buenos Aires (Arxentina), para garantir a oferta de aprendizaxe da lingua galega nestas dúas cidades. No colexio Santiago Apóstol estúdase galego en todos os cursos, desde a etapa preescolar ata o nivel secundario; en 2011-2012, o número de alumnado que estudaban galego neste centro era de 404, nun total de catorce grupos, que asistían ás materias de Lingua e Literatura, Xeografía e Historia de Galicia. No colexio Vicente Cañada Blanch de Londres ofréceselle clases de galego ao alumnado de primaria e secundaria. En Caracas (Venezuela), o colexio Castelao, da Irmandade Galega de Venezuela, imparte clases de lingua galega dentro do currículo escolar.

O ensino de galego nas áreas estremeiras está fóra da xurisdición das institucións públicas galegas. Existe unha colaboración permanente da Xunta de Galicia coa Junta de Castilla y León, mais non con Asturias. Na comunidade de Castilla y León —conforme ao artigo 4.2 do seu estatuto de autonomía verbo da protección para a lingua galega nos lugares nos que habitualmente se utiliza— a materia de lingua e cultura galegas está incorporada aos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario nas áreas galegófonas de León e Zamora; o ensino do galego está regulado pola ORDEN EDU/1190/2007, de 28 de xuño de 2007.²⁰

4.1.4. Outras opcións

Os cursos de lingua *on-line* están moi pouco desenvolvidos. Na páxina da SXPL, baixo o rótulo «autoaprendizaxe», hai unha relación exhaustiva que na súa brevidade revela por si mesma o atraso e o déficit neste campo.

En Escolas Oficiais de Idiomas de Madrid, Ponferrada e Barcelona impártense ensinanzas oficiais do idioma galego nos distintos niveis.

²⁰ Toda a información e acceso aos documentos en: http://www.xunta.es/linguagalega/castilla_y_leon

4.2. O ensino do galego como lingua estranxeira fóra de Galicia: ámbito universitario

Para a difusión exterior do galego e a súa consideración como lingua de estudo é fundamental a presenza en universidades espalladas pola maior parte do mundo. Hoxe isto comeza a facerse real sobre todo a través dos lectorados e dos Centros de Estudos Galegos programados e subvencionados pola SXPL, pero é xusto recoñecer que tiveron ilustres e meritorios antecesores en épocas anteriores. Como nos lembra González González (2005: 4),

La docencia de la lengua gallega en las principales universidades del mundo es, por lo menos desde el punto de vista simbólico, fundamental para obtener un estatus de lengua reconocida internacionalmente. Y, aunque existían loables precedentes de cursos de gallego en diversas universidades, como los impartidos en Moscú por la doctora Galina Zenenko, en Tubinga por E. Coseriu, en Pasau por Xosé Teixeira, en Friburgo por F. Domínguez Reboira, en Brown por A. Carreño, en Maine por Kathleen March, en Wisconsin por Alberto Moreiras o en Mississippi por Michael T. Qeyja, la iniciativa más importante en la introducción de la docencia de la lengua y cultura gallegas en el exterior ha sido sin duda la creación de los Centros de Estudios Galegos.

De acordo con datos publicados pola Xunta de Galicia, en setembro de 2012 hai 38 centros espallados por España (9) e outros 16 países, a maior parte europeos.²¹ Comparando os datos actuais con outros aínda recentes, compróbase que houbo retrocesos nalgúns lugares, pois foron pechados centros que viñan funcionando, algúns de longa data. Así, desde a memoria de 2010 pecharon os centros de Murcia, Buenos Aires (Belgrano), La Habana, México e Montevideo; con anterioridade fixéranos os de Trier, Rennes, Perugia, Santa Bárbara, Lisboa (UL), Stirling e Melbourne. O repaso dos nomes abonda para mostrar a dimensión enorme da perda, que se mide tamén no carácter simbólico que moitos deste lugares teñen para a cultura galega e na achega impagable que fixeron en décadas anteriores á promoción e difusión da lingua galega no mundo.

²¹ Datos e contactos en http://www.xunta.es/linguagalega/lectorados_de_universidades.



Fig. 3: Mapa de lectorados e CEG. Fonte: *Diario Público*, 21/02/2011

Aínda coas últimas reducións, é xusto recoñecer que esta rede de centros de ensino e difusión da cultura galega no mundo supón un avance extraordinario respecto da situación de hai un cuarto de século. Ora ben, hai problemas que cómpre poñer enriba da mesa para intentar que o enorme esforzo, en termos económicos e persoais, sexa máis rendible para a proxección exterior da lingua galega, cun bo retorno de resultados. Sinalaremos só os catro que consideramos fundamentais:

a) O sistema creado dende a Xunta carece dunha planificación previa. A rede de lectorados vaíse creando por agregación de unidades creadas a proposta de académicos do exterior, aproveitando oportunidades que permiten un financiamento dos «centros de galego». Esta falta de planificación ten como resultado a dificultade de accións en rede e a execución de programas comúns, ademais do feito de que haxa áreas xeográficas sobreatendidas, con varios centros por país, incluso en poboacións pequenas, e outras áreas estratéxicas completamente descubertas.

b) A inserción dos lectorados e CEG nas universidades, co pagamento do profesorado correspondente, non leva aparellada a inclusión das materias de lingua galega no currículo académico de forma adecuada e estable. Non se planifica en coordinación co departamento responsable da política universitaria na Xunta de Galicia nin cos que, no seo das universidades correspondentes, teñen competencia no deseño curricular. Isto lévanos a unha posición de marxinalidade nos currículos académicos estranxeiros (ou a unha posición extracurricular) e á falta de acordos de reciprocidade.

c) Os investimentos da SXPL nos CEG e os obxectivos perseguibles a través deles son independentes da política interior e exterior (económica, cultural, científica...). Se comparamos o sistema galego cos sistemas vasco e catalán (por non ir máis lonxe), obsérvase que nestes as accións

relacionadas coa lingua converxen doadamente coas de promoción da cultura, internacionalización de artistas e empresas culturais, axudas á tradución, etc. Obviamente, é máis fácil que estas linguas obteñan máis retornos económicos, turísticos, culturais...

d) A falta dunha estrutura administrativa que programe, coordine e facilite a acción exterior tamén dificulta manter puntos de referencia propios, e en definitiva complica obter beneficios dunha eventual colaboración entre institucións análogas doutros países e rexións, coordinar políticas conxuntas, etc. A promoción exterior da lingua e cultura galegas reséntese de que en Galicia non haxa un interlocutor equivalente do Instituto Camões portugués, do Etxepare vasco, do Ramon Llull catalán, do Cervantes español, etc.

Non podemos rematar este apartado de estudo do galego fóra de Galicia no ámbito universitario sen mencionar que a UNED ofrece materias de lingua e literatura galegas en tres niveis sucesivos, dentro do plan de estudos de Filoloxía Hispánica. De acordo cos programas publicados na súa web, prevese o ensino da lingua a persoas que non son falantes nativas/os, con niveis equiparables aos CELGA correspondentes.²²

4.3. O ensino do galego como lingua estranxeira en Galicia

Se nos centramos na oferta de galego como lingua estranxeira dentro de Galicia, cómpre recoñecer que temos un notable déficit, pois a oferta é moi limitada e nada diversificada. Ata onde puidemos recadar, límitase a: (a) cursos non regrados ou sen planificación temporal fixa e segura (por tanto marxinais), coma os que o SNL universitario programou para «non galegofalantes» ou os que se ofrece a alumnado universitario con bolsa Erasmus; (b) cursos de verán para persoas estranxeiras, que se ofrecen por convenios entre as universidades galegas e a SXPL; (c) programas de voluntariado lingüístico.

O programa *Volangteer* é un proxecto piloto para a aprendizaxe do galego destinado a persoas estranxeiras, que se basea no acompañamento lingüístico por parte de voluntariado.²³ Impúlsao a SXPL, no marco da promoción das linguas rexionais europeas, e conta coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, que o ofrece a través do seu portal internacional, como unha opción para o estudiantado estranxeiro do programa Erasmus e para quen teña interese no intercambio cultural.

²² Para máis información, véxase: <http://www.uned.es/fac-filg-hisp/>

²³ Para máis información, véxase <http://www.xunta.es/linguagalega/volangteer>

Os datos que analizaremos a seguir proceden todos do curso de verán decano, o organizado en Santiago de Compostela pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, con subvención da SXPL, que en 2012 chegou ao cuarto de século ininterrompido, cun total de arredor de 2500 alumnos e alumnas diferentes nestes anos. Para a correcta comprensión dos mapas cómpre ter en conta que recollen só datos dos últimos 5 anos e que cada punto no mapa representa un centro universitario de procedencia, polo tanto unha ou máis persoas.



Fig. 4. Centros de procedencia dos alumnos dos cursos de estranxeiros, Santiago de Compostela (2008-2012): Europa



Fig. 5. Centros de procedencia dos alumnos dos cursos de estranxeiros, Santiago de Compostela (2008-2012): resto do mundo

As características destes alumnos e alumnas dannos os seguintes perfís, interesantes para coñecermos as motivacións que os moven a achegarse a nós e podermos implementar esta vía de proxección:

a) Son minoría os alumnos e alumnas quen teñen antecedentes ou lazos familiares galegos. A maior parte dos oriúndos de Galicia son fillas/os ou netas/os da emigración peninsular ou americana. O reforzamento dos vínculos identitarios, a través do mantemento e coñecemento da lingua e cultura familiares de orixe, é sen dúbida unha vía que as galegas e galegos debemos aproveitar en determinadas áreas que xa se mostran propicias, e tamén un camiño a explorar noutras de emigración máis recente; ora ben, a maior parte do alumnado ten outras motivacións.

b) Hai unha relación evidente coa localización dos CEG, sobre todo porque estes reciben puntual información da convocatoria destes cursos e son interpelados para facer propostas, que ademais son avaliadas con certa prioridade. A táboa seguinte mostra o número de asistentes aos cursos por países e continentes, correlacionado coa existencia da oferta docente da Xunta de Galicia, coloreando os países en que hai ou houbo lectorado, cátedra ou CEG. Facemos notar que nalgúns casos a coincidencia dun CEG no país non é en absoluto determinante, pois non é pouco o alumnado que non vén a través deles. A modo ilustrativo, quen acode desde Cataluña procede tamén da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona ou doutras universidades catalás como a de Vic ou Tarragona, nos tres casos centros educativos que non teñen CEG; o alumnado brasileiro procede tamén de Fortaleza, Londrina e Manaus, que tampouco teñen CEG; e chega máis alumnado portugués de Braga, Aveiro e Faro que de Lisboa, malia ser nesta última localidade onde se localiza o CEG. Hai bastante coincidencia en América, pero é difícil saber se este é un factor determinante ou se debe á presión da diáspora galega; chaman a atención en sentido contrario o leste europeo e Asia, máis particularmente o Xapón.²⁴ Nos extremos, negando as expectativas creadas pola relación CEG/escolla do galego, atopamos Romanía (sen centro, 17 asistentes) e Uruguai (con cero asistentes e centro en Montevideo ata hai ben pouco tempo).

²⁴ O interese polo galego semella inseparable do entusiasmo e dos recursos creados polo lingüista Take Kazu Asaka, tradutor de Rosalía de Castro ao xaponés e autor de diversos traballos de lingüística galega, entre eles unha *Gramática galega*, un *Manual de conversa en galego* e un *Vocabulario básico galego*, todos concibidos para público xaponés.

Europa																América						Asia								
España	Italia	Alemaña	Reino Unido	Polonia	Portugal	Rusia	Romanía	Hungría	Croacia	Francia	Chequia	Finlandia	Ucraina	Irlanda	Grecia	Servia	Eslovaquia	Estonia	Brasil	Estados Unidos	Chile	Arxentina	Cuba	México	Costa Rica	Uruguai	Xapón	India	Australia	Indonesia
7	5	1	0	9	8	6	4	2	0	0									8	4	0									

Fig. 6. Frecuencia de alumnos por países. Relación coa existencia de CEG

c) Hai alumnado estranxeiro de distintas procedencias que vén de centros universitarios de fóra dos seus países de orixe. Aquí destacan os e as participantes que traballan en universidades portuguesas ou forman parte do cadro de portugués de departamentos de hispánicas en distintas universidades (no cadro figuran atribuídos ao centro de procedencia, non por nacionalidade: Marrocos, Perú, Venezuela, Kazakhstan, etc.). Xa que logo, o interese polo galego desde o ámbito da lingüística e filoloxía portuguesas, sobre todo en Brasil e universidades estranxeiras, é unha novidade e un camiño que debemos facilitar. Noutros casos trátase de docentes, tradutoras/es e persoal investigador especializado no campo da hispanística ou da romanística, que contribúen a colocar o galego no abano de variedades lingüísticas consideradas na docencia e investigación. E noutros máis, en fin, trátase de persoal investigador e/ou falantes de linguas con historia e situación sociolingüística que garda similitudes coa do galego (polaco, bengalí...), co que queren establecer termos de comparación.

d) Existe tamén alumnado estranxeiro convocado polas características típicas (un tanto mitificadas) de Galicia e a cultura galegas: autenticidade e mantemento das tradicións, pervivencia do mundo medieval, contacto coa natureza e medio conservado, calidade dos produtos alimenticios e gastronomía, música e folclore, ruralidade e distribución en hábitat non masificado, hospitalidade e facilidade para as relacións humanas, etc.

A experiencia acumulada nos 25 anos de existencia de cursos de galego para persoas estranxeiras en Galicia mostra que esta é unha acción que dá excelentes resultados, a curto, medio e longo prazo. Referímonos con frecuencia a estas alumnas e alumnos como «a forza que vén de lonxe» e como «embaixadoras/es da lingua galega» no mundo. Sono, de feito. Destacamos algúns aspectos de interese, con só algúns trazos facilmente comprobables:

- Formación dun número considerable de especialistas coñecedoras/es da lingua galega, entre os que destacamos profesores e profesoras en distintas universidades do mundo. Moitas das persoas que se

fixeron responsables da dirección destes centros nas súas universidades foron antigos alumnos/as dos cursos de verán. Actualmente, é significativa a cifra destas persoas que xa están participando dalgunha forma nas actividades docentes dos CEG.

- Se repasamos a nómina de investigadoras e investigadores que incorporaron o galego ao seu obxecto de estudo (lingüística, filoloxía, literatura, sociolingüística...) en diversas universidades do mundo, comprobaremos que moitas/os deles asisten ou asistiron a estes cursos. O mesmo ocorre cos traballos de descrición e divulgación da lingua, literatura e cultura galegas nos seus países.
- A súa contribución é especialmente significativa no campo da tradución de literatura galega a outras linguas.

5. DIFICULTADES NO ENSINO DO GALEGO COMO LINGUA ESTRANXEIRA

Ao longo deste capítulo exploramos a posición e valor estratéxico do galego desde a perspectiva da mundialización. Con este obxectivo analizamos a política lingüística exterior do galego, abranguendo tanto o seu ensino no ámbito universitario, primario e secundario de fóra de Galicia, como o ensino do galego como lingua estranxeira en Galicia. Sexa a través dos cursos para estranxeiros que se programan en Galicia, sexa a través dos lectorados e CEG espallados polo mundo, hai consenso en que esta é unha aposta de proveito, na que interesa investir esforzos persoais e recursos económicos. E mesmo así, por problemas estruturais e materiais aínda non resoltos, as dificultades seguen a ser moitas.

Cómpre deseñar accións que melloren a situación deste tipo específico de ensino da lingua, tanto na ampliación da oferta (temporal e curricular) coma nas condicións do ensino e aprendizaxe. Recollemos non só as nosas apreciacións persoais senón a voz, en distintos foros, de persoas que teñen a experiencia de traballar en lectorados, case sempre en condicións precarias. Precisamos, cando menos:

- Profesorado especializado, formado en ensino de segunda lingua/ en aprendizaxe do galego como lingua estranxeira.
- Materiais específicos, concibidos e elaborados de forma especializada para o ensino do galego a non falantes, na medida do posible tendo en conta a lingua ou linguas de partida (linguas de orixe ou linguas de coñecemento xeral).

- Políticas de formación continua para docentes/animadores culturais que traballan no ámbito doutras linguas e culturas.
- Materiais audiovisuais adecuados, concibidos para esta función, co fin de complementar as aulas.
- Programación de actividades de difusión cultural atractivas, que poidan itinerar.

Non todas as accións dependen de instancias públicas, polo que facemos un chamamento, unha vez máis, ao traballo cooperativo, á construción colectiva. Esa é tamén a nosa forza.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CALVET, Louis-Jean (2004): *Por unha ecoloxía das linguas do mundo*. Trad. Alfredo Iglesias Diéguez, Santiago de Compostela, Laivento.
- DE SWAAN, Abram (1993): «The emergent world language system: An introduction», *International Political Science Review*, 14:3, 219–226.
- DE SWAAN, Abram (2001): *Words of the world: The global language system*, Cambridge, Polity Press.
- LEWIS, M. Paul / Gary F. Simons / Charles D. Fennig (eds.) (2013): *Ethnologue: Languages of the World*, Dallas, Texas, SIL International (ethnologue.com).
- EUROBARÓMETRO 2006 = *Eurobarómetro especial 243*. «Los europeos y sus lenguas». Resúmen. Comisión Europea – Representación en España (http://ec.europa.eu/spain/pdf/eurobar_lenguas_es.pdf).
- EUROBARÓMETRO 2012 = *Special Eurobarometer 386*. «Europeans and their Languages». Report. European Commission (http://ec.europa.eu/public_opinion/archives/ebs/ebs_386_en.pdf).
- FARACO, Carlos Alberto (2010): «A encruzilhada da lusofonia», *Grial*, 187, 76-81.
- FISHMAN, Joshua A. (2001): «El nuevo orden lingüístico», *Digit.HVM* 3 (http://www.uoc.edu/humfil/articles/esp/fishman/fishman_imp.html).
- FLAD (2008) = *Promoção da Língua Portuguesa no Mundo. Reunião de Trabalho realizada na Fundação Luso-Americana em 5 de Novembro de 2007*, Lisboa, Fundação Luso-Americana para o Desenvolvimento. (<http://www.flad.pt/documentos/1216226048S9qMG0he4Yh87DC6.pdf>).
- GARCÍA MATEO, Carmen / Montserrat Arza Rodríguez (2012): *The Galician language in the Digital Age / O idioma galego na era dixital*, Berlin / Heidelberg, Springer.
- GARRIDO, Joaquín (2010): «Lengua y globalización: inglés global y español pluricéntrico», *Historia y Comunicación Social*, 15, 51-66.
- GÓMEZ GUINOVART, Xavier (2003): «A lingua galega en Internet», en Ana Bringas / Belén Martín (eds.), *Nacionalismo e gobalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 71-88.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2005): «La proyección exterior de la lengua gallega», en *El español en el mundo. Anuario del Instituto Cervantes 2005*.

- Madrid: Centro Virtual Cervantes (http://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/-anuario_05/gonzalez/p04.htm).
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2007): «O ensino do galego como lingua estranxeira», *Enciclopedia del español en el mundo Anuario del Instituto Cervantes 2006-2007*. Centro Virtual Cervantes, 389-397 (http://cvc.cervantes.es/lengua/anuario/anuario_06-07/pdfcooficiales_02.pdf).
- MORENO CABRERA, Juan Carlos (2003): *El Universo de las lenguas. Clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía*, Madrid, Castalia.
- OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA (2012): *Promoción exterior do galego. Análise comparativa co catalán e o éuscaro*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (inédito).
- REIS, Carlos (coord.) / Ana Paula Laborinho / Isabel Leiria / Mário Filipe / Fátima Pinheiro (2010): *A Internacionalização da Língua Portuguesa. Para uma política articulada de promoção e difusão*, Lisboa, Gabinete de Estatísticas e Planeamento da Educação. (<http://www.gepe.min-edu.pt/np4>).

WEBGRAFÍA [POR ORDE DE APARICIÓN] [ÚLTIMA CONSULTA: MAIO, 2015]

- <http://www.eurocom-frankfurt.de>
<http://www.unilat.org/SG/es>
http://epp.eurostat.ec.europa.eu/statistics_explained/index.php/Foreign_language_learning_statistics
<http://www.realacademiagalega.org/datos-uso>
<http://www.xunta.es/linguagalega/volangteer>
http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_na_union_europea
<http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/galicia25anos.pdf>
http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/cursos_exterior.pdf
http://ianasagasti.blogs.com/mi_blog/2007/03/el_instituto_ce.html
<http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/CursosGalego2012-2013Calendario.pdf>
<http://phobos.xtec.cat/galauda/>
http://www.xunta.es/linguagalega/castilla_y_leon
http://www.xunta.es/linguagalega/lectorados_de_universidades
<http://www.uned.es/fac-filg-hisp/>

**ASPECTOS
METODOLÓXICOS DO
DESEÑO E ELABORACIÓN
DO *TESOURO DO LÉXICO
PATRIMONIAL GALEGO E
PORTUGUÉS* (TLPGP)**

Ernesto González Seoane

Instituto da Lingua Galega, Universidade
de Santiago de Compostela

doi: [10.17075/tucmeg.2015.003](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.003)

O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (TLPGP) é unha iniciativa posta en marcha polo Instituto da Lingua Galega (ILG) co obxecto de rexistrar de maneira sistemática e integrar nun único banco de datos os materiais lexicográficos con referenciación xeográfica relativos aos dominios galego, portugués europeo e portugués brasileiro.²⁵ Os materiais compilados consisten fundamentalmente en vocabularios e glosarios de variedades dialectais galegas e portuguesas, aínda que inclúen tamén estudos léxicos de orientación etnolingüística, materiais dispersos contidos en monografías dialectais, atlas lingüísticos e traballos de campo, etc. Unha boa parte destes materiais procede de teses de doutoramento, memorias de licenciatura e outras modalidades de traballos académicos ata o de agora inéditos ou de moi difícil acceso. Trátase, en suma, de fontes textuais certamente heteroxéneas, pero que comparten un trazo común básico: a de recolleren materiais léxicos cunha localización xeográfica precisa.

O proxecto, desenvolvido baixo a coordinación xeral de Rosario Álvarez Blanco, conta con tres equipos de traballo correspondentes aos tres dominios considerados. Neles participan profesores e membros de centros e unidades de investigación de universidades galegas (ILG-USC), coordinados por Xulio Sousa, portuguesas (CLUL-Universidade de Lisboa, CELGA-Universidade de Coimbra), baixo a coordinación de João Saramago, e brasileiras (Federal de Mato Grosso, Federal de Mato Grosso do Sul, Estadual de Londrina, Federal do Ceará, Federal da Paraíba, Estadual da Paraíba, Estadual do Rio Grande do Norte, Federal do Piauí, Federal do Maranhão, Federal de Santa Catarina, Federal do Pará, Federal do Rio de Janeiro, Bandeirante de São Paulo, São Paulo, Instituto Federal de Educación, Ciencia e Tecnología de São Paulo, Faculdade Taboão da Serra) baixo a coordinación de Vanderci Aguilera e Sílvia Brandão.

O *Tesouro* inscríbese dentro dunha estratexia investigadora pola que o Instituto da Lingua Galega vén apostando desde hai xa varios anos, e que ten por obxecto poñer ao dispor da comunidade investigadora unha serie de

²⁵ Na actualidade unha primeira versión do *Tesouro* atópase dispoñible na páxina web do Instituto da Lingua Galega en: <http://ilg.usc.es/Tesouro/>

ferramentas de libre acceso para a consulta e a explotación de datos lingüísticos de diverso tipo. Deste xeito, tal e como se pode ver na Táboa 1, a día de hoxe están elaborados e dispoñibles en liña ou en fase avanzada de elaboración, por unha banda, catro *corpora* textuais, que compilan textos galegos, escritos nuns casos, orais noutros, producidos en época moderna ou durante a Idade Media, e por outra, tres *corpora* lexicográficos que rexistran e sistematizan a información contida en vocabularios, dicionarios, glosarios e outros instrumentos lexicográficos centrados tanto na lingua oral coma na lingua escrita, xa sexa moderna, xa medieval.

		Textual	Lexicográfico
Medieval		Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega	Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval
Moderno	Oral	Arquivo do Galego Oral / Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega	Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués
	Escrito	Tesouro Informatizado da Lingua Galega	Dicionario de Dicionarios da Lingua Galega

Táboa 1. *Corpora* textuais e lexicográficos do ILG

Ademais de polo tipo de materiais que compila, o *Tesouro* singularízase, fronte aos demais *corpora* elaborados polo ILG, por introducir dúas novidades ben visibles. A primeira delas supón unha innovación tecnolóxica, que radica na integración nunha única plataforma de consulta da información de carácter lexicográfico que conteñen os textos compilados xunto cunha representación cartográfica dos datos xerada de maneira automática. Por outra banda, fronte aos demais instrumentos elaborados no ILG, que recollen exclusivamente datos pertencentes ao dominio lingüístico galego, o *Tesouro* incorpora ademais información sobre os dominios do portugués europeo e do portugués brasileiro.

1. FONTES

Polo que se refire ás fontes compiladas no *Tesouro*, cómpre salientar en primeiro lugar, como xa se indicou, a súa marcada heteroxeneidade tipolóxica²⁶. Entre elas, cabe identificar un primeiro conxunto de obras constituído por monografías e estudos de variedades dialectais galegas, portuguesas e brasileiras. Entre elas ocupan un lugar destacado os vocabularios e glosarios que, con independencia do seu grao de complexidade microestrutural, e atendendo só ao criterio de ordenación primario que adoptan, responden a dous modelos básicos. Deste xeito, temos por unha banda os vocabularios alfabéticos, que presentan os materiais léxicos ordenados do A ao Z, e por outra os temáticos, que agrupan o léxico de acordo con algún sistema máis ou menos estandarizado de clasificación semántica ou temática²⁷, e logo, dentro de cada división ou epígrafe, o ofrecen ordenado alfabeticamente.

Por máis que os glosarios e vocabularios dialectais constitúen o modelo prototípico e, en todo caso, o máis significativo en termos cuantitativos do corpus textual do *Tesouro*, contamos tamén cun conxunto de monografías dialectais que non adoptan o formato de vocabulario, senón que presentan e caracterizan semanticamente o léxico dialectal que recollen inseríndoo en textos en que se describen procesos ou tarefas propios da cultura e civilización tradicional de base agraria e mariñeira.

Ao lado dos vocabularios e monografías dialectais, os atlas lingüísticos ocupan tamén un lugar relevante entre o noso corpus. Con todo, dado que o *Tesouro* ofrece unha representación cartográfica propia de todos os materiais léxicos compilados, non son os mapas lingüísticos incluídos nestes atlas o que máis interesa para os nosos propósitos, senón a relación de formas documentadas neles, xunto co seu significado, no caso de que se indique, e a súa localización xeográfica precisa.

Por último, a base de datos do *Tesouro* aliméntase tamén coas informacións de carácter léxico presentes en monografías e estudos de interese primariamente etnográfico ou antropolóxico. En todo caso, para poderen ser integrados na nosa base estes datos deben estar, como o resto dos materiais, referenciados xeograficamente.

²⁶ Para unha caracterización máis detallada das fontes portuguesas e brasileiras, véxase o traballo de Marta Negro Romero neste mesmo volume.

²⁷ Polo xeral, inspirados de maneira inmediata ou ben a través dunha fonte intermediaria no sistema de clasificación conceptual ideado por Hallig e Wartburg (1952).

2. METODOLOXÍA

2.1. Análise estrutural

A metodoloxía de traballo do *Tesouro* toma como punto de partida a análise estrutural das obras que pretendemos integrar na base. Tendo presente a considerable diversidade tipolóxica que presentan, o obxectivo desta análise non é outro que o de detectar elementos estruturais comúns e diferenciais co fin de telos en conta á hora de acometer a tarefa de deseñar a estrutura da nosa base de datos.

Polo que se refire ás obras de carácter lexicográfico en sentido estrito, é dicir, aquelas formadas por materiais léxicos organizados en artigos lexicográficos, as diferenzas macro e microestruturais entre as obras compiladas son, como era de prever, moi acusadas, e derivan da actuación de tres factores principais.

En primeiro lugar, mesmo entre obras conceptual e estruturalmente máis afíns, existe unha notable diversidade no tocante á riqueza e complexidade da información ofrecida por cada unha. Deste xeito, os elementos estruturais recorrentes límitanse en realidade a dous campos, os correspondentes á variante léxica e á súa localización xeográfica, case sempre acompañados dun terceiro: a glosa, definición ou equivalencia noutro idioma ou variedade da palabra rexistrada. A partir de aquí, os restantes campos que conforman a microestrutura das obras varían dunha a outra. Ocorren con frecuencia variable, mais en ningún caso con regularidade, os correspondentes á información fonética (que algúns textos ofrecen de xeito sistemático, para todas as entradas que rexistran, e outros só con carácter ocasional, por exemplo, para indicar o timbre das vogais medias ou determinados fenómenos ou procesos fonéticos, como a gheada, o rotacismo, o yeísmo, etc.), á clasificación semántica ou temática, á información categorial básica (que se ofrece de maneira sistemática nalgunhas obras e ocasionalmente noutras, por exemplo, con finalidade contrastiva, para marcar as diferenzas entre a variedade estudada e a lingua de referencia, ou ben como recurso auxiliar da desambiguación), aos exemplos, á información de carácter enciclopédico (polo xeral de carácter etnográfico ou antropolóxico), ás remisións e referencias cruzadas, ás fotografías e ilustracións, etc.

Por outra banda, unha segunda fonte de heteroxeneidade radica na adopción por parte dos distintos autores, e en particular no caso de obras presentadas en forma de glosario ou vocabulario, de criterios lexicográficos e gramaticais non coincidentes. Así, unha ollada mesmo superficial aos

textos compilados abonda para decatármonos das ostensibles diferenzas existentes no tocante aos criterios de lematización empregados. Estas diferenzas poden afectar á mesma forma de cita (por exemplo, nos substantivos e adxectivos con flexión de xénero), mais tamén ao tratamento das variantes, que unhas obras consideran por separado en tanto que outras as lematizan conxuntamente, ben baixo un lema único, ben baixo un lema múltiple formado por un lema primario (que é o que serve como elemento ordenador) e outro secundario. A diversidade é tamén a norma no relativo ao tratamento das unidades pluriverbais. Polo demais, rexístranse tamén discrepancias moi acusadas na caracterización gramatical das palabras repertoriadas. As diferenzas afectan, nun plano máis superficial, á táboa de abreviaturas e, nun nivel máis profundo, ao sistema de clasificación categorial adoptado e ao grao de profundidade da propia caracterización, que pode ser moi elemental e limitarse só á indicación da categoría (verbo, substantivo, adverbio...) ou ben introducir en todos ou nalgúns casos precisións adicionais (verbo transitivo, substantivo masculino, adverbio de tempo...).

Finalmente, a análise das obras do corpus permitiu apreciar na súa verdadeira dimensión a heteroxeneidade, xa intuída, derivada das súas diferenzas de natureza lingüística. As máis evidentes radican no feito de as obras estaren redactadas en linguas diferentes, nomeadamente galego, portugués e español, ou mesmo, dentro dalgunha delas, en variedades normativas diferentes. Así, no caso do portugués, contamos con textos escritos tanto na variedade europea coma na brasileira. Para o galego, en cambio, as diferenzas lingüísticas están relacionadas sobre todo coa inexistencia dunha variedade estándar de referencia (nos textos máis antigos) e cunha certa inseguridade no seu manexo (nalgúns dos máis recentes). De por parte, e con independencia da lingua en que estean escritas, rexistramos tamén diferenzas á hora de representar graficamente procesos fonéticos característicos da lingua oral de determinadas variedades xeográficas. Tal é o caso, por citar só algún exemplo rechamante, da diversidade que se rexistra no tratamento gráfico da gheada galega, e que abrangue desde a súa non representación (neste caso a súa existencia reflectiríase só no campo correspondente á transcripción fonética), ata a súa representación mediante signos gráficos diferentes (case sempre <j> e <gh>).

Se no caso das obras de natureza lexicográfica se rexistra, segundo acabamos de ver, unha notable diversidade, os textos de carácter non lexicográfico supoñen un desafío adicional na medida en que a súa estrutura (un conxunto de textos redactados en que se insiren as palabras

que se pretende glosar ou, no caso dos atlas, unha serie de mapas dialectolóxicos coas súas correspondentes lendas) está tan afastada da dunha obra lexicográfica, que require unha adaptación e unha intervención moito máis profunda, como teremos oportunidade de comprobar.

2.2. Deseño da base de datos

Os datos e informacións obtidos da análise dos textos do corpus, ou máis ben dunha mostra representativa deles, permiten acometer con garantías a seguinte fase do proxecto, que consiste en deseñar unha base de datos cuxa estrutura sexa capaz de satisfacer diversos requirimentos. Así, esta estrutura ha de poder acomodarse a un corpus acusadamente heteroxéneo, preservando en todo o posible a integridade e mesmo a literalidade das obras compiladas, mais, ao mesmo tempo, debe ser quen de superar esa heteroxeneidade tipolóxica ou lingüística a través da habilitación de novas vías para a recuperación da información contida nas obras. Os campos que conforman a base de datos son os seguintes:

CAMPO	DENOMINACIÓN
1	Variante
2	Fonética
3	Categoría gramatical
4	Definición
5	Exemplos e refráns
7	Páxina
8	Sección
10	Cita bibliográfica
11	Código xeográfico
11b	Táboa localidades
12	Imaxes
13	Remisións cruzadas
15	Remisión a textos
20	Rexistro creado
9	Clasificación semántica
16	Lema (na lingua correspondente)
17	Categoría
6	Comentarios procesador
18	Sinónimo de referencia
19	Lema común

Táboa 2. Campos da base de datos

Os catorce primeiros campos, que na táboa figuran en cor verdosa, están concibidos para recoller a información que figura nos textos orixinais. Os seis restantes, pola contra, son da exclusiva responsabilidade do equipo de elaboración do *Tesouro*, e non dos autores dos textos compilados. Destes campos, os catro que figuran en cor avermellada son procesados na presente fase de elaboración do proxecto, en tanto que os dous últimos, que aparecen en cor azul escura, corresponden a unha fase posterior, aínda non abordada, na que se pretende crear vínculos entre os lemarios das distintas linguas (para deste xeito posibilitar, por poñer un exemplo, a recuperación conxunta do gal. *muiño* e do port. *moínho*) e, ademais, entre as distintas unidades léxicas que presentan un significado coincidente (para así poder recuperar de maneira conxunta, por exemplo, os rexistros correspondentes a *píntega*, *salamántiga*, *sacabeira*, *sacarrancha*, *pinchorra*, etc.).

As denominacións dos diferentes campos resultan abondo transparentes, polo que non será preciso entrar nunha descrición detallada. Cómpre advertir, en todo caso, que dos catorce primeiros só dous son obrigatorios, o que nós denominamos «variante» (campo 1), e que corresponde á forma lingüística que na obra orixinal figura na cabeceira da entrada; e o código xeográfico (campo 11), que vincula esa variante co lugar ou lugares en que a obra en cuestión a documenta (concellos no caso de Galicia e Portugal; mesorreixións no caso do Brasil), e que por outra banda permitirá logo xerar os mapas de maneira automática. Como se dixo antes, o criterio que rexe o tratamento dos textos é marcadamente conservador, polo que a forma consignada no campo 1 reproduce de maneira literal a que figura no texto orixinal. Cómpre advertir, así e todo, que naqueles casos en que atopamos entradas complexas (que conteñen máis dunha acepción ou que agrupan nun único artigo lexicográfico información relativa a máis dunha variante) optamos por desdobralas tantas veces sexa necesario para dispoñermos dun rexistro para cada variante e para cada acepción. Deste xeito, unha entrada como

bochicar *v.i.* **1** Falar polo baixo, rosmar. «¿Que andas bochicando por aí?». **2** Contestar, responder de mal modo. «¡Non te atrevas a bochicarme!».

desdóbrase para crear dous rexistros, un para cada acepción:

bochicar *v.i.* **1** Falar polo baixo, rosmar. «¿Que andas bochicando por aí?».

bochicar *v.i.* **2** Contestar, responder de mal modo. «¡Non te atrevas a bochicarme!».

Os restantes doce campos son opcionais, e cóbrense só se a obra orixinal ofrece algún tipo de información ao respecto, e sempre reproducindo fielmente a literalidade do texto. A través deles vértense na base as informacións de diferente tipo que cada obra ofrece sobre as «variantes» que rexistra e, ademais, cando é pertinente, vincúlase o rexistro cos arquivos de imaxes que ilustran a entrada (campo 12) e que logo se poderán recuperar na aplicación de consulta.


Por outra banda, os textos non lexicográficos non poden ser trasladados directamente á base de datos, senón que requiren, segundo se indicou máis arriba, un maior grao de intervención. Así, nestes casos as formas correspondentes ao campo 1 (Variante) son extraídas directamente dos textos (ou das lendas dos mapas, no caso dos atlas) e ilustradas no campo 4 (Definición) con un ou varios fragmentos dese mesmo texto que permitan comprender o significado da palabra e o seu contexto de uso (no caso dos atlas, o campo 4 é ocupado por regra xeral polo título do mapa). Deste modo, a partir dun fragmento como o que reproducimos a seguir creamos os rexistros que figuran na Táboa 3:

Unha *coutada* é un monte *coutado*, un *couteiro*: o dono págalle a un home, o *couteiro*, que fai de vixiante e coida que ninguén toque esas terras (Álvarez 1974: 13).

1	4	7	8	10
coutada	Unha <i>coutada</i> é un monte <i>coutado</i> , un <i>couteiro</i> : o dono págalle a un home, o <i>couteiro</i> , que fai de vixiante e coida que ninguén toque esas terras.	13	Os terreos	Álvarez 1974
coutar	Unha <i>coutada</i> é un monte <i>coutado</i> , un <i>couteiro</i> : o dono págalle a un home, o <i>couteiro</i> , que fai de vixiante e coida que ninguén toque esas terras.	13	Os terreos	Álvarez 1974
couteiro	Unha <i>coutada</i> é un monte <i>coutado</i> , un <i>couteiro</i> : o dono págalle a un home, o <i>couteiro</i> , que fai de vixiante e coida que ninguén toque esas terras.	13	Os terreos	Álvarez 1974
couteiro	Unha <i>coutada</i> é un monte <i>coutado</i> , un <i>couteiro</i> : o dono págalle a un home, o <i>couteiro</i> , que fai de vixiante e coida que ninguén toque esas terras.	13	Os terreos	Álvarez 1974

Táboa 3. Mostra da adaptación dun texto redactado

Polo que se refire á integración na base dos datos léxicos contidos nos atlas, na mostra que se ofrece a seguir, tirada do *Atlas Lingüístico da Paraíba*, pode verse un exemplo do procedemento seguido:



1	4		10	11
lapinha	Presépio [cena reproduzindo o nascimento de Cristo].	44	ALPB	92501; 92502; 92503; 92504
manjedoura	Presépio [cena reproduzindo o nascimento de Cristo].	44	ALPB	92501; 92502; 92503; 92504
presépio	Presépio [cena reproduzindo o nascimento de Cristo].	44	ALPB	92501; 92502; 92503; 92504
belém	Presépio [cena reproduzindo o nascimento de Cristo].	44	ALPB	92501; 92502; 92503; 92504

Táboa 4. Mostra da adaptación dun atlas lingüístico

2.3. Procesamento dos materiais compilados

O tratamento dos materiais contidos nas obras que se pretende integrar no *Tesouro* comeza polo vertido dos datos na nosa base seguindo o manual de procesamento, en que se recollen todas as posibles variables detectadas no proceso de análise macro e microestrutural antes sumariamente descrito. Unha vez rematado este proceso, ponse en marcha a segunda fase, na que se realiza a lematización, caracterización categorial básica e asignación dun clasificador semántico.

O proceso de lematización ten por obxecto asignar a cada un dos rexistros existentes, que están encabezados por un lema determinado polo autor do glosario, e que nós denominamos «variante» (campo 1), un lema normalizado (campo 16), que será o que permitirá logo aos usuarios da base recuperar conxuntamente todas as variantes correspondentes a un único elemento léxico. Este lema normalizado vai acompañado, ademais, da indicación da súa categoría gramatical, tamén unificada e normalizada (campo 17). Deste xeito concíliase o imperativo de respectar e preservar a

literalidade das obras orixinais (da que dan conta os campos 1 e 3) coa vontade de introducir elementos de harmonización que possibiliten a recuperación conxunta de rexistros pertencentes a obras elaboradas con criterios ás veces moi diferentes.

Non é este o lugar para expoñer polo miúdo os criterios que rexen o proceso de lematización e que forman parte do manual de procesamento do *Tesouro*. En calquera caso, si pode ser conveniente chamar a atención sobre algunhas das súas pautas xerais.

En primeiro lugar, segundo queda dito, nesta fase do proxecto optouse por manter diferenciados os lematarios portugués e galego. Deste xeito, por exemplo, para os textos galegos adóptase como lematario de referencia o VOLG, na súa versión electrónica dispoñible na rede.²⁸ Para os textos portugueses e brasileiros, en cambio, tómanse como referencia, respectivamente, os lematarios do dicionario Porto Editora (PEd) e Aurélio e, complementariamente, o doutras obras lexicográficas, como os dicionarios Priberam (DPLP), Aulete e Houaiss. Isto quere dicir que no estado actual do traballo só resulta posible recuperar de maneira conxunta os resultados galegos e portugueses naqueles casos en que existe coincidencia formal plena entre eles. A vinculación de ambos os lematarios, a través do campo 19, constitúe, conforme sinalamos máis arriba, un dos obxectivos da terceira fase do proxecto.

Por outra banda, tampouco convén perder de vista que o proceso de lematización ten por obxecto unicamente agrupar e vincular cun lema canónico todas aquelas formas que se poden considerar variantes fónicas (ou eventualmente variantes gráficas), como é o caso, por exemplo, dos distintos resultados que proceden dun mesmo étimo ou de solucións que son o resultado de procesos fonéticos característicos da lingua oral. Deste xeito, a lematización permitiranos recuperar de maneira conxunta variantes como *fociño* e *fuciño*, *entroido* e *antroido*, *pobre* e *probe*, *boroa* e *broa*, *gando* e *gado*, etc. Pola contra, optouse por lematizar por separado as variantes léxicas e morfolóxicas, é dicir as formas que, compartindo un mesmo significado, presentan raíces léxicas diferentes (*donicela* e *garridiña*, *porco* e *cocho*, *golpe* e *raposo*, *píntega* e *sacabeira*...) ou ben aquelas que, compartindo significado e raíz léxica, presentan diferenzas na súa estrutura morfolóxica (*donicela* e *doniña*, *alustrar* e *relustrar*, *queixo* e *queixelo*...). Tal e como se dixo máis arriba, na terceira fase do proxecto as variantes deste tipo quedarán vinculadas mediante un sinónimo de referencia, a través do campo 18.

²⁸ Dispoñible en: <http://academia.gal/recursos-volg>

Por último, polo que se refire á clasificación semántica cabe sinalar que todos e cada un dos rexistros levan asignado un clasificador de acordo cun esquema conceptual de ata tres niveis de profundidade. Cómpre advertir que, segundo se verá máis abaixo, o clasificador ten como función primordial servir ben como elemento de desambiguación, ben como filtro para seleccionar de entre os resultados das consultas aqueles rexistros que lle verdadeiramente interesen ao usuario. En calquera caso, a aplicación do *Tesouro* ofrece unha modalidade de busca avanzada que permite obter unha listaxe alfabética das variantes ou dos lemas agrupados baixo cada un dos clasificadores.

A seguir, na Táboa 5, pódese ver representado en forma de táboa o resultado do procesamento dun pequeno grupo de rexistros correspondentes á fala de Vilardevós (Gil 1969).

1	2	3	4	5	7	8	10	11	12	13	20	9	16	17	6
abeacas			Piezas del arado que separan la tierra a ambos lados.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg	ameisello; fachón; relladoiro		3.4.2	abeaca	sf	
ameisello			Clavija de madera que une las dos abeacas del arado.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg	abeacas		3.4.2	meixelo	sm	
arado de pau			Arado de madera.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg	mosquito		3.4.2	arado de pau	loc sm	
cuño			Cuña que levanta o baja el arado para que profundice más o menos.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg			3.4.2	cuño	sm	
charrúa			Arado de hierro.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091				3.4.2	charrúa	sf	
chavella			Clavija que une el yugo a la lanza del arado.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg	tamoeiro		3.4.2	chavella	sf	
fachón			Armadón de mimbre que se pone desde las abeacas a la punta de la telera e impide que la tierra caiga en el surco.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091		abeacas		3.4.2	fachón	sm	
mosquito			Arado de hierro y de madera que tiene la misma forma que el arado de pau.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091		arado de pau		3.4.2	mosquito	sm	
rabela			Esteira del arado.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg			3.4.2	rabela	sf	
rella			Pieza de hierro en la punta del arado.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg			3.4.2	rella	sf	
relladoiro			Listón pequeño y fijo entre el cuerpo central del arado y las abeacas.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg	abeacas		3.4.2	relladoiro	sm	
tamoeiro			Correa de la chavella.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091		chavella		3.4.2	tamoeiro	sm	
tamón			Lanza del arado.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg			3.4.2	tamón	sm	
telera			Telera.		88	LA AGRICULTURA. El arado	Gil 1969	32091	vilardevos_17.jpeg			3.4.2	teiroa	sf	

Táboa 5. Mostra do procesamento e integración na base dun texto

3. A APLICACIÓN DE CONSULTA

Na actualidade, como xa indicamos anteriormente, está dispoñible a través da páxina web do Instituto da Lingua Galega unha primeira versión do *Tesouro* (véxase nota 2). Por máis que o número de obras vertidas na base e completamente procesadas é aínda limitado (no momento da súa presentación, en febreiro de 2014, o *Tesouro* acolle un total de 115 obras, das cales 11 corresponden a Brasil, 49 a Galicia e 55 a Portugal), consideramos que pode ser abondo para mostrar as súas funcionalidades e para dar unha idea das posibilidades que pode ofrecer.

A aplicación resulta bastante intuitiva, de xeito que non require nin complexas instrucións nin un adestramento previo para poder ser manexada. Como se pode ver na Fig. 1, que se ofrece a continuación, a pantalla divídese en catro áreas ou seccións.



Fig. 1. A aplicación do *Tesouro*. Fonte: web do ILG

A primeira delas, localizada na parte superior, consiste nunha sinxela caixa na que se debe escribir a forma que se pretende buscar. Ao seu carón figuran uns cadros que permiten seleccionar unha das dúas modalidades de procura que se ofrecen, a busca por *lema* (campo 16) ou por *variante* (campo 1).

Na segunda área, situada na zona central da pantalla (marcada na imaxe con sombreado azul), ofrécense os rexistros correspondentes á forma procurada, con indicación da obra que os recolle, do dominio lingüístico a

que corresponde cada un (galego, portugués europeo ou portugués brasileiro) e do clasificador semántico correspondente. Ademais, mediante unha icona advírtese, cando é pertinente, da existencia dun arquivo de imaxe asociado ao rexistro.

A terceira área localízase nunha columna situada á esquerda da pantalla (marcada na imaxe con sombreado amarelo). Nela ofrécese ao consultor a posibilidade de refinar a súa busca activando ou desactivando os filtros correspondentes ás localizacións, aos campos semánticos, aos lemas e ás variantes rexistrados. Deste xeito, á vista do resultado inicial da consulta do lema *cesto* o usuario pode entrecollel, marcando os filtros correspondentes, por exemplo, unicamente os rexistros galegos da variante *cesto* correspondentes ao ámbito das «artes de pesca».

Por último, na área situada na zona central inferior da pantalla (marcada na imaxe con sombreado rosa) ofrécese a cartografía automática dos rexistros mostrados en cada momento na metade superior.

4. CABO

En definitiva, consideramos que o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* constitúe unha contribución relevante para a recuperación, preservación e difusión dun legado que se encontra en serio risco de desaparición. Esta ameaza vese agravada pola dispersión das fontes e polas dificultades para acceder a unha boa parte delas, que consisten en traballos académicos que nunca foron publicados e que se encontran, en non poucos casos, en perigo pola mesma deterioración do seu soporte material. Ademais, o *Tesouro* habilita novas ferramentas de acceso sinxelas e áxiles que, respectando a literalidade dos materiais orixinais, permite superar unha excesiva fragmentación da información por mor das diferenzas de todo tipo (lingüísticas, tipolóxicas, metodolóxicas, etc.) que separan as obras do corpus.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1974): *Notas lingüísticas e etnográficas de Ramirás*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- ARAGÃO, Maria do Socorro Silva de / Cleusa Bezerra de MENEZES (1984): *Atlas linguístico da Paraíba. V. Vols. 1 e 2*, Brasília, CNPq/UFPB.
- Aulete = *iDicionário Aulete*. Versión en liña: <http://aulete.uol.com.br/>
- Aurélio = FERREIRA, Aurélio Buarque de Holanda (2009): *Novo Dicionário Aurélio da Língua Portuguesa*, Curitiba, Editora Positivo.
- DPLP = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*. Versión en liña: <http://www.priberam.pt/DLPO/>
- GIL SUÁREZ, María del Carmen (1969): *El habla de Villardevós*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- HALLIG, Rudolf / Walther von WARTBURG (1952): *Begriffssystemals Grundlage für die Lexikographie. Versuch eines Ordnungsschemas*, Berlin, Akademie Verlag.
- HOUAISS, Antônio (2001): *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Objetiva.
- PEd = *Dicionário da Língua Portuguesa da Porto Editora*. Versión en liña: <http://www.infopedia.pt/lingua-portuguesa/>
- VOLG = Antón SANTAMARINA / Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ (coords.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega. Existe unha versión en liña: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

***O TESOURO DO LÉXICO
PATRIMONIAL GALEGO E
PORTUGUÉS E A SÚA
CONTRIBUCIÓN Á
LEXICOGRAFÍA E
DIALECTOLOXÍA GALEGAS***

Rosa Mouzo Villar

Instituto da Lingua Galega, Universidade
de Santiago de Compostela

[doi:10.17075/tucmeg.2015.004](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.004)

INTRODUCCIÓN²⁹

O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (de aquí en diante *Tesouro*) é un proxecto que se iniciou no ano 2007, coordinado desde o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela pola profesora Rosario Álvarez Blanco, en colaboración con universidades de Brasil e Portugal. O seu principal obxectivo é integrar nun único banco de datos o léxico dialectal tradicional do galego, do portugués de Portugal e do portugués do Brasil. Deste xeito, o patrimonio inmaterial destes países, que a día de hoxe se encontra ameazado polo abandono do modo de vida tradicional, pode quedar rexistrado grazas a este proxecto internacional, que con isto permitirá preservar non só termos, senón tamén linguas e culturas.

Os principais destinatarios dunha ferramenta destas características son, obviamente, lingüistas das áreas galega e/ou portuguesa, pero é tamén de indubidable interese para estudosos das linguas románicas en xeral, investigadores do ámbito das ciencias sociais e outros especialistas que poderán sacar rendemento dos seus materiais. O material léxico que compón o *Tesouro* procede de fontes heteroxéneas, como poden ser traballos de campo, inquéritos de atlas lingüísticos, traballos académicos etc., descoñecidas para o público ou de difícil acceso para os investigadores. É o caso dos materiais galegos que aparecen recollidos no *Tesouro* e que trataremos ao longo deste artigo.

Na historia da lexicografía e dialectoloxía galegas téñense realizado multitude de estudos que pola súa escasa difusión ou polo obxecto co que foron elaborados non son moi coñecidos nin resultan de fácil acceso para os investigadores. Estes materiais están dispoñibles por primeira vez para a comunidade científica grazas ao *Tesouro*, a través do cal os usuarios teñen a posibilidade de realizaren consultas por lema ou variante para obteren diferente

²⁹ Este artigo inscribese dentro do proxecto de investigación *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática (FFI2009-12110), financiado pola Secretaría de Estado de Investigación (Ministerio de Ciencia e Innovación). Gustaríame agradecerlles a Rosario Álvarez Blanco e a Ernesto González Seoane a axuda prestada ao longo da elaboración deste traballo. Grazas polos vosos comentarios, polas valiosas achegas e polos azos. Grazas tamén ás miñas compañeiras e compañeiros do ILG, con quen comparto traballo e moitas outras cousas

información lexicográfica. Con todo, aínda que este proxecto está constituído fundamentalmente por formas léxicas, non faltan tampouco outras mostras da linguaxe oral como exemplos, refráns ou cancións, e tamén fotografías e debuxos que reproducen e preservan para a posterioridade construcións, ritos, instrumentos e todo tipo de obxectos pertencentes á cultura popular e tradicional. Ademais, a aplicación, á que se pode acceder en rede de forma libre e gratuíta,³⁰ ofrece como novidade o feito de que esta información vai acompañada de mapas que dan conta da distribución xeográfica das formas e que é fundamental para obter información léxica das variedades dialectais.³¹ Aínda que o *Tesouro* é un proxecto internacional que reúne un amplo número de obras do dominio galego, portugués e brasileiro, neste estudo ímonos centrar no corpus galego para ver en que medida o *Tesouro* pode resultar un instrumento auxiliar moi valioso para a lexicografía e dialectoloxía galegas.

1. OBRAS GALEGAS QUE COMPOÑEN O *TESOURO*. TIPOLOXÍA DAS FONTES

Na actualidade (xullo de 2014), o *Tesouro* conta con 157.253 rexistros procedentes de 115 obras: 11 de Brasil, 55 de Portugal e 49 de Galicia, aínda que ao tratarse dun proxecto en construción, estas cifras irán incrementándose progresivamente ao longo dos próximos anos.

O corpus galego do *Tesouro* está composto, por unha banda, por materiais lexicográficos con referencias xeográficas procedentes de distintas fontes, que tanto poden ser obras que foron publicadas, coma obras inéditas, que deste xeito estarán dispoñibles por primeira vez para a comunidade científica a través desta plataforma. Por outra banda, tamén teñen cabida neste proxecto desde os primeiros estudos de corte dialectolóxico, coma o de Hans-Karl Schneider sobre a Limia Baixa, teses de doutoramento que recollen a fala dun lugar, coma o *Vocabulario del Valle de Suarna*, e obras xeolingüísticas que cobren todo o territorio, coma o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*.

Tanto os traballos lexicográficos coma os dialectais poden ser monografías (teses de doutoramento, teses de mestrado, outros traballos académicos e libros completos), pequenas contribucións (artigos de revistas e capítulos de libros) ou outro tipo de fontes que non responden exactamente a ningunha das descritas anteriormente (enquisas temáticas que se conservan

³⁰ O *Tesouro* está dispoñible a través do enderezo <http://ilg.usc.es/Tesouro/>

³¹ Para coñecer máis polo miúdo o proxecto *Tesouro* do Léxico Patrimonial Galego e Portugués, véxase neste mesmo volume o artigo de Ernesto González. Véxase tamén Álvarez Blanco et alii (2009) e Álvarez Pérez & Sousa Fernández (2013).

no Instituto da Lingua Galega, publicacións locais e comarcais, recursos en páxinas web e bases de datos coma a do propio *ALGa*).

Na actualidade os artigos (10,2%), as páxinas web (8,2%), outros traballos académicos (6,1%), os libros (4,1%), as teses de doutoramento (2,05%) e os capítulos de libros (2,05%) son os que ocupan un lugar menor no *Tesouro*, mentres que os materiais máis abundantes na base de datos son, sobre todo, memorias de licenciatura (67,3 %), que poden presentarse en forma de glosario ou de obras redactadas. Neste último tipo de obras procédese a extraer o contexto lingüístico relacionado con cada palabra para que a presentación da información na aplicación sexa para todos os termos igual, con independencia da fonte de procedencia. Ademais da información lexicográfica, algunhas obras achegan información complementaria, sempre de moita utilidade e interese, coma as imaxes que acompañan determinadas voces, os textos que detallan como é a cultura do lugar, contos, refráns etc. (véxanse Figuras 1 e 2).




Fig. 1. Xugo (Vilariño 1972)



Fig. 2. Xugo (Araújo *et al.* 2006)

En canto á datación das obras galegas, exceptuando dúas que están datadas en 1938 e 1949, o resto sitúanse cronoloxicamente entre 1967 e 2012, concentrándose a maioría delas na década dos 70. Gran parte do léxico que se recolle nestas obras está vinculado á agricultura, á gandería, aos oficios tradicionais e a outros ámbitos da vida cotiá, ao ser humano (partes do corpo e prácticas sociais), ao ámbito doméstico ou ao tempo meteorolóxico.

2. A TRADICIÓN LEXICOGRÁFICA GALEGA

A lexicografía galega arrinca a mediados do século XIX coa obra *Diccionario gallego-castellano* de F. J. Rodríguez, editado postumamente en 1863 (González Seoane 2003: 166). Aínda que desde o primeiro terzo do século XVI se rexistraron algunhas tentativas de compilación de materiais léxicos en galego que seguían unha ordenación alfabética máis ou menos perfecta (González

Seoane 2014: 167-168), a situación social, cultural e política do galego provocou que ata o século XVIII non aparecesen os primeiros estudos sobre o seu léxico da man dos precursores: Frei Martín Sarmiento e o Padre Sobreira. Sarmiento traballou na elaboración de dúas obras que non tiñan formato clásico de dicionario: o *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* e o *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*, que non viron a luz ata o século XX. Os materiais que estas obras recollen serviron de fonte para os dicionarios galegos que se publicarían posteriormente, coma o *Diccionario gallego* elaborado por X. Cuveiro Piñol en 1876, no que amplía a información con voces medievais e do galego occidental. Con todo, a obra lexicográfica máis importante do século XIX foi o *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares, que depurou as voces que tomou dos dicionarios anteriores e incluíu exemplos tirados de obras literarias de autores da época (Rosalía de Castro, Vicente Turnes, Alberto Camino, etc.) e tamén de cantigas populares ou refráns. Este foi o dicionario galego de referencia durante décadas ata a publicación póstuma dunha das obras monumentais da lexicografía galega, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez (1958-1961), que comprendía tres volumes e que incorporaba voces xa incluídas nos dicionarios precedentes. Esta obra incorporaba tamén moitas palabras novas e información de tipo etnográfico. En 1968 publicouse o *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande, outro dos históricos dicionarios galegos, que foi editado oito veces, xa que era un dicionario de pequeno formato que vía reducido o número de entradas. En palabras de González Seoane

El diccionario de Franco Grande es una especie de versión abreviada del diccionario de Eladio, del que se eliminan los lemas y acepciones coincidentes con el español, así como la información enciclopédica y paremiológica, al tiempo que se simplifican y reducen las definiciones. Pero por otra parte, el autor completa los registros del diccionario de Eladio con materiales de cosecha propia, de modo que el resultado final es, en cuanto al número de entradas, bastante parejo. (González Seoane 2014: 172)

Ata este momento a nosa tradición lexicográfica caracterízase por ser basicamente acumulativa e por un transvasamento de información de dicionario a dicionario. Podemos falar de achegas de léxico tirado de textos literarios e do coñecemento directo dos lexicógrafos, pois son moi escasos os traballos de recollida sistemática de léxico do galego oral e dialectal. A partir de mediados dos anos 80, as editoriais galegas renovan a súa oferta lexicográfica para acomodalala ás novas necesidades derivadas do proceso de codificación e normalización do galego. Na lexicografía máis recente, elaborada a partir dun maior coñecemento do galego oral e dialectal, a contribución de maior relevancia para o coñecemento do léxico dialectal é o *Glosario de voces galegas*

de hoxe (1985), de Constantino García. Trátase dunha obra que compila un total de 45 glosarios ou vocabularios inéditos, elaborados como traballos académicos entre os anos 1968 e 1984 (memorias de licenciatura e teses dirixidas polo propio Constantino García no Departamento de Filoloxía Románica e no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela). No entanto, a compilación máis importante e completa da lexicografía galega aparece no 2001 da man de Antón Santamarina: o *Dicionario de Dicionarios* (actualmente só dispoñible en rede).³² Esta ferramenta informática recolle un total de 32 traballos lexicográficos, entre eles o glosario de Constantino García mencionado. O *Dicionario de Dicionarios* contén a día de hoxe un total de 392.768 entradas, segundo os datos de xuño de 2011 que se poden consultar na propia obra.

A partir do conxunto de obras pioneiras elaboradas ata comezos do século XX vaise formando a historia da lexicografía galega tal e como a coñecemos hoxe e van aparecendo outros dicionarios con melloras, tanto cuantitativas coma cualitativas. Antón Santamarina (2001: 11-15) considera que poderíamos establecer dúas distincións no que respecta aos nosos dicionarios: *por autor* (dicionarios individuais e dicionarios de equipo) e *pola lingua* (dialectal ou literaria). Con todo, debemos ter en conta que aínda que, como afirma Santamarina, os nosos dicionarios fanse a partir de dúas achegas fundamentais (por un lado, os propios dicionarios precedentes mediante a agregación de novos materiais ao acervo construído colectivamente –esas achegas poden proceder das variedades dialectais coñecidas polo autor ou autores, ou non– e por outro, aqueles que se realizaron a partir da lingua escrita) falta unha base nas formas e acepcións da lingua popular. Isto pode deberse, en boa medida, a que non existiu unha recollida sistemática ata o derradeiro cuarto do século XX (fóra da tradición anterior); pero tamén a que os lexicógrafos carecían de instrumentos que lles facilitaran o acceso a esa información. Este problema vese remediado cun proxecto como é o *Tesouro*, no que teñen cabida todo tipo de obras lexicográficas, ofrecéndolle ademais á comunidade científica a súa distribución territorial mediante a cartografía dixital.

2.1. Contribución do *Tesouro* á lexicografía galega

O *Tesouro* contribúe a rexistrar e preservar o patrimonio léxico, tanto polo volume de información compilada coma pola diversidade das fontes, máis aínda tendo en conta que a desaparición dos modos de vida tradicionais leva canda si a extinción, se cadra definitiva, dunha parte significativa do noso patrimonio léxico. A pesar de que polo de agora as obras que compoñen a base de datos son

³² Pódese consultar o *DdD* no enderezo electrónico: <http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>

relativamente escasas, xa que esta aínda está en construción, malia recibir achegas continuadas de novos materiais, é posible comprobar xa a utilidade desta plataforma. A seguir mostraremos algúns exemplos que amosan o aproveitamento do *Tesouro* para a lexicografía galega, ao dar a coñecer aos usuarios, por unha banda, palabras que non aparecen recollidas en ningunha outra obra e, pola outra, palabras que si se rexistran nos dicionarios pero con outras acepcións.

2.1.1. Palabras que non se rexistran en ningunha outra obra anterior

O feito de que o *Tesouro* estea formado por obras inéditas ou por estudos que ata o de agora non eran de fácil acceso para a comunidade científica fai posible que este proxecto poña por primeira vez á disposición dos usuarios, conxuntamente, vocabulario que non aparecía recollido ata o momento en ningún outro dicionario. Vexamos algúns exemplos:

a) En González (2002), obra introducida no *Tesouro*, aparece recollido o termo *rábade*. A autora define a palabra como «comida de peces» e presenta un exemplo para ilustrar como se emprega o vocábulo en Cangas do Morrazo: «No viveiro dáslle *rábade* que é comida e o peix aghuanta muitos días». Nos dicionarios galegos consultados, o *Dicionario da Real Academia Galega* (de aquí en diante DRAG) e o *Dicionario de Dicionarios* (de aquí en diante DdD), a palabra *rábade* non se encontra rexistrada.

b) *Pasemisi* tamén aparece definido en González (2002) como «juego infantil». Con toda probabilidade refírese a un xogo moi popular ata hai algúns anos, que se practicaba mentres se cantaba a canción «Pase misí, pase misá, por la puerta de Alcalá, los de alante corren mucho, los de atrás se quedarán». A palabra *pasemisi*, que probablemente teña a súa orixe en *Pase Monsieur*, non aparece rexistrada nos dicionarios galegos consultados; aínda que a información que ofrece a autora e que aparece recollida no *Tesouro* sexa escasa, pode ser un punto de partida para posibles investigacións etnográficas específicas no campo dos xogos infantís.

c) *Acarroular* aparece definido por Rielo (1971) como «echar a rodar la *carroula* o cualquier objeto rodante». Esta entrada e a súa definición tampouco aparecen rexistradas en ningún dicionario galego, aínda que Aníbal Otero relacione *acarroular* con *arrebullar* «echar a rodar». Pero podemos relacionar *acarroular* coa palabra *carroula* (xunto coa variante *carrula*), que tamén aparece recollida no *Tesouro* en Rielo (1971) e que define como «rueda de madera y raras veces de piedra para entretenimiento de niños. Se la hace rodar cuesta abajo». O nome deste obxecto que se usa nos xogos infantís aparece recollido no DdD en Eligio Rivas (2001), que o define como «Juego del aro y el mismo aro o rueda», e polo tanto o *Tesouro*, coa información que nos fornece, ofrécenos outros datos e amplíanos coñecementos acerca deste pasatempo que cómpre ter en conta se desexamos investigar o campo dos xogos infantís, como comentabamos no exemplo anterior.

d) *Arreleixar*, cuxa acepción é «tocar a morto», aparece recollida por Castro (1986) no Corgo. Este termo, relacionado co campo temático da morte, dáse a coñecer por primeira vez ao público desde esta plataforma, xa que ata o de agora só se rexistraba na tese de licenciatura de Castro, polo que non era de fácil acceso para a comunidade investigadora. Con todo, podemos relacionalo coa entrada *tocan a releixo*, que se recolle en Reguera y Pardiñas (1840-1858) no *DdD* e que define como «Hay difunto, quiere decir. Se usa en Sarria, Castroverde y casi en la mayor parte de la provincia de Lugo. Proviene de relegar o dejar el mundo». En dicionarios máis tardíos rexístrase a forma *releixo*, que aparece no *DdD* no apéndice ao dicionario de Eladio Rodríguez (1961) e tamén en Franco Grande (1972), onde se define como «toque de difuntos».

A través dos exemplos que acabamos de observar, podemos comprobar que este proxecto contribúe á recuperación de voces que, de apareceren recollidas unicamente nunha tese de licenciatura ou en calquera outro traballo lexicográfico, probablemente quedarían no esquecemento por diversos motivos (escaso número de exemplares, dificultade de acceso, etc). O *Tesouro* é unha plataforma que lle outorga visibilidade a materiais deste tipo, ademais de permitir unha consulta fácil e rápida dende calquera lugar e de ofrecernos a localización exacta dos materiais a través dun mapa dixital, máis aló de mencionarnos simplemente o lugar no que se recolleron os datos.

2.1.2 Palabras que se rexistran en dicionarios, pero con outras acepcións

A heteroxeneidade das obras que compoñen o *Tesouro* tamén contribúe ao enriquecemento da lexicografía galega, xa que atopamos numerosas voces que, aínda que foron recollidas en dicionarios, no *Tesouro* aparecen con significados diferentes non antes rexistrados.

a) *Oveiro* aparece recollido en obras coma o *DRAG* co significado de «persoa que compra e vende ovos»; o *DdD*, pola súa parte, rexístrao co significado de «ovario de las aves» nos dicionarios de Carré Alvarellos (1928-1931; 1933; 1951 e 1979), Ibáñez Hernández (1950), Eladio Rodríguez (1958-1961) e Franco Grande (1972). Cabe destacar que dentro do *Tesouro* só se rexistra en Leis (1969) co significado de «el que se mete en cosas de mujeres»; e deste xeito vemos como este recurso nos permite engadir unha acepción máis a esta palabra.

b) *Morriñento* rexístrase no *Tesouro* (Leis 1969) co significado de «tacaño». Na maioría dos dicionarios, por exemplo no *DRAG*, rexístrase con varias acepcións: (1) «que ten suciedade, roña»; (2) «que sente tristeza, melancolía, que ten poucos ánimos e incluso é débil fisicamente»; «que produce tristeza, cansazo etc». Os significados relacionados coa nostalxia son os que se rexistran tamén no *DdD* en Carré Alvarellos (1928-1931; 1933; 1951; 1971), Ibáñez Fernández (1950), Eladio Rodríguez (1958-1961) ou Franco Grande (1972). Pola contra, coa acepción de «tacaño» non se recolle en ningún dos glosarios consultados, polo que vemos que de novo o *Tesouro* permite documentar unha acepción

que os textos lexicográficos existentes non rexistran. Se reparamos en que a voz *morriñento* asume un significado metafórico de «tacaño» de xeito análogo a outras palabras da súa mesma esfera semántica como son *cotroso*, *cotrento*, *cotrenoso* e *roñoso*, podemos ampliar as buscas establecendo unha comparación que nos permita examinar logo os resultados obtidos do *Tesouro* e dos dicionarios galegos. Aínda que *cotroso* no *Tesouro* só se rexistra co significado de «sucio» en Acosta (1970) e Gil (1969), este significado aparece recollido no *DRAG* e no *DdD* xunto co de «que aforra en exceso, que gasta ou dá o menos posible». Pola contra, si que se rexistran esas dúas acepcións baixo a entrada *cotrento* no *Tesouro*: «tacaño» en Porto do Son rexistrada por Marín (1978), e «mugriento, roñoso, sucio» en Cangas, recollida por González GM (2002). A variante *cotrenoso*, polo de agora, só se rexistra no *Tesouro* en Redondela, nun estudo léxico de Monteagudo (1998), co significado de «aforrica, cutre, misquiño, ser coma a Virgen do puño, roñoso, tacaño». Deste xeito, ao establecer unha relación entre esas tres formas e comprobar que nin *cotrenoso* nin *cotrento* se rexistran no *DRAG*, e no *DdD* só Constantino García (1985) indica que *cotrento* é variante de *cotroso*, vemos que o *Tesouro* ofrece información adicional de novo, ofrecéndonos máis datos e información lexicográfica. Algo semellante ocorre coa entrada *roñoso*, xa que esta palabra si aparece recollida no *Tesouro* en Redondela (Monteagudo 1998) co significado de «pouco espléndido, que non lle gusta compartirlas súas cousas. Sinónimo de aforrica, agharrado, cotrenoso, cutre, misquiño e tacaño». En cambio esta forma xa non aparece recollida no *DRAG*, e no *DdD* só figura en Constantino García (1985) co significado de «tacaño», no Grove, polo que de novo este exemplo permítenos reafirmar que este recurso é unha ferramenta particularmente valiosa para enriquecer a lexicografía galega.

Nos exemplos que acabamos de mostrar podemos comprobar que o *Tesouro* ofrece a posibilidade de consultar palabras xa coñecidas, en moitos casos próximas a calquera usuario da lingua galega, pero cun significado particular que descoñecemos ata o momento. Deste xeito, este proxecto contribúe a non perder acepcións que só eran coñecidas polos membros dunha comunidade lingüística concreta e que, a través desta plataforma, poderán chegar a todos os usuarios.

Por último, hai outro tipo de termos que no *Tesouro* están no mesmo nivel que as demais entradas, mentres que nos dicionarios aparecen nun lugar secundario baixo as entradas principais. O feito de que nesta ferramenta aparezan estas formas introducidas así tamén facilita a súa busca e polo tanto tamén o seu coñecemento e estudo. É o caso dos lemas complexos ou locucións coma *cabalo do demo*, que no *Tesouro* acadan unha maior visibilidade.

c) *Cabalo do demo* aparece lematizado no *Tesouro* coma *cabalo do demo* e clasificado como «locución substantiva masculina» (loc sm). Deste xeito recibe o tratamento doutra entrada calquera e sitúase tamén a un primeiro nivel. Pola contra, o habitual en practicamente todos os dicionarios, coma neste caso o *DRAG*, é que as locucións coma *cabalo do demo* aparezan nun segundo nivel, isto é, baixo a entrada principal *cabalo*. En

canto á definición, nesta mesma obra defínese este termo como «insecto da suborde dos anisópteros coa cabeza e o tórax unidos, ollos moi desenvolvidos, abdome longo e fino e dous pares de ás que vive preto da auga e do que existen varias especies» e como sinónimos aparecen os termos *cabaliño do demo* e *libélula*. Se introducimos a expresión *cabalo do demo* no *Tesouro*, debido á variedade de obras que hai xa introducidas na base de datos, atopamos 21 entradas procedentes cada unha delas de diferentes obras: Baamonde (1977), Couceiro (1967), Díaz (1971), Fraga (1968), Fraíz (1974), González (2002), Leis (1969), Marín (1978), Morandeira (1969), Palacio (1974), Pena (1970), Pérez (1969), Pérez F. (1972), Prado (1971), Rodríguez (1971), Sánchez (1971), Santamarina (1967), Seco (1971), Vázquez (1971), Vázquez F (1971) e Vilariño (1972). Das 21 entradas rexistradas, 20 ofrecen a mesma definición de *cabalo do demo*: «libélula», mentres que unha delas (González 2002) define *cabalo do demo* como «mantis relihiosa», o que nos permite reflexionar sobre a fiabilidade dos datos que nos proporcionan as diversas fontes ao non coincidiren as definicións, como ocorre neste caso. A medida que vaia aumentando o número de obras introducidas, maior seguridade poderemos ter sobre a información introducida ao ser posible a comparación de máis resultados. Con todo, ademais desta información que nos ofrece o *Tesouro* e que complementa e amplía a que podemos atopar nos dicionarios, cabe destacar que este proxecto sobresaie polo feito de mostrar moita máis fraseoloxía e significados asociados que é común nos dicionarios. Por exemplo, para a palabra *cabalo* o *DRAG* presenta as frases e expresións: *a cabalo*, *a cabalo de*, *cabalo de batalla*, *cabalo de mar*, *cabalo do demo*, *cabalo de vapor* e a locución *de a cabalo*. A estas formas podemos engadir outras que si atopamos no *Tesouro*: *cabalo de parada*, *cabalo de posto*, *cabalo do demo*, *cabalo rabañés*, *sopas de cabalo cansado*, *renda do cabalo* etc.

En definitiva, o *Tesouro* é unha ferramenta indispensable para poder conservar o noso patrimonio léxico que se ve ameazado polo desuso co abandono do mundo rural tradicional e dos seus modos de vida. Aínda que este é un risco ao que están expostas incluso linguas que gozan dun recoñecemento e dun prestixio nas súas sociedades como é o inglés, francés, español e portugués, esta perigosa situación agrávase no caso do galego, que está vivindo en situacións de extrema dificultade e que por esta razón precisa con urxencia de proxectos e iniciativas que permitan preservar o seu patrimonio lingüístico e cultural.

3. A DIALECTOLOXÍA GALEGA

O léxico dialectal tamén recibirá importantes achegas coa información xeolingüística que facilita o *Tesouro*. O estudo deste léxico principia no

primeiro cuarto do século XX, cando Fritz Krüger e outros investigadores alemáns coma Schroeder e Schneider inician os estudos dialectais no dominio galego (Regueira 1996: 52-53). Non obstante, unha das obras de incalculable valor desde o punto de vista dialectolóxico é o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, cuxos materiais recolle na súa meirande parte Aníbal Otero, axudado nalgunhas localidades por Aurelio Espinosa, entre 1934 e 1935 en 53 puntos espallados polo territorio galego. Nalgúns deles a recollida de datos completárase entre 1953 e 1954 por quedar estancados os traballos debido á guerra civil española (Sousa 2009: 304). O cuestionario do *ALPI* estaba dividido en dúas seccións: Caderno I (fonética, morfoloxía e sintaxe) cun total de 411 preguntas e Caderno IIE (léxico) con 833 preguntas, aínda que as formas recollidas eran arredor de 2.000.

Desde a guerra civil a dialectoloxía quedou desatendida, pero na década dos sesenta comezan a aparecer numerosos traballos dialectolóxicos (memorias de licenciatura, teses de doutoramento, etc) da man de lingüistas formados na Universidade de Santiago de Compostela e preocupados pola lingua galega.

Pouco despois, en 1974 iníciase o proxecto clave no desenvolvemento da xeografía lingüística galega: o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*. Os cuestionarios do *ALGa* están formados por un total de 2.711 preguntas que se realizaron *in situ* en 167 puntos distribuídos de xeito homoxéneo por todo o territorio galego (García / Santamarina 1990: 10-11). O promedio de formas recollidas en cada cuestionario era dunhas 4.000. A fonética, morfoloxía e sintaxe ocupan da pregunta 1 ata a 527, mentres que o léxico, agrupado tematicamente, vai dende a 527 ata a 2.711. A pesar de que o número de preguntas era moi amplo, prescindíuse do léxico mariñeiro xa que había un total de vinte e cinco localidades costeiras galegas exploradas para o *Atlas Lingüístico de los Marineros Peninsulares*. A diversidade de obras que dende a xeolingüística se ocupan de estudar o galego e a envergadura dalgunhas delas contribúen a que teñamos na actualidade un bo coñecemento da variación dialectal da nosa lingua.

3.1. Contribución do *Tesouro* á dialectoloxía galega

Son moitos e moi diferentes os traballos existentes no galego que ofrecen información lexicográfica con referencia xeográfica e que integrarán o *Tesouro*. Isto permitiralle a este proxecto concentrar todo un corpus que terá unha maior visibilidade e un acceso máis doado para toda a comunidade científica. En poucos anos fíxose en Galicia un grande esforzo por conseguir monografías que levantasen os datos lingüísticos de pequenos territorios, un concello na maior parte dos casos. Son obras descritivas

indispensables para o estudo dialectolóxico que ao integralas nunha mesma base de datos como é o *Tesouro*, ao relacionalas e poder comparalas, permítenos ver en que medida se repiten as formas e significados e que difusión territorial teñen. Aínda botando man do escaso número de obras coas que conta o *Tesouro* polo de agora, podemos verificar que é posible tirar proveito desta plataforma para levar a cabo estudos dialectolóxicos ao ofrecernos dúas posibilidades:

a) Incremento do volume e da complexidade de información recollida.

Dada a multitude e a variedade de obras que integran este proxecto, a información contida e ofrecida é moito maior que a que poida ofrecer calquera tipo de obra existente ata o momento na dialectoloxía galega, pois todas elas formarán parte desta iniciativa. Así mesmo, a rede de puntos onde se rexistran as investigacións lingüísticas tamén será maior pois, ademais das enquisas cubertas en diversos puntos a través dos atlas lingüísticos, recolleuse moita máis información en distintos lugares ao elaborarse as monografías dialectais, ás veces coincidindo coas redes dos atlas ou completándoas, de modo que o universo de informantes tamén é maior, e outras veces son novas localidades que enriquecen os datos existentes. No que respecta aos informantes, cabe reparar en que o atlas busca un informante típico como modelo (García / Santamarina 1990: 11) mentres que as monografías dialectais preguntan a unha comunidade de falantes, ou o que é o mesmo, un grupo amplo e representativo da localidade en cuestión.

b) Posibilidade de estudos diacrónicos.

O elevado número de obras que albergará o *Tesouro* ofrecerá grandes vantaxes en canto aos estudos diacrónicos, no momento no que este proxecto conte cun número considerable de obras. Ao compartir información procedente de estudos de distintas épocas dun xeito tan completo, permitiralle á comunidade científica unha explotación dos datos para posibles estudos de variación ou cambio lingüístico no tempo, podendo contrastar os materiais dos anos 30 (procedentes do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*), os dos anos 70 (obtidos a partir das enquisas realizadas para o *Atlas Lingüístico Galego*) e os dunha ampla variedade de datas correspondentes á multitude de estudos que están sendo incorporados ao *Tesouro* pertencentes a diferentes períodos, polo de agora comprendidos entre 1938 e 2012. Deste xeito o *Tesouro* permitirá comprobar a vixencia de determinadas solucións, a emerxencia dunhas e o declive doutras, e axudará a encher algunhas lagoas ou a precisar e matizar a distribución dalgunhas formas.

4. CABO

Como puidemos comprobar ao longo destas páxinas, a contribución do *Tesouro do léxico patrimonial galego portugués* é de grande utilidade para a lexicografía e dialectoloxía galegas. O *Tesouro* constitúe unha achega ao coñecemento e á recuperación dun importante número de voces que talvez quedarían relegadas ao esquecemento de non existir unha plataforma dixital coma esta, que funcione como galería para o aproveitamento de infinidade de materiais lexicográficos e dialectais. A consulta de toda a información será doada, gratuíta e de acceso universal. A heteroxeneidade de obras que compoñen este proxecto tamén incrementa o valor deste corpus, xa que permite realizar consultas nun amplísimo conxunto de textos, aínda que sempre respectando a singularidade de cada un deles.

As posibilidades de busca van máis alá das típicas dos dicionarios convencionais, pois tamén se poden realizar outros tipos de busca, por exemplo por campo semántico, ou recompilar toda a información precisa sobre unha voz determinada ou consultar os refraneiros contidos en determinadas obras ou outro tipo de datos. Os usuarios desta plataforma dixital teñen á súa disposición moita información dun valor incalculable, tanto desde o punto de vista lexicográfico coma dialectal. Ademais, o aproveitamento que podemos facer do *Tesouro* non é estritamente lingüístico, senón que constitúe tamén un corpus útil para outras disciplinas coma a antropoloxía, a botánica e a historia. En definitiva, é unha ferramenta imprescindible, pois o descoñecemento do noso léxico é sinónimo do descoñecemento da nosa cultura, do que foi o noso modo de vida, e polo tanto, de nós mesmos.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACOSTA GARCÍA, María Teresa de (1970): *El habla de Piedrafita*, memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ BLANCO, R. *et alii* (2009): «Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: El *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*», *Fonetică și Dialectologie*, XXVIII, 5-19.
- ÁLVAREZ PÉREZ, X. A. / Xulio C. SOUSA FERNÁNDEZ (2013): «*The Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués. A Galician and Portuguese Word Bank*», *Dialectologia*, Special issue, IV, 5-24.
- ALGa = C. GARCÍA / A. SANTAMARINA (dirs.) (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega, vols. I-V.
- ARAÚJO GARCÍA, Teresa / Pablo CARBALLO FELPETE / María Isabel GIL CACHEIRO / Consuelo LOSADA RODRÍGUEZ / María Dolores PARDO VÁZQUEZ (2006): *Vilariño de Conso: paisaxe e tradición*, Ourense, Deputación Provincial.

- BAAMONDE TRAVESO, Gloria (1977): *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- COUCEIRO PÉREZ, José Luis (1967): *Vocabulario de Feás*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- DdD = A. SANTAMARINA (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*, Versión 3, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- DÍAZ CARNERO, Mercedes (1971): *El léxico de Castrocaldelas*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- DRAG = C. GARCÍA / M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*, A Coruña, RAG / Xerais / Galaxia.
- FRAGA GARCÍA, Ramón (1968): *Vocabulario de Mellid y cercanías*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- FRAIZA BARREIRO, María de los Ángeles (1974): *El léxico de Codeseda*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- GIL SUÁREZ, María del Carmen (1969): *El habla de Villardevós*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Margarita (2002): *El gallego hablado de Cangas de Morrazo*, tese de doutoramento, Universidad de Oviedo.
- GONZÁLEZ SEOANE, E. (2003): «A lexicografía galega moderna», en Henrique Monteagudo / Xan Bouzada (coords.), *O proceso de normalización do idioma galego 1980– 2000*. V. III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 165 – 228.
- LEIS CASANOVA, Inés (1969): *El habla de Santa Eulalia de Dumbria*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ TABOADA, Carme (1978): *El habla de la comarca de Sobrado de los Monjes*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- MARÍN SUÁREZ, María de los Ángeles (1978): *O léxico de San Sadurniño de Joianes*, memoria de licenciatura, Universidad de Valladolid.
- MONTEAGUDO CABALEIRO, María Teresa (1998): *Contribución ó estudio do léxico do concello de Redondela*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- MORANDEIRA LOURÉS, Josefa (1969): *El habla de Lage*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- NAVARRO TOMÁS, T. (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Volume I. Fonética, Madrid, CSIC.
- PALACIO SÁNCHEZ, José Antonio (1974): *Notas sobre el léxico de Ferreira de Pantón (Lugo)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- PENA SEIJAS, Xesús (1970): *Vida e fala de Guitiriz (Negradas)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- PÉREZ ALONSO, María Jesús (1969): *Vocabulario de Goián*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- PÉREZ FROIZ, María Inés (1972): *El léxico de Santa María de Oirós*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.

- PRADO FERNÁNDEZ, Margarita (1971): *Vocabulario de Ferreira del Valle de Oro*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- RIELO CARBALLO, Nicanor (1971): «Vocabulario gallego de Arcos de Frades», *Compostellanum* XVI/1-4 [= II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos], 303-332.
- RODRÍGUEZ GANDOY, Eladio (1971): *El léxico del ayuntamiento de Guntín (Lugo)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Aurora (1971): *El léxico de Montederramo*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (1967): *Vocabulario del Valle de Suarna*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela [integrado en Id. (1973): *El habla del Valle de Suarna*. 2 vols., tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela].
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, A. (2001): «Os lexicógrafos galegos, historia dunha profesión», en Eladio Rodríguez González, *Día das letras galegas 2001*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- SECO FERNÁNDEZ, Ramón (1971): *El léxico de Santa Comba*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- SOUSA FERNÁNDEZ, X. C. (2009): «Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia», en Mercedes BREA / Francisco FERNÁNDEZ REI / Xosé Luís REGUEIRA (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra media. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 299-306.
- TLPGP / Tesouro = ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. (<http://ilg.usc.es/Tesouro>)
- VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, María Isabel (1971): *El habla y léxico de San Julián de Pereiramá (Lugo)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela. VÁZQUEZ SANTAMARÍA, María Ester (1971): *El habla de La Gudiña*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- VILARIÑO SECO, Josefina (1972): *El léxico de San Braulio de Caaveiro*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.

***O TESOURO DO LÉXICO
PATRIMONIAL GALEGO E
PORTUGUÉS NO MARCO
DO ESPAZO LINGÜÍSTICO
GALEGO-PORTUGUÉS
(PE E PB)***

Marta Negro Romero

Instituto da Lingua Galega, Universidade
de Santiago de Compostela

[doi:10.17075/tucmeg.2015.005](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.005)

1. INTRODUCCIÓN³³

O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (de aquí en diante *Tesouro*) é un proxecto internacional no que participan investigadores galegos, portugueses e brasileiros baixo a coordinación da profesora Rosario Álvarez Blanco do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. O *Tesouro* naceu coa intención de crear un corpus informatizado que reunise material léxico vinculado coa cultura tradicional, especialmente o vinculado con tradicións e saberes que xa desapareceron ou están a piques de desaparecer debido a mudanzas sociais e culturais.

O resultado deste proxecto é un banco de datos, de acceso libre desde febreiro de 2014 a través do portal web do Instituto da Lingua Galega,³⁴ no que se rexistran e integran materiais lexicográficos con referenciación xeográfica relativos ao dominio galego, portugués europeo e portugués brasileiro. Os datos son extraídos de obras moi heteroxéneas: *corpora* obtidos en traballos de campo, materiais dispersos en obras dialectais, vocabularios de falas, atlas, etc., moitas delas inéditas e de moi difícil acceso, polo que outro dos obxectivos do *Tesouro*, ademais do de preservar numeroso léxico dialectal, é o de poñer todos estes materiais a disposición da comunidade científica e do público xeral.

Na aplicación de consulta do proxecto o usuario ten á súa disposición todas as voces rexistradas nas distintas fontes, xunto á información lexicográfica e bibliográfica, ademais da cartografía xerada automaticamente onde se amosa a distribución territorial de cada forma nos tres dominios lingüísticos obxecto de estudo. É frecuente que tamén se recollan exemplos de uso, refráns, cancións, etc., para alén de fotografías e debuxos. Outra información que se ofrece, resultado da aplicación de diversas metodoloxías lingüísticas á heteroxeneidade dos materiais, é o lema, a categoría gramatical e a clasificación semántica. Deste

³³ Este artigo inscríbese dentro do proxecto de investigación Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués Banco de datos electrónico (corpus galego) e cartografía automática (FFI2009-12110), financiado pola Secretaría de Estado de Investigación (Ministerio de Ciencia e Innovación). Queremos agradecerlles a Rosario Álvarez e Ernesto González a súa valiosa axuda ao longo do proceso de elaboración deste artigo. Tamén queremos expresarlle a nosa gratitude aos restantes membros do equipo do proxecto cos que compartimos traballo.

³⁴ O Tesouro pode consultarse en <http://ilg.usc.es/Tesouro/>.

xeito, o usuario pode obter toda a información lexicográfica a través de buscas por un lema (por exemplo, galego e portugués *pálpebra*), por unha variante (por exemplo, *pálpera*), por un clasificador semántico (se seleccionamos, por exemplo, o clasificador 3.2.5 obteremos todo o léxico integrado na base relacionado coa *castaña*), por unha categoría gramatical (por exemplo, adverbio) ou pola localización (pódese escoller que apareza o léxico dun dos territorios, de dous deles ou dos tres).

O feito de que o *Tesouro* presente de maneira conxunta e integrada os datos léxicos procedentes das variedades populares galegas, portuguesas e brasileiras convérteo nun instrumento privilexiado para a realización de estudos lingüísticos, sincrónicos e diacrónicos, en diversas áreas: lexicografía, terminoloxía, etimoloxía, onomástica, norma lingüística e variación, dialectoloxía, morfoloxía, fonética e fonoloxía, estratigrafía, etc. Pero esta ferramenta non só é de interese para a lingüística, xa que os datos lingüísticos e extralingüísticos (fotografías, debuxos, explicacións sobre costumes e usos) que se ofrecen son de grande axuda tamén para outras disciplinas como a etnografía, a historia e a xeografía.

No presente artigo centrarémonos nalgunhas das utilidades do *Tesouro* para a realización de estudos centrados no espazo lingüístico galego e portugués (tanto portugués europeo como portugués do Brasil), posto que unha descrición pormenorizada do proxecto e da metodoloxía empregada podémola atopar xa noutros artigos.³⁵ É importante sinalar que este traballo só ten por obxectivo describir algúns dos aproveitamentos que ofrece o *Tesouro*; non presentamos, xa que logo, un estudo etimolóxico, lexicográfico ou xeolingüístico do léxico utilizado a modo de exemplificación, xa que que excederíamos considerablemente os límites atribuídos a este traballo. Non obstante, estes materiais poderán servir de base a outros estudos onde serán analizados con detemento. Antes de sinalar algunhas das utilidades da ferramenta, describiremos as fontes que integran o corpus.

2. FONTES

O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* está integrado por materiais léxicos localizados xeograficamente no dominio lingüístico galego e portugués. Aínda que inicialmente se limita ao portugués europeo e do Brasil, o proxecto podería ampliarse con materiais doutros territorios lusófonos ou incluso doutros dominios lingüísticos, xa que tanto a metodoloxía

³⁵ Pódense consultar os artigos citados na bibliografía de Álvarez e Sousa (2013) e de Álvarez Blanco et (2009), así como o de Ernesto González Seoane publicado neste mesmo volume.

lingüística empregada para o tratamento da información como a aplicación de consulta son extrapolables a materiais léxicos doutras linguas. Podemos distinguir a seguinte tipoloxía de fontes:

a) Monografías etnolingüísticas.

Unha parte moi significativa dos materiais constitúena traballos académicos de diverso tipo, tanto teses doutorais e memorias de mestrado como traballos académicos realizados nos cursos de doutoramento e nos últimos anos da licenciatura, revisados por profesores universitarios e defendidos perante un tribunal. Por tanto, as obras son bastante heteroxéneas en canto á extensión, profundidade da investigación, calidade, modo de presentación da información e análise.

A maioría das obras introducidas nestes momentos na base axústanse a esta tipoloxía. De feito, das 11 obras brasileiras subidas á aplicación, 9 son teses e memorias de mestrado; das 55 obras portuguesas, 54 son memorias de licenciatura; e das 49 obras galegas, 39 son teses, memorias de licenciatura e traballos académicos.³⁶ Ademais, moi poucos traballos están publicados total ou parcialmente como monografías ou artigos (só 9 das obras portuguesas e 4 das galegas o están). Por tanto, o *Tesouro*, como xa sinalamos na introdución, axuda á conservación e dispoñibilización de todos estes materiais, moitos inéditos, dos que ás veces só se conservan unha ou dúas copias en formato papel, non sempre depositadas en bibliotecas universitarias (polo tanto, só accesibles a través do propio autor ou dalgún membro do tribunal avaliador).

Dentro das monografías encontramos, por un lado, monografías redactadas como a de Álvarez (1974) e, polo outro, monografías que inclúen un glosario, que pode estar organizado alfabeticamente, como en Netto (1949), ou combinar os procesos de elaboración dun dicionario ideolóxico cos de elaboración dun dicionario alfabético, como en Morandeira (1969). É frecuente, ademais, que se centren na fala dunha localidade, concello ou rexión (Maia 1965, Castro 1986, Rodríguez 1974, etc.) e, nalgúns casos, recollen o léxico dunha área para unha actividade determinada, como a apicultura (Sozim 1992), a pesca (Carrancho 1969), a olaría (Costa 2012) ou as salinas (Amorim 1988). Por último, algunhas delas ocúpanse da influencia doutras linguas na fala dunha rexión (Borges 1954).

b) Bases de datos de atlas lingüísticos e enquisas dialectais.

Estas bases de datos inclúen non só o material que será cartografado, senón tamén outro tipo de información (debuxos, fotografías, cantigas, refráns...), que moitas veces non pode ser presentada na publicación impresa e que agora poderá ser incorporada ao *Tesouro*.

³⁶ Estes datos, consultados en xullo de 2014, son provisionais, xa que se seguen a introducir de forma constante novos materiais na base do *Tesouro*. Para unha consulta actualizada do corpus, pódese visitar a sección «corpus» na páxina do proxecto xa mencionada anteriormente, en <http://ilg.usc.es/Tesouro/>.

Os centros de investigación e equipos participantes de Portugal dispoñen de datos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)* recollidos por Aníbal Otero, Armando Nobre de Guzmão e Luís F. Lindley Cintra en 1930-36 e completados en 1947-54; do *Atlas linguístico do litoral português (ALLP)*, coordinado por Gabriela Vitorino e do que xa se publicou a parte correspondente á súa tese (1987); as bases de datos do *Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores (ALEAç)*, en curso de elaboración no Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, con datos recollidos entre 1979 e 1996; e os datos dos cadernos e gravacións do *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)*, provenientes das enquisas realizadas fundamentalmente por Manuela Barros Ferreira, João Saramago, Luisa Segura e Gabriela Vitorino entre 1973 e 2004. Cabe destacar, pola súa relevancia, o *Inquérito Lingüístico* por correspondencia iniciado por Manuel de Paiva Boléo en 1942, que se conserva na Facultade de Letras da Universidade de Coimbra.

Os investigadores galegos contan, ademais de cos materiais galegos do *ALPI*, cos materiais do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, elaborado a partir das enquisas realizadas por Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González entre 1974 e 1977, e do que xa hai cinco volumes publicados; da *Nomenclatura de la fauna y flora marítimas de Galicia* de Carmen Ríos Panisse; e co léxico recollido para a parte galega do *Léxico de los marineros peninsulares*, proxecto dirixido por Manuel Alvar.

Aínda que as enquisas do *Atlas Lingüístico do Brasil* están en curso, os equipos brasileiros contan cos datos dun bo número de atlas rexionais. Nestes momentos están incorporados ao corpus do *Tesouro* os materiais do *Atlas Lingüístico da Paraíba (ALPB)* e do *Atlas Lingüístico do Estado do Ceará (ALECE)*, ambos con dous volumes xa publicados. Polo de agora, estes son os dous únicos atlas introducidos dos tres dominios lingüísticos, xa que está previsto que os materiais procedentes das bases de datos dos atlas sexan incorporados en último lugar.

De todos os xeitos, para poder mostrar mellor a utilidade do *Tesouro* no estudo do complexo lingüístico galego-portugués-brasileiro, introducimos os datos relativos ao concepto *tornecelo* «parte saínte dos ósos que forman a articulación da perna co pé» contidos nos seguintes atlas: *ALGa*, *ALEPG*,³⁷ *ALPB*, *ALPI*,³⁸ *Atlas Lingüístico de Mato Grosso do Sul (ALMS)*, *Atlas Lingüístico da Mesorregião Sudeste de Mato Grosso (ALMESEMT)*, *Atlas Lingüístico do Paraná (ALPR)*, *Atlas Lingüístico de Sergipe (ALS)* e *Atlas Lingüístico Sonoro do Pará (ALISPA)*.

³⁷ Os datos do *ALEPG*, aínda inéditos, foron facilitados polo profesor João Saramago.

³⁸ Os datos do *ALPI* foron proporcionados polo profesor Xulio Sousa, xa que aínda non están accesibles para a súa consulta.

c) Outros materiais con léxico dialectal.

No dominio do galego e do portugués europeo existen diversos traballos que estudan a cultura local desde unha perspectiva antropolóxica ou etnolingüística. Podemos citar as obras pioneiras da dialectoloxía galega, da primeira metade do século XX, da autoría de diversos filólogos alemáns como Ebeling, Krüger e Schneider, cuxa obra xa está incorporada á base do *Tesouro*, así como os traballos dos investigadores do Seminario de Estudos Galegos (Xaquín Lorenzo, Fermín Bouza Brey, etc.).

Hai tamén numerosos traballos que recollen léxico dialectal publicados por autores menos coñecidos en publicacións locais ou comarcais ou en páxinas web que usualmente no son consideradas nas bibliografías científicas. Nestes momentos contamos no corpus cos datos extraídos de catro blogs onde se rexistra o léxico de Brumoso (López *et al.* 2011) e Porto (Blanco 2012), ambas localidades zamoranas, A Illa de Arousa (Domínguez 2012) e Codosedo, Sarreaus (Chao 2012).

3. LIÑAS DE EXPLOTACIÓN DO TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

Procederemos a exemplificar algunhas das posibilidades que ofrece o *Tesouro* a través de dous conceptos do corpo humano: o *nocello* ou *tornecelo* e a *ívula*. Decidimos traballar co campo semántico do corpo humano porque nos garantía poder encontrar información nos materiais portugueses, brasileiros e galegos. Se escolleramos outro campo, poderíamos non atopar denominacións para un concepto nun dos dous lados do Atlántico (ben no Brasil, ben en Galicia-Portugal), debido ás diferenzas xeográficas, climáticas, botánicas, etc. existentes.

3.1. Análise da distribución das diversas denominacións existentes para un concepto

O *Tesouro* posibilita presentar conxuntamente a distribución de cada variante ou elemento léxico dentro do complexo lingüístico galego-portugués-brasileiro, polo que permite evidenciar a existencia de «descontinuidades» na distribución territorial actual de determinadas solucións e, deste xeito, deitar luz sobre os procesos de emerxencia, propagación, mudanza e decadencia que tiveron e teñen lugar no interior deste complexo lingüístico. Nesta liña cobra especial importancia a expansión areal de formas léxicas e variantes morfemáticas, non só reavaliando o papel da fronteira no espazo constitutivo, senón analizando a

difusión no vasto e complexo espazo brasileiro, onde son usuais voces que hoxe, no contexto das variedades europeas, pasan por caracteristicamente galegas.

A seguir, veremos cales das variantes recollidas na base do *Tesouro* para designar o *tornecelo* son comúns aos tres territorios, a dous deles ou exclusivas dun. Hai que ter presente que no momento de concluír este artigo contamos con corenta e nove obras de Galicia, cincuenta e cinco de Portugal e once do Brasil introducidas na base. Debido a que aínda non posuímos información de todo o territorio brasileiro, galego e portugués, os mapas de distribución das diversas denominacións que se ofrecen son provisionais; cando dispoñamos dun maior volume de datos para os tres territorios, a distribución que presentamos poderá variar. Debemos sinalar que, nestes momentos, aínda non se inseriu na base o lema común a galego e portugués. Tampouco está incorporado o xeosinónimo de referencia, é dicir, a variante baixo a que se agruparán todas as denominacións existentes para determinado concepto; deste xeito, baixo o lema *tornozelo*, por exemplo, atoparemos *nocello*, *artello*, *tornecelo*, *mocotó*, *rejeito*...

a) Denominacións comúns a Galicia, Portugal e Brasil.

As voces *tornecelo*, *tornozelo* e variantes aparecen nos tres dominios lingüísticos, aínda que a súa extensión é desigual, como se pode observar na Fig. 1. Namentres en Brasil esta denominación se distribúe por áreas distantes entre si, en Galicia concéntrase nunha área ao sur e en Portugal principalmente no norte. Poder mostrar conxuntamente os datos galegos e portugueses, grazas á cartografía xerada automaticamente pola aplicación, permítenos visualizar a existencia dun contínuum entre Galicia e Portugal, que deseña unha área máis ou menos compacta de *tornecelo*.

Outra das denominacións común aos tres territorios é *canela*. En Galicia e Portugal *canela* só se recolle co significado de «tornecelo» en Curtis e no distrito de Bragança respectivamente, namentres en Brasil atopamos seis rexistros en Mato Grosso do Sul. O feito de rexistrar datos nas tres áreas condúcenos a desbotar a idea de estar perante unha rareza local do galego ou do portugués, xa que se só tiveramos acceso á información galega ou portuguesa, poderíamos pensar que o entrevistador entendeu mal ou o informante malinterpretou o que se lle estaba a preguntar. Este podería ser un exemplo de polixénese, isto é, en cada territorio xurdiu a palabra de forma independente, ou un caso de migración de palabras, que quedaría oculto se non fose pola información que nos ofrece o *Tesouro*.

Por outra parte, *canela* úsase principalmente para designar o óso que vai do pé ata o xeonllo, pero é frecuente, como explicaremos máis adiante, que exista metonimia espacial entre partes do corpo próximas entre si, e *canela* «tornecelo» probablemente sexa un exemplo disto. Tamén pode ter relación coa

canela do fío «peza cilíndrica das máquinas de tecer na que vai enrolado o fío», isto é, estaríamos entón ante un exemplo de uso metafórico. É dicir, verificamos a existencia de procesos metafóricos e metonímicos coincidentes nos tres dominios.




Fig. 1. *Tornozele, tornecelo*

b) Denominacións comúns a Galicia e Portugal.

Galicia e Portugal comparten as denominacións *artello*, *artelho*; *nortello*, *nortelho* e variantes. *Artelho* ten maior presenza na metade sur do territorio portugués, namentres *nartelho* só se recolle en Mafra. En vista da súa distribución territorial (véxase Fig. 2) e dos noventa e cinco rexistros do *Tesouro*, resulta curioso que no dicionario Houaiss se especifique que a forma *artelho* é de «uso impróprio». En Galicia, *artello* e *nortello* recóllense no territorio coruñés limítrofe coa provincia de Pontevedra, na provincia de Pontevedra, a excepción do extremo sur, e na provincia de Ourense menos na área máis oriental (véxanse Fig. 2 e 3). Polo tanto, *artello* e *nortello* forman en Galicia unha área, complementaria da de *tornecelo*, dividida en dúas subáreas, e en Portugal *artelho* concéntrase no sur, en distribución complementaria da área de *tornozele*. Á vista da distribución que ofrecen os mapas de *artello*, *nortello* e *tornecelo* en Galicia e Portugal, podemos pensar que *tornecelo* veu romper o contínuum existente entre estes dous dominios lingüísticos para a voz *artello* e variantes, xa que esta forma se sitúa ao norte e ao sur da área de *tornecelo*.

Outra voz común a ambos os territorios é *noz*, cun único rexistro nos concellos galegos da Coruña e Oleiros e no municipio portugués de Alvaiázere. No concello galego de Ares tamén se recolle a locución *noz do pé*. Este é outro exemplo de que se non contaramos coa distribución dos dous dominios lingüísticos, concluiríamos que estabamos perante unha rareza local, pero ao rexistrarse a palabra en lugares distantes entre si, debemos xa facer unha análise máis profunda.




Fig. 2. *Artelho, artello*




Fig. 3. *Nartelho, nortello*

c) Denominacións comúns a Galicia e Brasil.

Nobelo, co significado de «nocello», só se rexistra en Valdoviño (Galicia), e *novelo da junta*, no leste de Mato Grosso do Sul (Brasil).³⁹ *Cotobelo* tamén se rexistra só nun punto da xeografía galega (Arbo), e en Brasil aparece *cotovelo* disperso por diversos puntos do territorio (Fortaleza, leste de Sergipe, suroeste de Mato Grosso do Sul e sur e noroeste do Ceará). Estamos de novo ante dúas formas moi pouco frecuentes que se autorizan mutuamente na distancia. Ademais, *nobelo* significa «bóla de fío enrolado» tanto en galego como en portugués, polo que temos o mesmo proceso metafórico de extensión de significado nas dúas linguas. *Tornobelo*, resultado do cruzamento entre *tornecelo* e *nobelo*, rexístrase nos concellos galegos de Lobios,

³⁹ *Nobelo*, como explica Coromines (1989), deriva do antigo *lobellum*, e este de GLOBELLUM, polo que a grafía galega con se corresponde coa etimolóxica, a diferenza do que sucede en portugués. Se se tratase dun desenvolvemento consonántico a partir de <o> en hiato, entón teríamos *novelo* tanto en galego como en portugués, como sucede en *devecer*, *dovecer*, procedentes de *doecer*.

Entrimo e Cualedro (Schneider 1938), e *tornovelo*, nun punto brasileiro no pantanal sur de Mato Grosso (véxase Fig. 4). Esta distribución lévanos a pensar de novo nun caso de polixénese ou de migración de palabras, e fainos desbotar a idea de estar ante unha creación idiolectal ou microlectal.

Unha última denominación compartida polos dous dominios lingüísticos, como podemos ver na Fig. 5, é *tobillo*, *tovilho*. En Galicia, o castelanismo está estendido por todo o territorio, pero debemos destacar a presenza de *tovilho* no suroeste de Mato Grosso do Sul, o cal podería ser tamén un castelanismo adoptado pola influencia do español no estados do sur do Brasil.




Fig. 4. *Tornovelo*, *tornobelo*



Fig. 5. *Tovilho*, *tobillo*

d) Denominacións exclusivas de Galicia.

Nocello, *nocello do pé* e variantes⁴⁰ só se rexistran en Galicia nunha área compacta no centro da provincia da Coruña (véxase Fig. 6), e *tocelo*

⁴⁰ Coromines (1989) indica que *nocelo*, *nocello* son o resultado do cruzamento de *noelo* e *tornecelo*, pero á vista dos datos cos que contamos, discordamos co autor catalán. Por un lado, *tornecelo* non se rexistra na área de *noelo*, e, polo outro, é moito máis común a voz *nocello* ca *nocelo*, polo que parece pouco probable que o sufixo *-ello* se crease por analoxía co *-elo* de *tornecelo*. Na base destas voces e de *noelo* poden estar tanto *noz* como

concéntrase nunha pequena área contigua da Costa da Morte (Fig. 7). *Noelo* e *noello* son voces propias do galego exterior, do extremo oriental da provincia de Lugo e dos concellos coruñeses de Sobrado, Boimorto, Aranga, Pontedeume, A Capela, Mazaricos, Moeche, Valdoviño, Cedeira e Cariño (véxase Fig. 8); polo que xunto a *nocello* e *tocelo* constitúen unha área conformada por subáreas. Debemos sinalar que algúns informantes indican que o *noelo* só é o óso que sobresaia do *tornecelo*. Por último, encontramos os sintagmas *pescozo do pé*, distribuído polos concellos de Aranga, Tordoia, Touro e Ribeira; e *tornillo do pé*, cun único rexistro en Santiago de Compostela.




Fig. 6. *Nocello*




Fig. 7. *Tocelo*




Fig. 8. *Noelo*

e) Denominacións exclusivas de Portugal.

Só rexistramos a voz residual *covilhão* como denominación exclusiva do portugués en Sousel, o que contrasta coa grande variedade de denominacións do territorio brasileiro.

nó, sobre todo se temos en consideración que estas dúas palabras serven para denominar outras partes do corpo de forma similar á que estamos a tratar, como o óso do pulso e o vulto que forma a larinxe na parte anterior do pescozo dos homes.

f) Denominacións exclusivas do Brasil.

O primeiro que chama a nosa atención, sobre todo en relación aos outros dous dominios, é a grande variedade de denominacións exclusivas do Brasil para designar o *tornecelo*. As tres variantes de maior extensión territorial e con maior número de rexistros na base, de entre todas as denominacións exclusivas, son *mocotó* (Fig. 9), *rejeito* (Fig. 10), *junta* e *junta do pé* (Fig. 11), con presenza nos estados do Ceará, Mato Grosso do Sul, Paraíba e Sergipe. No Ceará e Mato Grosso do Sul encontramos varios testemuños de *calcanhar* e as súas variantes. Ao igual que sucedía con *canela*, estamos perante un caso de metonimia espacial, pero debemos destacar o feito de que neste caso só se dá en Brasil. Tamén contan con varios rexistros *garrão* e *garrão da perna*, formas matogrossenses do sur. Outras denominacións con presenza en máis dun estado son *machim*, localizada en Borborema (Paraíba), no leste sergipano e no noroeste cearense; e *mondongo*, *mondongo do pé* e *mondrongo*, presentes en Sergipe e en Borborema (Paraíba).

Debemos destacar a riqueza dos sintagmas constituídos por *osso + de* ou *do*, *da + substantivo* ou *osso + adxectivo*: *osso da miséria*, *ossinho da miséria*, *osso do gostoso*, *ossinho doído*, *ossim do vintém*, *osso-da-madrugada*, *osso-do-cacaná*, *osso da canela*, *osso-da-risada*, *ossim-da-risada*, *osso-da-joaquina*, *osso-da-maria-joaquina* ou *Maria-joaquina* e *osso-de-são-severino*. Estes sintagmas rexístranse residualmente nos estados do Ceará e da Paraíba, a excepción de *ossinho-da miséria* e *osso-da-miséria*, que aparecen en Mato Grosso do Sul e contan con varios rexistros.

Outras designacións só teñen un único rexistro: *batata da perna*, *peador*, *pendão* (Mato Grosso do Sul); *joaninha*, *tronco* (Sergipe); e *cartunilo*, *piatô* e *vintém* (Ceará).



Fig. 9. *Mocotó*



Fig. 10. *Rejeito*




Fig. 11. *Junta do pé e junta*

3.2. Análise de procesos de cambio lingüístico

O *Tesouro*, ao permitir presentar conxuntamente a distribución de cada variante ou elemento léxico dentro do complexo lingüístico galego-portugués-brasileiro, convértese nun instrumento privilexiado para a abordaxe de estudos de carácter contrastivo ou centrados na análise dos procesos de variación e mudanza que teñen lugar dentro da área.

Un exemplo de estudo que se podería realizar a partir dos materiais do *Tesouro* constitúeo o traballo de Negro (2012) sobre as denominacións da úvula no noroeste peninsular. Neste traballo analízanse, entre outros aspectos, o cambio lingüístico a partir dos datos obtidos do *ALPI*, proxecto iniciado en 1934, do *ALEPG* e do *ALGa*, ambos os dous atlas iniciados corenta anos despois do *ALPI*, e doutros materiais. Poder contar co *Tesouro* facilita enormemente o traballo á hora de realizar unha análise deste tipo, xa que presenta conxuntamente todos os datos sen necesidade de acudir a cada fonte individualmente.

Ademais, poder acceder a outra información datada na mesma altura que a ofrecida polos atlas, axuda a desentrañar algúns dos problemas de análise que se presentan neste tipo de estudos. Por exemplo, as denominacións para designar a úvula *pinguel*, *pinguelo*, *pingallón*... rexístranse no *ALPI* nunha área máis reducida que a que presenta o *ALGa* corenta anos despois, a pesar de que inicialmente os datos parecían indicar que estas voces estaban a ser substituídas polo forma foránea *galillo*. No *Tesouro* encontramos datos recollidos por Schneider no ano 1938 que establecen unha área maior para *pinguel* e derivados que a presentada no *ALPI*, xa que recolle tamén estas variantes en Lobeira, Calvos de Randín e Xinzo de Limia, o que parece indicar que existía unha loita entre *galillo* e *pinguel* nesa altura, que acabou por gañar *pinguel* e os seus

derivados. Hai que ter en conta que o cambio lingüístico non se produce en sentido único, senón que as palabras loitan por ocupar un lugar no sistema e no espazo xeográfico e nesta pelexa danse avances e retrocesos, polo que, cantos máis datos posuamos máis fácil será pescudar a dirección ou as direccións do cambio.

Por outra parte, os atlas galegos e portugueses recollen datos de un ou dous informantes maiores nunha localidade concreta,⁴¹ polo que o *Tesouro* permite ampliar a información destes ao ofrecer datos doutras localidades do mesmo concello e de máis informantes, o que axuda a precisar, confirmar ou mesmo corrixir as informacións de que dispoñemos ata o de agora acerca da distribución territorial de determinadas solucións. Un exemplo disto atopámolo nas designacións rexistradas nos atlas e no *Tesouro* para o concepto «tornecelo». No *ALGa* só se recolle en Sobrado *tobillo*, porén, no *Tesouro* rexístrase *noelo* neste concello na memoria de licenciatura de López Taboada do ano 1978, isto é, só catro anos despois da realización das enquisas do *ALGa*. Neste mesmo atlas, recóllese *tornecelo* en Tomiño, e *tobillo*, en Santiago de Compostela e Touro; mais o *Tesouro* (Pérez 1969, 1974 e López 1969) rexistra *nortello* nestes tres puntos. O mesmo sucede en Aranga; no *ALPI* recóllese a voz *nocello*, pero no *ALGa* xa non, namentres na memoria de licenciatura do ano 1967 de José Luis Couceiro si se rexistra.

Finalmente, ao estar a base do *Tesouro* integrada por obras máis recentes, da década dos 90 e do 2000, poderemos saber se algúns procesos de cambio continuaron ao longo do tempo ou se reverteron. No caso galego resulta especialmente interesante coñecer o avance de formas foráneas, principalmente castelanismos.

3.3. Aproveitamento lexicográfico

O *Tesouro* contribúe a preservar o patrimonio léxico ao poñer a disposición dos usuarios un gran volume de material lexicográfico procedente de fontes heteroxéneas.

A través do *Tesouro* podemos coñecer palabras que non están dicionarizadas nas obras lexicográficas de referencia e/ou non forman parte das compilacións do estándar. Por exemplo, das vinte e unha denominacións que se rexistran no *Tesouro* en Brasil co significado de «tornecelo», só se recollen no Houaiss, un dos grandes dicionarios de referencia, catro delas con este significado: *mocotó*, *osso-do-vintém*, *junta* e *tornozelo*. No *Aurélio*, outro gran referente

⁴¹ A tipoloxía dos informantes nos atlas brasileiros é diferente á dos galegos e portugueses, posto que a faixa etaria é máis ampla (tamén recollen información de xente nova) e sempre hai informantes dos dous sexos. En canto á escolaridade, son analfabetos, semi-analfabetos ou posúen estudos primarios, a excepción do *Atlas Lingüístico de Minas Gerais*, que ademais recolle datos de informantes con estudos superiores.

referente lexicográfico, tan só atopamos o termo *junta* e nin sequera recolle *tornozelo*, denominación que, como puidemos ver no mapa da súa distribución, aparece por todo Brasil.

Noutros casos encontramos o termo rexistrado, pero con outros significados, algúns relacionados con outras partes do corpo dos humanos ou dos animais. No Houaiss *garrão* e *rejeito* aparecen co significado de «jarrete», a parte de atrás dos xeonllos; *machim* defínese como «articulación do pé dos eqüinos»; *tronco* «parte mais volumosa do corpo humano, ligada à cabeça pelo pescoço, que comprende três partes (tórax, abdome e bacia) e à qual se articulam os membros; torso»; *canela* «parte anterior da perna entre o pé e o joelho»; *calcanhar* «parte posterior, arredondada, do pé humano, abaixo do tornozelo e atrás do arco do pé, cuja estrutura ósea é o osso calcâneo; talão»; e *cotovelo* «denominação substituída por *cúbito*». No Aurélio recóllese *canela*, *cotovelo* e *tronco* co mesmo significado que no Houaiss, e para *mocotó* só ofrece o sentido figurado de «perna». *Joaninha*, *mondongo*, *novelo*, *peador*, *pendão* e *vintém* rexístranse no Houaiss, pero con acepcións xa non relacionadas co corpo humano, e o mesmo sucede no Aurélio con *joaninha*, *mondronga*, *pendão* e *vintém*.

Como puidemos verificar, nas teses incorporadas á base do *Tesouro* rexístranse moitas veces usos metafóricos e metonímicos dun termo, ou mesmo casos de analoxía, matices que non adoitan estar recollidos nas obras lexicográficas e que podemos coñecer grazas a este proxecto. Exemplos disto constitúenos os termos *canela* e *calcanhar*, que son usados para designar o tornecezo debido a un proceso de metonimia espacial, como explicaremos na epígrafe seguinte, e *mondongo*, que por un proceso metafórico pasa de designar unha pequena inchazón a designar o tornecezo. No caso de *machim*, por un proceso analóxico acábase usando o termo tamén para os humanos e non só para os cabalos.

Outra das posibilidades que nos ofrece a aplicación é a de realizar buscas directas de unidades complexas, que acadan unha maior visibilidade ó apareceren en pé de igualdade coas unidades monolexicais. Podemos procurar, por exemplo, *abrir a boca* en lema, e obteremos todas as locucións verbais rexistradas ata o momento co significado «bocexar» e a súa localización xeográfica. Este tipo de consultas facilita a realización de estudos fraseolóxicos.

Unha vantaxe máis da aplicación é a de poder facer buscas por campo semántico, o que facilita a elaboración de vocabularios temáticos e terminolóxicos. Na busca avanzada pódese seleccionar o clasificador e o dominio ou dominios lingüísticos do noso interese, por exemplo, 2.4.1, e ofrecerase unha listaxe de todos os termos clasificados nese campo, neste caso o das salinas.

Polo tanto, o *Tesouro* ofrécenos infinidade de voces preparadas para ser explotadas en investigacións léxicas. Ademais, esta ferramenta axudará nos procesos de estandarización como fonte de enriquecemento do patrimonio lexical da lingua, xa que facilita formas vivas e ofrece información sobre a extensión do seu uso.

3.4. Estudos sobre motivación semántica

Outra das posibilidades que ofrece o *Tesouro* é a de analizar a motivación existente por detrás do nome asignado a un concepto. No campo semántico do corpo humano, entre os procedementos de creación léxica, debemos destacar o uso da metáfora, proceso semántico mediante o cal concibimos unha cousa en termos doutra e que ten como función primaria a comprensión. Segundo Lakoff e Johnson, «la mayor parte de nuestro sistema conceptual ordinario es de naturaleza metafórica» (2009: 40); de feito, nas designacións de partes do corpo humano atopámonos con moitas voces de natureza metafórica como *nobelo*, *mondongo*, *campaiña*...

É tamén frecuente no campo léxico do corpo humano, como xa sinalamos, que se dean procesos de metonimia espacial, é dicir, que haxa confusión á hora de designar partes do corpo próximas entre si, como sucede con *canela* «óso máis longo e grosso dos dous que unen o xeonllo co pé» e *calcañar* «parte inferior do talón», voces que tamén designan o *nocello* nalgúns puntos do territorio galego-portugués-brasileiro.

4. CODA

No presente artigo tratamos de amosar algunhas das moitas posibilidades de aplicación que posúe o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* para a análise do espazo lingüístico galego e portugués (portugués europeo e portugués brasileiro). Ao poñer a disposición dos usuarios unha cantidade inxente de material dialectal, moitas veces inédito ou de difícil acceso, o *Tesouro* facilita a realización de estudos de diversa índole, sincrónicos e diacrónicos, en diversas áreas.

O *Tesouro*, ao presentar conxuntamente a distribución de cada variante dentro do complexo lingüístico galego-portugués-brasileiro, grazas á cartografía xerada automaticamente pola aplicación de consulta, permite analizar a distribución das variantes existentes para designar un concepto dentro deste complexo. De feito, puidemos verificar como a existencia de «descontinuidades» na distribución territorial de certas voces permiten, por

exemplo, deitar luz sobre casos de polixénese ou de migración de palabras. Noutras ocasións atopamos denominacións comúns a Galicia e Portugal que forman un contínuum entre estas dúas áreas. Puidemos tamén comprobar como a distribución espacial obriga a desbotar (ou cando menos poñer en dúbida) algunhas hipóteses etimolóxicas e, polo tanto, a lanzar outras hipóteses sobre os procesos diacrónicos que se produciron.

Tamén é o *Tesouro* un instrumento privilexiado para a abordaxe de estudos de carácter contrastivo ou centrados nos procesos de variación e mudanza existentes na área. No corpo do traballo amosamos como en moitas ocasións o *Tesouro* permite confirmar, ampliar ou contrastar a información ofrecida polos atlas lingüísticos, polo que se converte nunha valiosa axuda á hora de analizar procesos de cambio lingüístico.

Ademais, demostramos a utilidade da ferramenta para a lexicografía, xa que recolle palabras non dicionarizadas (*cartunilo* «tornecelo») e novos significados de voces si rexistradas nos dicionarios (*rejeito* só aparece no dicionario Houaiss co significado de «jarrete» e non co de «tornecelo»). Facilita igualmente a realización de estudos fraseolóxicos, ao presentar as unidades complexas en pé de igualdade coas monolexicais, e a elaboración de vocabularios temáticos e terminolóxicos, ao poder realizarse consultas por campo semántico.

Por último, vimos como na base do *Tesouro* se rexistran moitas veces usos metafóricos e metonímicos dun termo (*canela* e *calcanhar* «tornecelo»), matices que non adoitan estar presentes nas obras lexicográficas, o que posibilita a realización de traballos sobre motivación semántica. Incluso verificamos como algunhas das voces de natureza metonímica ou metafórica son comúns aos tres dominios lingüísticos.

Confiamos en que as características e posibilidades de consulta deste corpus o convertan nunha ferramenta útil para a realización de múltiples estudos centrados no léxico patrimonial galego e portugués.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALEAç = SARAMAGO, João (coord.) (2001-): *Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores*, Lisboa, Centro de Linguística da Universidade de Lisboa.
- ALECE = BESSA, José Rogério Fonetele (org.) (2010): *Atlas Linguístico do Estado do Ceará*, Fortaleza, Universidade Federal do Ceará.
- ALEPG = SARAMAGO, João (dir.): *Atlas Linguístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*, Lisboa, Centro de Linguística da Universidade de Lisboa [material inédito].
- ALGa = , Constantino / Antón SANTAMARINA (eds.) (1990-): *Atlas Linguístico Galego*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALISPA = RAZKY, Abdelhak (2004): *Atlas linguístico sonoro do Pará*, Belém, CAPES / Universidade Federal do Pará.
- ALLP = VITORINO, Gabriela (1987): *Atlas linguístico do litoral português: fauna e flora*, 2 vols. [inédito].
- ALMESEMT = CUBA, Marigilda Antônio (2009): *Atlas Linguístico da Mesorregião Sudeste de Mato Grosso*, dissertação de mestrado em Estudos de Linguagens, Universidade Universidade Federal de Mato Grosso do Sul.
- ALMS = DERCIR, Pedro de Oliveira (org.) (2007): *Atlas linguístico de Mato Grosso do Sul*, Campo Grande–MS, Universidade Federal de Mato Grosso do Sul.
- ALPB = ARAGÃO, Maria do Socorro Silva de / Cleusa Bezerra de MENEZES (1984): *Atlas linguístico da Paraíba*, vols. 1 e 2, Brasília, Conselho Nacional de Desenvolvimento Científico e Tecnológico / Universidade Federal da Paraíba.
- ALPI = TOMÁS NAVARRO, Tomás (ed.) (1931-1954): *Atlas lingüístico da Península Ibérica* [cadernos inéditos].
- ALPR = AGUILERA, Vanderci de Andrade (org.) (1994): *Atlas linguístico do Paraná*, Curitiba, Imprensa Oficial do Estado.
- ALS = FERREIRA, Carlota da S. et al. (1987): *Atlas linguístico de Sergipe*, Salvador, Universidade Federal da Baía / Fundação Estadual de Cultura de Sergipe.
- ÁLVAREZ, Rosario (1974): *Notas lingüísticas e etnográficas de Ramirás*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé Afonso ÁLVAREZ / João SARAMAGO / Xulio SOUSA (2009): «Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*», *Fonetică și Dialectologie*, 28, 5-19.
- ÁLVAREZ, Rosario (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tesouro/>) [última consulta: xullo, 2014].
- ÁLVAREZ, Xosé Afonso / Xulio Sousa (2013): «The *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. A Galician and Portuguese Word Bank», *Dialectologia*, Special issue IV, 5-24.
- ÁLVAREZ, Xosé Afonso (2012): «O léxico do namoro no Tesouro Dialectal Português (TEDIPOR)», *XXVII Encontro Nacional da APL. Textos seleccionados*, Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 540-554.
- AMORIM, Laerte Carpena de (1988): *As salinas de Cabo Frio*, tese de doutorado, Universidade Federal do Rio de Janeiro.
- BLANCO, Franscico (coord.) (2012): *O palabreiro portexo* (<http://www.furmientu.org/-08Vocabularios2012/03VocabulariuPortexo.pdf>) [última consulta: decembro, 2013].

- BORGES, Naír Odete da Câmara (1954): *Influência anglo-americana no falar do povo micaelense*, dissertação de licenciatura, Universidade de Coimbra [ed. de id. (1960): *Influência anglo-americana no falar da ilha de S. Miguel (Açores)*. Suplemento II da *Revista Portuguesa de Filologia*].
- CARRANCHO, Maria Licínia Sarrico dos Santos (1969): *A linguagem dos pescadores de Lagos*, dissertação de licenciatura, Universidade de Lisboa.
- CASTRO, Xosé Manuel (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- CHAO, Antonio: *Codosedo. Sarreaus* (<http://www.geocities.ws/codosedo/index-2.html>) [última consulta: marzo, 2012].
- COROMINES, Joan / José Antonio PASCUAL (1989²): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos.
- COSTA, Eliane Oliveira da (2012): *Glossário da cerâmica artesanal do distrito de Icoaraci (Belém/PA)*, dissertação de mestrado, Belém, Universidade Federal do Pará.
- COUCEIRO, José Luis (1967): *Vocabulario de Feás*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- DOMÍNGUEZ, Helena (coord.) (2012): *Diccionario de ausencias* (<http://illadearousa.blogspot.com.es/2009/05/algunhas-das-palabras-que-usan-cotio-as.html>) [última consulta: febreiro, 2012].
- FERREIRA, Aurélio Buarque de Holanda: *Dicionário do Aurélio* (<http://www.dicionariodoaurelio.com/>) [última consulta: xullo, 2014].
- GONZÁLEZ, Manuel (2002): «A dialectoloxía ó servizo do estudo da estratigrafía do léxico», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 29-40.
- HOUAISS, António / Mauro DE SALLES VILLAR / Francisco Manoel DE MELLO FRANCO (dirs.) (2007): *Dicionário Eletrônico Houaiss da Língua Portuguesa*, Rio de Janeiro, Objetiva.
- LAKOFF, George / Mark JOHNSON (2009): *Metáforas de la vida cotidiana*, Madrid, Cátedra.
- LÓPEZ Xavier / Gabriel FERNÁNDEZ / Eva FERNÁNDEZ (2011): *O galego de Zamora. Volvemos co vocabulario de Brumoso* (<http://abrumoso.blogspot.com.es/2011/11/volvemos-co-vocabulario-de-brumoso.html>) [última consulta: abril, 2012].
- LÓPEZ, Carme (1978): *El habla de la comarca de Sobrado de los Monjes*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- LÓPEZ, Jesús (1969): *Vocabulario de Novfontes. Contribución a un estudio lingüístico*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- MAIA, Maria Lúcia Borba e (1965): *O falar da ilha Terceira*, dissertação de licenciatura, Universidade de Lisboa.
- MORANDEIRA, Josefa (1969): *El habla de Lage*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- NEGRO ROMERO, Marta (2012): «Names for the Uvula in the West of the Iberian Peninsula: a Geolinguistic Approach», *Dialectologia*. Special issue III (<http://www.publicacions.ub.edu/revistes/dialectologiaSP2012/>).
- NETTO, Maria Teresa de Mendonça Lino (1945): *A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde*, dissertação de licenciatura, Universidade de Coimbra [ed. id. (1949): *A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde*. Separata de *Revista Portuguesa de Filologia*, vols. I e II].

- PÉREZ, M^a Jesús (1969): *Vocabulario de Goián*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- RÍOS PANISSE, M^a del Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Vol. 1. Invertebrados y peces, con anotaciones etimológicas por Antonio Santamarina, Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 7.
- RÍOS PANISSE, M^a del Carmen (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Vol. 2. Mamíferos, aves y algas, Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, anexo 19.
- RODRÍGUEZ LAGO, M^a Carmen (1974): *Léxico dialectal y costumbres de Porto*, memoria de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- SCHNEIDER, Hans (1938): «Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien) Lautlehre, Formenlehre, Vokabular», *VKR XI*, 67-145.
- SOZIM, Miriam Martins (1991): *A linguagem do apicultor nas regiões de Ponta Grossa e Prudentópolis: aspectos lexicais e fonéticos*, dissertação de mestrado, Assis-SP, Universidade Estadual Paulista.

**A EDICIÓN SINÓPTICA E A
SÚA APLICACIÓN AO
ESTUDO DA VARIACIÓN
LINGÜÍSTICA NA LÍRICA
GALEGO-PORTUGUESA**

Helena Bermúdez Sabel

Universidade de Santiago de Compostela

[doi:10.17075/tucmeg.2015.006](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.006)

1. INTRODUCCIÓN⁴²

Toda aproximación a un cancionero debería incluír a historia do manuscrito desde que este foi confeccionado até o momento presente, unha descrición material, a indicación do seu contido, a análise da constitución interna da colectánea –a escolla de autores e pezas–, un exame paleográfico rigoroso e, finalmente, o estudo das súas particularidades lingüísticas. Precisamente, son estes dous últimos aspectos os que adoitan ser abordados dunha maneira máis superficial (Zufferey 1987: 2) e é neste campo en que os estudos da lírica profana galego-portuguesa presentan maiores lacunas.

Concretamente, para a tradición manuscrita da lírica profana galego-portuguesa percíbese unha alarmante asimetría nos aspectos que vimos de nomear.⁴³ Limitándonos aos tres grandes relatores. Do *Cancioneiro da Ajuda (A)* contamos con estudos da súa historia material moi completos (véxanse, Ramos 1993, 1994, 2009; Arbor Aldea 2004, 2008, 2009). Do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (B)*, o testemuño que máis textos transmite, apenas podemos citar a descrición que Anna Ferrari elabora antes da restauración do manuscrito (Ferrari 1979) e a entrada que a mesma autora (Ferrari 1993a) redacta para o *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Lanciani/Tavani 1993). Por último, a única descrición material do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)* da que dispón a crítica é o estudo realizado pola propia Ferrari, tamén como entrada do citado *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (Ferrari 1993b).

Esta asimetría patente nos estudos que versan sobre a descrición material agrávase ao procurarmos contributos de corte lingüístico, xa que en ningún momento se analizou a lingua desta tradición poética, coa excepción dalgunha achega que limita a súa análise, fundamentalmente, a determinados elementos gráficos do *Cancioneiro de Ajuda* (véxanse como exemplos Arbor/Varela 2008, Mariño/Varela 2005, Ramos 1994, Rodríguez/Varela 2007, Varela 2005, e

⁴² Este traballo foi realizado no marco do Programa de Formación del Profesorado Universitario (AP2012 4518) do Ministerio de Educación Cultura y Deporte.

⁴³ A propósito dos testemuños que envían a lírica profana galego-portuguesa, que citaremos ao longo deste traballo, vid. Gonçalves (1993).

algún estudo mais amplo como Souto 2008) xunto con análises de fenómenos lingüísticos particulares (vid. Ferreiro 2008a, 2008b; Ramos 1988, 2005, 2011). Esta importante carencia implica grandes límites, por exemplo, á hora de abordar a edición crítica dos textos.

2. A EDICIÓN SINÓPTICA EXPERIMENTAL

Para enfocar a análise lingüística dunha tradición manuscrita, o estudo do fenómeno da variación preséntase como un elemento chave que permite unha mellor caracterización desde o punto de vista da lingua dos distintos testemuños, pois, precisamente, ao acoutar a análise aos aspectos que varían dun manuscrito a outro estamos identificando o que teñen de particular.

Partindo desta premisa, consideramos a edición sinóptica experimental como un eficaz punto de partida para unha análise lingüística. Como se sabe, a edición sinóptica consiste na reprodución simultánea, en páxinas ou columnas confrontadas, das transcricións diplomáticas de cada un dos testemuños da obra obxecto de análise (Roudil 1986: 84; Pérez Priego 1997: 44). Esta superposición de signo con signo cunha finalidade comparativa xustifica a denominación de «sinóptica»; o adxectivo «experimental» débese ao amplo abano de posibilidades de análise que permite este tipo de edición (Sánchez-Prieto Borja 1998: 35).

Unha edición sinóptica experimental ten a vantaxe de respectar a «personalidade» de cada testemuño da tradición textual por complexa que esta for. En palabras de Jean Roudil: «il convient de respecter la personnalité de chacune des versions d'une tradition textuelle — (la personnalité ne se divise pas, c'est donc bien une intégralité qu'il faut préserver à côté d'autres personnalités) —, et de reconnaître le droit à l'individualité d'une version» (1986: 81). A diferenza doutros tipos de edición, a sinóptica experimental non ofrece unha proposta de lectura crítica final nin asume a superioridade ou preeminencia duns manuscritos sobre outros, polo que mesmo os *descripti*, prescindíbeis nunha edición crítica na súa fase de *constitutio textus*, teñen validez nunha edición deste tipo, xa que a súa inclusión permite realizar estudos máis completos sobre a lingua e as grafías dos testemuños. Así pois, a edición sinóptica experimental preséntase como unha ferramenta que desdobra o contido lingüístico do texto no proceso da súa transmisión, converténdoa nunha metodoloxía que «es válida aunque sea incongruente con los métodos y objetivos “normales” de una edición crítica» (Orduna 2005: 154).

3. A EDICIÓN SINÓPTICA APLICADA Á LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

A xustificación teórica e o desenvolvemento metodolóxico da edición sinóptica débese ao xa mencionado Jean Roudil, filólogo francés que aplica esta novidosa metodoloxía á edición dos textos xurídicos de Jacobo de Junta (Roudil 1986).

A brevidade destes e as características intrínsecas á súa transmisión, é dicir, o facto de estaren sempre ligados á codificación escrita, son factores que xustifican o uso desta tipoloxía ecdótica. Tampouco se debe obviar que, debido ao carácter xurídico dos testemuños editados por Roudil, as variantes de redacción teñen unhas causas e unhas consecuencias moi particulares, polo que a procura da reconstrución dun texto orixinal perde a súa relevancia. Estes elementos materiais e a propia modalidade dos textos estudados condicionan o modelo de edición sinóptica deseñado polo filólogo francés. O que esta circunstancia implica é que, cando os principios ensaiados por Roudil se aplican a textos doutra natureza, estes deban adaptarse para que poidan recoller de modo válido a realidade desta nova tradición.

Porén, a lírica profana galego-portuguesa ofrece un conxunto de textos susceptíbeis de seren estudados a partir dunha edición que responda a estes principios teóricos. Un dos factores que adecúan esta tradición poética á realización dunha edición sinóptica é a súa propia realidade material, pois o limitado número de testemuños que nos chegou facilita que poida ser editada no seu conxunto en liñas confrontadas. Outro factor polo que o corpus lírico é máis propenso que outros a ser editado con estes criterios é a súa relativa homoxeneidade, pois as escasas diverxencias significativas dentro da tradición textual facilitan a xustaposición de variantes, facendo destas elementos de gran relevancia debido, precisamente, ao seu número reducido.

4. UNHA NECESARIA REVISIÓN DA EDICIÓN SINÓPTICA EXPERIMENTAL

Deseñar unha nova tipoloxía ecdótica é unha empresa titánica que Roudil levou a cabo coa rigorosidade que emana dunha longa traxectoria dedicada á investigación humanística. Porén, e sen desconsiderar o gran labor por el realizado, detectamos certos aspectos conflitivos ao pretender verter a súa proposta metodolóxica á lírica galego-portuguesa. Constatamos, pois, que a revisión dalgúns dos criterios ecdóticos utilizados por Roudil sería un primeiro paso necesario para facer da metodoloxía que sustenta unha edición sinóptica un principio teórico aplicábel a diversas tradicións manuscritas, sen importar o

xénero ou a súa complexidade, e que permitise realizar con efectividade eses múltiples estudos «experimentais» a que Roudil facía referencia na súa exposición teórica (Roudil 1986: 84).

En primeiro lugar, consideramos que se deben someter a exame os criterios de transcripción empregados no modelo analizado. Aínda que Roudil no seu estudo declara que os manuscritos serán transcritos «très minutieusement et très fidèlement» (1986: 84), nos propios criterios de edición encontrámonos con elementos que representarán graficamente as intervencións editoriais. Porén, descoñecemos cal é a motivación que hai por detrás das modificacións operadas polo editor, pois, en certa medida, van en contra da declaración de principios exposta na propia definición da edición sinóptica: respectar a personalidade de cada un dos testemuños (1986: 81). Non en van, e ao noso modo de ver, este respecto implica reproducir fidedignamente a lección orixinal, mantendo os erros de copia, por evidentes que estes foren, e non incluír correccións, adicións ou interpretacións editoriais.

a	RA	(fol. 119 vº b) / ¹ Aquí comiença ela fuma de / ² maestro jacob. prologo. / ³							
	ES	(fol. 25 rº) estos .IX. tiempos fizo maestro : ¹) iacobo para lib(r)ar los plei-/tos. ²)							
	MA	(fol. 63 vº a) Cue-/mo le parten los tiempos ¹) —							
	RE								
	LI								
b	RA	Todo	-los ¹)	pleyptos	pu-/ ⁴ eden	fe	partir	¹ :	en / ⁵
	ES	/ ¹ < T >odos ²)	los	pleitos	pueden / ²	fe	partir		en
	MA	/ ² Todo(s)	lo(s)	pleyto(s)	pueden	fe	par-/ ⁶ tir		en
	RE	/ ² < T >odos ¹)	los	pleitos	pueden	fe	parti(r)		/ ²⁷ en
	LI	(fol. 67 vº) / ² Todos	of	preyptos	podenfe		partir		en
c	RA	tiempos	[1]	² Q	El / ⁴ p(r)imero	tiempo	² '	es : ³	/ ¹ quando
	ES	.IX. tiempos	.	El ⁴)	pri-/ ² mero ⁵)	tiempo		es	quando
	MA	viiiij tiempos(s)	.	El ²)	/ ⁷ primer	tiempo		e(s)	quan < do >
	RE	Nueue tiempos	∠	el	primeo ²)	tiempo	∨	/ ² es	quando
	LI	.IX. tempos	.	o	primey-/ ⁷ ro	tempo		e	quando
d	RA	omne faz	chamar	a	-o-/ ⁶ tro	:	que	-le	faga
	ES	el omne faze	lamar	a	-otro		/ ⁴ que	-le	faga
	MA	el omne faz	/ ⁴ aplazar	a	otro		que.l		uenga fazer
	RE	el omne faz	llama(r)	a	-otro		que.l		/ ²⁷ faga
	LI	huu omē faz	aplazar		outro		/ ⁴ que	-lhý	faça

Fig. 1. Fonte: Roudil (1986: 95), *Summa de los nueve tiempos de los pleitos*.

A minuciosidade que Roudil anuncia na súa exposición teórica é constatada ao reflectir na súa transcripción determinados alógrafos. Aínda que somos conscientes de que é unha práctica asentada na tradición da investigación humanística, non consideramos que se trate dun criterio coherente a decisión de transcribir certos alógrafos –como a diferenza entre <d> recto e uncial ou entre <s> longo e curto–, pero que despois non se plasme coa mesma fidelidade as formas materiais que adquiren outras letras. A abstracción que vai parella a toda edición, excepto á facsimilar, debe aplicarse de maneira sistemática e coherente, sendo fundamental que o primeiro criterio de toda transcripción implique a diferenciación entre «letra» e «forma da letra».

Facémonos eco, tamén, da valorización que Sánchez-Prieto Borja (1998: 35) realiza desta tipoloxía editorial cando afirma que «la mera superposición de las variantes no puede suplir un aparato crítico». Se ben é certo que a confrontación de variantes é informativa en si mesma, e que a rigorosa e completa análise lingüística que realiza o filólogo francés culmina perfectamente o seu estudo (Roudil 1986: 177 e ss.), botamos en falta a contextualización e o significado de cada unha das variantes. Esta ausencia dunha necesaria contextualización faise máis manifesta, se cabe, coa presenza da que consideramos outra das carencias do estudo de Roudil: a ausencia dunha análise moito máis pormenorizada da transmisión manuscrita dos testemuños editados.

4.1. Unha nova proposta metodolóxica

Tras examinarmos criticamente o modelo de edición sinóptica experimental elaborado por Roudil, procedemos a realizar a nosa propia proposta tentando ofrecer propostas alternativas para os problemas detectados no citado modelo.

Só despois de facer un rigoroso estudo da realidade material dos testemuños, xunto cunha profunda análise da transmisión manuscrita, podemos iniciar a transcripción dos textos. É fundamental que esta transcripción paleográfica –ou semidiplomática, para sermos máis precisos– siga uns criterios metodolóxicos actualizados (vid. Sánchez-Prieto Borja 2011); deste modo, podemos realizar unha modesta contribución que axude a cubrir o enorme baleiro existente a día de hoxe no campo editorial da lírica galego-portuguesa. Téñase en conta que do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* apenas existe unha transcripción paleográfica parcial, datada en 1880, que debe ser completada e revisada na súa totalidade⁴⁴ e o mesmo podemos afirmar respecto ao *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*.

⁴⁴ Referímonos á edición de Molteni (1880) en que apenas transcribe aquelas cantigas non presentes no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)*, coa finalidade de completar a transcripción que cinco anos antes realizara Monaci dese cancionero (cfr. Monaci 1875). Esta transcripción completárase, anos despois, cun elenco das variantes rexistradas nas partes comúns a *B* e *V* preparado por J. Ruggieri (1927).

Tal e como se indicou en relación aos alicerces teóricos que fundamentan unha edición sinóptica experimental, en particular no que atinxe á elaboración dos criterios que se deben seguir nesta, debemos ter presente a obriga de combinar en todo momento a fidelidade aos testemuños editados con estratexias de organización e disposición do texto que faciliten a análise da variación.

Nese sentido, no que respecta aos criterios de transcripción, as únicas interpretacións editoriais que consideramos pertinentes na reprodución dos testemuños son as referidas á aglutinación ou deglutinación en unidades léxicas e ao desenvolvemento das abreviaturas; intervencións que consideramos necesarias para facilitar o confronto de formas, mais que son diferenciadas graficamente. Se ben é certo, como indica Ramón Lorenzo, que no tocante ás abreviaturas é «de pouca utilidade colocar en itálico as letras desenvolvidas cando só hai unha única posibilidade de lectura» (Lorenzo 2004: 451), consideramos que nun estudo lingüístico debe ficar sempre patente que parte do texto editado se encontraba realmente no testemuño e cal é produto da intervención do editor/a, embora haxa casos en que apenas exista unha lectura posíbel. Do mesmo xeito, propomos o uso do trazo <-> coa finalidade de separar as unidades léxicas, criterio que tomamos directamente de Roudil (1986: 85). Cando este elemento precede a un lexema, significa que este estaba aglutinado á unidade anterior, mais, pola contra, un trazo no interior dunha palabra implica que os elementos anteriores e posteriores ao trazo estaban separados no manuscrito. Desta maneira estamos informando da distribución orixinal do texto e, ao mesmo tempo, facilitamos o confronto das formas (vid. Fig 1. e Fig. 2).⁴⁵

Un dos criterios de Roudil cuxa modificación resulta máis evidente debido á diferente natureza dos textos editados polo autor francés e os que manexamos para o noso estudo afecta á xerarquía da organización tabular da edición, máis concretamente, á cantidade de texto reproducido en cada unha das liñas obxecto de cotexo e análise. Na poesía, a métrica –alén da súa significación literaria– achega valiosísima información non só de corte lingüístico, senón que é imprescindible para poder interpretar correctamente moitos dos aspectos ligados ao acto da copia, polo que, no mínimo, o cambio de xénero suporía a presenza dun novo criterio que respectase o fluxo do texto e a disposición deste en versos

Non obstante, cremos que o novidoso da nosa proposta recae na introdución dun novo criterio que implique a identificación, categorización, computación e análise das variantes. A partir dunha división tipolóxica ampla que inclúe catro categorías xenéricas (variantes gráficas, erros de copia, leccións equipolentes e variantes de lingua), procederemos a elaborar un catálogo con subdivisións máis

⁴⁵ Respetar a unión ou separación de palabras presentes no testemuño achega valiosa información a respecto da «conciencia filolóxica» (Sánchez-Prieto Borja 1998: 99) dos copistas no que se refire á súa concepción de palabra; desde o punto de vista lingüístico, este respecto da disposición do texto no manuscrito permite advertir, por exemplo, do proceso de gramaticalización de determinados sintagmas.

específicas que, en certa medida, permitirá suplir a falta de contextualización que percibimos na proposta de Roudil coa súa mera superposición de variantes.

De facermos unha edición dixital, soporte co que maior rendemento se tirará a este tipo de edición, a linguaxe de marcado é sen dúbida a ferramenta máis eficaz para codificar o texto, pois permite incorporar as etiquetas que conterían a información adicional acerca da variación textual.⁴⁶ Grazas á introdución de marcas, pódese categorizar sistematicamente a complexa fenomenoloxía da variación textual, alén de, posteriormente, rastrexar no corpus calquera tipo de variación de maneira eficiente, debido ao motor de busca que é posíbel habilitar utilizando este soporte.

Se, pola contra, optamos por unha edición en papel, a marcación dixital ten que ser substituída por un código que, combinando números, cores e letras, permita identificar as variantes, que despois serán explicadas e computadas no final de cada cantiga. Tomando como modelo a edición de Roudil, utilizaríamos o espazo e o formato que el emprega para sinalar e comentar os diferentes signos de puntuación para introducir un código de identificación de variantes (vid. números en vermello na Fig. 1, cfr. Fig. 2).

Nesta versión aplícanse algunhas das estratexias empregadas por Roudil (1986) para a distribución do texto, como a división da edición en bloques identificados por unha letra minúscula en vermello, de forma seriada con ordenación alfabética. Cada bloque ofrece a transcripción de todos os manuscritos en que a cantiga estiver presente en liñas horizontais confrontadas, identificadas coa sigla do testemuño no seu inicio (no caso proposto como exemplo na Fig. 2, apenas *A* e *B*). Ademais, o texto contido en cada bloque correspóndese coa transcripción de dous versos, así que en lugar de ofrecer a súa numeración (inferíbel pola letra do bloque), indícase a localización no manuscrito do texto correspondente á transcripción. Para isto, no inicio de cada cantiga sinálase o folio, a columna e a liña en que esta comeza, para despois seguir indicando cada cambio de liña cunha barra oblicua á dereita da cal se indica o número de liña en formato de superíndice;⁴⁷ unha barra oblicua cara á esquerda infórmanos do cambio de columna (como se pode observar na Fig. 2, vid. bloque **b**, transcripción de *A*).

⁴⁶ Unha linguaxe de marcas ou de marcado é un método de representación dixital a través do cal podemos crear modelos altamente complexos de artefactos textuais. O marcado constitúe unha estrutura informativa que formaliza, etiqueta e «supera» a fonte material: fai explícita a natureza e a función de cada trecho de información, e grazas a esa explicitidade, fai posíbel que procesadores non humanos (como os computadores) poidan «comprender» e utilizar o resto do obxecto dixital de maneiras que aproveiten o seu autocoñecemento sobre a súa estrutura e contido (Flanders 2011: 68).

⁴⁷ Aínda que no exemplo da Fig. 2 non hai ningún caso co que ilustrar esa conxuntura, marcaríase con dúas barras oblicuas o cambio de folio.

espazo e, debido á cantidade de información que achega, faise necesaria a utilización de como mínimo dúas cores na súa impresión para poder xerarquizar os datos que figuran na mesma. Pola contra, as vantaxes do soporte electrónico son múltiples, especialmente se utilizamos unha metodoloxía baseada na codificación do texto facendo uso da linguaxe de marcación XML.⁴⁸

Unha vez escollido este tipo de soporte informático, aconsellamos adherirse a un protocolo de marcado xa establecido e así facilitar o intercambio da información. Debido a que se trata dun proxecto consolidado, en continua revisión e ampliación, ao mesmo tempo que presenta un gran flexibilidade que permite adecuarse de maneira excepcional á maioría dos proxectos de investigación en humanidades, recomendamos o protocolo creado pola Text Encoding Initiative (TEI).⁴⁹

Como se pode observar no seguinte exemplo (vid. Fig. 3), utilizamos o modelo de segmentación en paralelo proposto en TEI (2013b). Cada vez que nos encontramos unha variante, ábrese un sistema de etiquetas que permiten codificar a variación identificando a lectura de cada un dos testemuños. En contraposición, o texto en común (vid. no exemplo Fig. 3 o verso 2, identificado por `<ln="2">`) non presenta marcas especiais.

O código de identificación de variantes introducido neste caso grazas ao atributo `@ana` presente dentro de, como mínimo, unha das leccións diverxentes. Coa fin de evitar unha explicación centrada en tecnicismos relacionados co marcado XML/TEI, poremos un exemplo que sirva para ilustrar o funcionamento deste marcado.

Cada unha das etiquetas incluídas dentro do atributo `@ana` remiten para unha biblioteca de valores. Cada un destes valores está formado, á súa vez, por diferentes trazos, para os cales tamén se dispón dun inventario.

No v. 3 encontramos a referencia “gly”, que aparece descrita na nosa biblioteca de valores como:

```
<fs xml:id="gly" feats="#glyph #omiss #error"/>
```

A información que aparece recollida dentro de “#glyph #omiss #error”, consiste na descrición da variante marcada a través deses tres trazos. Neste caso,

⁴⁸ A respecto da extensibilidade, lexibilidade, compatibilidade e outras vantaxes de XML sobre outras linguaxes de marcas, recomendamos a lectura de «A Gentle Introduction to XML» (TEI 2013a).

⁴⁹ A Text Encoding Initiative (TEI) é un consorcio internacional dedicado a manter as directrices coñecidas como *TEI Guidelines*, o estándar do que falamos. A TEI desenvolveuse pola necesidade de crear un estándar internacional para a marcación textual que resultou nun congreso en Vassar College, Estados Unidos, en novembro de 1987. Os e as participantes, que representaban diversos repositorios, comunidades científicas, proxectos de investigación e institucións académicas, analizaron neste congreso os diferentes métodos de codificación textual existentes, debateron sobre a viabilidade dun estándar internacional para este tipo de marcado e achegaron recomendacións sobre a súa estrutura, obxectivos, contido, etc. (Cummings 2007: 451). A día de hoxe, o protocolo TEI é utilizado en numerosos proxectos de marcación, especialmente no ámbito das Artes e Humanidades. Ademais, como TEI existiu antes da World Wide Web, as súas recomendacións tamén influíron no desenvolvemento de numerosos estándares web, nomeadamente XML e outros estándares relacionados con este.

defínese a variante como un erro de copia, por omisión, e que a súa vez se trata da omisión dun signo de abreviatura.

```
<head>
  <title>
    <app>
      <rdg wit="#A">A2</rdg>
      <rdg wit="#B">B92</rdg>
    </app>
  </title>
</head>
<l n="1">
  <app>
    <rdg wit="#A" ana="#PC">Sennor</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#PC">Senhor</rdg>
  </app>
  fremosa
  <app>
    <rdg wit="#A"/>
    <rdg wit="#B" ana="#cont">muy</rdg>
  </app>
  <app>
    <rdg wit="#A">grand'</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#abbr"><expan>gra<ex>n</ex></expan>d'</rdg>
  </app>
  enueia
  <app>
    <rdg wit="#A">ei</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#y">ey</rdg>
  </app>
</l>
<l n="2">
  eu a tod' ome que ueio morrer
</l>
<l n="3">
  e
  <app>
    <rdg wit="#A" ana="#gly">segud'</rdg>
    <rdg wit="#B">segund'</rdg>
  </app>
  ora o meu
  <app>
    <rdg wit="#A" ana="#abbr #PC #ç"><expan>con<ex>n</ex>oçer</expan></rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#PC">conhocer</rdg>
  </app>
</l>
<l n="4">
  enquant' est'
  <app>
    <rdg wit="#A">e</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#omiss"/>
  </app>
  faço
  <app>
    <rdg wit="#A">mui</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#y">muy</rdg>
  </app>
  <app>
    <rdg wit="#A">gran</rdg>
    <rdg wit="#B" ana="#m">gram</rdg>
  </app>
  razon
</l>
```

Fig. 3. Exemplo de edición en XML correspondente aos primeiros catro versos da cantiga A2,B92. Fonte: elaboración propia.

Este sistema permite unha ordenación dos fenómenos de variación moi eficaz, pois podemos ser moi minuciosas na descrición dos mesmos, xa que se poden acrecentar todos os trazos que desexemos. Isto fai que a extracción de datos posterior poida ser tan detallada e precisa como o usuario/a desexar, xa que cada un dos trazos diferenciados pode converterse nun dos filtros de pesquisa.

4.2. Xustificación desta tipoloxía ecdótica

Como xa se comentou en parágrafos precedentes, a edición sinóptica nace coa vontade de presentarse como unha ferramenta de análise para que os investigadores/as «experimenten» con ela. Concretamente, a súa aplicación á lírica profana galego-portuguesa suporía, como primeira tarefa, a realización dunha transcripción paleográfica en soporte dixital de todos os testemuños, polo que se supliría unha carencia aínda hoxe demasiado notábel no campo editorial galego-portugués.

Con todo o corpus textual correctamente marcado, as posibilidades son innumerábeis. Por unha banda, este traballo permitiría a descrición dos distintos sistemas gráficos e descodificaría as posíbeis normas gráficos presentes nos relatores. Cunha edición deste tipo, en que son detectadas todas as variantes gráficos, temos unha base moi completa para realizar unha completa análise grafemática que faría posíbel identificar fenómenos de variación lingüística e, ao mesmo tempo, precisar certos elementos da xénese dos manuscritos analizados, como poden ser a detección de substratos gráficos, a localización da orixe dos copistas e a identificación de determinadas fontes.

Ademais, a propia estrutura tabular da edición, xunto coa incorporación das catro categorías xenéricas que encadran o fenómeno da variación –variantes gráficos, erros de copia, leccións equipolentes e variantes de lingua– convértese, como xa se sinalou, nunha ferramenta útil para empregar como base dunha edición crítica, xa que facilita os procesos de elaboración desta, especialmente os referidos á *collatio codicum*.

Unha vez detectadas todas as variantes de lingua coa súa correspondente categorización, dispomos dun corpus de exemplos que permitirán realizar estudos de tipo analítico que versen sobre os propios fenómenos de variación, abordando os planos fonético-fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e, incluso, semántico. Ao mesmo tempo, a realización dun estudo descritivo que conteña estes datos permitirá expor as principais características da gramática galego-portuguesa na época que nos atinxe, exemplificando co valioso corpus textual da lírica galego-portuguesa e describindo, desde o punto de vista da lingua, os diferentes testemuños, feito que achegará máis información sobre a propia transmisión manuscrita.

5. VALORACIÓNS FINAIS

A edición sinóptica, entendida como unha «edición múltiple para el estudio lingüístico» (Orduna 1986: 105), presenta unha serie de facilidades metodolóxicas das cales carecen outro tipo de edicións. Porén, o estudo lingüístico non pode ser abordado sen coñecer as condicións de produción e transmisión dos testemuños que se analizan, pois só así podemos interpretar a información que nos ofrece este tipo de edición.

Partindo destas premisas, algúns dos criterios utilizados por Roudil, creador desta tipoloxía ecdótica, deben ser modificados de querer aplicarse á lírica profana galego-portuguesa para o estudo da variación lingüística que nesta se verifica. Esta modificación obedece, en parte, ás diverxencias dos textos obxecto de estudo, pero tamén deben incluírse outro tipo de correccións motivadas pola falta de contextualización que percibimos na edición de Roudil e á ausencia dun estudo máis sistematizado da variación.

Como valoración final, queremos insistir na dimensión experimental desta tipoloxía ecdótica. Por unha banda, debemos pór énfase no valor que elaborar unha edición deste tipo suporía para os estudos que versen sobre a lírica profana galego-portuguesa no que atinxe á mera transcripción dos códices, pois, como xa se dixo, existe unha importantísima lacuna no campo editorial galego e portugués no que se refire ás edicións paleográficas. Así, unha edición sinóptica experimental permitiría que este *corpus* puidese ser empregado como fonte para diversos estudos, e, en particular –debido ao seu interese– para aquelas achegas que busquen confrontar a lingua trobadoresca cos diferentes modelos escriturais e lingüísticos que funcionaron durante o século XIII e inicios do XIV no espazo centro-occidental ibérico. Abriríase deste xeito unha interesante liña de investigación que se marcaría como obxectivo explicar o desenvolvemento interno e externo deste movemento poético, que, ao mesmo tempo, pode utilizarse como unha das fontes para un estudo histórico-social das dinámicas culturais (e socio-políticas) imperantes dentro das coordenadas espazo-temporais en que se produce este movemento literario.

Alén do máis, categorizar e ordenar o fenómeno da variación dunha maneira pormenorizada e rigorosa, excedendo o campo do estritamente lingüístico (tal e como propomos) implica que, ademais de como fonte para estudos de gramática histórica, este *corpus* poida servir como base para outros tipos de edición, facilitando todos os pasos previos á *constitutio textus*. Así pois, unha edición sinóptica experimental pode ser rendibilizada desde distintos campos da investigación filolóxica, mostrando as vantaxes que xorden da conservación das particularidades dos diferentes testemuños escritos que transmiten unha obra e do seu confronto. En palabras de Jean Roudil: «une tradition manuscrite, toutes proportions gardées, était le magnétophone du médiéviste puisqu'elle nous livre

de multiples réalisations d'un texte, qui sont nos précieux disques d'or, informateurs des possibilités d'expression d'un moment, d'une époque, d'époques et constitutifs d'un matériau linguistique de première importance» (1986: 90).

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARBOR, Mariña (2004): «Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)», *Critica del testo*, 7(2), 721-789.
- ARBOR, Mariña (2008): *Cancioneiro da Ajuda*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- ARBOR, Mariña (2009). «Un código de historia material compleja: El *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista Medieval*, 21, 77-124.
- ARBOR, Mariña / Xavier VARELA (2008): «O uso dos signos gráficos <i> e <y> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do *Cancioneiro da Ajuda*», en Mercedes Brea (coord.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*, Santiago de Compostela, Universidade, 419-442.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancutti)*. Cod. 10991, Lisboa, Biblioteca Nacional, 1982.
- CUMMINGS, James (2007): «The Text Encoding Initiative and the Study of Literature», en Raymond Siemens / Susan Schreibman (eds.), *A Companion to Digital Literary Studies*, Malden, Blackwell, 451-476.
- FERRARI, Anna (1979): «Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)», *Arquivos do Centro Cultural Português*, XIV, 27-142.
- FERRARI, Anna (1993a): s.v. «Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)», en Giulia Lanciani / Giuseppe Tavani (coords.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho (= DLMGP), 119-122.
- FERRARI, Anna (1993b): s.v. «Cancioneiro da Biblioteca Vaticana», en DLMGP, 123-126.
- FERREIRO, Manuel (2008a): «Edición e historia da lingua: sobre a representación da nasalidade no trobadorismo profano galego-portugués e as formas “irmana” e afíns», en Manuel Ferreiro (coord.), *A edición da poesía trobadoresca en Galiza*, A Coruña, Baía, 77-96.
- FERREIRO, Manuel (2008b): «A forma verbal “éste” na lírica profana galego-portuguesa», *Revista Galega de Filoloxía*, 9, 57-78.
- FLANDERS, Julia (2011): «Collaboration and Dissent: Challenges of Collaborative Standards for Digital Humanities», en Marilyn Deegan / Willard McCarthy (eds.), *Collaborative research in Digital Humanities*, Surrey, Ashgate, 67-80.
- Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do código existente na Biblioteca da Ajuda*, Lisboa, Edições Távola Redonda, 1994.
- GONÇALVES, Elsa (1993): s.v. «Tradição manuscrita da poesia lírica», en DLMGP, 627-632.

- LANCIANI, Giulia / Giuseppe TAVANI (coords.) (1993): *Diccionario da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho (= DLMGP).
- LORENZO, Ramón (2004): «Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas», en Rosario Álvarez (coord.), *(Dis)curso da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.
- MARIÑO, Ramón / Xavier VARELA (2005): «O uso dos signos gráficos <u>, <V> e <U> no Cancioneiro da Ajuda», en Mercedes Brea (coord.), *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 309-374.
- MOLTENI, Enrico (ed.) (1880): *Il Canzoniere portoghese Colocci-Brancuti*, Halle, M. Niemeyer.
- MONACI, Ernesto (ed.) (1875): *Il Canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle, M. Niemeyer.
- ORDUNA, Germán (1986): «Un nuevo tipo de edición: “la edición sinóptica experimental”», *Incipit*, VI, 103-105.
- ORDUNA, Germán (2005): «La edición de textos históricos en español (Estado actual del tema, estudios e investigaciónes a realizar)», en *Fundamentos de crítica textual*, Madrid, Arco Libros, 149-160.
- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1997): *La edición de textos*, Madrid, Síntesis.
- RAMOS, Maria Ana (1988): «Um provençalismo no Cancioneiro da Ajuda: “senner”», en Dieter Kremer (ed.), *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*, Tübingen, Max Niemeyer, 622-637.
- RAMOS, Maria Ana (1993): *s.v.* «Cancioneiro da Ajuda», en *DLMGP*, 115-117.
- RAMOS, Maria Ana (1994): «Descrição do manuscrito», en *Apresentação, estudos e índices. Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*, Lisboa, Távola Redonda, 27-47.
- RAMOS, Maria Ana (2005): «*Letras perfeytas?* Grafías entre manuscritos e impressos», en P. Botta (ed.), *Filologia dei Testi a Stampa (area iberica)*, Modena, Mucchi Editore, 381-405.
- RAMOS, Maria Ana (2009): «La genesi di un canzoniere: copisti e dinamica testuale», en Furio Brugnolo (ed.), *La lirica romanza del Medioevo. Storia, tradizioni, interpretazioni*, Padova, Unipress, II, 473-492.
- RAMOS, Maria Ana (2011): «“Sombras” grafemáticas. Dimensão diacrónica na formação dos cancioneros galego-portugueses», en L. Leonardi (ed.), *La tradizione della lirica nel medioevo romanzo. Problemi di filologia formale*, Firenze, Edizioni del Galuzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, 333-361.
- RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre / Xavier VARELA (2007): «As grafías no Cancioneiro da Ajuda», en Ana Isabel Boullón Agrelo (coord.), «*Na nosa lingoage galega*». *A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 473-556.
- ROUDIL, Jean (1986): *Summa de los nueve tiempos de los pleitos. Édition et étude d'une variation sur un thème par Jean Roudil*, Paris, Klincksieck.
- RUGGIERI, Jole (1927): «Le varianti del canzoniere portoghese Colocci Brancuti nelle parti comuni al Codice Vaticano 4803», *Archivum Romanicum*, 9, 459-510.
- SÁNCHEZ-PRieto BORJA, Pedro (1998): *Cómo editar los textos medievales. Criterios para su presentación gráfica*, Madrid, Arco Libros.

- SÁNCHEZ-PRIETO BORJA, Pedro (2011): *La edición de textos españoles medievales y clásicos. Criterios de presentación gráfica [Documentos de CHARTA y textos literarios]*, San Millán de la Cogolla, Cilengua.
- SOUTO CABO, José António (2008): «O texto das cantigas nas prácticas escriturais do sec. XIII», en Manuel Ferreiro (ed.), *A edición da poesía trovadoresca en Galiza*, A Coruña, Baía, 161-176.
- TEI CONSORTIUM (ed.) (2013a): «A Gentle Introduction to XML», en TEI Consortium (ed.), *TEI P5: Guidelines for Electronic Text Encoding and Interchange*, 2.5.0., actualización do 26/07/2013, (<http://www.tei-c.org/release/doc/tei-p5-doc/en/html/SG.html>) [última consulta: 15/09/2013].
- TEI CONSORTIUM (2013b): «The Parallel Segmentation Method», en TEI Consortium (ed.), *TEI P5: Guidelines for Electronic Text Encoding and Interchange*, 2.5.0., actualización do 26/07/2013. (<http://www.tei-c.org/release/doc/tei-p5-doc/en/html/TC.html#TCAPPS>) [última consulta: 15/09/2013].
- VARELA, Xavier (2005): «Os usos das letras maiúsculas no *Cancioneiro da Ajuda*», en Ana Isabel Boullón Agrelo (coord.), *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 275-288.
- ZUFFEREY, François (1987): *Recherches linguistiques sur les chansonniers provençaux*, Genève, Librairie Droz

**THE ORALITY-LITERACY
CONTINUUM IN GALICIAN:
LANGUAGE CHOICE, CULTURAL
IDENTITY, AND LANGUAGE
POLICY AT A CROSSROADS**

Obdulia Castro

Regis University

[doi:10.17075/tucmeg.2015.007](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.007)

1. INTRODUCTION*

Language choice and cultural identity in Galicia are immersed in a redefining act needed from within and forced from the outside. Following Fredric Jameson (1991), we can say that the postmodern world is creating new forms of post-national identity in Galicia and these forms are inextricably connected and determined by Galicia's long history: real, imagined, and reinvented.

Do Galicians today identify themselves as bicultural or monocultural? Biliterate or monoliterate? According to the Centro de Investigaciones Sociológicas (2005: Estudio 2063) and other surveys, Galicians today know how to read in both Galician and Castilian, showing clear signs of biliteracy. Nevertheless, Galicians seem to be acquiring literacy in Galician at a lower rate than non-Galician speakers (Mercator Education 2001) and they are also choosing to read in Castilian with greater frequency and quantity than they do in Galician (Vid. Chart 4 below). Are Galicians bilingual but monoliterate? It could be argued that because of the primacy of orality in the history of Galician, Galician speakers are acquiring literacy in Galician in one of two ways: either as an L2 language, or as speakers of a heritage language who have acquired literacy in a different language first. In an attempt to see how the orality-literacy continuum is integrated (or not) in an apparently biliterate and bicultural linguistic environment such as the Galician community, we used a self-designed sociolinguistics survey and the Intercultural Development Inventory (Hammer/Bennet 1998/2002) to look at the linguistic, cultural, and social perceptions of intercultural and linguistic development reflected in the current sociolinguistic situation of Galicia.

Walter Ong (1982/1988) used the term orality to refer to the linguistic status of a society prior to the introduction of writing. When writing systems first develop, linguistic groups and individuals move from orality (only verbal

* Research for this study was funded by a Regis Summer FDC Grant. Preliminary results were presented at the X AIEG Conference. The author would like take this opportunity to thank the Regis FDC, the organizers of the X AIEG Conference, and the editors and anonymous reviewers of this publication. Also, especial thanks go to Gabriela DeRobles for her help in identifying trends in preliminary research results as well as for her careful reading of this manuscript.

expression) to literacy (reading and writing). This progression represents movement along what we are calling here the orality-literacy continuum. In order to understand this continuum, we have to look at different permutations of orality and literacy. At one end of the continuum we have oral only cultures where written language has not yet developed. At a midpoint we can also have cultures where a written language has developed and/or is accepted as a standard although a substantial part of the population is not literate in that language and uses a different oral register. The linguistic situation of the Middle Ages in Europe, for instance, is a good example of disassociation between written and oral registers. Although Latin was the standard for the written form, speakers had different oral registers depending on the area. In the Early Middle Ages, Galician and other emerging romance languages represent a good example of two linguistic situations: a linguistic environment where a written language existed but was only available to a privileged few combined with what has been called the disassociation between the written and the oral register, i.e. Latin was the written language while vernaculars were only oral (Ong 1984: 4, 5; Geary 2013).

The changes produced in the orality/literacy continuum in Galician have historically tended to come not from within, but from the outside. The Galician language has gone back and forth intermittently between orality and literacy during its long existence. Galician has been an oral language since approximately the 9th century and a written language from at least the end of the 12th century (Monteagudo/Santamarina 1993). The oldest text written in what we can call Galician-Portuguese is *Pacto entre Gomes Pais e Ramiro Pais*, predates 1175 (Souto Cabo 2011). The oldest literary document known today is the cantiga satírica «Ora faz ost'o senhor de Navarra» by Joam Soares Paiva, written towards 1200. The first nonliterary documents in Galician are from the beginning of the 13th century, *Noticia de Torto* (1211) and the *Testamento de Afonso III de Portugal* (1214). Monteagudo (2005) indicates that a text entitled *O foro do bo burgo do Castro Caldelas* was ordered by Alfonso X, King of Leon and Galicia in 1228 and was written by a notary public of Allariz in April of that year. In contrast, the first «original text» with the same historical characteristics in Castilian Spanish dates from 1246 and in Portuguese the testament of Alphonse the II is dated in 1214 (Monteagudo 2005).

Galician was the written language of the lyric in the Iberian Peninsula from the 12th to the 14th centuries (Monteagudo 2007). The kings of two countries, Spain and Portugal, used it as their language for poetry. The Castilian King Alfonso X of Castile used it to write his poetry, while choosing Castilian to write his laws (Fisher 1986). Even though Galician was removed from the literacy continuum in Spain from the 16th-17th centuries (Monteagudo 2007), it continued to be used in its oral form and on occasion was not completely absent from the

writing continuum. Galician was not used as a formal written form until the 18th century, when father Sarmiento writes, among other things, his *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, giving new light to the Galician language associated before and even after with the language of peasants. Father Sarmiento emphasizes something truly groundbreaking during his time and even today: he insists on creating a written record of orality in Galician. Father Sarmiento insisted on preserving what he found in the oral register and did not try to impose the Castilian standard on Galician; he wanted to reproduce authentic oral forms (Fernández 1997). We still had to wait until the 19th century for Rosalía de Castro and her poetry book *Cantares Gallegos* (1863) to have Galician orality reintroduced in a written form. Her decision, awakening a desire to write in Galician, re-inserted Galician in the orality-literacy continuum.

Since the 15th century Galician has been in contact with Castilian Spanish in a kind of diglossic situation where in most instances Castilian has been considered the high variety and Galician, the low. Until the 19th century Castilian was the language of literacy, while Galician was mostly expressed in orality. Although Galician almost disappeared as a written language and was barely used orally in urban centers, it continued to be used by the majority of the rural population as a natural means of communication within the local monolingual community. It was a clear signifier, be it positive or negative, of their identity. This environment is a good example of what Mandianes sees as the relationship between identity and orality: identity is laid out/carried out by orality, or, “la identidad está vehiculada por la oralidad” (Mandianes 1999: 67).

Even though we cannot describe the Galicia of today as an oral society in the sense established by Ong (1982/1988) as pre-conceptual, pre-abstract societies, where writing had not yet been developed, the apparent behavior of contemporary Galician speakers seems to favor orality over literacy when using Galician. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a prominent figure of Galician culture, politics, and letters represented the linguistic situation in the Galicia of his time in one of the drawings from his collection *Nós* published in 1931.



Fig. 1: Rodríguez Castelao. 1931. Nós. Source: Facsimile edition (1975:29).

In this drawing the little girl asks in Castilian to the obviously peasant old man «¿Por qué no habla castellano, señor Pedro?» («Why don't you speak Castilian, señor Pedro?») Señor Pedro answers in Galician: «Ay, neniña, en galego nunca s'escribiron os recibos das contribucións» («Oh, little girl! Tax receipts have never been written in Galician»)⁵⁰ The old man shows his resistance to the power gained by Castilian Spanish by saying that he chooses not to speak Castilian because it is the written language and «not pleasant things» are written in Castilian. It is hard not to see the acute and bitter commentary on domination and dependence and the clear expression of resignation in protest in the answer given by the old man. At the same time, it is also impossible to avoid seeing the opposition between «speaking: orality» and «writing: literacy».

Alfonso X of Castile, known as «the wise» or «the learned» comes quickly to mind. This much learned king wrote his poetry in Galician, but his laws in Castilian. In Castelao's drawing (Fig. 1) we have a clear depiction of writing as identified with a power structure: the old man does not speak Castilian because

⁵⁰ Unless otherwise identified, all translations are the author's.

it possesses a writing system that imposes taxes on him. He chooses to remain in the domain/world of orality in order to avoid an unwelcome and oppressive literate world. This old man would understand perfectly what Max Weber (1968) pointed out when he said that one of the characteristics of bureaucratic organizations is to conduct business on the basis of written documents. Walter Ong (1982/1988), in his study of orality and literacy, also refers to writing as a naturally suspicious phenomena to historically oral societies.

In the following, more contemporary drawing, we see another younger girl talking with an older young man. Only in this case it is the man who asks the question:



Fig. 2: Illustration by Fran Bueno. Source: CGENDL (2011).⁵¹

While Castelao's drawing above (Fig. 1) had a clear contrast between speaking and writing, this drawing made by cartoonist Fran Bueno (Fig. 2) as part of the campaign of the Galician Coordinator of Linguistic Standardization and Dynamization Teams (Coordinadora Galega de equipos de normalización y dinamización lingüística, CGENDL in the Galician acronym) to address linguistic attitudes in Galicia, represents only an oral system. No references are made to reading and/or writing; only speaking is reflected and considered here. We do not know if Fran Bueno had Castelao (Fig. 1) in mind when drawing this cartoon (Fig. 2), but the similarities and differences are just too great to be nothing more than a coincidence. Again, we have an older man and a girl, only this time the man has a punkish/hipsterish look and speaks in Castilian while the

⁵¹ Available at <http://www.coordinadoraendl.org/prexuihos/doc/prexuihos.pdf>

girl has a fairly standard look and speaks in Galician. To the question posed by the young man, she answers with a question (very culturally appropriate). Both question and answer in Castelao's drawing (Fig. 1) were in the negative: «why don't you... Because tax receipts are not written», while both questions here are in the affirmative: «Why do you...Why do you ask?» The girls' answer can be interpreted as a manifestation of the traditional Galician humor known as «retranca» or even as despondent in the sense of «I don't need to explain my actions to you». Basically, she is saying she does not need to justify her choice of language. This is what the campaign promoting the use of spoken Galician seems to be fostering: Galician is the language of Galicia and its use does not need explanation. However, in Castelao's drawing (Fig. 1), señor Pedro feels obligated to explain why he does not speak Castilian and he proceeds to do so by stating his resistance to what he feels is an imposition of the Castilian written register.

In Castelao's drawing (Fig. 1) Galician is the language of an older, rural, and unrefined people. The contrast between the little blond girl and the old man is almost monstrous in my view. At that time the younger generation that goes to school—the future of Galicia—may speak Castilian or Galician at home, but is becoming literate in Castilian in school. The older, rural generation speaks Galician. Castelao's drawing (Fig. 1) clearly represents the classical view of Galician as a language of peasants. The contemporary drawing (Fig. 2) has a very different approach with two embedded meanings: it is clearly the young girl who speaks Galician while the man uses Castilian. Another main difference is that this man is not old. The young generation of Castelao's time grew up learning Castilian in schools. The young man in Bueno's drawing was surely taught Galician in school at least to a certain extent. He clearly chose to use Castilian. The girl represents the younger generation, the future of Galician. Interestingly enough, literacy is not present in the exchange as it was in Castelao's drawing. The emphasis here is on orality not on literacy. We could argue that literacy is present in a secondary way, much in what Ong would call secondary literacy: we are seeing the representation of a scripted, written text representing a dialogue in oral form. Fishman's (1996b/2007:78) reference to «literacy as providing communication across time and space» clearly resonates here. Walter Ong, talking about primary orality vs. secondary orality as found on TV anchor reading news, says that secondary orality is a phenomenon of post-literate societies. It is an oral residue: transition from pre-literate to literate. The transition is not fully complete; the society keeps many of the characteristics of oral society.

The disassociation between literacy in Castilian and orality in Galician has played a major historical role in the status of the Galician language. Intentional and deliberate efforts have been made to encourage a shift to literacy in both

languages but, although the latest surveys show Galicians to be amongst the most avid readers in Spain, only 4% of readers in that country read in Galician below Castilian, English, Catalan, and French, in that order according to the Federation of Publishers Guild of Spain (2011).

As we mentioned before, the questions here are how the orality-literacy continuum is integrated (or not) as the Galician community makes meaning and what becomes meaningful enough as to define the community itself. Eastman (1984) considers language use to be only a surface feature of ethnic identity: speakers can stop using a language but still consider it as part of their heritage. Regarding the Galician situation, Iglesias-Álvarez and Ramallo (2002/2003) consider Galician to be the cohesive element of multiple dimensions of Galician identity. Regueira Fernández (2006) and Beswick (2007) agree that even if Galician natives do not know the language, they still identify with it as an intrinsic measure of ethnic identity. Results from studies conducted by the Sociolinguistics Institute of the Royal Galician Academy (SSRAG 2003) also seem to indicate that the use of Galician is not essential for ethnic identity.

2. RESEARCH DESIGN

In an attempt to contribute to the study of possible connections between cultural identity, intercultural development, and language choice in Galicia, we designed a research project to gather information from Galicians regarding their self-reported perceptions of cultural identity and language use. Because of the centrality of the education system in the introduction of literacy in Galician, we decided to look at different groups within the education system: students, teachers, professors, and administrators in an attempt to look at the status of the continuum of Galician identity and language use to see if it paralleled and/or intersected with the notion of intercultural development as a continuum. This sample of the education population was chosen for two main reasons:

1. To have a closer look at the perceived effectiveness of the Galician education system looking at it from two sides: students and instructors/administrators.

2. To have a coherent study group.

The tools used to collect data were:

1. A self-designed sociolinguistic questionnaire.⁵² This sociolinguistic survey was conducted in Galician and collected self-reported information on language knowledge and use and cultural and linguistic identity from

⁵² Survey available upon request.

informants.⁵³ All, except two questions in the survey, are designed on a Likert scale. Two of the questions are open ended questions asking respondents to complete the following two statements:

An individual is considered Galician if...

An individual is not considered Galician if ...

2. The Intercultural Development Inventory (IDI): a survey of intercultural sensitivity development, (v3 2004). This survey is a 50-item standardized psychometric instrument based on the Developmental Model of Intercultural Sensitivity (DMIS) designed by Milton Bennett (1993). The IDI was administered in Spanish as there was no Galician translation available.⁵⁴

We have respondents from three major age groups: 10-17, 18-30, and 40+, but, interestingly, no respondents between 31-39 years of age completed the surveys. This was probably related to the group selection: students and instructors. In future studies we will make every effort possible to gather data from all groups.⁵⁵

Statistical analysis shows that the results have a probability of error of +/- 1 to -4, and a degree of confidence of 95%. The results of this study are, in general, in consonance with the ones collected via the Sociolinguistic Map of Galicia (1992/2004), with one significant exception: reading in Galician. The Sociolinguistic Map asked for competency in reading and related it to origin of acquisition: home or school. The present study asked respondents to identify the language in which reading was done as we were interested in seeing not only the reported knowledge of linguistic abilities, but also what language users actually say they do with the language they report to know.

⁵³ We are aware of the limitations of self-reported information, but the nature of the study required individual personal responses from the surveyed population.

⁵⁴ The author of this study has undergone training in the use and administration of the IDI and is a certified and qualified administrator of the IDI.

⁵⁵ Because this research project included human subjects, especially human subjects under 18 years of age, it had to be reviewed and approved by the Committee of Institutional Research at the researcher's institution before proceeding. The research methodology was approved and all protocols needed to gather information were followed including, but not limited to, seeking authorization from parents and/or guardians of minors, and requiring signed informed consent from all participants. All surveys were conducted online and participants were given usernames and passwords only after their signed informed consent forms were received. Respondents were selected by contacting schools at different levels in the areas mentioned. More than two hundred possible informants responded to the call for participation, and 175 respondents completed all necessary consent forms and research tools.

3. DATA RESULTS

3.1. Reading and Writing

The sociolinguistic survey asked respondents not only to assess their proficiency in reading and writing, but also to rate their actual use of these skills. When asked about reading and writing ability in Galician and Castilian Spanish, respondents clearly stated that they consider themselves to be proficient in both languages. The 10-17-age-group self-report a lower level of proficiency in writing in Galician than in Castilian which tends to indicate that they are learning to write in Castilian at a faster rate than in Galician. This is surprising if we take into consideration that the spelling system adopted in Galician copies the Castilian system and similarities between these two systems should allow for skill transfer from one to the other. There is a 15% difference between the 10-17 group and the 18-30 group. The results from Castilian show almost no difference between the last two groups. They are almost at the same level. It is interesting to see that in Chart 2 below we find the same result for reports of reading ability in Galician. It seems that there is not perceived progress in writing in Castilian in the 10-17 and 18-30 groups and the same is true regarding reading in Galician for both groups. Taking into account that these two groups represent a progression from elementary to secondary and higher education, we can say that there seems to be a predictor factor in the degree of reporting of actual use of reading and/or writing in both languages depending on the existence of a natural progression in the acquisition of these skills. Respondents read and/or write more in the language where there was a natural progression in the development in these skills from elementary-secondary schooling to university education levels. This is an area that warrants further study to ascertain the writing and reading proficiency level and the actual rate of progress in both languages.

Perception of progression from lower to higher levels of proficiency from the younger to the older group is a result of the makeup of the study group: 10-17 year olds are students in school, 18-30 are either university students or beginning teachers, while the 40+ group is composed of teachers and administrators.⁵⁶

⁵⁶ The fact that these results reflect the expected natural progression in the development of these skills within the education system, helps give credence to other results on the survey.




Chart 1: Ability to Write. Based on results from Sociolinguistic Survey

Comparing Chart 1 above with Chart 2 below, we can see that respondents tend to report a higher level of reading skills compared to writing skills in both languages. We cannot fail to note the exception of the 40+ group which reports a higher ability in writing than in reading in Galician: This could be seen as surprising as we would expect reading to be generally more accessible to speakers than writing, but the 40+ group would be the group with the longest contact time with both languages.




Chart 2: Ability to Read. Based on results from Sociolinguistic Survey

Most educators would agree that language learners would have an easier time reading than writing in another language. Most speakers can understand a written text at a certain level, but would not be able to produce a written text in that language with the same level of accuracy. Writing comes later or takes longer to develop than the other language systems: speaking, listening, and reading (Vygotsky 1978). Also, research has shown that those who are low in oral language skills will be at a lower level in the development of writing skills (MacArthur/Graham/Fitzgerald 2008), which would explain why we have a lower percentage of respondents who self-report reading in Galician. Interestingly enough, as we mentioned above, results show that while speakers in the 10-17 and 18-30 group report to write in Castilian at almost the same level, respondents in the same age groups report they read in Galician at about the same levels.

Gee (1991) refers to two sides of learning in the process of reading: learning to read and reading to learn. Once the student knows the code, he/she needs to appeal to the cultural background, prior knowledge and past experiences to connect to the text. It might be that in regards to reading, the cultural background of reference in Galicia is Spanish, not Galician. This would attempt to explain why heritage speakers refer to reading in the heritage language as a foreign/alien activity. The educational system in Galicia has done an effective job in teaching the code, and the students have learned it, but when it comes to connecting that code with cultural background and previous knowledge, they lack the literacy context in Galician. Reading in Galician for these learners feels like reading in a foreign language. They cannot connect the code to the text and therefore are unable to make meaning from it. They have learned how to read, that is, they have learned the code, but they are unable to use that code to generate meaning that can take them to learning. Initially we agree with Vilavedra (2008) when she talks about the Galician reader as a future project, but in order for the Galician reader to be able to read the literature written in Galician, the readers need first to develop a level of pragmatically and culturally accurate reading proficiency that will allow them to understand and partake on the meaning that the newly created literature is trying to convey.

The act of reading implies decoding previous knowledge and mental schemata. We can read what others have written without writing ourselves, but we cannot write without reading. Writing implies the existence of a codified outline that needs to be learned and controlled before actually being able to write accurately. Reading in an L1 language comes after speaking and happens only after specific instruction. Reading in an L2, although also learned after specific instruction, might come before speaking. This is confirmed by the Mercator-Education study (2001) mentioned above which reports that non-

native speakers in Galicia tend to develop higher literacy skills in Galician than native speakers.

The similarities between Galician and Castilian literacy skills would tend to indicate that writers and readers should be at the same level of proficiency in both languages. Nevertheless, comparing the two charts above (Vid. Chart 1 and 2) we can see that there is a higher self-report level of proficiency in both reading and writing in Castilian than in Galician. At the same time, students in the school system in the reported areas in this study self-report that they have a higher level in reading than in writing skills in Galician. Nevertheless, they self-report to engage in writing more than in reading in Galician.

When responding to the prompt «I write generally in Galician, Castilian, Galician and Castilian, or other», the majority of survey takers responded they write more in Galician only (54.9%) compared to the other options. When asked to respond to the prompt «I read generally in Galician, Castilian, Galician and Castilian, or other» (Vid. Chart 3), about half of the respondents stated they read in the two languages more than they do in Castilian only or Galician only. A small minority attests to reading in Galician only: 8.6% in contrast with Castilian only: 37%.




Chart 3: I generally read in... Based on results from Sociolinguistic Survey




Chart 4: I read more in Castilian than in Galician. Based on results from Sociolinguistic Survey

When asked to agree or disagree with the statement «I read more in Castilian than in Galician», 62.8% of respondents say they agree or totally agree, while only 15.4% disagree or totally disagree (Vid. Chart 4). When asked about writing ability 93.3% of the respondents state that they write in Galician with ease or with great ease. When asked to identify their reading ability in Galician once again 93.5% say they read in Galician with ease or with great ease. They are stating clearly that they know how to read and write in Galician and that they perceive both skills to be easy for them.

Chart 5 below includes a summary of language use in Galicia from 1991 to 2011 comparing the results of three different studies: the study conducted by the Galician Language Academy in 1991, the study conducted by the Center of Sociology Research in 2005, and the present study conducted in 2011. The present study differs from the other two primarily in the following aspects:

1) The number of respondents: the 1991 and 2005 studies included a much larger number of respondents than the present study.⁵⁷

2) The composition of the study group: the 1991 and 2005 studies surveyed a wider sample of the population. The present study surveyed a coherent group sample composed of students, instructors and/or administrators in schools at the elementary, secondary, and college level.

3) The 1991 and 2005 studies produced information about reported ability in speaking, reading, and writing. The present study gathered information on

⁵⁷ See note 54 above.

reported ability on the previous skills together with actual reported use of those abilities. The 1991 and 2005 studies did report information on speaking the language at home, but did not report information on speaking with friends, or in other environments.

Knows how to Write	Writes	Knows how to Read	Reads	Knows how to speak	Speaks with Friends	Speaks at Home	Source	Date
27.1%		45.9%		86.4%		62.4%	Galician Language Academy	1991
57.9%		80.4%		83%		56%	Center of Sociology Research	Study no. 2603 April-May 2005
			4% of readers read in Galician				Federation of Editors Guild of Spain.	First semester 2011
93%	53%	93%	9% Galician only. 50.6% Castilian and Galician 37% Castilian only	94%	49%	59%	This study	Summer and fall 2011

Chart 5: Language use. Comparison of results from 1991, 2005, and 2011 Studies

Consistently, we see a gap between the ability to write, read, or speak and the actual use of these abilities in real contexts: 93% of respondents say they know how to write in Galician (Vid. Chart 1 and Chart 5), but only 53% say they actually do it (Vid. Chart 5); 94% say they know how to speak Galician, but only 49% admit to using it when talking to friends (Vid. Chart 5). The biggest gap appears in the present study in the results reported for amount of reading done in Galician. 50.6% of respondents report that they read in both Galician and Castilian, while 37% report that they read in Castilian, and only 9% of respondents report to read in Galician only (Vid. Chart 2 and Chart 5). Compare these results with the 62.8% of respondents who say they agree or totally agree with the statement that they read more in Castilian, while only 15.4% disagree or totally disagree with the same statement (Vid. Chart 2). This surprising result coincides somewhat with the information reported by the Federation of Editors Guild of Spain in the first semester of 2011 stating that only 4% of readers in Spain read in Galician.

Since the first results of the Academy of the Galician Language Sociolinguistics Map appeared in 1991, we have seen a steady increase in literacy rates in Galician combined with a steady decrease of language use in oral environments. Nevertheless, literacy skills are not used equally. Galicians seem to choose to use Galician more for writing than they choose Galician for reading. Still the question remains as to why after specific attempts at establishing a clear language policy related to the teaching of Galician within the education system, we find less speakers who actually use the language in speaking. According to Fishman (1996a/2007:77) literacy provides communication across time and space. Ethnic literacy is seen as a «prerequisite for the optimal attainment of both community and continuity». In order to attain biliteracy in Galician the speaker needs to ascertain what are the functional roles and social rewards of reading in Galician. What we are seeing right now is acquired literacy in two languages: Castilian and Galician, but functional and active literacy in one: Castilian. Can Spanish meet the reading needs of Galician speakers today?

If we go back to the linguistic situation depicted in Castelao's drawing above (Fig. 1), we can see that for the old man, literacy was not desirable. Looking at the second drawing (Fig. 2), we see that the need for literacy is not even addressed. From the data we have mentioned above, it looks like Galicians are reading in Spanish and other languages, English especially, more than they are reading in Galician. There seems to be «two cultures of reading». From a cognitive view of reading as defined by Rumelhart (1977), if reading processing is not done in the native language, the schemata present in the reader will not be tested. Also, the written text is an intrinsic part of the culture; if that part is taken away, the schemata will be incomplete and the text will be undecipherable

or misunderstood. This is similar to what happens when we read in a foreign language we do not know well: it is not only the code that is lacking, it is the missing schemata which is preventing the reader from achieving complete meaning comprehension.

Walter Loban (1963) established that there was an interrelationship between competency in language skills: children who are more proficient in oral language are also more proficient in reading and writing (Loban 1976). We can connect this with the fact that native speakers develop oral language first while second language learners may develop reading and writing skills before oral skills. Native speakers in control of oral language will work harder to develop literacy skills in that language if they find them useful and feel they will add to their linguistic control. This is somewhat similar to what heritage language learners experience when they take literacy language classes in what they consider to be a non-native environment. In these situations, the non-native learner progresses faster and more effectively than the native speaker. In Galicia, the native speakers seem to be reacting as if they were being taught a foreign or heritage language in a non-native environment. The reason why it feels this way may be related to the methods used: they might resemble too closely the methods used in Spanish, or maybe the variety of Galician taught resonates as foreign to Galician speakers who grew up in an oral environment.

According to the results of this study, Galicians have achieved a level of biliteracy. What remains to be seen is in what type of biliteracy they are engaging. Fishman (1980: 49) refers to what he defines as *language-of-wider-communication* based biliteracy. Until the last decades of the twentieth century literacy in Galicia was first acquired in Castilian Spanish, while Galician remained the language of the home and as such remained an oral language. Whatever was written in Galician helped maintain what Murado (2008) called *lengua de pobres y poetas* (language of poor folk and poets). Everyday writing is done in Castilian Spanish while Galician is reserved as a «vehicle of *intragroup* literacy» (Fishman, 1989: 49). Fishman goes on to explain that «Unlike LWC biliteracy, where one language is primarily inward looking and the other is a window to the outside world, traditional biliteracy utilizes two languages primarily for *intragroup* purposes» (1989: 50). In the Galician situation, Spanish seems to constitute the «window to the outside world» while Galician would be «inward looking». This would be true for Galician poets, but for the majority of the Galician population, reading in Castilian Spanish *is* the source of communication with the outside world, while orality in Galician *is* maintained as the path to the inward world.

3.2. Differences between Individual and Group identity

Pinxten (1991) establishes three identity levels: individual or personal, group, and community identity. In our study we can identify a clear difference between individual or personal identity and group or community identity. When respondents to the Sociolinguistics survey were asked to agree or disagree with the statement: «I am proud to be Galician», their sense of pride is clear and resonates equally among all age groups.




Chart 6: «I am Proud to be Galician.» Based on Sociolinguistic Survey Results

But when they were asked to agree or disagree with the statement «Galicians are proud to be Galician» (Vid. Chart 7) we see a clear change between groups and in actual percentages in all groups.




Chart 7: Other Galicians Proud to be Galician. Based on Sociolinguistic Survey Results

The most apparent change is in the 10-17 group. What does this mean? It looks like individually they feel proud to be Galicians, but they do not feel so strongly about the members of the community. In other words: «I do feel proud, but I am not so sure about others». It appears that they do not trust the intent of their community. In other words: the individual seems to have lost his/her community.

3.3. Reported Information about What Defines Ethnic Identity⁵⁸

The last two questions of the Sociolinguistic Survey asked the survey respondents to complete the following sentences:

1. An individual is considered Galician if
2. An individual is not considered Galician if

The answers were coded and tabulated to identify major trends. The chart below shows the trends encountered in the words used to complete sentence number one. 47% percent of respondents identified having pride in Galician culture and/or identifying themselves as Galician as extremely important to be considered Galician, while 29% insisted that speaking Galician is essential to be considered Galician.

⁵⁸ We are completely aware of the impossibility of addressing the issue of ethnic identity in detail here. We are only reporting pertinent information from the study results to give a better idea of where the «two cultures of reading» in Galician might be coming from.




Chart 8: Who is Galician. Based on Sociolinguistic Survey Results

Looking at the elements respondents found important to identify someone as not Galician, it is interesting to see that not being proud of being Galician or not having a Galician identity was identified by 54% of the respondents as characteristics for not being Galician, while not speaking the language was a factor for no Galician recognition by only 23% of respondents.

We cannot help to notice an element that seems to confirm the results mentioned above about reading and writing. When expressing what defines a Galician, only 3% of the respondents identify writing in Galician as one of the needed elements while reading in Galician is not even mentioned. Reading is only mentioned by 0.8% of the respondents when identifying who is not Galician. The difference between these numbers is small, but it is, nevertheless, significant that literacy is not considered an important factor when defining who is, or who is not identified as Galician.




Chart 9: Who is not Galician. Based on Sociolinguistic Survey Results

3.4. Intercultural development

This research project also used the Intercultural Development Inventory (IDI v3 2004, Hammer/Bennett 1998/2002) to ascertain if there was a relationship between language choice and intercultural development in the population surveyed in Galicia. The theory behind the IDI is based on the idea that intercultural sensitivity is, like a language, acquired, and in this process of acquisition we go through different stages of development divided in ethnocentric and ethnorelative worldviews:

Denial: Ethnocentric stage where cultural differences are not recognized.

Polarization: Defense/Reversal: Ethnocentric stage characterized by a polarizing worldview

Minimization: Ethnocentric stage where awareness of cultural differences exists, but differences are seen as not important.

Acceptance: Ethnorelative stage where awareness of cultural differences exists and differences are considered important enough to know, understand, and accept.

Adaptation: Ethnorelative stage where awareness of cultural differences leads to adaptation and interaction with and within different cultures.

Integration: Ethnorelative stage where a higher level of awareness of cultural differences allows a higher level of negotiation, interaction, and cooperation between groups.

The IDI's statistical analysis allows us to see two orientations: the Perceived Orientation (PO) and the developmental orientation (DO) (v3 2004). The first one reflects our perception of where we are in the intercultural development stage; the second one tells us where we really are. So although the participant group feels they are at the acceptance level, this chart shows that the participants in the study place at minimization in their developmental orientation.




Chart 10: Perceived vs. Development Orientation. Based on IDI Results

It was expected to find differences in intercultural development amongst the different age groups, but as we can see in Chart 10 that was not the case. All groups are at exactly the same level of cultural development. In a way, this is not surprising seeing the results of the language attitudes. As we said before, minimization is an ethnocentric stage where we recognize cultural differences, but believe that we are basically all the same and differences are therefore not that big and/or important. Although this shows development along the intercultural development continuum, groups at minimization still need to move into the acceptance, adaptation, and integration stages where they learn that cultural differences are indeed significant once we move away from food and surface level language and customs. It is indeed interesting that in an apparently bicultural space like the Galician community, we still minimize differences. We have done many successful things to increase literacy in Galician, but we have not concentrated on intercultural development. This points to the need to provide the space where cultures come forth in natural settings. We would like to think that intercultural development would happen naturally, but unfortunately this is not the case. We can live in a multicultural or bicultural environment such as Galicia and never come to terms with the cultural differences of the «other» right in front of us. What we can refer to as «cultural literacy» is key to develop linguistic literacy and in post-modern Galicia it looks like pro-active and intentional measures need to be taken to foster multicultural development.

4. CONCLUSIONS

When looking at the orality and literacy continuum in the Galician linguistic environment, it is interesting to notice that it is at this point in time where the language is taught in schools and statistical results point to achievements in reading and writing where we find the number of speakers decreasing. We are not talking about the diminishing numbers of monolingual speakers; we are talking about the decreasing numbers of Galician speakers. Galicians, especially the younger generations, are using Galician less and less in oral environments. Higher rates of literacy achievement seem to be leading to lower rates of orality. That is, the more we write (not necessarily read as we have seen) the less we use the language in oral environments.

Today, after many efforts have been made to develop a consistent and staying literacy in Galician, we find ourselves looking at the decreasing numbers of oral speakers. It looks like the institutional efforts to maintain the language are encountering resistance from the actual speakers. Maybe the younger generation, lacking a cultural community to support their language skills, is not seeing the benefits of language maintenance. Perhaps the older generation, much like señor José in Castelao's drawing (Fig. 1), is resisting the efforts made by institutions they do not necessarily trust. Identity, whether positive or negative, is carried out through orality (Mandianes 1999). Literacy, on the other hand, requires a set of social norms that need to be communicated. Literacy in a language applies to social networks that are transmitted via the printed word.

From the data presented and discussed in this paper, it looks like Galicians are reading in Spanish and other languages, English especially, more than they are reading in Galician. There seem to be «two cultures of reading» in Galicia. As we mentioned before, the act of reading implies decoding previous knowledge and mental schemata. Writing, on the other hand, implies the existence of a codified outline that needs to be learned and controlled before actually being able to write accurately. But, once the system is learned, the writer controls the process of writing. The writer decides what to say and how to say it to make it accessible to the intended audience. The reader, on the other hand, needs to be familiar with the culture, history, rhetoric, philosophy, etc. behind the text in order to make meaning from it. If that knowledge is lacking, the text is not meaningful and the reading process will not be successful. Based on the data presented here, Galician is still the L1, the first language, for writing and speaking, but at this point it seems not to be the first language for reading.

5. REFERENCES

- BENNETT, M. J. (1986): «Towards Ethnorelativism: A Developmental Approach to Training for Intercultural Sensitivity», *International Journal of Intercultural Relations*, 10(2), 179-196.
- BESWICK, Jaine E. (2007) *Regional Nationalism in Spain: Language Use and Ethnic Identity in Galicia*, Clevedon, Multilingual Matters.
- BLANCO, Domingo (2008): «A literatura de transmisión oral», in Elisa Fernández Rei / Xosé Luís Regueira Fernández (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.
- BUENO, Fran (2011): «¿Por qué hablas gallego?» Available at: <http://www.coordinadoraendl.org/prexuihos/index.php>
- CASTELAO, Alfonso (1931) *Nós*. Facsimile edition (1975), Madrid, Akal. Centro de Investigaciones Sociológicas (2005): Estudio 2063. Available at: http://www.cis.es/cis/openem/ES/1_encuestas/estudios/ver.jsp?estudio=4696&cuestionario=4949&muestra=9063
- Coordinadora Galega de equipos de normalización y dinamización lingüística (CGENDL). Campaign on prejudices. Available at <http://www.coordinadoraendl.org/prexuihos/-index.php>
- EASTMAN, Carol (1984): «Language, ethnic identity and change», in John Edwards (ed.) *Linguistic Minorities, Policies and Pluralism*, London, Academic Press, 259-276.
- FERNÁNDEZ, Mauro (1997): «Las Primeras Propuestas de “Selección de Norma” para el Gallego: del Padre Sarmiento a fines del siglo XIX», *Historiographia Linguistica*, 24(1-2), 139-157.
- FISHER, J. H. (1986): «European Chancelleries and the Rise of Standard Written Languages», *Essays In Medieval Studies. Proceedings of the Illinois Medieval Association*, 3, 1-25.
- FISHMAN, Joshua (1996a/2007): «What do you lose when you lose your language?», in Gina Cantoni (ed.), *Stabilizing Indigenous Languages*, Flagstaff, AZ, Northern Arizona University, 70-81.
- FISHMAN, Joshua (1996b/2007): «Maintaining Languages: What Works and What Doesn't», in Gina Cantoni (ed.), *Stabilizing Indigenous Languages*, Flagstaff, AZ, Northern Arizona University.
- FISHMAN, Joshua A. (1980): «Ethnocultural Dimensions in the Acquisition and Retention of Bilinguality», *The Journal of Basic Writing*, 3(1), 48-61.
- GEARY, Patrick J. (2013): *Language and Power in the Early Middle Ages*, Waltham,
- GEE, James (1991): «What is Literacy?», in Candace Mitchell / Kathleen Weiler (eds.), *Rewriting Literacy: Culture and the Discourse of the Other*, New York, Bergin and Garvey, 3-11.
- HAMMER, M. R. / M. J. BENNETT (1998/2002): *The Intercultural Development Inventory*, Portland, OR, The IDI Corporation.
- IGLESIAS-ÁLVAREZ, Ana / Fernando RAMALLO (2002/2003): «Language as a Diacritical in Terms of Cultural and Resistance Identities in Galicia», *Estudios de Sociolingüística*, 3(2) 2002 and 4(1) 2003, 255-287.
- JAMESON, Fredric (1991): *Postmodernism, or, The Cultural Logic of Late Capitalism*, Durham, Duke University Press.

- LOBAN, Walter (1963): *Language of Elementary School Children*. National Council of Teachers.
- LOBAN, Walter (1976): *Language Development. Kindergarten through Grade Twelve. National Council of Teachers of English in Urbana, Ill.* Available at: <http://files.eric.ed.gov/fulltext/ED128818.pdf>
- Mapa Sociolingüístico de Galicia (1996): Available at: <http://www.udc.es/snl/documentospdf/LinguaInicial.pdf>
- MANDIANES CASTRO, Manuel (1999): «Las serpientes contra Santiago. Identidad gallega. Etnicidad y nacionalismo: el caso de Galicia», in Christiane Stallaert (coord.), *Foro Hispánico: revista hispánica de Flandes y Holanda*, 16, 69-98
- Mercator-Education (2001): *Galician Language. The Galician Language in Education in Spain*. Prepared by Xosé Henrique Costas and Rita Paredes, Ljouwert / Leeuwarden, Mercator-Education.
- MONTEAGUDO, Henrique (2007): «A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. panorámica histórica», in Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.), «*Nanosa lingoage galega*». *A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela, ILG / Consello da Cultura Galega, 275-312
- MONTEAGUDO, Henrique (2005): Interview in *La Voz de Galicia*, 14-06-2005. Available at: <http://www.celtiberia.net/articulo.asp?id=1380#ixzz2NZW0E0zG>
- MONTEAGUDO, Henrique / Antón SANTAMARINA (1993): «Galician and Castilian in Contact», in Rebecca Posner / John N. Green (eds.): *Trends in Romance Linguistics and Philology: Bilingualism and linguistic conflict in Romance*, Berlin, Walter de Gruyter.
- ONG, Walter J. (1984): «Orality, Literacy, and Medieval Textualization», *New Literary History*, 16(1), 1-12.
- ONG, Walter J. (1982): *Orality and Literacy: the Technologizing of the Word*, London / New York, Routledge.
- ONG, Walter J. (1982/1988): *Orality and Literacy: The Technologizing of the Word*, London / New York, Methuen.
- PINXTEN, R. (1991): *Geometry Education and Culture, Learning and Instruction*, London, Pergamon Press.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2006): «Política y lengua en Galicia: la “normalización” de la lengua gallega», in Mónica Castillo-Lluch / Johannes Kabatek (eds.), *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad*, Madrid, Iberoamericana, 61-93.
- RUMELHART, D. E. (1977): «Toward an Interactive Model of Reading», in S. Dornic (ed.), *Attention and Performance VI*, Hillsdale, NJ, Erlbaum, 573-603.
- Seminario de Sociolingüística (2003): *O galego segundo a mocidade*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996a): *Mapa sociolingüístico de Galicia. Vol. I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996b): *Mapa sociolingüístico de Galicia. Vol. II. Usos sociolingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.
- SOUTO CABO, José António (2011): «A cessão do mosteiro de Armeses à condessa D^a Sancha Fernandes (1222). Intersecções escriturais no primeiro documento romance da Galiza», *Revista Galega de Filoloxía*, 12: 217-243.

CASTRO, O. / M. LIÑEIRA (eds.) (2015): *Trama e urda. Contribucións multidisciplinares desde os estudos galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega. doi:10.17075/tucmeg.2015.

WEBER, Max (1968): *Economy and Society: An Outline of Interpretive Sociology*, New York, Bedminster Press.

VILAVEDRA, Dolores (2008): «The Galician Reader. A Future project?», in J. M. Barbeito / Jaime Feijóo / Antón Figueroa / Jorge Sacido (eds.), *National Identities and European literatures / Nationale Iidentitäten und Europäische Literaturen*, Berna, Peter Lang, 221-232.

**A CONSTRUCCIÓN DO DISCURSO
ACERCA DA LINGUA GALEGA NA
PRENSA ESCRITA DE ÁMBITO
ESTATAL. ANÁLISE DE *EL PAÍS*, *EL
MUNDO* E *ABC* DURANTE A «ERA
AZNAR» (1996-2004)**

Paula Bouzas Rosende

Georg-August-Universität Göttingen

doi:10.17075/tucmeg.2015.008

INTRODUCCIÓN

A prensa escrita segue a desempeñar na nosa sociedade un importante papel na creación e difusión de determinados discursos: non só chega a un importante número de persoas, senón que ademais funciona como institución recoñecida, responsable de informar e ofrecer interpretacións do que acontece. Neste proceso de mediación institucionalizada entre a realidade e os individuos, os medios hexemónicos tenderán a protexer a pervivencia do sistema social vixente (Martín Serrano 2004: 88, 135). A análise do discurso periodístico, xa que logo, será unha ferramenta que nos permitirá achegarnos ás estratexias que explican o mantemento ou a mudanza de determinadas estruturas sociais.

O presente artigo intégrase nun proxecto máis amplo, a través do que se pretende describir o discurso en torno ás linguas peninsulares distintas do español na prensa escrita de ámbito estatal dende a transición ata a actualidade. O obxectivo último será o de determinar as prácticas discursivas, sobre todo no plano lingüístico, que funcionan ideoloxicamente favorecendo determinadas percepcións e interpretacións.

A análise que se ofrece a continuación, no entanto, céntrase especificamente no galego e ten carácter sincrónico: limítase a un período temporal determinado, que abrangue as dúas lexislaturas nas que foi presidente do goberno español José María Aznar (1996-2004). O feito de que Aznar fose investido co apoio das principais formacións dos gobernos de Cataluña e Euskadi, entre outras, motiva unha serie de mudanzas nas políticas autonómicas e, polo tanto, na relación entre as autonomías e o estado, tema que cobra especial relevancia no debate público desta época. Dado que a cuestión lingüística constitúe un factor importante nesta dialéctica, as linguas pasan a formar parte esencial do discurso político transmitido en grande medida a través dos medios. O obxectivo desta contribución será describir a imaxe das linguas que se reflicte na prensa escrita hexemónica e os recursos lingüísticos que caracterizan o discurso en torno a elas.

1. MARCO TEÓRICO, METODOLOXÍA E CONCEPTOS PRINCIPAIS

O marco teórico escollido é o da Análise Crítica do Discurso, que se centra no estudo sistemático das relacións entre o texto e o seu contexto social, isto é, as súas condicións sociais, as ideoloxías e as relacións de poder (Fairclough 1993). Parte, entre outros, do principio de que todo uso da linguaxe é unha práctica social na que existe unha relación dialéctica: cultura e sociedade están determinadas e configuradas polo discurso e, ao mesmo tempo, constitúen o discurso e danlle sentido (Titscher/Meyer/Wodak/Vetter 2000: 146). Nesta relación dialéctica, o papel da prensa é determinante: a través dela transmítense determinados puntos de vista, establécense esquemas categorizadores da realidade e constrúense ou perpetúanse determinados prexuízos (van Dijk 1987: 202-203).

Co termo «discurso» farase referencia á estrutura abstracta que transcende calquera conxunto de textos relacionados entre si por un criterio de contido, neste caso o tratamento das linguas ibéricas non estatais (Busse/Teubert 1994: 14); o termo «ideoloxía», pola súa banda, será empregado para significar un sistema de ideas que, sobre todo no ámbito social, político e relixioso, son compartidas por un grupo e determinantes na configuración das propias crenzas individuais (van Dijk 2003: 15, 20-21).

Como marco metodolóxico, escoulleuse o modelo múltiple de análise DIMEAN, que integra en diferentes niveis as perspectivas lingüística, social e pragmática e permite ser adaptado consonte os obxectivos de investigacións concretas (Warnke/Spitzmüller 2008: 23-43). Tendo en conta que o obxectivo deste traballo é unha descrición do discurso nun plano formal (isto é, orientada ás estruturas lingüísticas que o conforman), deixáronse a un lado aspectos máis contextuais, sen dúbida relevantes para a análise do discurso, como a caracterización dos axentes participantes no acto comunicativo e a intertextualidade (van Dijk 2003; Spieß 2008; Warnke/Spitzmüller 2008: 20-32). Na análise, da que se ofrecerá unha síntese neste capítulo, tivéronse en conta os seguintes aspectos:

Presentación	Titulares, entradas, tipo de texto.
Macroestrutura semántica	Temas recorrentes. Esquemas ou superestruturas presupostas (<i>tópoi</i>). Selección de información.
Estrutura semántica local	Formas léxicas frecuentes. Denominación de obxectos e axentes. Análise dos conceptos e relacións entre conceptos: <i>isotopías</i> .
Estruturas sintácticas	Relacións entre as cláusulas.
Nivel pragmático	Función comunicativa.

Táboa 1: Aspectos analizados

2. CORPUS DE ESTUDO

O corpus escollido está constituído por un total de 21 textos periodísticos publicados nos xornais de maior tirada durante este período (1996-2004), é dicir, *El País*, *ABC* e *El Mundo*. Como fonte principal foi empregado o *Corpus de Referencia del Español Actual* (CREA). Debe terse en conta que, como se trata nesta presentación de amosar resultados referentes ao galego, non se inclúen no estudo os artigos, moi numerosos, que tratan de xeito illado o éuscaro e o catalán.

No que se refire aos xéneros periodísticos documentados, o corpus inclúe concretamente trece noticias, dez artigos de opinión e unha entrevista. Baixo a etiqueta *opinión* inclúense os xéneros do artigo de opinión, da crítica, da columna e do editorial. No tocante ao ámbito temático, os textos correspondentes inscribíense nas seguintes categorías: política (7), cultura (6), linguas (3), medios (2), sociedade (2) e historiografía (1).

Hai que ter en conta, con todo, que as fronteiras entre estes ámbitos son ás veces difíciles de establecer, posto que, por exemplo, o desenvolvemento dun tema como o das televisións autonómicas, que se inclúe no grupo de medios, adquire unha dimensión claramente política (*vid.* anexo 1b: «Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996). Cómpre sinalar, ademais, que a cuestión da(s) lingua(s) nos textos que conforman o corpus non ocupa sempre o mesmo lugar na xerarquía temática. É por isto que se distinguen tres categorías diferentes: a) textos nos que o tema das linguas é principal, b) textos nos que o tema das linguas é secundario e c) textos nos que o tema das linguas ten un carácter moi tanxencial (*vid.* anexo 1a, 1b e 1c para cada unha das tres categorías). Tendo en conta todas estas dimensións (tipo de texto, ámbito temático e xerarquización temática), o noso corpus podería caracterizarse esquematicamente tal e como se mostra na táboa 2:

	Cuestión das linguas como						
	Tema principal		Tema relevante			Tema secundario	
	Noticia	Opinión	Noticia	Opinión	Entrevista	Noticia	Opinión
Política	1	2	1	2	1		
Cultura						3	3
Lingua	1	2					
Medios			2				
Sociedade	1					1	
Historiografía							1

Táboa 2: Número e caracterización dos textos que conforman o corpus

En base a estes datos, é posible facer xa varias observacións de interese:

- Cando a lingua aparece como tema principal ou relevante na estrutura temática, a meirande parte dos textos refírese ao tema político.

- No tocante a este ámbito temático, a tipoloxía dos artigos é variada (dúas noticias, tres artigos de opinión, un editorial e unha entrevista).
- Nos artigos de carácter cultural, a lingua aparece como tema secundario.

3. ANÁLISE

3.1. A macroestrutura semántica

3.1.1. Temas recorrentes

En relación coas linguas ibéricas de ámbito autonómico, no corpus detéctanse algúns temas recorrentes:

– En dous textos, as linguas son presentadas como riqueza e patrimonio común:

(1) Si se pierde una lengua, perdemos todos («Premio al trabajo colectivo de la SER desde el 11-M al 14-M», *El País*, 24/11/2004).

(2) Conocer más de un idioma es riqueza invaluable («Tribuna: Miguel-León Portilla», *El País*, 22/12/2004).

– Nestes textos, así como nalgúns outros, aparece unha visión positiva do bilingüismo:

(3) Ya entonces el balance de esta revista de literatura y pensamiento [*Papeles*] podía resumirse en aportaciones tan decisivas para nuestra cultura bajo el franquismo como estas: conexión entre generaciones [...]; enlace con la España peregrina [...]; alianza entre las lenguas de España, con frecuentes colaboraciones en gallego y catalán de las que Cela gustaba dar versiones en castellano («Cela editor», *ABC Cultural*, 10/05/1996).

(4) En dos puntos principales coincidimos. Uno fue en la necesidad de diseñar cuidadosamente los programas y métodos de educación bilingüe, de suerte que todos puedan acceder al conocimiento de la que es hoy por hoy lingua franca o general en nuestros países e incluso en algún otro como en los Estados Unidos («Tribuna: Miguel-León Portilla», *El País*, 22/12/2004).

Trátase, no entanto, dun bilingüismo no que se establece unha sorte de xerarquía, unha relación carente de equilibrio, na que, como vemos no exemplo anterior (4), a lingua española é a *lingua franca o general*. Neste sentido, é moi interesante a afirmación de Lázaro Carreter recollida nunha das noticias analizadas, segundo a cal o español lles cede ás outras linguas ámbitos de uso:

(5) En la actualidad el castellano está «menos favorecido en la docencia», dijo, «por haberse reconocido, con justicia, la cooficialidad de otras lenguas y por ceder ámbitos que

antes eran suyos, entre ellos gran parte del uso» («El bilingüismo es un vaivén, no sólo un ven», *El País*, 18/06/1997).

- As linguas de ámbito autonómico son caracterizadas explicitamente como carentes de utilidade noutras comunidades:

(6) La obligación de aprender las lenguas de las nacionalidades históricas, que dejan de serles útiles [a los inmigrantes] en cuanto se trasladan de comunidad autónoma («Un manifiesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004).

- Case como consecuencia lóxica do anterior, maniféstase no discurso a idea de que estas linguas deben estar vencelladas ao ámbito ritual (coñecemento pasivo /uso literario), pero non ao uso cotiá e normalizado:

(7) Son legítimos, son patrióticos, son plausibles los esfuerzos de los Gobiernos regionales [...] por preservar la lengua propia, fomentar su estudio y conocimiento, promover la producción literaria («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(8) El propósito de esa educación bilingüe debe abarcar [...] el fortalecimiento de las lenguas nativas, hacer posible su conocimiento gramatical y fomentar la creación literaria en ellas («Tribuna: Miguel-León Portilla», *El País*, 22/12/2004).

- O obxectivo nunca é a normalización. De feito, os impulsos de carácter político en favor das linguas minorizadas son presentados negativamente:

(9) Son legítimos, son patrióticos, son plausibles los esfuerzos de los Gobiernos regionales [...] por preservar la lengua propia, fomentar su estudio y conocimiento, promover la producción literaria [...]. Lo grave es el expeditivo recurso a medidas coactivas o discriminatorias («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(10) Parece que el pueblo valenciano se inclina mayoritariamente por la diferenciación. Y ante ello, ¿qué diablos hace el Congreso español metiéndose en esa polémica? («Postales: El valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

(11) Porque si se trata de una cuestión lingüística, que deje a los lingüistas discutir sobre ella y llegar a sus propias conclusiones. Porque cualquier otra cosa sería politizar la cuestión («Postales: El valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

(12) [El rigor de Gabriel Ferrater] nos habla del ejemplo de una justicia moral que nos será imprescindible esgrimir cuando alguien, o nosotros mismos, sienta o sintamos la tentación de redactar leyes en materia lingüística. [...] penalizar y castigar, en nombre de una lengua, quizá sea tan peligroso y cruel como sembrar con espinos un lecho amoroso («Política de la lengua», *ABC Elec.*, 26/08/1997).

3.1.2. *Tópoi*

Emprégase o termo «topos» para designar unha afirmación, de dominio público, presuposta ou implícita, que non precisa de argumentación ningunha porque é asumida pola opinión pública e nunca cuestionada. A análise dos *tópoi* resulta moi relevante no estudo da construción do texto, posto que permite prescindir da argumentación á hora de apoiar unha determinada postura. Nos exemplos anteriores (9, 10, 11 e 12) está presente un *topos* frecuente no corpus estudado, desenvolvemento social da lingua pode ser independente das medidas políticas. Outros *tópoi* presentes no corpus son:

- A Constitución e os Estatutos son principios irrefutables:

(13) Lo grave es ignorar el bilingüismo oficial —que es la solución que se desprende de la interpretación concorde de la Constitución y los estatutos («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(14) El titular de Administraciones Públicas [Mariano Rajoy] recordó que la Constitución española no impone el deber de conocer las lenguas autonómicas («Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica», *ABC Elec.*, 26/06/1997).

(15) La configuración de una lengua propia de una Autonomía como un deber impuesto a los ciudadanos de esa región ha sido calificado expresamente de inconstitucional por el TC (*ib.*).

- Os e as falantes das linguas distintas do español nas respectivas comunidades autónomas son minorías:

(16) Como todos los empeños artificiales, impulsados por el dogmatismo de una minoría frente a un impulso social que se resiste a acomodarse al lecho de Procasto del nacionalismo lingüístico, aquellos propósitos están condenados al fracaso («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

A este respecto cómpre ter en conta así mesmo o emprego de designacións como lingua minoritaria:

(17) Por la noche, en la gala, Puyal hizo una defensa de las lenguas minoritarias («Premio al trabajo colectivo de la SER desde el 11-M al 14-M», *El País*, 24/11/2004).

3.1.3. *Selección de información*

A selección de información por parte da persoa autora implica xa unha posición subxectiva con respecto á noticia, posto que se escollen determinados aspectos que se queren subliñar. Un exemplo claro constitúeo a noticia sobre a

privatización das televisións autonómicas, na que se destaca información específica sobre o gasto público que estas supoñen:

(18) El conjunto de las televisiones autonómicas españolas consumió en 1995 cerca de 55.000 millones de pesetas de dinero público, sin contar con aportaciones extraordinarias y asunciones de deuda por parte de las comunidades. Más del doble de lo que recibió Radiotelevisión Española en ese mismo año en concepto de subvención («Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996).

No texto sobre a concesión do premio Ondas ao xornalista Joaquim Puyal («Premio al trabajo colectivo de la SER desde el 11-M al 14-M», anexo 1b), o mecanismo é o mesmo, aínda que a intención é moi diferente: as declaracións do protagonista son empregadas para presentar as linguas como riqueza cultural común:

(19) «Hablar en una lengua no es ir en contra de nadie, sino a favor de la cultura, de las culturas», afirmó. «Si se pierde una lengua, perdemos todos», añadió, y recibió la estatuilla «en nombre de todos los profesionales que realizan su trabajo hablando lenguas minoritarias» («Premio al trabajo colectivo de la SER desde el 11-M al 14-M», *El País*, 24/11/2004).

Ademais inclúese ao final unha observación destinada a subliñar (e ratificar) as palabras do xornalista premiado en tanto que se describe a reacción positiva do público: «Su intervención fue largamente aplaudida» (ib.). A inclusión de citas, como se pode ver no exemplo 19, está moi ligada ao proceso de selección da información: escóllense as citas que se introducen, do mesmo xeito que se selecciona a información ofrecida. Estes procesos serven para reforzar unha determinada perspectiva ou para situar determinados aspectos nun primeiro plano e inflúen, polo tanto, na recepción que o público ten dos feitos. Este fenómeno percíbese claramente na selección das citas na noticia sobre o Manifesto de Santander, documento que propón a regulación do ensino de lingua entre o colectivo de inmigrantes. Aínda que no propio manifesto o tema da cooficialidade de diversas linguas en determinadas comunidades é tanxencial, o artigo acaba centrándose nesta cuestión e na súa problemática (vid. tamén exemplo 6). A este respecto, introdúcense ao final as declaracións posteriores dun dos autores do manifesto:

(20) Sánchez-Mesa explicó, no obstante, que el texto es ambiguo en ese punto «para no dejar fuera a colegas catalanes y vascos, que están haciendo trabajos muy importantes. En cualquier caso», añadió, «el debate está abierto» («Un manifiesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004).

Esta intervención contribúe a presentar as linguas de ámbito autonómico como un problema sen solucións reais. Ao ser integrada ao final do texto, o seu contido cobra relevancia e funciona a xeito de conclusión. No corpus analizado,

ademais, hai varios exemplos da toma de posición da/do xornalista con respecto ao contido da cita. Este fenómeno maniféstase, por unha banda, na escolla de determinados verba dicendi que presentan o contido transmitido como veraz. Así, no seguinte exemplo (21), co emprego dun verbo como recordar, o artigo subliña o carácter irrefutable da argumentación do ministro no tocante ao seu rexeitamento de establecer as dúas linguas cooficiais como requisito para conseguir un posto de traballo entre o funcionariado:

(21) El titular de Administraciones Públicas recordó que la Constitución española no impone el deber de conocer las lenguas autonómicas («Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica», *ABC Elec.*, 26/06/1997).

No exemplo 22, pertencente á noticia sobre o manifesto de regulación do ensino de lingua entre o colectivo de inmigrantes (*vid.* exemplos 6 e 20), a visión da persoa entrevistada, segundo a cal a diversidade lingüística no estado é un *problema* no seu eido, é presentada, mediante a introdución do verbo *reconocer*, como un feito:

(22) El director de los cursos de español para extranjeros de la UIMP, Domingo Sánchez-Mesa [...] reconoció [...]: «Es evidente que hay un problema, porque gran parte de la población migratoria funciona de manera muy móvil» («Un manifesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004).

Por outra banda, prodúcese algún caso no que a introdución da cita responde á interpretación da propia persoa que redacta o texto:

(23) Con respecto a su propuesta de federalismo, Fraga criticó implícitamente a Jordi Pujol por mostrarse en contra del «café para todos». Asimismo, afirmó que «todos formamos parte de una nación única que reconoce las autonomías de sus nacionalidades y regiones» («Fraga dice que el «hecho diferencial» no está para discriminar a comunidades», *El Mundo*, 13/04/1996.).

3.2. A estrutura semántica local

3.2.1. Denominación do obxecto

No corpus analizado rexístranse diferentes denominacións para as linguas non estatais: *lingua propia (de la Autonomía)* (en diferentes artigos de opinión do *ABC* e tamén nos textos de *El Mundo*), *lenguas cooficiales (ABC)*, *lenguas romances españolas (ABC)*, *lenguas autonómicas (ABC)*, *lenguas minoritarias (El País)*, *lenguas españolas (El País)*, *lenguas oficiales del estado (El País)*, *lenguas de las nacionalidades históricas (El País)*, *lenguas diferenciadas (El País)*, *las otras lenguas (El País)* e *nuestras tres lenguas romances*.

Algunhas destas designacións repercuten no seu carácter supostamente diferencial ou marcado. A esta categoría pertencen as designacións *lengua diferenciada*, *las otras lenguas* e *lengua propia*. A designación de *lengua propia* correspóndese coa descrición presente nos respectivos Estatutos de Autonomía, pero nos textos periodísticos analizados adquire o sentido de «o outro, o que é diferente»:

(24) vascos, catalanes, gallegos y andaluces se mantienen en defensa de la televisión pública. Los que tienen lengua propia porque defienden su normalización, y los andaluces porque valoran su papel de servicio público («Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996).

(25) La configuración de una lengua propia de una Autonomía como un deber impuesto a los ciudadanos de esa región ha sido calificado expresamente de inconstitucional («Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica, *ABC Elec.*, 26/06/1997).

Outro grupo de expresións fan referencia dalgún xeito á restrición, tanto xeográfica coma de uso. No seu carácter restrito xeograficamente inciden as designacións *lenguas autonómicas* e *lenguas de las nacionalidades históricas*. Á restrición de uso apuntan as expresións *lenguas cooficiales* e *lenguas minoritarias*. É importante resaltar que a designación de *cooficialidad*, que describe realmente unha relación bilateral, aplícaselles unicamente ás linguas autóctonas, non ao español (*vid.* exemplo 5).

As designacións máis neutras documéntanse nos textos nos que o tema das linguas é secundario ou moi tanxencial: as designacións *lenguas romances españolas* («Mar de poesías», *ABC Cult.*, 04/10/1996) e *nuestras tres lenguas romances* («Quijote y acracia», *El País*, 22/12/2004) aparecen en cadanseu artigo de crítica literaria, mentres que a expresión *lenguas oficiales del estado* se documenta nun texto sobre a campaña contra a SIDA emitida nas diferentes linguas («El sida heterosexual es el único que crece en España», *El País*, 29/10/1997).

A lingua española, pola contra, aparece a miúdo designada simplemente como *la lengua*, sen ningún tipo de especificación. De aparecer algún tipo de complemento, este redunda no concepto de COMUNIDADE (*lengua común*, *nuestra lengua*), de XENERALIDADE (*lengua general* ou *lengua oficial*, nunca *cooficial*), FUNCIONALIDADE e UTILIDADE (*lengua franca*) e PRESTIXIO LITERARIO (*lengua de Cervantes*).

3.2.2. Denominación de axentes

As citas implican a inclusión dalgún tipo de información sobre o axente, que no noso corpus adoita ser unha persoa recoñecida. No entanto, sobre todo nos

artigos de opinión, a presenza de citas é pouco frecuente. O que prima nestes casos é o uso da xeneralización:

(26) Como todos los empeños artificiales, impulsados por el dogmatismo de una minoría frente a un impulso social que se resiste a acomodarse al lecho de Procusto del nacionalismo lingüístico, aquellos propósitos están condenados al fracaso («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(27) En el hombre de la calle, en cambio, el valenciano como entidad propia sigue prevaleciendo («Postales: El valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

(28) Yo he notado que a los portugueses les molesta que se les hable en gallego, sobreentendiendo que su idioma es una derivación de éste («Postales: El valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

(29) En cualquier caso, parece que el pueblo valenciano se inclina mayoritariamente por la diferenciación («Postales: El valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

Este tipo de referencias adscribíense ao que Edelman denomina *mythical groups of reference* (Menz 1989: 236), isto é, grupos que non son concretos ou están definidos con exactitude, senón que son *creados* para lexitimizar o punto de vista da prensa. A xeneralización non parece ser un recurso lexítimo unicamente nos artigos de opinión, senón tamén na noticia. Así, ao tratar o debate sobre o establecemento do coñecemento da lingua autóctona como condición para acceder ao funcionariado, na noticia preséntase a situación da seguinte maneira:

(30) La configuración de una lengua propia de una Autonomía como un deber impuesto a los ciudadanos de esa región ha sido calificado expresamente de inconstitucional por el TC («Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica», *ABC Elec.*, 26/06/1997).

(31) Rajoy afirmó que la Administración del Estado no puede perseguir el bilingüismo de los empleados que prestan sus servicios en el ámbito de una Comunidad, ya que daría lugar a imponer el dominio de una lengua cooficial como requisito para ocupar cualquier puesto de trabajo en la Autonomía correspondiente (*ib.*).

Cómpre ter en conta que a situación que lle serve de base a esta noticia atinxe o uso das linguas minorizadas nas institucións públicas e, polo tanto, o ámbito do funcionariado.

3.2.3. *As isotopías*

A análise da estrutura semántica local permite establecer diferentes relacións semánticas ou isotopías (*vid. u. a.* Lötscher 2005: 87-89). En concreto, as linguas están vencelladas aos seguintes campos semánticos:

ARTIFICIALIDADE: *artificio / artificial, construír / construída / construcións, reinventada.*

(32) pero si ésta [la lengua] puede ser recuperada y hasta reinventada como en el caso del euskera [...] ¿qué puede impedir que los asturianos se lancen al desarrollo del bable o los extremeños a la práctica del castúo [...]? («Miajón de los castúos», *El Mundo*, 20/04/1996).

(33) Lo grave es pasar del reconocimiento natural de un «hecho diferencial» al artificio totalitario de construír coactivamente un hecho diferenciador («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

CONFLITO: *amenazar, conflito, contencioso, debate, defender, discutir / discusión, extremos, guerra (verbal), guerrilla urbana, (vivas) reacciones, reivindicación, violencia.*

(34) La violencia continúa, el nivel de apoyo político al terror es muy parecido, y hasta se está incorporando a la «guerrilla urbana» toda una generación de jóvenes que no conoció la dictadura, ni la represión, y cuyos elementos de referencia son educacionales y teóricos, y entre los que el paro, la lengua y la cerrazón de los burócratas de los partidos juegan un papel muy importante («ETA quiere mayoría absoluta», *El Mundo*, 15/02/1996).

(35) Pero, en el otro extremo, vascos, catalanes, gallegos y andaluces se mantienen en defensa de la televisión pública. Los que tienen lengua propia porque defienden su normalización, y los andaluces porque valoran su papel de servicio público («Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996).

(36) O se repiensa esta idea europea o [el europeo] se enfrentará a «un futuro ya delineado, el de un superestatalismo económico y financiero [...] respecto al cual todas las diversas culturas, lenguas, tradiciones y religiones europeas llegarán a un punto de conflito, a un sentimiento de repulsión. Y a la larga, esto puede amenazar hasta la actual forma democrática de nuestros Estados» («El europeo sólo se reconoce como tal en relación a los otros», *El País*, 10/11/1997).

DIFERENCIACIÓN: *diferencia / diferenciación / diferenciada / diferenciadora / diferencial / diferente.*

(37) Junto a las reivindicaciones económicas de Cataluña y Euskadi aparece el deseo profundo de identidad nacional, subrayado por el hecho diferencial de la lengua («Miajón de los castúos», *El Mundo*, 20/04/1996).

DISCRIMINACIÓN: *discriminar / discriminación / (medidas) discriminatorias, quiebra (del principio de igualdad).*

(38) La lengua pasa a utilizarse instrumentalmente como un medio utilizado para la discriminación [...], para la quiebra del principio de igualdad de todos ante la ley («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

IMPOSICIÓN: *castigar, (medidas) coactivas / coactivamente, deber, dogmatismo, exigir / exigencia, expeditivo, imponer / imposición, obligación, penalizar, requisito, sometida, totalitario.*

(39) Lo grave es pasar del reconocimiento natural de un «hecho diferencial» al artificio totalitario de construir coactivamente un hecho diferenciador («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(40) Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración periférica («Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica», *ABC Elec.*, 26/06/1997).

(41) [El bilingüismo de los empleados que prestan sus servicios en el ámbito de una Comunidad] daría lugar a imponer el dominio de una lengua cooficial como requisito para ocupar cualquier puesto de trabajo (*ib.*).

(42) El Manifiesto de Santander no menciona, sin embargo, la lengua castellana y pasa de puntillas sobre el problema que supone [...] la obligación de aprender las lenguas de las nacionalidades históricas («Un manifiesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004).

Unicamente nun dos artigos («Historias, historietas e historia», *El País*, 28/01/1998, vid. anexo 1c), o concepto de IMPOSICIÓN deixa de estar vencellado ás linguas minorizadas e aos movementos que procuran a súa normalización. Neste caso, pola contra, son as linguas das nacionalidades históricas as que se ven afectadas pola imposición dunha certa visión castellanista:

(43) El nacionalismo tardío de la generación del 98 [...] imponía su visión castellanista a las demás nacionalidades históricas y regiones administrativas, esto es, la disolución de su historia, cultura y lenguas en el aguachirle de la retórica casticista de Ganivet, Unamuno, Maeztu, García Morente et alii. («Historias, historietas e historia», *El País*, 28/01/1998).

PROBLEMA: *problema.*

(44) El portavoz de CiU Joaquín Ferrer resaltó que el «problema» no viene derivado de la gestión del Gobierno del PP, sino de anteriores Ejecutivos socialistas y pidió un mayor esfuerzo para continuar impulsando el proceso de normalización lingüística («Rajoy se

niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración Periférica», *ABC Elec.*, 26/06/1997).

(45) El Manifiesto de Santander no menciona, sin embargo, la lengua castellana y pasa de puntillas sobre el problema que supone, para una colectivo de tanta movilidad geográfica como los inmigrantes, la obligación de aprender las lenguas de las nacionalidades históricas («Un manifiesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004).

(46) Cuestión íntimamente relacionada con la anterior fue preguntarse si tal realidad [la diversidad lingüística en los territorios hispanohablantes] constituye un problema o una riqueza («Tribuna: Miguel-León Portilla», *El País*, 22/12/2004).

Algunhas das formas pertencentes aos campos semánticos mencionados están empregadas nun sentido metafórico ou integradas a través dun símil:

(47) Se resiste a acomodarse al lecho de Procusto del nacionalismo lingüístico («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

(48) [El rigor de Gabriel Ferrater] nos habla del ejemplo de una justicia moral que nos será imprescindible esgrimir cuando alguien, o nosotros mismos, sienta o sintamos la tentación de redactar leyes en materia lingüística («Política de la lengua», *ABC Elec.*, 26/08/1997).

(49) penalizar y castigar, en nombre de una lengua, quizá sea tan peligroso y cruel como sembrar con espino un lecho amoroso (*ib.*).

Estes recursos estilísticos cumpren unha dobre función: por unha banda, dirixen a atención do público cara ao concepto que se quere transmitir (ARTIFICIALIDADE, CONFLITO, IMPOSICIÓN), de xeito que sexa máis doada a súa captación e a súa memorización; pola outra, crean un vencello emocional co público ao procurar a simpatía do mesmo cara á mensaxe ou á persoa emisora.

3.3. Estructuras sintácticas

O uso de recursos estilísticos percíbese tamén no plano sintáctico. Mediante a repetición de estruturas sintácticas (*vid.* exemplo 50) e da súa dislocación (*vid.* exemplo 51), conséguense nun dos artigos de opinión analizados, no que se contraponen dúas perspectivas diferentes de entender a política lingüística, subliñar o carácter negativo dunha destas posturas, en concreto, a máis comprometida coa lingua autóctona. No primeiro caso, a estrutura *lo grave*

encabeza diferentes oracións coas que se describen determinadas actitudes atribuídas á política lingüística correspondente:

(50) Lo grave es el expeditivo recurso a medidas coactivas o discriminatorias. Lo grave es el olvido de que el español es [...] tan «lengua propia» de Cataluña, Valencia, Galicia o el País Vasco como puedan serlo el catalán, valenciano, gallego y euskera respectivamente. Lo grave es pasar del reconocimiento natural de un «hecho diferencial» al artificio totalitario de construir coactivamente un hecho diferenciador. Lo grave es ignorar el bilingüismo oficial («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

No segundo, colócase a expresión bien está, claramente valorativa, ao final da oración, nun lugar, polo tanto, especialmente relevante:

(51) Mientras estas políticas se mantengan en la acción administrativa de fomento y no pasen al ejercicio de la acción de policía, bien está («El embudo lingüístico», *ABC Elec.*, 20/04/1997).

A interrupción da cadea oracional, marcada pola introdución de determinados signos de puntuación, tamén contribúe en diversos textos a resaltar determinados contidos, como se pode observar nos exemplos 52 e 53:

(52) El conjunto de las televisiones autonómicas españolas consumió en 1995 cerca de 55.000 millones de pesetas de dinero público, sin contar con aportaciones extraordinarias y asunciones de deuda por parte de las comunidades. Más del doble de lo que recibió Radiotelevisión Española en ese mismo año en concepto de subvención («Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996).

(53) Ya no discutían porque entre sí habían agotado todos los argumentos. Siendo todos válidos. E igualmente convincentes («Postales: el valenciano», *ABC Elec.*, 22/05/1997).

Outra estratexia retórica de carácter sintáctico destinada a chamar a atención sobre unha determinada mensaxe e facilitar a súa retención é a introdución do modo interrogativo, a través do que as persoas receptoras se senten interpeladas:

(54) ¿Qué puede impedir que los asturianos se lancen al desarrollo del bable o los extremeños a la práctica del castúo, que tiene mucho de castellano antiguo y popular? («*Miajón de los castúos*», *El Mundo*, 20/04/1996).

De xeito menos explícito ca as formas léxicas, a activación destes recursos sintácticos contribúe a subliñar ideas como IMPOSICIÓN (50, 51), PROBLEMA (52), CONFLICTO (53) e DIFERENCIACIÓN (54), campos semánticos que conforman o discurso (*vid.* § 3.2.3).

3.4. Nivel pragmático

Característica da linguaxe xornalística é a presentación dos contidos dun xeito asertivo. Esta aserción, no entanto, pode materializarse de diferentes maneiras: 1) a través da presentación de feitos ou 2) mediante a introdución de elementos valorativos, técnica característica dos artigos de opinión, colaboración e editoriais. No noso corpus detéctase esta segunda posibilidade tamén nas noticias, en concreto:

- No emprego de determinados *verba dicendi* que implican valoración con respecto ao que se afirma na cita (como *reconocer* e *recordar*, *vid.* exemplos 21 e 22).
- Na interpretación (ou *inferencia*) por parte da persoa autora do texto das declaracións das figuras protagonistas (*vid.* exemplo 23).

No que se refire á presentación dos contidos, a inclusión de determinada información implica un proceso de selección que non deixa de ser subxectivo. No corpus analizado, esta información contribúe a enfocar o tema cara a un certo conflito (mobilidade dos inmigrantes, falta de consenso con respecto ás linguas, gasto público, etc.). Ademais, destaca nas noticias a presenza de citas (resultado tamén da selección de información e mesmo interpretadas subxectivamente, como se aprecia nos exemplos 19-23) así como a utilización de certos *tópoi* ou afirmacións comunmente aceptadas que, polo tanto, non requiren argumentación (§ 3.1.2). Nas referencias ao tema da lingua, por último, empréganse diversos recursos expresivos, orientados sobre todo a chamar a atención da persoa receptora sobre a propia mensaxe.

Todos estes elementos presentes na aserción desempeñan unha función persuasiva (van Dijk 1990: 124-128) que implica 1) introducir elementos, como citas e datos concretos, para convencer ao público da veracidade dos feitos, 2) chamar a súa atención sobre determinados contidos e 3) crear un vínculo emocional coa mensaxe ou coa propia entidade autorial. A intención última é transmitir determinadas mensaxes e convencer ao público da súa validez.

Partindo das dimensións tradicionais da retórica (*docere, movere e delectare*), no corpus estudado predomina claramente a segunda dimensión, orientada a espertar certas emocións no público e propiciar que asuma, deste xeito, unha determinada perspectiva.

4. CONCLUSIÓNS

A cuestión da diversidade lingüística no estado español é tratada na prensa, sobre todo, en relación coa política. De feito, un terzo dos textos que conforman o corpus adscríbese claramente a este eido macrotemático. Nos artigos

enmarcados no ámbito cultural, a presenza das linguas non estatais límitase case sempre á súa mención.

Con respecto ao xénero, o corpus está conformado tanto de noticias (12) coma de textos pertencentes ao xénero da opinión (10) e dunha entrevista (1). Con todo, tamén nas noticias está presente a función persuasiva orientada comover o público. Esta función maniféstase lingüisticamente no emprego de elementos valorativos e interpretativos, *tópoi* e recursos estilísticos.

O concepto de *lingua cooficial* está vencellado con frecuencia ao ámbito semántico de DIFERENCIACIÓN, CONFLICTO, PROBLEMA, ARTIFICIALIDADE e IMPOSICIÓN. Estes conceptos están interrelacionados e forman parte, polo tanto, dun mesmo discurso. A situación das linguas minorizadas, marcadas como «algo que é distinto», «que é restrito» (sobre todo a través das diferentes denominacións, pero tamén a través de determinadas escollas léxicas, como *hecho diferencial* e *carácter diferenciador*), depende do labor político. Este, pola súa banda, é presentado no discurso como un labor de *imposición* e mesmo valorado de xeito explícito como algo *grave*. O concepto de ARTIFICIALIDADE atopa o seu lugar nesta liña de pensamento: se a normalización dunha lingua depende dos esforzos políticos e, polo tanto, de esforzos alleos á súa propia natureza é, xa que logo, artificial. Estanse a introducir e perpetuar esquemas que poderían ser rebatidos, posto que tamén as linguas hexemónicas o son en virtude dunha acción política normalizadora e normativa. Por último, as linguas, non as respectivas vías políticas, son presentadas como problema ou motivo de conflito.

Por outra banda, as linguas están vinculadas ao concepto de RIQUEZA (*vid.* exemplos 1 e 2). Neste tipo de discurso, paralelo ao anterior, mantense unha visión da lingua como ben precioso, pero non se menciona a súa validez comunicativa ou se tratan as posibles vías da normalización. De feito, é a lingua española a que será caracterizada neste discurso como *lengua común, franca e general* (*vid.* exemplo 4, así como § 3.2.1.).

Un terceiro discurso apréciase no artigo «Historias, historietas e historia» (*El País*, 28/01/1998, *vid.* anexo 1c), no que as linguas das nacionalidades históricas son presentadas, xunto coa historia e a cultura, como elementos afectados por una determinada visión castelanista (*vid.* exemplo 43).

No que respecta ao discurso maioritario, detéctase a polarización característica dos discursos marcados ideoloxicamente (van Dijk 2003). Esta polarización contribúe a crear unha barreira entre o grupo de opinión no que se adscribe a persoa emisora e o outro grupo. No noso corpus maniféstase este fenómeno por medio de diferentes recursos:

- Construción de campos semánticos contrapostos: USO RITUAL / UTILIDADE, MAIORÍA / MINORÍA, RESTRICIÓN DE USO / XENERALIDADE, RESTRICIÓN XEOGRÁFICA / COMUNIDADE

- Campos semánticos negativos que atinxen as linguas minorizadas: PROBLEMA, CONFLITO, ARTIFICIALIDADE, IMPOSICIÓN, VIOLENCIA.
- Xeneralización e construción, con respecto aos axentes, de grupos «míticos de referencia».

Nos textos xornalísticos acerca das linguas presentes na prensa española durante este período é posible identificar e sistematizar, xa que logo, as características propias dun discurso de carácter claramente ideolóxico: a polarización, a ausencia de argumentación, o intento de establecer un contacto emocional co público e a primacía dunha función asertiva persuasiva. Neles pode distinguirse unha liña maioritaria na que a lingua minorizada é presentada como base de conflito e outra, minoritaria, que a caracteriza como riqueza e patrimonio a protexer.

Con respecto á tendencia discursiva maioritaria neste período, é posible falar mesmo da creación e divulgación de valores discriminatorios que inciden directamente na representación das linguas e, indirectamente, as persoas que as falan. Se o ideal é un tipo de bilingüismo no cal a lingua española desempeña unha función hexemónica, mentres que a lingua autóctona queda relegada a un uso ritual e literario (como *tesouro* e *patrimonio*) e é caracterizada como problema, factor de diferenciación e diferencialismo ou mesmo base de conflito, daquela cómpre preguntar: como serán logo conceptualizadas as persoas que, de xeito voluntario e consciente, escollen ser falantes desta lingua?

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BUSSE, Dietrich / Wolfgang TEUBERT (1994): «Ist Diskurs ein sprachwissenschaftliches Objekt?», en BUSSE, Dietrich / Fritz HERMANNNS / Wolfgang TEUBERT (eds.): *Begriffsgeschichte und Diskursgeschichte. Methodenfragen und Forschungsergebnisse der historischen Semantik*, Opladen, Westdeutscher Verlag, 10-28.
- FAIRCLOUGH, Norman (1993): «Critical Discourse Analysis and the Marketization of Public Discourse: the Universities», *Discourse & Society*, 4, 133-168.
- LÖTSCHER, Andreas (2005): «Textsemantische Ansätze», en Nina JANICH: *Textlinguistik. 15 Einführungen*, Tübingen, Narr, 85-111.
- MARTÍN SERRANO, Manuel (2004 [1986, 1993]): *La producción social de comunicación*, Madrid, Alianza.
- MENZ, Florian (1989): «Manipulation strategies in newspapers: a program for critical linguistics», en Ruth WODAK (ed.): *Language, Power and Ideology*, Amsterdam / Philadelphia, John Benjamin, 227-249.
- SPIEB, Constanze (2008): «Linguistische Diskursanalyse als Mehrebenenanalyse – Ein Vorschlag zur mehrdimensionalen Beschreibung von Diskursen aus forschungspraktischer Perspektive», en Ingo H. WARNKE / Jürgen SPITZMÜLLER

- (eds.): *Methoden der Diskurslinguistik. Sprachwissenschaftliche Zugänge zur transtextuellen Ebene*, Berlin / New York, de Gruyter, 237–262.
- TITSCHER, Stefan / Michael MEYER / Ruth WODAK / Eva VETTER (2000): *Methods of Text and Discourse Analysis*, London, Sage.
- VAN DIJK, Teun A. (1987): «Mediating racism. The role of the media in the reproduction of racism», en Ruth WODAK (ed.): *Language, Power and Ideology*, Amsterdam, Benjamins, 199-226.
- VAN DIJK, Teun A. (1990): *La noticia como discurso. Comprensión, estructura y producción de la información*, Barcelona, Paidós Ibérica.
- VAN DIJK, Teun A. (1993): «Principles of Critical Discourse Analysis», *Discourse & Society*, 4, 249–283.
- VAN DIJK, Teun A. (2003): *Ideología y discurso*. Madrid: Ariel.
- WARNKE, Ingo H. / Jürgen SPITZMÜLLER (2008): «Methoden und Methodologie der Diskurslinguistik – Grundlagen und Verfahren einer Sprachwissenschaft jenseits textueller Grenze», en Ingo H. WARNKE / Jürgen SPITZMÜLLER (eds.): *Methoden der Diskurslinguistik. Sprachwissenschaftliche Zugänge zur transtextuellen Ebene*, Berlin / New York, de Gruyter, 3-45.

FONTES:

- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) [en liña]. *Corpus de referencia del español actual*. <<http://www.rae.es>> [12.08.2012]
<<http://documenta.elmundo.orbyt.es>> [11.12.2012]
<<http://hemeroteca.abc.es>> [11.12.2012]
<<http://elpais.com/diario>> [11.12.2012]

6. ANEXO

Anexo 1: Artigos analizados distribuídos segundo a relevancia que adquire o tema das linguas na estrutura temática

a) Textos nos que o tema das linguas é principal:

«El embudo lingüístico», *ABC*, 20/04/1997. Editorial no que se expresa a perspectiva do xornal no que respecta á pluralidade lingüística do estado español e ás políticas lingüísticas das nacionalidades históricas.

«Postales: El valenciano», *ABC*, 22/05/1997. Artigo de opinión de José María Carrascal incluído na súa columna «Postales». Trata sobre a cuestión do valenciano e defende a súa definición como lingua diferenciada do catalán en tanto que compara a relación entre estas dúas variedades coa que existe entre galego e portugués.

«Rajoy se niega a imponer el bilingüismo a los funcionarios de la Administración», *ABC*, 26/06/1997. Noticia sobre as declaracións do daquela ministro de Administración Públicas, Mariano Rajoy, e o seu rexeitamento a calquera proposta parlamentaria para regular o uso da lingua minorizada na administración das rexións con máis dunha lingua oficial.

«El bilingüismo es un vaivén, no sólo un ven», *El País*, 18/06/1997. Noticia sobre a conferencia de Lázaro Carreter «El español y sus retos de futuro», ofrecida no *Centro Cultural del Círculo de Lectores* de Madrid co gallo do ciclo *Nuevas visiones de España*. O autor defende como ideal o establecemento do bilingüismo nas comunidades con dúas linguas oficiais.

«Política de la lengua», *ABC Elec.*, 26/08/1997. Artigo de opinión de Juan Pedro Quiñonero no que se describe a traxectoria do poeta catalán Gabriel Ferrater. Este contexto é aproveitado polo autor do artigo para facer unha reflexión sobre o bilingüismo e a política lingüística nas comunidades con máis dunha lingua oficial.

«Un manifiesto de especialistas reclama que se regule la enseñanza de lenguas españolas a inmigrantes», *El País*, 24/11/2004. Noticia sobre o denominado *Manifiesto de Santander*, asinado por especialistas no ensino de lingua co que se tenta regular o ensino das linguas entre o colectivo de inmigrantes. O manifesto inclúe as linguas cooficiais de xeito tanxencial, pero iguálaas ao español. No artigo é precisamente a cuestión (supostamente problemática) de conxugar as dúas linguas a que acaba acadando relevancia na xerarquía temática.

«III Congreso de la Lengua Española en Rosario», *El País*, 22/12/2004. Artigo de colaboración de Miguel León Portilla no que se presentan as conclusións do III Congreso de la lengua española celebrado en Rosario. Tema central do congreso foi a consideración do español como lingua común e o reto que presenta, sobre esta base, manter e respectar a diversidade lingüística nos estados que teñen o español como lingua oficial.

b) Textos nos que o tema das linguas adquire unha posición importante na estrutura temática, aínda que non principal:

«ETA quiere mayoría absoluta», *El Mundo*, 15/02/1996. Artigo de opinión de Raúl Heras publicado o día despois do asasinato do xurista Tomás y Valiente por parte de ETA. Entre os factores que están na base das reivindicacións dos grupos violentos sinálase a lingua.

«Fraga dice que el "hecho diferencial" no está para discriminar a comunidades», *El Mundo*, 13/04/1996. A noticia céntrase nas declaracións de Fraga acerca de diferentes puntos: 1) o acordo político entre PP e Coalición Canaria, 2) o posible acordo do PP galego con CiU, 3) os acordos financiación autonómica e fiscalidade e 4) o federalismo e o chamado «feito diferencial». É neste cuarto punto onde o tema da lingua cobra especial relevancia. A lingua está ademais mencionada na propia entrada do artigo: «El presidente de la Xunta de Galicia, Manuel Fraga, aseguró ayer que sólo se debe entender el hecho diferencial a los efectos de la lengua y de la cultura».

«El miajón de los castúos», *El Mundo*, 20/04/1996. Artigo de opinión de Raúl Heras sobre o político extremeño Juan Ignacio Barrero, líder do PP en Extremadura e nomeado presidente do Senado cando Aznar chega ao poder. O artigo mantén un ton irónico e caracteriza a Barrero como representante dunha sorte de nacionalismo extremeño e como defensor da variedade lingüística da comunidade, tamén denominada *castúo*. Este tema é aproveitado polo autor para facer unha digresión sobre as linguas das nacionalidades históricas.

«Viento privatizador en las TV autonómicas», *El Mundo*, 10/05/1996. Noticia sobre o proceso de privatización das televisións autonómicas. Un dos factores que provocan a resistencia de determinados gobernos autonómicos á privatización é a consideración de que é necesario preservar este tipo de medios como espazos reservados á lingua autóctona.

«El europeo sólo se reconoce como tal en relación a los otros», *El País*, 10/11/1997. Entrevista ao filósofo italiano Massimo Cacciari, daquela alcalde de Venecia. A conversa céntrase no concepto de *Comunidade Europea* e a ausencia dunha reflexión profunda sobre as súas consecuencias políticas e culturais. O filósofo advirte do perigo de pasar por alto as diferenzas culturais e lingüísticas.

«Premio al trabajo colectivo de la SER desde el 11-M al 14-M», *El País*, 24/11/2004. Noticia sobre a concesión do Premio Ondas ao xornalista catalán Joaquim Puyal. A noticia céntrase na súa traxectoria profesional, pero tamén no alegato en favor das *linguas minoritarias* que o xornalista premiado levou a cabo durante a cerimonia.

c) Textos nos que a cuestión das linguas aparece só de xeito tanxencial:

«Cela editor», *ABC*, 10/05/1996. Artigo homenaxe de Darío Villanueva a Camilo José Cela no que se menciona o seu labor como editor da revista *Papeles*, espazo cultural aberto a colaboracións literarias en varias linguas peninsulares.

«La edición de libros en castellano descendió en un 3,5% en 1995», *El Mundo*, 30/05/1996. Informe sobre os índices de publicación en cada unha das linguas do estado.

«Mar de poesías», *ABC*, 04/10/1996. Noticia sobre a publicación dunha antoloxía de 7.000 poemas nas diferentes linguas romances españolas.

«Hoy se fallarán las nominaciones para los Premios Goya», *El Mundo*, 27/12/1996.

«Anaya edita en CD-Rom un cuento de Hans Christian Andersen», *ABC*, 14/09/1997. A noticia informa de que o conto foi editado nas diferentes linguas.

«El sida heterosexual es el único que crece en España y se sitúa a la cabeza de Europa», *El País*, 29/10/1997. Noticia sobre a campaña para a prevención da SIDA, publicada «en todas las lenguas oficiales del Estado».

«Historias, historietas e historia», *El País*, 28/01/1998. Artigo de opinión escrito por Juan Goytisolo, que, partindo da historiografía, se converte nun alegato a favor dunha revisión da historia da Península Ibérica evitando a ideoloxización.

«Quijote y acracia», *El País*, 22/12/2004. Artigo de Eduardo Haro Tecglen, no que define a Cervantes utilizando o adxectivo *ácrata*, «palabra que es relativamente nueva en nuestras tres lenguas romances».

A CULTURA CIENTÍFICA. ESTRATEGIAS DE COMUNICACIÓN E DE INTEGRACIÓN

Xurxo Mariño Alfonso

Universidade da Coruña / Consello da
Cultura Galega

[doi:10.17075/tucmeg.2015.009](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.009)

INTRODUCCIÓN

A ciencia é un medio extraordinariamente eficaz para comprender como está organizado e como funciona o universo no que vivimos. Chega con botar man dun teléfono móbil para observar como os seres humanos fomos quen de domesticar algo que demos en chamar radiación electromagnética e, unha vez comprendidos os seus fundamentos, utilízala para transmitir información. A ciencia é a mellor maneira que temos os seres humanos para acadar coñecemento «obxectivo» sobre o mundo que nos rodea e, ademais de ser unha eficaz ferramenta práctica que utilizamos de xeitos moi diversos na nosa vida cotiá, é tamén unha poderosa ferramenta filosófica: os principios nos que se basea o seu funcionamento –ausencia de dogmas, escepticismo, reflexión crítica, etc– resultan excelentes para o desenvolvemento dunha mente crítica.

Con todo, e a pesar de que a sociedade de hoxe está sustentada en gran medida polo desenvolvemento científico-técnico, a cultura científica non fai parte do que se considera «cultura» e os mundos das ciencias e das humanidades seguen tan separados como no século pasado, cando Charles P. Snow cuñaba o termo «as dúas culturas». Este é un feito relevante, xa que hoxe en día unha persoa non pode exercer como cidadán –cando menos usando os seus propios criterios– sen uns coñecementos científicos básicos. Se, por exemplo, alguén ten que dar a súa opinión formada sobre os alimentos transxénicos, as células troncais, a enerxía nuclear ou a homeopatía, non ten máis remedio que exercitar a súa cultura científica ou, pola contra, opinar o que outros decidan que opine, xa sexan os seus líderes políticos, relixiosos ou sociais.

En Galicia, mediante distintos tipos de iniciativas e tamén desde o Consello da Cultura Galega, están a darse pequenos pasos para tratar de incorporar a cultura científica á cultura xeral. A continuación exporei brevemente, en tres actos, as miñas ideas sobre: primeiro, algúns aspectos relevantes da relación histórica entre ciencia e humanidades; segundo, varias disciplinas actuais nas que se dá a multidisciplinidade; e, terceiro, algúns exemplos interdisciplinares de comunicación da ciencia feitos en Galicia.

ACTO 1. O DIVORCIO

Na mente dos pensadores da Grecia e Roma clásicas non existía –nin podía existir– unha separación entre ciencia e humanidades. Un exemplo magnífico é o de Tito Lucrecio, que no século I a.n.e. (antes da nosa era) escribiu *De rerum natura* (*Sobre a natureza das cousas*), un poema no que desenvolve a física de Demócrito e a filosofía de Epicuro. Unha obra de arte, unha proposta sobre a física do universo e un tratado de filosofía. O pensamento filosófico, humanístico e científico aniñaba de xeito natural nas mesmas mentes, algo que se mantivo no tempo ata a revolución científica que arrancou no século XVI. A obra «A escola de Atenas» que pintou Rafael Sanzio nas Estancias Vaticanas amosa, ademais dos tres «pais» da filosofía occidental, Sócrates, Platón e Aristóteles, a un bo número de filósofos que tamén fan parte esencial do desenvolvemento da ciencia, como Heráclito, Demócrito, Empédocles, Teofrasto, Anaxágoras, Pitágoras, Tales de Mileto, Arquímedes e Ptolomeo.

Na Grecia clásica, a filosofía e a ciencia desenvolvéronse con vigor, pero esta situación foi mudando a medida que o poder cambiaba de mans. Durante un tempo o centro mundial do pensamento humano trasladouse de Atenas a Alexandría, onde se fundou baixo a dinastía ptolemaica esa primeira universidade chamada Museum, que incluía a coñecida biblioteca. Coa chegada da dominación romana no século I a.n.e. a situación cambiou, xa que en Roma estaban realmente máis interesados na guerra e no circo, e as fontes da ciencia e a filosofía deixaron de manar.

O regato de sabedoría que quedaba, e que arrastraba o coñecemento clásico, foi recollido e aproveitado polo mundo árabe. Unha parte importante das obras clásicas de filosofía e ciencia chegou ao mundo occidental a través de traducións realizadas e conservadas polos árabes. As escolas de tradutores de Córdoba e Toledo encargáranse de trasladar ao latín moitas desas obras (por exemplo, os *Elementos* de Euclides), para gozo e beneficio de Europa.

Durante a Idade Media, a produción filosófica e científica mantívose ao ralentí, e unha parte importante do esforzo dedicado á cultura consistiu en recuperar, copiar e manter os traballos anteriores. O *De rerum natura* de Lucrecio, por exemplo, estivo desaparecido varios centos de anos ata que foi redescuberto no Renacemento polos buscadores de manuscritos.

E, finalmente, chegou a Revolución Científica. O coñecemento acumulado ao longo do tempo prendeu con forza en pleno Renacemento e comezou a dar froitos que tiveron importancia para unha parte significativa da sociedade. Aínda que parte da historiografía actual pon en dúbida a existencia de tal revolución, hai dúas obras esenciais publicadas no ano 1543 que marcan, cando menos, un importante cambio no pensamento sobre o universo e o ser humano. Por unha banda, Nicolao Copérnico publica, o mesmo ano da súa morte, *De*

Revolutionibus Orbium Coelestium (*Sobre o movemento das esferas celestiais*), unha obra que saca ao planeta Terra do centro do universo, para poñer nel ao Sol. Ese mesmo ano de 1543 é tamén o da publicación da primeira obra rigorosa de anatomía humana, *De humani corporis fabrica* (*Sobre a estrutura do corpo humano*), na cal André Vesalio amosa ao *Homo sapiens* como un animal máis, coas súas vísceras e os seus ósos. En 1609, Galileo Galilei fabrica un telescopio e, en vez de enfocalo cara ás naves inimigas, diríxeo cara ao ceo nocturno. O que observa é tan novo que publica inmediatamente (a comezos de 1610) un libriño titulado *Sidereus Nuncius* (*O mensaxeiro sideral*), no que dá conta da existencia de innumerábeis estrelas na Vía Láctea, das fases de Venus, dos satélites de Xúpiter e da superficie irregular da Lúa. Resulta que o universo é máis complexo e interesante do que afirmaban as sagradas escrituras e, incluso, hai corpos que nin sequera xiran arredor da Terra ou do Sol, como os satélites que dan voltas arredor de Xúpiter.

Pero a revolución no pensamento científico deu tamén lugar a unha separación, un divorcio entre dúas maneiras de aproximarse ao coñecemento do mundo: os filósofos deixaron de ser científicos e os científicos deixaron de ser filósofos, para proseguir por camiños distintos. O filósofo, científico e político Francis Bacon é un dos últimos exemplos desa caste de mentes multidisciplinares que xurdira na Grecia antiga. Bacon albiscou a capacidade do coñecemento científico como ferramenta de poder para os estados, e na súa obra *Novum Organum Scientiarum* (*Novo instrumento para a ciencia*) propuxo a creación de centros de investigación dedicados exclusivamente ao desenvolvemento da ciencia. Comeza a tomar forma, cando menos na teoría, a figura do científico como persoa pagada polo goberno e que traballa para aumentar o coñecemento que temos da natureza.

A finais do século XVII, Isaac Newton culmina a chamada revolución científica cos seus *Philosophiae Naturalis Principia Mathematica* (*Principios matemáticos da filosofía natural*). A ciencia, xunto co rigor formal e a potencia das matemáticas, ten a capacidade de sintetizar en ecuacións algúns aspectos do universo, como por exemplo a traxectoria dun corpo que se move arredor do Sol ou que cae cara á Terra. E o que é máis importante: esas ecuacións poden usarse con carácter predictivo. A partir do século XVIII, o crecemento do coñecemento baseado na solidez, rigor e capacidade de predición da ciencia vai crecer de xeito exponencial, un crecemento que chega ata os nosos días. Nos últimos tres séculos, multitude de disciplinas científicas non só se desenvolveron cunha destacable precisión, senón que pouco a pouco foron se instalando na vida cotiá de todas as persoas a través dos seus produtos: o electromagnetismo, a termodinámica, a química, a bioloxía molecular, a mecánica cuántica, a xenética, a farmacoloxía, a medicina nuclear, a neurociencia, etc. son algúns exemplos. Este éxito extraordinario na capacidade de apreender a natureza dá

lugar a que os científicos se especialicen cada vez máis e que o seu traballo se vaia afastando do outro coñecemento, o humanístico, literario e artístico. Un divorcio preocupante.

Na primeira metade do século XX hai unha pretensión de mesturar de novo o coñecemento filosófico co científico, a través da lóxica matemática, un intento cuxos froitos chegan aos nosos días. Foi levado a cabo por unha serie de filósofos, científicos, enxeñeiros e matemáticos agrupados arredor do chamado Círculo de Viena e da corrente de pensamento do positivismo lóxico. A súa idea consistía en reforzar a solidez da estrutura científica botando man da filosofía e a lóxica; unha ciencia que é motor de progreso e que está sustentada no método indutivo. Esta aproximación ao avance da ciencia foi criticada desde ámbitos moi diversos, incluso desde persoas inicialmente próximas ao Círculo de Viena, como Karl Popper, que insistiu no uso da dedución como única ferramenta para o avance no coñecemento científico.

Pero a crítica máis corrosiva –e, na miña perspectiva, inxusta– veu da banda do relativismo posmodernista, da man de historiadores e filósofos como Thomas Kuhn e Paul Feyerabend. Kuhn destacou o carácter non lineal do suposto progreso científico, e Feyerabend insistiu en poñer en igualdade de condicións –respecto ao coñecemento humano– outras formas de pensamento e actividades humanas, incluíndo calquera tipo de crenza ou pseudociencia. En calquera caso, os científicos, xa a bordo da máquina imparable da ciencia, non lle fixeron o máis mínimo caso a esta suposta crítica desde o posmodernismo; non lle fixeron caso por desacordo coa súa proposta ou, na maioría dos casos, simplemente porque nin sequera a chegaron a coñecer: a comezos do século XX a maioría dos científicos xa vivían nun planeta mental distinto ao dos filósofos e historiadores.

Esta preocupante situación de separación entre o mundo das humanidades e o da ciencia quedou reflectida na conferencia –e posterior libro– que Charles P. Snow impartiu na Universidade de Cambridge en 1959, *The Two Cultures and the Scientific Revolution*. O termo «dúas culturas» utilízase desde aquela para facer referencia a esta situación, propiciada en boa medida polos sistemas educativos, na que, por unha banda, está a cultura científica e, por outra, a cultura humanística e artística. Unha maioría destacada dos científicos actuais consideran que a literatura, arte, historia e filosofía non son precisas para o desenvolvemento eficaz do seu traballo; algo así como unha versión moderna do mito da caverna de Platón, na cal os traballadores da ciencia contemplan un mundo ao que lle falta un compoñente esencial. Pero, no outro lado a situación é similar, e unha parte importante de persoas dedicadas ao desenvolvemento das humanidades ignora case por completo –por consideralo innecesario– o traballo e os resultados da ciencia, a pesar de convivir con eles acotío.

ACTO 2. O REENCANTRO

Como argumenta Snow na súa obra, a interacción entre as dúas culturas resulta beneficiosa para ámbalas dúas partes e para o conxunto da sociedade, polo que hai que buscar estratexias que axuden a tender pontes. Moitos xa o fixeron de xeito individual, como Bertrand Russell, capaz de escribir un tratado de lóxica matemática (*Principia Mathematica*) xunto a unha importante obra filosófica (na que se inclúe a súa *History of Western Philosophy*), e levar un Premio Nobel en Literatura. Pero, realmente, hoxe en día as mentes están demasiado especializadas, polo que as estratexias de interacción entre as dúas culturas deben consistir esencialmente en proxectos colectivos. Resulta moi interesante como de xeito natural comezan a converxer moitas disciplinas científicas e humanísticas, para elaborar proxectos conxuntos: son investigacións nas que existe unha frutífera multidisciplinaria. Vexamos algúns exemplos:

Na actualidade é posible trazar un mapa mundial coas distintas rutas migratorias dos seres humanos que, partindo de África hai uns 150 000 anos, foron asentándose en distintas rexións do mundo a través de diferentes ondas migratorias. Coñécense con relativa precisión tanto as rutas xeográficas como as épocas de asentamento ao longo de todo ese tempo. O interesante é que o mapa máis preciso que temos é o froito da combinación dos resultados de investigacións en paleontoloxía, arqueoloxía, lingüística, bioloxía evolutiva, xenética de poboacións e outras disciplinas. Un exemplo excelente de multidisciplinaria.

Outro exemplo é o da neurociencia, un campo da ciencia aberto a todo tipo de interaccións multidisciplinares. Por exemplo, o campo das decisións xudiciais está cada vez máis influído polo avance no coñecemento que temos do funcionamento do cerebro, que amosa, entre outras cousas, o pouco fiables que somos os seres humanos para lembrar con detalle un acontecemento e a facilidade coa que podemos introducir nun recordo aspectos que son froito –inconsciente– da imaxinación. Este tipo de investigacións deu lugar a que exista un interese e unha interacción cada vez maior entre neurocientíficos, xuíces e avogados. Outro exemplo relacionado coa neurociencia é o da súa interacción coa lingüística, desde varias perspectivas. Unha delas é a construción mental da percepción oral: da mesma maneira que as percepcións visuais son unha creación do encéfalo –a partir de algo físico chamado radiación electromagnética–, pero unha creación ao fin e ao cabo; a percepción que elabora o sistema nervioso das palabras pronunciadas por unha persoa non é fixa, senón que depende tamén, por exemplo, da información que está a ser percibida polo sistema visual. Isto pode demostrarse facilmente co chamado «efecto McGurk», no cal se percibe un son distinto dependendo de se estamos a mirar ou non á persoa que fala.

A lingüística, a psicoloxía e a neurociencia teñen tamén un interesante punto de confluencia nos estudos dedicados ao chamado relativismo lingüístico: o feito de que o mundo cognitivo das persoas pode estar influído polas linguas que falan. Recentemente comprobouse, por exemplo, que as persoas que falan ruso teñen a capacidade de percibir máis tons da cor azul que os falantes de inglés (o outro idioma usado neste estudo concreto), xa que na lingua rusa existen distintas palabras para indicar distintos graos de azul. Outro estudo realizado cos Pormpuraaw, un pobo do norte de Australia, indicou como o feito de que na súa lingua utilicen un sistema de referencia absoluto –norte, sur, este, leste– en vez dun sistema relativo a cada un –á miña dereita, esquerda, diante, detrás– ten como consecuencia que a súa capacidade de orientación espacial sexa moi superior á das persoas que usamos sistemas de referencia relativos.

Para rematar con esta serie de exemplos, vexamos varios relativos á xenética, un campo da ciencia que ten cada vez máis influencia en todo tipo de estudos relacionados coa antropoloxía, a historia e outras disciplinas de carácter humanístico. Dáse a circunstancia, ademais, que en Galicia está un dos grupos de investigación de referencia a nivel mundial para este tipo de estudos, dirixido por Anxo Carracedo e Antonio Salas. Estes investigadores puideron amosar recentemente, e grazas a estudos xenéticos, a relación entre o pobo etrusco –cuxa orixe ten sido unha incógnita desde que se comezou a indagar sobre a súa cultura– e a rexión de Anatolia. Un bo exemplo de como a tecnoloxía máis refinada para análises xenéticas pode contribuír a coñecer o desenvolvemento histórico dun pobo. Respecto ás migracións humanas, os estudos de ADN teñen sido tamén de moita utilidade para trazar con detalle, por exemplo, a orixe xeográfica africana da gran diversidade actual de grupos afroamericanos. Mesmo o estudo xenético do ADN dos galegos actuais pode axudar a coñecer a relación histórica con outros pobos europeos, como amosa un traballo do grupo de Carracedo no cal se compara a variabilidade do noso ADN coa de vascos, galeses, británicos, portugueses, bávaros e turcos, entre outros grupos.

ACTO 3. COMUNICACIÓN DA CIENCIA EN GALICIA

Como acabamos de ver, hai moitos exemplos de traballos de investigación que derraman o seu contido polas distintas culturas, e isto comeza tamén a reflectirse na comunicación da ciencia. En Galicia existe unha comunidade de científicas, xornalistas, técnicas de museos e outras persoas do mundo das artes e humanidades moi activa na produción e desenvolvemento de actividades relacionadas coa cultura científica e na promoción dunha interacción proveitosa coa cultura humanística. Froito destas inquedañas, no ano 2011 constituíuse a Asociación Galega de Comunicadores de Cultura Científica e Tecnolóxica, ou

polo seu nome curto, «Divulgación» (www.divulgacion.org). As únicas asociacións similares que hai no Estado español son a Asociación Española de Comunicación Científica e a Asociación Catalana de Comunicació Científica. No momento actual Galicia é un núcleo importante de produción de todo tipo de actividades destinadas a incrementar a cultura científica da sociedade. A continuación comento brevemente algúns casos que coñezo de primeira man ou nos que participo directamente.

A Sección de Ciencia Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega (CCG) é unha referencia de rigor e traballo continuado na construción de vías de comunicación entre a cultura humanística e a científica. Algúns exemplos: no ano 2009, con motivo do 50 aniversario da charla pronunciada por Snow «As dúas culturas», o CCG realizou a tradución e edición en galego desa obra de referencia. No ano 2011 realizouse unha xornada de discusión sobre «Escribir de ciencia en galego», que deu como froito un informe no cal se analiza a traxectoria histórica e as perspectivas actuais que ten o galego como idioma de transmisión da ciencia. O CCG impulsou tamén a edición de libros de divulgación científica para todos os públicos; algúns deles cómics dirixidos á xente máis nova para transmitir ideas e conceptos da ciencia. Está a levarse a cabo tamén un ambicioso proxecto en internet chamado «Álbum da ciencia» (<http://www.culturagalega.gal/albumdaciencia/>), no cal se pon ao dispor de todas as persoas interesadas o resultado de distintos estudos históricos sobre aquelas persoas de relevancia na historia da ciencia en Galicia.

Algúns grupos de investigación experimental das universidades galegas están dando pasos para realizar comunicación da ciencia procurando a interacción con disciplinas das artes e humanidades. Un bo exemplo é o grupo de Investigación en Ecoloxía e Evolución de Plantas da Universidade de Vigo que, a pesar de que o seu campo de traballo pode parecer moi restrinxido a un ámbito da bioloxía, ten en marcha un equipo de divulgación chamado «Divulgare» (www.divulgare.net), no que participan artistas gráficos especializados en animación para transmitir tanto os resultados do seu propio traballo de investigación como o doutros campos da ciencia. O grupo de investigación do que formo parte, «Neurocom», realiza tamén un esforzo importante para transmitir a neurociencia a todos os públicos, mediante obradoiros e os chamados café-teatro científicos, nos cales participan actores profesionais que elaboran monólogos humorísticos sobre algún tema científico. Esta última actividade, desenvolvida esencialmente en pequenas vilas galegas, está a ter unha notable repercusión fóra de Galicia: foi escollida pola FECYT (Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología) como unha das «prácticas inspiradoras en cultura científica», e recentemente tivo a oportunidade de facer unha «xira» por todo o mundo da man do Instituto Cervantes. Por outra banda, desde hai catro anos estou a producir unha actividade de

comunicación da ciencia de creación propia xunto ao actor Vicente Mohedano, actividade que demos en chamar «discurshow». Consiste nunha mestura de charla de divulgación e teatro, que ten unha acollida extraordinaria en Galicia e resto do Estado, ata o punto de que temos recibido máis solicitudes das que podemos atender.

Aínda que, como pode verse, Galicia produce e exporta diversas iniciativas de comunicación científica, a cultura da ciencia ten unha presenza minúscula nos principais medios de comunicación. A pesar da importancia cada vez maior dos produtos da ciencia e dos beneficios para a sociedade de integrar a cultura científica co resto de disciplinas, a existencia, por exemplo, dun programa na TV dedicado á ciencia segue a ser unha *rara avis* nos medios galegos. Un dos últimos intentos de facer un espazo de calidade sobre ciencia e tecnoloxía para a TVG foi o programa «Conexións». Na actualidade destaca –e sobrevive na programación– o programa «Efervescencia» da Radio Galega, dirixido polo químico e xornalista Manuel Vicente, unha boa mostra de interacción das dúas culturas, con colaboradores habituais de todas as ramas do coñecemento.

CONCLUSIÓN

O éxito da empresa científica para aprehender o mundo no que vivimos, xunto coa especialización de todos os campos do saber, levou a unha paulatina separación no quefacer cotián entre a cultura humanística e a científica. Este fraccionamento do coñecemento é unha consecuencia indesexable que pode tratar de aliviarse con iniciativas multidisciplinares de investigación e proxectos culturais que establezan pontes entre as chamadas «dúas culturas». En Galicia estanse a desenvolver proxectos pioneiros de natureza multidisciplinar, tanto de investigación como de divulgación, que reflicten un relativamente bo estado de saúde na desexable interacción entre as «dúas culturas».

BIBLIOGRAFÍA

SNOW, CHARLES P. (1959): *The Two Cultures and the Scientific Revolution*, New York/London, Cambridge University Press

LIGAZÓNS DE INTERESE

Álbum da ciencia <http://www.culturagalega.gal/albumdaciencia/>

Conexións <http://www.crtvg.es/tvg/programas/conexions>

Divulgación www.divulgacion.org

Divulgare www.divulgare.net

Efervescencia <http://blogs.crtvg.es/efervesencia/>

CULTURA GALEGA E TERRITORIOS DIXITAIS: ENTRE A SOCIEDADE CIVIL E AS INSTITUCIÓN

Manuel Gago Mariño

Consello da Cultura Galega

[doi:10.17075/tucmeg.2015.010](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.010)

1. GALICIA E INTERNET

Segundo os datos do Estudo Xeral de Medios de maio de 2013, Galicia ocupa o último posto das comunidades autónomas do Estado español en penetración de Internet, con só un 52,5% da poboación conectada nese mes. Esta cifra, en termos absolutos, é fondamente preocupante para o futuro, pero en retrospectiva é, ademais, un fondo fracaso de gobernos e sociedade civil na adopción dun conxunto de tecnoloxías que, polas súas características intrínsecas, supón unha profunda transformación dos eixes culturais, sociais e mesmo económicos dunha sociedade. Pode considerarse un fondo fracaso porque unha das teimas dos sucesivos gobernos autonómicos desde os anos noventa do século XX foi a reiterada aposta, cando menos retórica, pola sociedade da información como unha vía de desenvolvemento para unha sociedade como a galega durante o capitalismo postindustrial. Internet, a ruptura das canles tradicionais de distribución comercial e o abaratamento intrínseco dos investimentos para produción derivados da tecnoloxía levaron a pensar que era posible dar un salto desde unha economía como a galega (desvertebrada e cun sector de servizos pouco desenvolvido) ata as apostas tecnolóxicas e predominantes da industria cultural.

Alén de discursos máis ou menos inocentes, hoxe sabemos que a utopía dixital, modernizadora e democratizadora, non é tal. Como agora parece obvio (pero antes non semellaba tal) é imposible reestruturar un sistema produtivo se non existen condicións previas ou simultáneas que impulsen a tecnoloxía en determinada dirección. Do mesmo xeito que non existe unha tecnoloxía neutra, a sociedade tampouco adopta neutralmente unha tecnoloxía, senón que o fai de acordo con necesidades, intereses e un determinado tecido social. Se ben a adopción das tecnoloxías de máis éxitos da rede é un fenómeno global, si podemos afirmar que existen particularidades locais nas magnitudes da explotación de tecnoloxías e usos determinados (presenzas de dispositivos cun sistema operativo fronte a outros, comercio electrónico, hexemonía de Google, uso de Amazon, selección de redes sociais, etc.).

A evidente fractura dixital que divide a sociedade galega, con todo, debe perfilarse máis como paso previo a comprender as súas peculiaridades. Ese

pouco máis do 50% de penetración de Internet non debe contemplarse como unha distribución regular por todo o territorio. Os datos dos que dispomos non son todo o exhaustivos que deberan e, neste sentido, ficamos unicamente na percepción da irregularidade da distribución. Como era de esperar, as provincias da franxa atlántica presentan na *Enquisa de condicións de vida das familias*, uns indicadores que amosan as profundas diverxencias dentro do propio territorio galego. Deste xeito, en 2012 as provincias da Coruña e de Pontevedra tiveron unha penetración do 53,82% e o 52,54% respectivamente, mentres que Lugo e Ourense posuían o 46,72% e o 43,59%. Aínda así, na miña opinión o nivel provincial non se axeita correctamente á distribución do territorio do país; é posible augurar que dentro da distribución provincial as áreas metropolitanas poderían acadar cotas próximas ao 60% de penetración fronte a unha distribución rural máis próxima á media das provincias do interior.

Non coñezo estudos que traten de xeito amplo, nos últimos cinco anos, as causas desta fractura dixital, que é profundamente acusada entre as diferentes partes do territorio. As explicacións poden ser de todo tipo: desde as relacionadas puramente coas infraestruturas (continúa a haber significativas partes do territorio rural sen un acceso a Internet digno do século XXI), ata as puramente culturais, de alfabetización dixital ou electrónica. No entanto, pódense intuír as súas consecuencias prácticas da fractura: unha parte da sociedade galega está usando a rede con destrezas, intensidades e obxectivos máis ou menos equiparables ás prácticas da nosa contorna europea, mentres que outra significativa parte da nosa sociedade non atopa relevante nin interesante o seu uso (ou o equilibrio entre custo e servizo) como para dispoñer de Internet na casa. Un exemplo ilustrativo que demostra a capacidade da sociedade galega para acoller novos formatos narrativos dixitais puidemos estudalo a mediados da pasada década co auxe dos blogs. En efecto, o crecemento dos blogs en Galicia, un fenómeno exponencial entre 2004 e 2006-2007, era simultáneo (cambiando a escala) con respecto á creación de blogs no resto do mundo.

Da outra banda da fractura, é revelador prestar atención ao traballo dos axentes TIC no rural galego, que adoitan empregar accións de recuperación de memoria como vehículo para implicar emocional e instrumentalmente os usuarios no emprego de novas tecnoloxías. Un dos principais motivos esgrimidos en Galicia para non empregar Internet adoita ser o da ausencia de utilidade. Para rebater este argumento destacan iniciativas como o web *Fálame de San Sadurniño* e o seu formato «as fotos faladas», onde as veciñas e veciños aprenden a dixitalizar material gráfico e a gravarse nun ordenador evocando o que se ve nesas fotografías; deste xeito, o web ilustra o fenómeno de dixitalización e implicación de colectivos que comprenden a utilidade das novas tecnoloxías, inicialmente, como un proceso de recuperación de memoria colectiva.

Ao longo destes quince anos de sociedade da información en Galicia puidemos apreciar a conformación dun territorio dixital no que a sociedade galega interactúa, se desenvolve e evoluciona a nivel dixital. Os *territorios dixitais* non poden ser comprendidos en termos de fronteiras físicas ou mesmo lingüísticas, senón como un conxunto de espazos e servizos públicos e privados orientados a unha comunidade concreta de cidadás e cidadáns con intereses comúns.

Neste sentido, a conformación de Galicia como un espazo plenamente dixital, no que o usuariado podía acceder á información, debate e interacción só pode ser comprendida a partir do xurdimento do web 2.0 a mediados da década pasada e, xa que logo, como parte inherente dun fenómeno global que aínda non rematou e que, abofé, está evolucionando desde as súas propias premisas. Este *territorio* aínda estaba desvertebrado a finais da década dos anos noventa, no século pasado, cando elaboramos o primeiro catálogo de sitios web de Galicia. En *Sitios. Guía web de Galicia* (López *et al.* 1999), os autores e autoras puidemos apreciar como o acceso á web naquel momento estaba especialmente orientado a empresas e institucións, probablemente pola necesidade que había de especialistas. A presenza do galego na rede era residual (menos dun 10% das páxinas tiñan opción a esta lingua) e os contidos culturais eran case inexistentes. Porén, xa naquel entón apreciábase algunha tendencia global que logo foi habitual na Internet galega: a especial viveza e axilidade de colectivos sociais e políticos que se sentían discriminados polos medios de comunicación convencionais. Deste xeito, partidos con pouca representación política dominaban a presenza na rede, moi por riba da hexemonía que se lle podía supor a partidos con forte representación parlamentaria.

O xurdimento dos blogs a partir de 2004, canda unha maior xeneralización de Internet, facultou a entrada no soporte a unha significativa parte do vivo e dinámico sector cultural galego. Neste sentido, a tecnoloxía si que desempeñou un papel fundamental para comprendermos este fenómeno de efervescencia cultural galega na rede. A primeira definición para o que estaba a acontecer débéselle ao editor Tim O'Reilly (2005) durante a realización do congreso Web 2.0 Summit, en San Francisco (EUA), onde é quen de conceptualizar e ver en conxunto tendencias tecnolóxicas que está a apreciar desde varios anos antes. O empoderamento tecnolóxico do usuariado sen formación técnica é unha das claves dese movemento que pasa por xerar negocio a partir da contribución masiva das e dos usuarios a servizos que melloran canto máis uso teñen e contido hospedan. A xeneralización de ferramentas de *blogging* como Blogspot e Wordpress facilitou a entrada tecnolóxica de moitas persoas. Algunhas delas, posteriormente, foron adquirindo competencias tecnolóxicas que permitiron refinar os produtos e preparar publicacións e servizos máis ambiciosos na rede.

É a partir da xeneralización dos blogs onde debemos situar a gran transformación do territorio dixital da cultura galega conforme a entrada xeneralizada de contidos culturais de todo tipo (etnográficos, históricos, musicais, de debate, literarios, etc.), publicados esencialmente a través de tecnoloxía distribuída e xestionada desde servidores estadounidenses, pero á que con certa rapidez se lle engadiron propostas de ámbito galego (Blogoteca e Blogaliza). Estes servidores tiveron éxito entre os usuarios e usuarias galegofalantes e provocaron unha expansión sen igual na historia recente da cultura galega en termos de contidos e conexións entre creadoras/es e consumidoras/es culturais. Isto resulta facilmente demostrable de termos en conta que, ata ese momento, boa parte do coñecemento da cultura galega estaba dispoñible en tecnoloxías analóxicas de alcance limitado a través de redes humanas máis ou menos amplas. Porén, o compoñente analóxico entraba en contradición cunhas demandas cada vez máis diversas de acceso ao coñecemento, especialmente aquel coñecemento publicado e financiado de xeito público.

Unha valoración deste proceso que ocupou a segunda metade da década pasada é o feito de que Internet acolleu a maior posta a disposición pública da cultura galega da súa historia, pero este fenómeno tivo tamén luces e sombras. Se as luces son as posibilidades que se abriron e a nova relación entre local e galego que se estableceu en moitas e moitos activistas culturais ao longo de todo o país, as sombras radicaron precisamente no efémero do fenómeno e no seu retroceso. A rápida migración de actividade de publicación desde os contidos en aberto dos blogs ata as redes sociais privadas produciuse cunha certa rapidez, reaxustando o panorama e diversificándoo.

As maiores capacidades para a conversa e gratificación simbólica (resposta) por parte das redes sociais moveron moitas iniciativas de difusión cara a espazos como Facebook e, por tanto, eliminaron moito contido antes dispoñible en aberto e para todos os públicos, que agora fica limitado a un segmento social máis ou menos amplo (aquele procedente das relacións sociais de cada quen ou da organización á que se representa). Todo isto redunda nun empobrecemento da rede, así como dos recursos dispoñibles e accesibles por parte dos usuarios e usuarias. Ora ben, non hai dúbida de que este fenómeno incorporou un significativo novo número de persoas á conversa e converteu a rede Facebook no espazo cibernético no que a lingua galega se amosa con máis vitalidade e diversidade de rexistros.

Malia estas circunstancias, a Internet da cultura galega convértese nun espazo de gran dinamismo cultural, caracterizado pola emerxencia continua de proxectos, conforme á propia natureza da rede, algúns son efémeros e outros conseguen resistir e desenvolverse. A cultura galega, acostumada a maximizar canles minoritarias para acadar a maior repercusión posible (dado que que a súa

presenza en medios de comunicación convencionais non é todo o ampla que desexarían os colectivos), está a empregar a rede con eficiencia para superar as tradicionais barreiras das redes persoais.

2. A ACHEGA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Neste contexto en que a sociedade civil exerce unha indubidable función motora, as institucións deben reflexionar sobre o seu papel como axentes fundamentais á hora de tratar aspectos importantes da cultura, como son a provisión de contido ou a achega de servizos que as estruturas civís non poden fornecer do mesmo xeito. Na miña opinión, as institucións deben achegar, en primeiro lugar, continuidade aos seus proxectos, na medida en que elas tamén están construídas de acordo con esta continuidade. Fronte á creación enérxica e efémera de proxectos, as institucións deben operar na construción de repositorios fiables de coñecemento que funcionen como axentes estables de apoio, de consulta e de referencia. Iso non entra en contradición co dinamismo e coa innovación na elaboración e adaptación a novas interfaces e tecnoloxías, na capacidade das institucións de exercer como portadoras de novidades tecnolóxicas e culturais que requiren certo investimento económico e humano, pero que poden contribuír a dinamizar os sectores nas que estean involucradas.

En outubro de 2000, o Consello da Cultura Galega (CCG) inauguraba o seu portal de Internet culturagalega.org. Non era a primeira operación en Internet da institución, que dispuña de sitio web corporativo desde 1998. No entanto, era unha operación que se revelou especialmente significativa para a estrutura da institución, na medida en que perdura ata hoxe e foise facendo moito máis complexa. O portal culturagalega.org foi unha iniciativa do entón presidente do CCG, Carlos Casares, quen era consciente da necesidade de crear un espazo de referencia para as novas xeracións nunha rede que, mesmo atopándose aínda nun estado incipiente de crecemento en Galicia, era xa unha realidade innegable en todo o mundo. O portal definiuse como un amplo espazo de representación da cultura galega que prestaba unha singular atención a tres conceptos: información xornalística, servizos e entretemento. Desta volta, a estrutura concibiuse co artellamento dunha pequena redacción que elaboraba —e segue a elaborar— unha proposta informativa diaria, tanto a través de estruturas narrativas xornalísticas máis ou menos convencionais (reportaxes, crónicas, noticias, etc.) como de información de servizos ou determinadas propostas de innovación xornalística. Os servizos estaban substancialmente orientados á realidade da vida cultural (convocatoria de premios e axenda) mais préstanse tamén á actualización diaria. O entretemento construíuse a partir da mostra de

fragmentos ou produtos completos da industria cultural galega en calquera dos seus formatos (texto, audio, vídeo), no que se chaman *soportais*.

Desde 2002, a partir da transformación tecnolóxica do portal e coa reforma do soportal do audiovisual (AVG), o modelo de infoentretenemento de culturagalega.org variou para prestar máis atención á converxencia cun concepto de banco de datos de recursos que se actualizaba e nutría a partir do posicionamento como un medio de comunicación especializado. Deste xeito, os soportais de culturagalega.org comezaron a estruturar a información de acordo con catro eidos: persoas, entidades, produtos e material extra (dossieres promocionais, tráilers...). Este esquema de catro entidades podía aplicarse con facilidade a calquera produto da industria cultural e non tardou en ser replicado nos catro soportais que durante moitos anos coexistiron en culturagalega.org. O esquema permitía unha converxencia interesante cos procesos de produción diaria e convencional, reciclando contido xa realizado en bases e estruturas de datos que cobraban valor co paso do tempo. Máis de 20.000 noticias publicadas entre o 2000 e o 2014, ademais de fichas en crecemento constante de milleiros de empresas, profesionais da cultura e produtos culturais, converte a culturagalega.org na gran base de datos da cultura contemporánea galega.

A clave do novo proceso de culturagalega.org era facer unha énfase na necesidade de construír un discurso de divulgación cultural que acompañase os produtos da alta cultura concibidos e producidos con frecuencia desde as institucións culturais. Deste xeito, contouse con profesionais das Ciencias da Comunicación, que traballaban de xeito interdisciplinar con especialistas en diferentes ámbitos. Nesta filosofía entrou desde o primeiro momento a adopción de fórmulas de cesión de dereitos de propiedade intelectual *Creative Commons* como procedemento de facilitar a distribución do contido e fomentar a súa viralización a través da rede. O Sistema cultural en rede, formado a partir destas experiencias, parte da premisa de que a cidadanía debe ter acceso ao maior número posible de servizos e contidos do CCG con independencia de onde se atope.

Grazas a esta orientación, o CCG foi aplicando o *know how* adquirido a diferentes proxectos, estruturando as súas accións e iniciativas a partir de experiencias previas, ata formar o modelo actual, xerado a partir de culturagalega.org e consellodacultura.org. Mentres culturagalega.gal acolle os contidos culturais alleos ao CCG, e producidos por terceiras partes, o portal consellodacultura.gal exerce como o sitio corporativo que alberga os contidos producidos pola institución. Deste xeito, culturagalega.org chega a un amplo público, heteroxéneo e dun espectro sociolóxico e de intereses máis amplo, mentres que consellodacultura.org presta un especial servizo a persoas interesadas nas temáticas da cultura galega.

A Mediateca do CCG facilita a descarga gratuíta nestes momentos de máis de 500 libros e documentos producidos pola institución e alberga tamén máis de 500 horas de vídeo de conferencias e congresos realizados. A Mediateca, convertida nunha ferramenta fundamental para a distribución de coñecemento por parte do Consello da Cultura Galega, está a complementarse nos últimos anos con repositorios específicos de coñecemento, unha das estratexias en que a institución se vai focalizar máis nos vindeiros anos. Desta maneira, repositorios coma os *Epistolarios* (un innovador xeito de visualización de conversas e correspondencias entre destacados persoeiros da Galicia dos séculos XIX e XX) ou as diferentes propostas de xeolocalización de bens e servizos culturais, coma o *Mapa de Equipamentos Culturais de Galicia*, *Roteiros* e *As Escolas da Emigración*, van converxer na aplicación móbil Leme (para iOS e Android).

Desde a perspectiva do CCG, a rede é clave para o desenvolvemento actual e futuro da cultura e da lingua galegas. A cadea de creación-distribución-consumo está migrando cara a Internet, converténdoa nunha infraestrutura dixital masiva. A esta cadea non pode ser allea tampouco a propia institución e o seu traballo, que nos últimos tempos está evolucionando con rapidez desde o libro impreso cara ás grandes bases de datos de referencia, continuamente actualizadas, explorables e explotables desde diferentes ángulos e puntos de vista. Esta migración non é só física, senón que esencialmente é conceptual. Xa que logo, o gran reto das institucións culturais será, nos vindeiros anos, concibir a rede como un *proceso*, máis que coma un produto rematado.

3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS [ÚLTIMA CONSULTA: MAIO 2015]

Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.gal/>)

Culturagalega.org (<http://www.culturagalega.org/>)

Enquisa de condicións de vida das familias = Instituto Galego de Estatística. (http://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/ecv/ECV_ResumoResultados_galego.html)

Estudo Xeral de Medios 2013 = Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación. (http://www.aimc.es/Entrega-de--resultados-EGM-2%C2%AA-ola,_1287.html)

Fálame de San Sadurniño (<http://www.falamedesansadurnino.org/>)

Fálame de San Sadurniño: as fotos faladas (<https://cemit.xunta.es/actividade/6421>)

LÓPEZ, Xosé / Sonia FERNÁNDEZ PARRAT / Manuel GAGO MARIÑO / Berta GARCÍA OROSA / Xosé Antonio NEIRA CRUZ (1999): *Sitios. Guía web de Galicia*, Santiago de Compostela, Edicións Lea.

O'REILLY, Tim (2005): *The Web 2.0 Summit* (<http://www.oreilly.com/pub/a/web2/-archive/what-is-web-20.html>)

**O BISPO IDEALIZADO NO
CONTEXTO DE REORGANIZAÇÃO
DA IGREJA NO REINO SUEVO:
UMA ANÁLISE DAS ATAS
CONCILIARES BRACARENSES E
DOS ESCRITOS MARTINIANOS**

Leila Rodrigues da Silva

Universidade Federal do Rio de Janeiro –
Brasil

[doi:10.17075/tucmeg.2015.011](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.011)

INTRODUÇÃO

Na segunda metade do século VI, após a conversão dos suevos ao cristianismo, as autoridades clericais locais participaram de um amplo processo de reorganização da instituição eclesiástica. Assim, entre outras iniciativas, participaram da reorganização das dioceses da Galiza⁵⁹ e realizaram dois concílios em Braga,⁶⁰ um em 561 e outro em 572.

O bispo Martinho de Dume, clérigo de reconhecida erudição entre seus contemporâneos, participou de modo atuante destes eventos. Responsável pela presidência do segundo encontro, bem como pela redação de suas atas, Martinho é também autor de um *corpus* documental diretamente associado ao referido processo de reorganização da instituição eclesiástica.⁶¹ Tais escritos indicam que o bispo gozava de importante prestígio no círculo clerical e fora um legítimo representante do segmento episcopal. Nesse sentido, podemos compreender o amplo e sintonizado diálogo estabelecido entre parte da sua obra e as atas conciliares. Ou seja, alguns dos seus textos, como *De Ira* e *De Correctione Rusticorum*, *Capitula Martini*, *De Trina Mersione* e *De Pascha*, compartilham as preocupações discutidas nos concílios e apresentam perspectivas confluentes em relação a tais questões, como veremos adiante.

A conduta episcopal recebeu especial atenção das lideranças religiosas durante os anos seguintes à conversão. Juntamente com o cuidado dedicado à

⁵⁹ O documento conhecido como *Divisio Theodemiri*, embora parcialmente identificado como espúrio por Pierre David (1947: 30-44; 64-68), contém uma relação elaborada no século VI dos bispados do reino suevo com as suas respectivas igrejas paroquiais. De acordo com a introdução do referido documento, o rei Teodomiro teria mandado dividir a província eclesiástica da Galiza em duas. Cabe ressaltar que independentemente de quem tenha sido a iniciativa – do monarca ou dos bispos –, observa-se um processo de reorganização daquela província, que passa a contar com doze dioceses, conforme atesta as atas do segundo concílio bracarense (Vives 1963: 85). Ainda sobre as questões que envolvem as interpolações do *Parochiale Suevo*, ver Díaz Martínez (2011: 244).

⁶⁰ Daqui em diante, o I Concílio e o II Concílio de Braga serão referidos, respectivamente por ICB e IICB.

⁶¹ Barlow realizou, na década de 50, a edição das obras completas de Martinho de Braga. Desde então, apenas mais um estudioso organizou uma edição de, com exceção da obra *De Paschoa*, todos os escritos martinianos. O especialista em questão, Ursicino Domínguez del Val, contudo, reconhece a autoridade de Barlow e utiliza-o como referência. Assim, para as obras de Martinho de Braga aqui citadas, ver Martini Episcopi Bracarensis 1950 e Martín de Braga 1990.

liturgia, à hierarquia, aos dogmas, dentre outros aspectos, podemos observar na documentação o zelo eclesiástico conferido às atribuições e à conduta episcopal. Neste trabalho, à luz da historiografia, interessa-nos analisar as referências a tais aspectos nos escritos martinianos e nas atas conciliares, buscando verificar em que medida é possível identificar um perfil de bispo, caracterizado por um dado modelo de comportamento e respectivas prerrogativas, idealizado pelo próprio episcopado local.

A CONVERSÃO E O PROCESSO DE ORGANIZAÇÃO DA IGREJA LOCAL

Os suevos chegaram à Galiza em princípios do século V. Ali organizaram o núcleo de um *Regnum*, cuja duração se estendeu até 585, quando foram incorporados pelos visigodos. A trajetória religiosa do grupo é marcada por idas e vindas, tendo sido caracterizados como pagãos, católicos, arianos e finalmente, mais uma vez, católicos, em 550. Tal percurso esteve invariavelmente relacionado à conjuntura política, de modo que a primeira conversão ao catolicismo, ocorrida pouco antes do reinado de Requiário (448), é parte do processo de aproximação do monarca com a aristocracia local, predominantemente católica.⁶² Na sequência, a opção pelo arianismo, introduzido no reino em 466, no governo de Remismundo (Idácio 1982: 45), inseria-se em um programa de aliança política com os visigodos. Tal orientação, apenas encobria a situação de submissão dos suevos (Orlandis, 2000: 77; Vilella Masana 2000-2002: 217), que teria durado por várias décadas. A presente conversão, como a anterior, foi um fenômeno superficial, limitando-se à nobreza palaciana e militar (Maciel 1980: 499; Prieto Prieto 1975: 74),⁶³

⁶² De acordo com Hidácio, Requiário, convertido ao catolicismo, assumiu como rei, sucedendo seu pai Réquila. Ainda em conformidade com o cronista de Chaves, a oposição de alguns dos membros da nobreza, embora existente, não evitou a referida sucessão. Nesse sentido, afirma: «Rechila, rex Sueuorum, Emerita gentilis moritur mense Augusto: cui mox filius suus catholicus Rechiarius succedit in regnum, nonnullis quidem sibi de gente sua aemulis, sed latenter» (Idacio 1982: 28). Houve quem relacionasse tal oposição ao fato de que Requiário subia ao trono convertido ao catolicismo (Pinto 1954: 52; Rosário 1958/1959: 69), opção religiosa distinta do perfil pagão que então predominava entre os suevos. Outros autores, mais coerentemente, alegam que a conversão em si não era o motivo central da reação, mas que esta decorreria da sua política de aproximação com a aristocracia local (Torres Rodríguez 1977: 115; García Moreno 2006: 45). Acreditamos, portanto, que a conversão ao catolicismo de Requiário estaria identificada, sobretudo, com uma decisão política, que se associava à possibilidade de apoio da população galaico-romana. Apoio, inclusive, convém destacar, do qual não desfrutava entre alguns membros da nobreza sueva (Silva 2008: 30-23).

⁶³ Apesar de autores como Madoz (1957: 68), Gomes (1990: 157) e Oliveira (1994: 36) assinalarem que durante os anos em que os reis se mantiveram no arianismo, houve perseguição aos membros da instituição eclesiástica local, não há indicações documentais para tal suposição, como apontam autores como Thompson (1980: 78), Ferreiro (1988: 39-40) e Ewig (1990: 765). Na verdade, a correspondência do Papa Vigílio ao bispo Profuturo de Braga sublinha o equívoco daquela conclusão (1879: 829-832). Escrita em 538, tal carta, resposta à consulta feita por Profuturo ao bispado de Roma sobre questões litúrgicas e doutrinárias, evidencia, por um lado, a

diferentemente, portanto, da conversão ocorrida em meados do século VI, em torno da qual fora desencadeado um processo de cristianização de todas as populações do reino (Thompson 1980: 79).

Neste momento, as alusões aos suevos e à região, escassas na documentação, especialmente após o final da crônica de Idácio, concluída em 469, ressurgem. A primeira dessas referências, feita por Gregório de Tours (1996: 299-300), aponta para a importância do ano de 550, devido à chegada de Martinho à Galiza e, na sequência, para a conversão do rei Teodomiro, em torno de 559. A partir de então, destaca-se o estreitamento das relações entre as autoridades políticas e religiosas do reino, juntamente com as suas principais implicações, dentre as quais, há que destacar a transformação da causa religiosa em preocupação também dos governantes. Tal afinidade se expressa no intento de maior assimilação entre as populações locais e sueva, ao que se vinculava um trabalho de cristianização pela via católica (Ferreiro 1983: 374). Os monarcas suevos, depois de Teodomiro, buscaram, portanto, a construção da unidade política por meio da unidade religiosa. Tal postura possibilitou o fortalecimento da Monarquia,⁶⁴ por um lado, e o da Igreja na região, por outro.

Embora a instituição eclesiástica tivesse se mantido relativamente atuante durante as primeiras décadas do domínio suevo, de uma maneira geral não ficou imune aos desdobramentos do assentamento deste grupo na região, bem como de sua inconstância religiosa. Neste cenário, destaca-se particularmente o fato de que, a partir de 409, o priscilianismo, condenado como heresia,⁶⁵ pôde propagar-se na Galiza, beneficiado pela confusa situação experimentada por todos os setores da sociedade. A religiosidade camponesa, caracterizada na documentação eclesiástica como pagã e constituída de manifestações variadas, também foi afetada pelas circunstâncias. Assim, a despeito da possibilidade de tais expressões se tratarem, em parte, de estereótipos construídos a partir de modelos literários previamente concebidos (Filotas 2005: 47-48), havia um ambiente que lhe era favorável.

A ausência por longo tempo de reuniões, como os concílios, justificada especialmente pelo clima geral de instabilidade política, favoreceu o isolamento dos membros da Igreja. Neste contexto, verificou-se, dentre outros desdobramentos, uma relativa identificação do clero com a religiosidade autóctone, o desenvolvimento de particularismos locais e o relaxamento da disciplina e hierarquia eclesiásticas.

preocupação presente nos círculos eclesiásticos bracarense de um comportamento alinhado com Roma e, por outro, alerta para a existência de uma hierarquia estabelecida e um limitado, porém razoável, funcionamento do culto católico.

⁶⁴ Considerando os limites impostos pela natureza do presente texto, as questões concernentes especificamente à Monarquia não serão tratadas aqui. Cf.: Silva 2008: 46-52.

⁶⁵ Em 400, no I Concílio de Toledo (Vives 1963: 25-28).

As autoridades clericais, ao assumirem o compromisso de fortalecimento da Igreja na região, lidaram, portanto com problemas diversos. Na busca de sua superação, várias iniciativas foram adotadas — como a construção de mosteiros, que funcionaram como centros de estudos e de difusão do cristianismo;⁶⁶ a realização de concílios, e a produção de uma literatura de apoio. A cristianização, compreendida como processo, demandou a ação em muitas frentes, sendo o reforço e a divulgação do papel das autoridades eclesiásticas motivo de zelo especial. A tal processo se associava de modo direto a definição de um perfil idealizado de liderança e autoridade eclesiástica.

UM PORTA VOZ DO EPISCOPADO, SUA PRODUÇÃO LITERÁRIA E O BISPO IDEALIZADO

Martinho chegou à Galiza em 550.⁶⁷ Em pouco tempo foi elevado ao bispado de Dume, onde também atuava como abade do mosteiro que fundou. Por volta de 570, acumulava a direção de duas sedes episcopais, Dume e Braga, assumindo a função de metropolitano. A contribuição de Martinho à reorganização e ao fortalecimento da Igreja na Galiza se

⁶⁶ Embora não tenhamos como precisar exatamente quantos mosteiros Martinho teria fundado, de acordo com Isidoro de Sevilha foram muitos. A sua ação como promotor da vida monástica permitiu, conforme destaca González García (1979: 635) que a Galiza se transformasse, em fins do século VI, na província eclesiástica da península hispânica com o maior número de construções dessa natureza. Entende-se, pois, o entusiasmo de Isidoro (1975: 91, 318) ao mencionar o assunto: «[...] cuius studio et pax ecclesia ampliata est et multa in ecclesiasticis disciplinis Galliciae regionibus instituta». Ao que indica documentos escritos no século seguinte na região, como a *Vita Sancti Fructuosi*, a atividade monástica manteve-se intensa. Nesse sentido, o hagiógrafo de Frutuoso lembra, em treze (Díaz y Díaz 1974: VF, 1-4; 6-8; 14-16; 18-20) dos vinte capítulos desta obra, o ímpeto do santo em desenvolver a atividade monástica, por meio da fundação de cenóbios.

A quantidade de mosteiros criados por Martinho, contudo, não é o mais relevante na sua ação monástica, mas sim o papel que assumiram no processo de reorganização e fortalecimento da Igreja na região, particularmente em relação à formação dos clérigos galaicos. A importância de tais estabelecimentos consiste, pois, exatamente na ênfase conferida a tal aspecto, bem como na posição que ocuparam de núcleos de propagação do cristianismo, como ressalta Sotomayor (2004: 537-538).

⁶⁷ As datas concernentes a Martinho de Braga, assim como a maior parte dos dados sobre a sua vida baseiam-se em hipóteses formuladas a partir dos escassos documentos disponíveis para o estudo do reino suevô. Tais aspectos transformaram parte da sua biografia, especialmente antes que tivesse chegado à Galiza, em uma longa sucessão de suposições. De acordo com Gregório de Tours, Venâncio Fortunato e o próprio Martinho, o seu nascimento ocorreu na antiga província romana da Panônia. Assim se pronunciam: «Nam hic Pannoniae ortus fuit [...]» (Gregóire de Tours 1996, Liv. 5, 37: 300); Pannoniae, ut perhibent, veniens [...]» (Fortunatus 1862, v. 88, Lib. 5, 2: 182); Pannoniis genitus, transcendens aequora vasta [...]» (Martín de Braga 1990: 11). Parece razoável supor que Martinho, antes de chegar à Galiza, realizou outras viagens. Nesse sentido, Gregório de Tours ressalta sua visita aos lugares santos: «[...] et exinde ad visitanda loca sancta in Orient properans [...]» (1996, Livre 5, 37: 300); Isidoro de Sevilha sublinha que teria vindo do Oriente por mar: «[...] Orientis partibus nauigans Galliciam uenit [...]» (1964, 22: 145). De acordo com a historiografia, teria estado também na Itália, onde poderia ter realizado estudos (Pérez de Urbel 1963, v. 3: 447; Freire 1978: 1031; Linage Conde 1981: 309). Se da estadia de Martinho na Itália apenas possuímos conjecturas, a sua passagem pela Gália parece bastante provável, já que os vínculos mantidos com Venâncio Fortunato, do que uma carta é a maior evidência (Fortunatus 1862: 177-181), indicam um convívio estreito entre os dois (Martín de Braga 1990: 14). Um longo debate sobre as datas relacionadas à trajetória de Martinho pode ser consultado em Silva (2008: 72-92).

manifestou em variadas frentes e pode, de uma maneira ou de outra, ser constatada em todas as atividades que desenvolveu.

Reconhecido como figura de destaque entre seus contemporâneos, a autoridade martiniana se relacionava, entre outras possibilidades, com a perspectiva de aconselhar os demais membros do episcopado local, aos quais dedicou algumas de suas obras. Dadas as preocupações referentes à cristianização e ao fortalecimento da Igreja, podemos encontrar no conjunto dos seus escritos, com o qual as atas conciliares dialogam, orientações ao comportamento dos diversos atores sociais que compunham a comunidade cristã. Assim, dentre os temas que mereceram atenção, observa-se, especialmente nas obras que dirigiu aos bispos da região, o cuidado conferido às atribuições e à conduta episcopal.

Vários dos bispos⁶⁸ presentes no IICB (572), receberam, em referências explícitas, aconselhamentos de Martinho: Vitimiro, de Ourense, a quem dedicou *De Ira* (Martín de Braga 1990: 135); Polêmio, bispo de Astorga, para o qual produziu o *De Correctione Rusticorum* (Martín de Braga 1990: 145); Nitigio, metropolitano de Lugo e os cinco bispos daquela província, aos quais dedicou os *Capitula Martini* (Vives 1963: 85-86). Entre as obras oferecidas aos bispos da região, podemos mencionar ainda *De Trina Mersione*⁶⁹ e *De Pascha*.⁷⁰

De Ira, escrita após o IICB, é iniciada com uma dedicatória a Vitimiro, na qual Martinho sublinha a importância do comportamento moderado. Na seqüência, atem-se a descrever a aparência física dos que são possuídos pela raiva, caracterizada como um vício que afetaria o corpo e a alma. Dos prejuízos decorrentes de uma conduta tomada pela ira, sublinha a falta de cautela, ações injustas e a prática da violência. O encaminhamento recomendado é o de que se evite a ira, para o que indica cuidado especial com a suspeita de injúria. As maledicências deveriam ser perdoadas, independentemente de quem as cometessem. Se praticadas por pessoas mais poderosas, para a própria proteção, se procedessem dos mais frágeis para que não ensejassem atos sórdidos e covardes por parte do ofendido.

Em sua argumentação lembra que os homens sábios não se deixavam atingir pela ira. Estes, a despeito da possibilidade de serem atacados, se necessário, dissimulavam e jamais admitiam ser tomado por tal sentimento. Se a ira não

⁶⁸ A igreja na Galiza na época da realização do segundo concílio bracarense possuía doze dioceses, que estiveram representadas por seus doze bispos no evento conciliar. Cf. nota 1.

⁶⁹ *De Trina Mersione* se trata de uma resposta a um bispo, chamado Bonifácio, de procedência incerta, sobre algum tipo de consulta referente ao número correto de imersões na cerimônia de batismo (Martín de Braga 1990: 167-169).

⁷⁰ Em relação a esta obra, cabe destacar que, embora Barlow (1950: 270-275) a tenha incluído na publicação das obras martinianas, no que o segue a maioria dos autores, tal decisão não é compartilhada por alguns estudiosos que a consideram espúria (Sotomayor 1979: 395; Altaner e Stuibler, 1988: 489; David 1950: 1-17).

pudesse ser evitada, o tempo deveria ser usado como recurso para minimizá-la. Os capazes de perdoar e retribuir com paciência e amizade as mais fortes manifestações de ira demonstrariam, enfim, sua condição de superioridade.

Se o *De Ira* é um conjunto de conselhos acerca do comportamento que um bispo deveria dispor no plano moral,⁷¹ na redação do *De Correctione Rusticorum*, o autor adotou outra lógica. O texto em questão se trata de um sermão e se autodefine como um conjunto a ser utilizado por Polêmio, em resposta à sua demanda, para instruir a audiência local.⁷² A expansão da fé exigia o contato com as populações camponesas, cuja religiosidade, como já ressaltamos, compreendia manifestações avaliadas como não ortodoxas. Embora o foco seja, portanto, o fiel, ao dedicar este sermão a um bispo, o autor destaca o papel episcopal na expansão e consolidação do cristianismo. A ele caberia conduzir, no âmbito da sua diocese, o processo.

Apesar de não sabermos o momento exato em que o texto foi escrito, é certo que a sua produção é posterior a 572, ano de realização do IICB (Martini Episcopi Bracarensis 1950: 159). Antes de tratar especificamente do tema central do sermão, uma crítica às práticas religiosas e superstições camponesas, Martinho elaborou um resumo das principais passagens presentes nos textos bíblicos. Assim, realizou uma exposição da origem do mundo, da criação do primeiro homem e da sua queda, do dilúvio e da salvação de Noé e dos seus filhos. A utilização de linguagem e estilo simples é lembrada por vários estudiosos como um dos elementos de relevância nesta obra (Martín de Braga 1981: 13). Ao que tudo indica, o *De Correctione Rusticorum* poderia ser lido diretamente para os camponeses ou servir, nas visitas episcopais à diocese, de material à instrução dos párocos, estes mais regulamente em contato com tais populações.

A coletânea conhecida como *Capitula Martini*⁷³ foi anexada às atas do IICB. Composta por oitenta e quatro capítulos, reúne antigos cânones da Igreja, entre os quais podem ser identificados cânones de concílios orientais, africanos, do

⁷¹ O fato de ter sido dedicada a um bispo, evidentemente, não deve ser reconhecimento como prova irrefutável de que as ponderações ali presentes apenas se aplicariam a Vitimiro, nem mesmo apenas aos bispos. De qualquer modo, trabalhamos com a hipótese de que o perfil episcopal é particularmente considerado pelo autor.

⁷² Martinho é certamente leitor de Agostinho. Tributário de um modo geral do pensamento do bispo de Hipona, evidencia com o *De Correctione Rusticorum* um vínculo estreito como o a obra *De Catechizandis Rudibus* (Agostinho 1984), verdadeiro modelo de pregação. Martinho, como o bispo de Hipona, reproduz *topoi* da literatura cristã no que concerne às alusões feitas às populações para as quais seu sermão se dirigia. Assim, ao se reportar à religiosidade das populações camponesas, identifica-as como práticas pagãs e as associa a ignorância. A alusão a estas condições é feita no início da obra e se reproduz em várias outras oportunidades: «breviatio tenuis compendii sermone contingere et cibum rusticis rustico sermone condire [...]» (Martín de Braga 1990: 145). A este respeito cabe ainda lembrar que autores como Elígio de Noyon (588-659), no tratado *De supremo iudicio*; Pirmínio de Reichenau (morto em 753), na obra *Scarapsus de singulis libris canonicis*, e o anglo-saxão Aelfrico, no sermão escrito em torno do ano 1000, *De falsis diis*, provavelmente diretamente influenciados por Martinho, referem-se às populações a cristianizar nos mesmos termos (Mckenna 1938: 86-87; Madoz 1945: 337; Maciel 1980: 525-526).

⁷³ Daqui em diante os *Capitula Martini* serão referidos como CM.

primeiro toledano (Martínez Díez 1975: 99-100) e, provavelmente, material produzido pelo próprio Martinho (Mckenna 1938: 84). Aqui cabe destacar a diversidade dos materiais conhecidos e utilizados por Martinho de Braga, o que denota a sua conexão com um mundo intelectual vibrante.

Martinho realçou neste texto os principais pontos sobre os quais as autoridades eclesiásticas locais se debruçavam no momento. A sistematização das questões em dois blocos, um voltado para os clérigos, contendo sessenta e oito capítulos, e outro para os laicos, totalizando dezessete capítulos, é anunciada pelo autor, na introdução. No que concerne aos bispos, são encontradas vinte e seis referências específicas e quatro dedicadas indistintamente aos bispos e a outros integrantes da hierarquia clerical. A ênfase temática recai no estabelecimento de uma hierarquia eclesiástica mais rigorosa –tendo o metropolitano em seu ápice, seguido dos demais bispos–; na definição do concílio como instância privilegiada às decisões referentes à consagração e jurisdição episcopais, e na administração dos bens eclesiásticos.

De acordo com as orientações presentes nos CM, nas referências direcionadas especialmente ao episcopado, o bispo deveria ser escolhido pelos pares (c. 1 e 9);⁷⁴ possuir instrução adequada (c. 1); acatar em todas as circunstâncias as orientações do metropolitano e dos concílios (c. 2; 3; 4; 9; 13; 18; 19; 35); não ambicionar jurisdição alheia (c. 5; 6; 7; 8; 11; 12), e zelar pelas propriedades da Igreja (c. 10; 14; 15; 16). Em menção indeterminada aos presbíteros e aos bispos, proibia-se o recurso a instâncias que não a conciliar (c. 35; 37), e a emissão de opiniões heréticas (c. 36).

Embora não predomine como temática nos CM, o cuidado com alguns dos aspectos morais do perfil episcopal não foi desconsiderado. Ainda que a proibição à adoção e ao abrigo em casa de quaisquer mulheres que não tias e irmãs fosse destinada também a outros eclesiásticos (c. 32), o bispo é explicitamente advertido a respeito. Ressalta-se, ainda, o fato de que seus familiares são mencionados, indicando a responsabilidade que sobre eles deveria possuir. Sua viúva deveria se manter casta (c. 29) e sua filha, caso, a despeito de ter se comprometido com a vida religiosa, contraísse matrimônio, deveria ser por ele aconselhada (c. 30).

A busca da unidade litúrgica e a responsabilidade conferida ao episcopado sobre este ponto, certamente motivaram a redação de *De Trina Mersione* e de *De Pascha*. O primeiro texto se trata de resposta a um bispo, chamado Bonifácio,⁷⁵ sobre consulta referente ao número correto de imersões na cerimônia de batismo. Com base na tradição antiga e apostólica, Martinho valorizou a Trindade, em oposição às perspectivas ariana e priscilianista, que defendiam a única imersão. Embora não contenha uma dedicatória explícita, *De Pascha*

⁷⁴ Daqui em diante, os cânones serão referidos como c.

⁷⁵ Não há registro na documentação sobre a procedência deste bispo, como informado na nota 14.

certamente foi produzida para todo o episcopado local. Aqui, o bracarense dissertou sobre a mobilidade da Páscoa e a necessidade da definição antecipada da sua data, informação que deveria ser divulgada para todos os bispos, como havia sido deliberado no nono cânone do IICB (Vives 1963: 84).

O já mencionado diálogo estabelecido entre os escritos martinianos e os cânones conciliares garante a recorrência temática no que tange às alusões aos bispos contidas nestes dois conjuntos. Dessa forma, no ICB, realizado em 562, com a presença de oito bispos, em cinco dos vinte cânones, foram frisados princípios que reforçavam a primazia do metropolitano (c. 6); definiam o direito episcopal sobre os bens eclesiásticos, limitando-o a um terço (c.7); indicavam a jurisdição episcopal, com menção direta à proibição de ordenação clerical realizada por bispo de outra diocese (c. 8); restringiam a ascensão ao grau episcopal daqueles que não possuíssem a formação e o conhecimento adequados (c. 20), e responsabilizavam o episcopado pela divulgação dos antigos cânones e da ortodoxia (c. 22). No IICB, realizado em 571, com a presença de doze bispos, em seis dos dez cânones, foram ressaltadas as obrigações do bispo em relação à sua diocese, a qual deveria visitar, antes da Páscoa para as devidas orientações ao clero sobre o batismo, a missa e demais ofícios (c. 1); divulgação do calendário litúrgico, com ênfase na Páscoa; e proibições de cobranças por serviços religiosos, como ordenação, crisma e consagração de igrejas (c. 3; 4; 5; 6 e 7).

O episcopado, procurando assegurar a continuidade da atividade da Igreja sueva na fase recém inaugurada, buscou reforçar sua própria unidade e fortalecer o grupo clerical dirigente. As pressões advindas de uma religiosidade por vezes hostil ao cristianismo, o relaxamento da disciplina, a ausência de uniformidade litúrgica, e a administração imprópria dos bens eclesiásticos implicavam em debilidade e precisavam ser superadas. Ainda que as preocupações episcopais tenham motivado a idealização de um perfil de bispo, cujas características, via de regra, atendem um conjunto geral de expectativas relacionadas ao contexto de fortalecimento da Igreja na Galiza, é possível identificar três eixos em torno dos quais tal perfil fora construído: jurídico-administrativo; moral e ortodoxo.

Especialmente os escritos de cunho canônico revelam mais objetivamente orientações pragmáticas no trato com os temas pautados naquele contexto. Desenha-se em tais textos um perfil episcopal, no qual os aspectos jurídico-administrativos recebem particular atenção. Nesta perspectiva, o bispo idealizado, atento ao seu papel como membro de um conjunto cuja coesão e fortalecimento eram almejados, sem desprezar os muitos temas com os quais deveria lidar, é o campeão na defesa da hierarquia, por um lado, e do concílio, por outro, como instância máxima à qual individual e coletivamente deveria se submeter. Não por acaso, portanto, a autoridade de cada bispo na sua diocese foi

reconhecida e revigorada,⁷⁶ a primazia do metropolitano sobre os bispos foi ressaltada⁷⁷ e a identificação do concílio como instância episcopal para temas importantes concernentes ao episcopado foi reforçada,⁷⁸ totalizando quase vinte menções diretas.

Neste eixo, recebe ainda considerável atenção o ingresso de recursos e o gerenciamento dos bens da igreja de um modo geral. O bispo idealizado deveria garantir que o patrimônio da instituição fosse preservado,⁷⁹ podendo, inclusive, dele usufruir, desde que o fizesse com moderação. Na mesma linha de atuação, deveria se afastar e garantir que seus subordinados igualmente se afastassem de práticas simoníacas.⁸⁰

Em relação ao plano moral, valorizou-se, sobretudo em duas das obras diretamente dedicadas por Martinho aos bispos, uma conduta exemplar: *De Ira* e *CM*. Modelo a ser seguido pelos demais clérigos, mas também pelos fiéis, o bispo idealizado deveria distinguir-se por um comportamento sábio, equilibrado e continente. Suas responsabilidades se estendiam aos familiares, já que na documentação analisada há orientações para o comportamento de sua mulher e filha.

As questões voltadas à ortodoxia são provavelmente as mais disseminadas no conjunto de textos analisados. Os cânones conciliares, o *De Correctione Rusticorum*, *De Trina Mersione* e de *De Pascha* possuem referências contundentes à temática, sendo, inclusive a principal motivação dos três últimos textos. A expansão e a consolidação da fé eram as prioridades sobre as quais o universo eclesiástico estava assentado. O bispo idealizado deveria, portanto, não apenas defender a fé, mas também o arcabouço litúrgico que a reforçava. Pautado na tradição, no texto bíblico e em deliberações antigas deveria se esforçar para que os subalternos na hierarquia incorporassem a defesa da ortodoxia. Para tal, deveria regularmente se fazer presente na diocese, condição necessária à divulgação do calendário e dos procedimentos litúrgicos e à instrução do clero e dos rústicos.

CONCLUSÕES

As obras martinianas permitem, não apenas a observação do reconhecimento do seu prestígio frente aos demais membros da Igreja, mas sobretudo são capazes de evidenciar os anseios, preocupações e pensamento, de uma maneira geral,

⁷⁶ Vives 1963: CM 6, 7: 88; 38: 95; ICB c. 19: 75; CM 40: 97; 52; 53: 99; 56: 100.

⁷⁷ Vives 1963: ICB c. 6: 72; IICB c. 9: 84; CM 2; 3; 4; 7: 87-88.

⁷⁸ Vives 1963: CM 1: 86; 2: 87; 8; 9: 88; 13: 89; 19: 92.

⁷⁹ Vives 1963: ICB c. 7; IICB c. 10; 14; 15; 16.

⁸⁰ Vives 1963: IICB c. 3; 4; 5; 6; 7.

desses religiosos. Martinho não é apenas o conselheiro, ou o homem culto, ou o metropolitano a quem se recorre diante de dificuldades, mas é tudo isso e, principalmente, uma espécie de porta-voz das autoridades eclesiásticas locais. Assim, é capaz de propor um modelo de bispo compatível com os interesses de todo o segmento episcopal, em uma conjuntura de reorganização da Igreja na região.

O segmento episcopal institui regras e buscou garantir o cumprimento do estabelecido, condição necessária a sua coesão, estabilidade e fortalecimento. O bispo nesta perspectiva fortalecia-se, na medida em que o episcopado como um todo reconhecia que o sucesso da instituição era responsabilidade sua. A religiosidade camponesa e as práticas heréticas; o relaxamento da disciplina e da hierarquia; a diversidade litúrgica, e o tratamento inadequado das propriedades eclesiásticas representavam alguns dos pontos que mereciam atenção. Associadas a este conjunto, a recorrência com que determinadas indicações aparecem nos textos revela a importância que o bispo idealizado possuía naquela conjuntura, já que peça importante na construção de um episcopado coeso.

Considerando as várias frentes em que precisaria atuar, o perfil episcopal caracterizou-se pela ênfase em três eixos: jurídico-administrativo; moral e ortodoxo, cujos elementos estão distribuídos no conjunto de obras martinianas dedicadas aos bispos e nos cânones conciliares. Ainda que não se possa atestar categoricamente a existência de uma hierarquia no que concerne à valorização de tais eixos, observa-se um maior equilíbrio entre as preocupações referentes ao primeiro e o último. A despeito da importância que a conduta moral do bispo idealizado deveria possuir, no contexto de reorganização e fortalecimento da igreja, o bispo idealizado constitui-se, sobretudo, com o foco em suas atribuições e preocupações relacionadas ao plano jurídico-administrativo e à ortodoxia.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGOSTINHO (1984): *A Instrução dos Catecúmenos. Teoria e prática da catequese*, Petrópolis, Vozes.
- ALTANER / STUIBER (1988): *Patrologia. Vida, obras e doutrina dos Padres da Igreja*, São Paulo, Paulinas.
- DAVID, P. (1947): *Études Historiques sur la Galice et le Portugal du Vie au Xie siècle*, Paris, Les Belles Lettres.
- DAVID, P. (1950): «Saint Martin de Braga. Est-il l'auteur d'un traité de comout pascal?», *Bulletin des Études Portugaises*, tirage à part, 1-17.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. (ed.) (1974): *La vida de San Fructuoso de Braga*, Braga, Diário do Minho.
- DÍAZ MARTINEZ, P. (2011): *El reino suevo (411-585)*, Madrid, Akal.

- EWIG, E. (1990): «La Labor Misionera de la Iglesia Latina», en Hubert Jedin (dir.), *Manual de Historia de la Iglesia. La Iglesia Imperial después de Constantino hasta fines del siglo VII*, Barcelona, Herder.
- FERREIRO, A. (1988): «Early Medieval Missionary Tactics: The Example of Martin and Caesarius», *Studia Historica. Historia Antigua*, 6, 226-238.
- FERREIRO, A. (1983): «St. Martin of Braga's Policy toward Heretics and Pagans Practices», *The American Benedictine Review*, 34, 372-395.
- FILOTAS, B. (2005): *Pagan Survivals, Superstitions and Popular Cultures in Early Medieval Pastoral Literature*, Toronto, Pontifical Institute of Mediaeval Studies.
- FORTUNATUS, V. (1862): «Opera Omnia», en Jacques Paul Migne (ed.), *Patrologiae. Cursus Completus. Series Latina*, Paris, Garnier, v. 88. Lib. 5, 1-2.
- FREIRE, G. (1978): «Martini di Braga. Vita. Opera. Azione Monástica», en *Dizionario degli Istituti di Perfezione*, Roma, Paoline, 1029-1034.
- GARCIA MORENO, L. A. (2006): «La Iglesia y el cristianismo en la Galicia de época sueva», *Antigüedad y Cristianismo: Monografías Históricas sobre la Antigüedad Tardía*, 23, 39-56.
- GOMES, M. J. da S. (1990): «Martinho de Dume: a sua ação litúrgico-pastoral», en *Actas do Congresso Internacional do IX Centenário de Dedicção da Sé de Braga*, Braga, Universidade Católica Portuguesa / Faculdade de Teologia, vol 3, 157-166.
- GONZÁLEZ GARCÍA, T. (1979): «La Iglesia desde la conversión de Recaredo hasta la invasión árabe», en Ricardo García Villoslada (dir.), *Historia de la Iglesia en España. La Iglesia en la España romana y visigoda (siglos I-VIII)*, Madrid, BAC.
- GREGOIRE DE TOURS (1996): *Histoire des Francs*, Trad. Robert Latouche, Paris, Les Belles Lettres.
- IDÁCIO DE CHAVES (1982): *Crónica*, Ed. José Cardoso, Braga, Universidade do Minho.
- ISIDORO DE SEVILLA (1975): *Historia de los Godos, Vándalos y Suevos*, Ed. e trad. Cristóbal Rodríguez Alonso, León, Caja de Ahorros y Monte de Piedad de León / El Diocesano de León.
- LINAGE CONDE, A. (1981): «San Martín de Braga en el Monacato Prebenedictino Hispano. Evocación Martiniana en el Centenario de San Benito», *Nova et Vetera*, 11, 307-321.
- MACIEL, M. J. P. (1980): «O "De Correctione Rusticorum"», *Bracara Augusta*, 34, 485-561.
- MADOZ, J. (1945): «Una nueva recensión del "De Correctione Rusticorum", de Martín de Braga», *Estudios Eclesiásticos*, 19, 335-353.
- MADOZ, J. (1957): «Arrianismo y Priscilianismo en Galicia», *Bracara Augusta*, 8:1/2, 68-86.
- MARTÍN DE BRAGA (1981): *Sermón contra las supersticiones rurales*, Ed. e Trad. Rosario Jove Clois, Barcelona, Albir.
- MARTÍNEZ DÍEZ, G. (1975): «Los concilios suevos de Braga en las canónicas de los siglos VI-XII», *Atas da Semana Internacional de Direito Canônico Braga*, 14, 93-105.
- MARTINI EPISCOPI BRACARENENSIS (1950): *Opera Omnia*. Edidit Claude W. Barlow, New Haven, The American Academy in Rome.
- MCKENNA, S. (1938): *Paganism and Pagan Survivals in Spain up to the Fall of the Visigothic Kingdom*, Washington, The Catholic University of America.
- OLIVEIRA, M. de (1994): *História Eclesiástica de Portugal*, Lisboa, Europa-América.
- ORLANDIS, J. (2000): «La doble conversión religiosa de los pueblos germánicos (siglos IV al VIII)», *Anuario de Historia de la Iglesia*, 9, 69-84.

- PÉREZ DE URBEL, J. (1963): «Las Letras en la España Visigoda», en Ramón Menéndez Pidal (dir.), *Historia de España. España Visigoda*, Madrid, Espasa-Calpe, 3.
- PINTO, S. da S. (1954): «Requiário de Braga. O primeiro rei católico do orbe latino», *Bracara Augusta*, 5, 44-60.
- PRIETO PRIETO, A. (1975): «El marco político religioso de los concilios bracarenses I y II», *Atas da Semana Internacional de Dereito Canónico Braga*, 14, 33-91.
- ROSÁRIO, A. (1958/1959): «Teologia da conversão na conversão do rei Requiário e dos suevos», *Bracara Augusta*, 9/10, 67-73.
- SILVA, L. R. da (2008): *Monarquia e Igreja na Galiza na segunda metade do século VI: o modelo de monarca nas obras de Martinho de Braga dedicadas ao rei suevo*, Rio de Janeiro, EdUff.
- SOTOMAYOR, M. (1979): «La Iglesia en la España romana», en Ricardo García Villoslada (dir.), *Historia de la Iglesia en España. La Iglesia en la España romana y visigoda (siglos I-VIII)*, Madrid, BAC.
- SOTOMAYOR, M. (2004): «Las relaciones iglesia urbana - iglesia rural en los concilios hispanorromanos y visigodos», *Antigüedad y cristianismo: Monografías históricas sobre la Antigüedad tardía*, 21, 525-542.
- THOMPSON, E. A. (1980): *The Conversion of the Spanish Suevi to Catholicism. Visigothic Spain: New Approaches*, Oxford, Clarendon.
- TORRES RODRÍGUEZ, C. (1977): *El reino de los suevos*, La Coruña / Santiago de Compostela, Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde Fenosa / Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos.
- VIGILIO (1879): «Epistola ad Profuturum episcopum», en Jacques Paul Migne (ed.), *Patrologiae. Cursus Completus. Series Latina*, Paris, Garnier, 84, 829-832.
- VILELLA MASANA, J. / MAYMÓ, P. (2000-2002): «Religion and Policy in the Coexistence of Romans and Barbarians in Hispania (409-589)», *Romanobarbarica*, 17, 193-236.
- VIVES, Jose (ed.) (1963): *Concilios Visigóticos e Hispano-Romanos*, Madrid, Instituto Enrique Flórez.

**AS COORDENADAS POLÍTICAS
DA ELECCIÓN DA LINGUA DE
COMUNICACIÓN DA IGREXA
CATÓLICA EN GALICIA E
CASUBIA**

Maria Boguszewicz

Universidade de Varsovia (Polonia)

[doi:10.17075/tucmeg.2015.012](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.012)

O presente artigo trata de dous elementos que son fundamentais para todas as culturas: a lingua e a relixión. A lingua non é só un dos vehículos da comunicación senón todo un sistema que estrutura o noso modo de percibir o mundo. A relixión é a expresión do *sacrum* e a Igrexa é a institucionalización da relixión na sociedade. A lingua ten unha importancia extraordinaria na práctica relixiosa. A Igrexa católica tivo a conciencia do peso do elemento lingüístico na súa ensinanza. Houbo dous momentos especialmente importantes neste sentido: o Concilio de Trento (1545-1563) e o Concilio Vaticano II (CVII) (1962-1965). No primeiro, que se produciu como reacción fronte á reforma luterana, había que decidir se a lingua da Igrexa católica debía seguir sendo o latín ou, como postulaban os protestantes, debían pasar a ser as linguas vernáculas (Ferro Ruibal 1987: 28-29). A solución que se deu ao problema foi salomónica: mantívose o latín nos ritos litúrxicos, coma unha especie da lingua sacra, pero recurriuse ás linguas vernáculas na ensinanza e na evanxelización. O CVII foi crucial para a Igrexa católica, non só na dimensión lingüística. A súa apertura ao mundo moderno, o *aggiornamento*, significou o achegamento da distancia entre os crentes e Deus convertendo as súas relacións en máis directas e íntimas. De acordo con esta nova perspectiva, na comunicación entre o Pai e os seus fillos non se podía empregar o latín porque xa non era a lingua materna de ningún crente. Ao abandonar o latín neste tipo de comunicación, a Igrexa católica non decidiu recorrer ás linguas oficiais senón ás vernáculas. Esta conclusión conciliar tivo un peso inmenso precisamente no caso das linguas que non gozaban do estatus da oficialidade nos seus territorios. A actitude lingüística das igrexas locais despois do CVII puido decidir a sorte das linguas minorizadas fomentando o seu uso ou contribuindo á súa extinción. Xoán XXIII na súa carta encíclica *Pacem in Terris*, dedicándolles ás minorías étnicas uns apartados no capítulo III, escribiu: «Deve-se declarar abertamente que é grave injustiça qualquer ação tendente a reprimir a energia vital de alguma minoria» (Xoán XXIII 1963). Porén, a elección da lingua vehicular da Igrexa non sempre respondía á realidade lingüística dos territorios da súa actuación. Tanto Galicia como Casubia son precisamente o tipo de minoría étnica que evoca Xoán XXIII (1963) na mencionada encíclica:

Caso peculiar desta situação é o proceso político que se veio afirmando em todo o mundo, desde o século XIX, a saber, que pessoas de uma mesma raça aspirem a constituir-

se em nação soberana. Entretanto, por diversas causas, nem sempre pode realizar-se este ideal. Assim dentro de uma nação vivem não raro minorias de raça diferente e daí surgem graves problemas.

Non son as únicas características que comparten estas dúas rexións, hainas moitas máis en tódalas dimensións: económicas, sociais, culturais, sociolingüísticas, xeográficas e históricas. Neste artigo, porén, limitarémonos a sinalar só as que teñen unha incidencia particular para a temática que tratamos. Ambas rexións están situadas no norte, na costa do mar, nunha localización periférica e, durante moito tempo no caso de Casubia, fronteiriza. Durante séculos a principal rama da economía destes territorios era a agricultura e a pesca. En Galicia, a debilidade das cidades galegas e, en Casubia, a concentración da aglomeración en Gdańsk provocou a predominancia do rural sobre o urbano. Aínda que o campesiñado dominaba cuantitativamente a sociedade galega e casubia, foron o clero e a fidalguía as clases que compartían o poder nestas rexións. A difícil situación económica destes territorios (baixo nivel de industrialización ata o século XX, dificultades para a labranza da terra, entre outros problemas) xerou a sangría migratoria aos países veciños e, desde a segunda metade do século XIX, tamén a América (no caso galego sobre todo a Arxentina, no casubio a Canadá e Brasil). Na orde política, o Reino de Galicia e os principados pomeranos de Casubia perderon a independencia na Idade Media pasando á dominación castelá e á alemá ou polaca, respectivamente. Tanto os galegos como os casubios pasaron pola traumática experiencia da guerra, a exterminación da súa intelectualidade e a implantación do réxime totalitario (franquismo en Galicia e comunismo en Polonia).

Unha atención especial merece o papel do párroco na sociedade campesiña e o lugar da parroquia rural na cultura galega e casubia. A autoridade exercida polo cura nas aldeas galegas e casubias era enorme ata non hai moito tempo e, en gran medida, mantense na actualidade. A parroquia aldeá desempeñou en boa parte da historia de Galicia o papel do centro cultural e social da vida labrega (Mandianes Castro 1997: 474). Xosé Chao Rego describe o adro da parroquia rural como «o lugar do encontro dominical no que «se fai parroquia»», danse noticias e ás veces mesmo se realizan transaccións comerciais: un verdadeiro lugar de encontro, especie de «praza maior», que outras non existen» (Chao Rego 1988: 43-44). Na difícil historia de Casubia, dividida entre dúas potencias, pasando das man en man, a igrexa converteuse no factor identitario da nacionalidade casubia (no marco da nacionalidade polaca), o baluarte da súa tradición. Como escribía en 1967 Helena Przesławska, unha das primeiras sociólogas de Casubia: «a vida comunitaria da aldea casubia centrábase desde os comezos da súa existencia, e segue centrándose ata hoxe, ao redor da igrexa e a parroquia como unha institución máis antiga e máis tradicional neste territorio. A parroquia en Casubia durante a longa dominación

alemá foi un refuxio especialmente estable da poloniedade e centro da loita pola independencia» (Synak 1998: 110).⁸¹

A similitude de certas características e experiencias de Galicia e Casubia non significa en absoluto que non haxa diferenzas importantes entre elas. A diferenza fundamental, que hai que destacar ao principio, e a división do territorio primitivo de Casubia (Pomerania) entre Alemaña (Brandemburgo e Prusia) e Polonia na Idade Media. De todas formas, este territorio nunca chegou a formar un organismo estatal unificado compóndose de varios principados pomeranos. A unidade casubia máis forte foi o principado de Szczecin no que a elite local se xermanizou aínda antes da perda da independencia por considerar a cultura alemá máis atractiva. A parte de Casubia que permaneceu baixo a dominación alemá, foi sometida a un forte influxo do protestantismo. Foi precisamente a actividade do clero protestante nestes territorios coa que se relacionan os comezos da tradición escrita en casubio no século XVI e XVII. Porén, á parte dalgúns textos de carácter relixioso desa época (Pontanus, Korfej), a lingua casubia tivo que agardar ata o século XIX para converterse nunha lingua literaria e escrita. Os avances na normalización do casubio, que se deron ao longo do século XX, víronse truncados pola Segunda Guerra Mundial e a implantación dun réxime totalitario en Polonia. Xunto á persecución da lingua levada a cabo polas autoridades comunistas, procedeuse á realización dunha política consistente na repoboación masiva e forzosa dos territorios casubios coa poboación doutras rexións polacas, por exemplo das terras do leste.⁸² A consecuencia deste proceso, a estrutura étnica de Casubia cambiou dramaticamente. O proceso da normalización lingüística, recobrado despois da democratización de Polonia (1989), aínda non alcanzou o nivel que ten actualmente o galego e os casubios non gozan dos dereitos dos que dispoñen os galegos no Estado español. A normativización do casubio, teoricamente rematada, dista moito de ser realmente aplicada na cultura e na sociedade (Synak 1998: 182). Aínda que no territorio central de Casubia entre un 80 e un 90% da poboación fala casubio (nas cidades e nos terreos fronteirizos esta porcentaxe descende ata o 10-15%) e para o 60% é súa primeira lingua, a metade deles avergónñase da súa lingua e non a usa fóra do círculo familiar ou veciñal (Synak 1998: 182; Borzyszkowski/Mordawski/Treder 1999: 134).

⁸¹ Todas as traducións do polaco son da autora.

⁸² Aínda que esta medida foi motivada nun primer momento pola modificación das fronteiras despois da guerra, a elección do territorio non foi casual e non sempre as repoboacións coincidiron co fluxo migratorio; véxase, por exemplo, a moi controvertida acción Vístula no sueste de Polonia. Ademais, no caso dos territorios de Casubia e de Mazury o factor étnico foi moi confuso, xa que moitos dos seus habitantes, cidadáns polacos de antes da partición, ou tiñan unha identidade vacilante ou, aínda autoidentificándose coa nacionalidade polaca, non foron percibidos como tales nin polas autoridades nin pola sociedade polacas. De todas formas e independentemente dos motivos desta medida, non se pode negar que a estrutura étnica e polo tanto a situación lingüística experimentaron en consecuencia cambios radicais (Borzyszkowski/Mordawski/Treder 1999: 64).

A condición do casubio coma unha lingua codificada pero non normalizada así como a súa limitada área e o reducido número dos seus usuarios respecto ao galego non permiten facer unha comparación cuantitativa.⁸³ Aínda se de todas formas quixeramos facer un estudo comparativo, para o caso de Casubia faltan datos básicos. Hai un certo número de investigadores que se dedican á problemática casubia desde as perspectivas sociolóxica, antropolóxica e histórica, entre outras. Porén estes estudosos non dispoñen do soporte económico suficiente para levar a cabo un proxecto estadístico que abranga todo o territorio de Casubia e se aplique con regularidade. En consecuencia, os datos que podemos adiantar na parte dedicada a Casubia son normalmente deficientes, imprecisos e os métodos de conseguilos non foron unificados.

O marco temporal elixido para o presente estudo é o período que transcurre desde o CVII (1962-1965) ata a actualidade. É evidente, porén, que para explicar certos fenómenos que están presentes ou xorden neste período, hai que retroceder ata as súas raíces en épocas anteriores. Por outra parte, as tendencias recentes que se observan nas Igrexas galega e casubia e a reestruturación da escena política en Casubia que se produce nos últimos anos impoñen unha extrema cautela no momento de sacar conclusións contundentes desta análise.⁸⁴ Tamén cabe recordar que o período sinalado inclúe as épocas da explícita falta de liberdade de expresión tanto en Galicia (ata 1975) como en Casubia (ata 1989) que tivo unhas consecuencias determinadas para a situación lingüística dos territorios estudados.

Feitas as observacións previas, podemos agora indicar o obxectivo do estudo que é a busca dos factores que condicionan a actitude lingüística da Igrexa católica en Galicia e Casubia. Determinamos esta actitude a base de tres criterios principais: a presenza das linguas galega e casubia nas actividades da Igrexa (por exemplo, misas, celebracións, catequeses e publicacións); as declaracións respecto o idioma e o seu uso litúrxico por parte da xerarquía eclesiástica e do clero baixo; e, por último, a opinión sobre o papel da Igrexa no mantemento e a promoción da lingua vernácula expresada polos militantes do movemento nacional/ rexional en Galicia e Casubia.

⁸³ Os datos dos que dispoñemos din que, no censo do 2011, das 229.000 persoas que declararon a nacionalidade casubia só 106.000 declararon o uso da lingua (GUS 2012: 118 e 120). En Galicia un 54,84% dos 2.800.000 habitantes de Galicia declara un uso real do galego (Instituto Galego de Estatística). Debemos ter en conta que os datos non son comparables xa que no primeiro caso se fala do número das persoas que declaran a nacionalidade casubia, e no segundo dos habitantes de Galicia.

⁸⁴ A ruptura do monopolio da Asociación Casubia-Pomerana (*Zrzeszenie Kaszubsko-Pomorskie / Kaszëbskò-Pòmòrszcé Zrzeszenié*) (ACP) e a aparición das tendencias máis esquerdistas e menos tradicionalistas no movemento nacional casubio.

A ACTITUDE LINGÜÍSTICA DA IGREXA CATÓLICA EN GALICIA

O trazo máis característico do proceso da entrada do galego no ámbito relixioso é a iniciativa dos laicos. Foron as organizacións segrares (*Deus Frantesque Gallaetiae* e Mocidade Católica Galega, e máis tarde Boa Nova e Irimia) as que reclamaron o uso do galego na liturxia e propuxeron as primeiras traducións, non oficiais, do misal e da Biblia. Celebrado o CVII, as Igrexas locais tiveron que resolver por que linguas substituír o latín. De acordo coas directrices conciliares que falaban das linguas vernáculas e non oficiais, a Conferencia Episcopal Española (CEE) declarou que tales linguas en España eran catro: castelán, catalán, euskera e galego. Esta decisión da CEE abría ao galego as portas das igrexas galegas só en teoría, porque, segundo a Constitución «Sacrosanctum Concilium» (Art.36§3), a iniciativa pertencelle á autoridade eclesiástica local. No boletín do Arcebispo de Compostela do 20 de decembro de 1964 lemos que a lingua vernácula de Galicia é o castelán e desde xaneiro do ano seguinte introduciuse o misal neste idioma en tódalas igrexas galegas (López Muñoz 1989: 33). Ao mesmo tempo, na prensa local galega, desenvolvíase o debate sobre o uso do galego na liturxia. O punto culminante da discusión foi a publicación da carta aberta aos bispos de Galicia, en prol da introdución do galego na Igrexa, firmada por 1.200 persoas, moitas delas representantes da vida cultural. O emprego litúrxico do galego foi finalmente autorizado en 1969, pero o primeiro misal oficial nesta lingua non foi publicado ata 1988 e a Biblia ata dous anos despois. Aquelas publicacións ían eliminar os últimos obstáculos nunha plena entrada do galego nas igrexas, pero a situación non cambiou substancialmente. Dez anos despois, as misas galegas tiñan lugar só nun 14% das parroquias constituíndo un 7% do total das misas dominicais (López Muñoz 1989: 201). Aínda que estes datos non deixan supoñer un cambio radical na actitude lingüística da Igrexa en Galicia nos próximos anos, cabe apuntar a aparición dun fenómeno recente no clero baixo galego. No ano 2009 formouse o Foro de Curas Galegos Bispo Araúxo que no seu manifesto asegurou que «hai unha Igrexa galega que existe e resiste» (Galicia Dixital).

Victorino Pérez Prieto, cura que dedicou varios libros ao tema do galeguismo e a relixión, recoñecendo o papel dalgúns clérigos para a cultura galega, di: «a realidade é que os galeguistas desconfían da Igrexa porque a Igrexa desconfía dos galeguistas» (Pérez Prieto 1996). Efectivamente, nas conversacións privadas cos galeguistas que a autora tivo ao longo dos últimos seis anos da recolleita do material para este artigo, non atopou nin unha soa persoa que defendera decididamente a postura da Igrexa católica fronte á cultura propia de Galicia. Si houbo algunhas que a matizaron como Xesús Ferro Ruibal (Santiago de Compostela, 2007) e Benito González Raposo (Santiago de Compostela, 2007). Porén, a opinión da inmensa maioría dos meus interlocutores foi

negativa neste sentido considerando a Igrexa como un dos grandes factores da castelanización de Galicia, como mo expresaron por exemplo Manuel González González (Varsovia, 2008) e Xosé Enrique Costas (Allariz, 2007).

De forma que a pregunta feita publicamente en 1960 por Otero Pedrayo a Ángel Temiño Saiz (bispo de Ourense entre 1952 e 1987): «¿Por qué a Igrexa non reza en galego?» (López Muñoz 1989: 31) parece seguir vixente no ano 2013. Aínda que Pedrayo non recibiu a resposta á súa pregunta, o bispo Temiño dixo noutra ocasión: «El pueblo gallego no entiende el gallego» (López Muñoz 1989: 46). Foi da mesma opinión Vicente Enrique y Tarancón (primado de España nos anos 1969-1971, presidente da CEE entre 1971-1981) quen afirmou en 1968: «En Galicia no se habla gallego» (López Muñoz 1989: 41). Porén foi José Guerra Campos (de orixe galega, bispo auxiliar de Madrid–Alcalá desde 1964, Secretario Xeral da CEE) quen máis atinadamente resumiu a actitude lingüística do clero galego: «Yo no me presentaría ante Dios en alpargatas» (López Muñoz 1989: 34). Por outra banda, non debemos esquecer os exemplos, por moi poucos que sexan, dunha postura máis favorable coa lingua galega, como a de Manuel Lago González (bispo de Tui nos anos 1917-1923, arcebispo de Santiago de Compostela entre 1923 e 1925) e Fernando Quiroga Palacios (bispo de Mondoñedo desde 1945, arcebispo de Santiago de Compostela desde 1949). No primeiro caso, trátase de anos moi anteriores á celebración do CVII, cando, de acordo coas directrices do Concilio de Trento, as linguas vernáculos podían aplicarse só na actividade catequética. En todo caso, este bispo empregaba o galego máis ben na súa actividade artística. O segundo foi unha figura controvertida, pero non se lle poden negar os méritos no campo da liturxia galega xa que foi o primeiro cardeal que celebrou misa nesta lingua. Porén, o exemplo máis pertinente dun maior compromiso coa lingua galega é o patrón do xa mencionado Foro de Curas Galegos. O bispo Araúxo escribiu na súa *Memoria da vida* (1993): «A Igrexa galega ten unha débeda e un pecado histórico con respecto ó noso pobo: esquecer a nosa lingua e a nosa cultura» e «Ser galego e non exercer de galego é unha esquizofrenia mental e cordial. E aínda máis, para un cristián é un pecado contra o misterio da encarnación» (Galicia Dixital).

Hai máis de vinte anos os párrocos en Galicia declarábanse na súa maioría proclives ao uso do galego en liturxia (en varias proporcións co castelán), pero despois de dez anos seguían sen empregalo o que levou a Daniel López Muñoz a realizar outro estudo sociolóxico para entender as causas desta actitude (López Muñoz/García Cendián 2000: 9). Na *Carta da parroquia* de Santa Eulalia de Vedra o párroco Armindo Iglesias, preguntado por que non a fai en galego, contesta: «También mis padres usaron el arado romano y el carro de bueyes y ahora se usa el tractor, el coche y máquinas modernas.

[...] Cada ano dicen que desaparecen del mundo unos 50 idiomas. Lástima que no desaparezcan muchos más» (Iglesias 2008: 9).

No século XIX a Igrexa optou polos fillos dos campesiños nos seminarios para asegurarse o apoio desta clase social na súa loita co liberalismo (Mariño Paz 1998: 340). Como os labregos en Galicia eran daquela practicamente monolingües en galego, a lingua da instalación do clero tivo que ser tamén o galego (Mariño Paz 1995: 563n). Aínda hoxe a primeira lingua dun 73%-75% dos párrocos en Galicia é o galego (Ferro Ruibal 1990: 351; López Muñoz/García Cendián 2000: 9) polo cal resulta evidente que o lugar da formación dos futuros cregos tivo que ser un factor decisivo na súa actitude lingüística. O xa mencionado párroco de Santa Eulalia de Vedra lembra nas páxinas da *Carta da parroquia*: «Por los años 1940 nos prohibían hablar Gallego en el Seminario» (Iglesias 2008: 10). Un dos poucos que combatían os castigos por falar galego nos seminarios foi Manuel Espiña Gamallo (director espiritual do Seminario Menor de Belvís en Santiago de Compostela), pero non puido evitar a estigmatización dos galego-falantes polos compañeiros (Gómez González 2010; Ferro Ruibal 2000: 43). O galego, xa asociado socialmente coa rusticidade, quedaba así relegado ao uso íntimo marcado polo sentimento de inferioridade e o castelán adquiría os trazos da universalidade no emprego diario e da sacralidade no litúrxico. Ferro Ruibal, seminarista nos anos sesenta, testemuña:

Eu mesmo, se o cardeal Quiroga non me mandase a estudar a Roma, posiblemente non descubriría a miña galegitude. [...] No Seminario viviamos un falso universalismo que nos facía pensar que nós estabamos fóra do mapa, cando era precisamente porque estabamos neste punto concreto do mapa polo que viviamos esta estúpida situación. Foi grande a miña sorpresa ver de repente que nin ós cataláns, nin ós vascos nin a moitos compañeiros de razas distintas que alá tiven lles pasaba semellante cousa. Este falso universalismo tíñanos en Babia, nin eramos deste tempo e desta terra nin eramos capaces de sintonizar coas directrices da Igrexa universal. (Ferro Ruibal 1990: 48)

Na actualidade, a lingua galega non está perseguida nos seminarios e os seminaristas decláranse libres dos prexuízos lingüísticos valorando positivamente a introdución deste idioma na liturxia (López Muñoz 1989: 149n).

Sexan libres destes prexuízos ou non, os cregos galegos son conscientes da súa existencia xa que maduraban nunha Galicia marcada polo autoodio. O sentimento de inferioridade dos galegos vén de antano e asentouse socialmente ao longo dos séculos. Desde a Idade Media, cando o Reino de Galicia empezou a facer parte da Coroa de Castela e León, a elite autóctona foi paulatinamente substituída pola foránea. A política centralizadora dos Reis Católicos e posteriormente dos Borbóns impuxo o castelán como o idioma oficial do

Estado. A dependencia económica de Madrid e a condición periférica da rexión impediron o debido desenvolvemento da industria, do comercio e, moi especialmente, da agricultura. A conseguinte perda do equilibrio poboación-recursos fixo de Galicia a principal provedora de man de obra barata noutras partes da Península Ibérica. Emigraban, loxicamente, os máis desfavorecidos que pertencían ás camadas baixas da sociedade galega. O contacto cos inmigrantes era moitas veces a única experiencia galega que tiñan os habitantes das rexións de acollida. Non obstante, este contacto limitado e unilateral foi suficiente para que se formara o estereotipo negativo do galego en España e Portugal. Proba diso é a imaxe dos galegos que xorde do teatro do Século de Ouro español e da literatura de cordel portuguesa. O mesmo galego estereotipado aparece no *villancico de gallego* (vs. *villancico en gallego*; Villanueva 1994: 78) tan popular nas catedrais castelás, andaluzas e portuguesas hasta finais do século XVIII. Aínda peor presentada está Galicia e as súas xentes na *Descripción del Reyno de Galicia* (atribuído erroneamente a Góngora; Filgueira Valverde 1969: 239), *Cierto castellano empleado en Galicia hace la descripción siguiente del Reyno y sus gentes* e outros versos injuriosos do XVIII. A persistencia deste estereotipo negativo do galego obsérvase nos chistes que se contan actualmente sobre os galegos en Latinoamérica:

Un gallego le dice a otro:

Oye, Manolo, pásame otro shampoo.

Pero si ahí en el baño hay uno.

Sí, hombre, pero este es para cabello seco y yo ya me lo he mojado.

Ou este outro:

¿Por qué un gallego mira fijamente el cartón de jugo?

Porque tiene escrito «concentrado».

Do predominio da agricultura na economía galega souberon beneficiarse dúas clases sociais: o clero e a fidalguía. A burguesía galega, pouca e débil, quixo aproveitar o nacente liberalismo para disputar o poder destas dúas camadas sociais. Recorrendo á súa ferramenta habitual, a prensa, os liberais galegos trataron de captar o apoio do campesiñado por medio dos escritos propagandísticos en lingua galega que apareceron durante a primeira metade do século XIX (o *prerrexurdimento*). A recuperación do uso culto desta lingua realizouse só na segunda metade do século XIX grazas á actividade dos galeguistas. A pesar dos avances da desamortización, daquela a Igrexa católica aínda era unha institución potente en Galicia, porque aínda perdendo o poder económico (os dezmos, as rendas feudais, o voto de Santiago), mantivo o social e o político. Os poetas civís como Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, cuxo obxectivo non foi soamente mellorar a condición da cultura galega senón protestar pola dramática situación dos labregos e doutros colectivos marxinais, non podían menos que chocar coa

Igrexa. Ambos tiveron enfrontamentos máis ou menos frontais co clericalismo. A imprenta que ía imprimir un artigo de Castro foi apedrada polos seminaristas. Curros Enríquez foi denunciado polo bispo de Ourense, Cesáreo Rodrigo, e procesado pola publicación do seu primeiro tomo de poesías en galego, *Aires da miña terra* (1880). No poema que máis atención chamou durante o proceso, «Mirando ó chau», Curros concretou axeitadamente a orixe da discrepancia entre a Igrexa e o galeguismo: «Si eu fixen tal mundo, / que o demo me leve» (Curros Enríquez 1990: 161). O parentesco entre o galeguismo, tanto cultural como político, no século XIX co liberalismo e despois coa esquerda é unha constante na historia deste movemento. A primeira formación que representaba os intereses de Galicia na escena política, o Partido Galeguista, pese á presenza dalgúns militantes de dereitas, decidiu formar parte do Frente Popular en 1936. Os grupos aparecidos durante o franquismo, como Brais Pinto, as formacións como Partido Socialista Galego e a Unión do Pobo Galego confirman a alianza do movemento nacional galego coa esquerda. Finalmente, na actual escena política galega están presentes os partidos galeguistas de esquerdas, como o Bloque Nacionalista Galego e a Frente Popular Galega, pero falta a dereita nacionalista. De xeito que, aínda se podemos destacar certos políticos galeguistas doutras opcións, queda patente a ausencia dunha tradición nacionalista de dereitas en Galicia.

A ACTITUDE LINGÜÍSTICA DA IGREXA CATÓLICA EN CASUBIA

A lingua de Casubia entrou no ámbito relixioso paralelamente a súa estrea na literatura e da man da maior expoñente do rexurdimento cultural casubio. Florian Ceynowa traduciu ao casubio os dez mandamentos, o *Pai Noso* e compuxo algunhas oracións orixinais ao redor do ano 1850. Ao cabo de case un século, en 1935, outros dous poetas famosos pertencentes ao grupo *Zrzeszeńcy*, Jan Trepczyk e Aleksander Labuda, publicaron unha serie de cancións relixiosas das cales a máis acabada artisticamente é o *Pai Noso*. Xa na época comunista, nos anos sesenta, o casubio adoitaba aparecer nalgunhas celebracións relixiosas, como a coroación de *Swiónowsczi Matinczi* en 1966. A súa introdución non oficial na liturxia dominical arrancou a partir dos anos oitenta, cando o casubio xa estaba presente na actividade extraliturxica da Igrexa, como a catequese (Synak 1998: 218; Labuda 2007). Nos anos noventa rematou o traballo tradutor de Franciszek Grucza (Evanxelio, 1992) e Eugeniusz Gołabek (Novo Testamento, 1993) así como a elaboración dos demais soportes textuais necesarios para a autorización do uso do casubio na liturxia. En 1993, a Arquidiócese de Gdańsk autorizou as misas casubias acompañando esta decisión coas «Instrucións sobre a presenza da lingua

casubia na liturxia e na vida da Arquidiocese de Gdańsk» (*Wskazania duszpasterskie w sprawie obecności języka kaszubskiego w liturgii i życiu Archidiecezji Gdańskiej*, 23.05.1993). Segundo lemos neste documento, aos párrocos non só se lles permite misar en casubio, senón que se lles alenta ao seu uso litúrxico e insístise na necesidade de fomentar e protexer calquera iniciativa dos fregueses neste sentido (Archidiecezja Gdańska). Nos anos noventa tamén se publica un libro de oracións que, na súa segunda edición, vai acompañado cunha dedicatoria de Xoán Pablo II escrita en casubio. En 2005, formouse a Comisión de Asuntos Eclesiásticos da ACP. Na comisión eclesiástica (como a chamaban os seus membros) reuníanse os representantes do movemento nacional casubio (ACP) e os da Igrexa católica para planear e organizar unha plena entrada do casubio no ámbito relixioso. O froito da súa actividade foi unha intensa labor editorial e o seu grande mérito foi a formación lingüística do clero que servía nas parroquias de Casubia. En 2010 a comisión foi clausurada por varias razóns. Por unha banda, cumpríranse a maioría dos obxectivos que inspiraran a súa fundación. Por outra banda, á cúpula da ACP chegou unha nova xeración de militanes que non consideraban a relixión coma o ámbito máis importante da súa actividade (Pryczkowski sen data b).⁸⁵

É difícil estimar o número das misas casubias celebradas na actualidade por unha ausencia completa de datos. Segundo o parecer do presidente da clausurada comisión eclesiástica, Eugeniusz Pryczkowski, o seu número seguramente descendeu nos últimos anos. Moitas desas misas foran fomentadas polos militantes da ACP cuxa iniciativa era especialmente importante nas grandes cidades (Gdańsk, Gdynia, Sopot) onde o nivel do uso do casubio é moi baixo. As misas no interior de Casubia, nas aldeas e nas cidades pequenas, dicíanse en casubio maioritariamente pola iniciativa dos mesmos párrocos e estas normalmente mantéñense (Pryczkowski sen data a).

Na recepción do premio polos méritos para a provincia pomerana o 25 de xaneiro de 2010 en Gdańsk, Jan Bernard Szlaga (bispo de Pelplin nos anos 1992-2012) dixo que esta distinción aledábao especialmente xa que era a expresión da gratitude da súa «Patria pequena» (Szmagliński 2010). Polo que din os políticos, escritores e investigadores casubios, o seu país efectivamente está en débeda coa Igrexa católica. Na entrevista «Jak Kaszuba z Kaszubą» feita por Tomasz Źuroch-Piechowski, o profesor Gerard Labuda (o historiador de Casubia máis coñecido e estimado) insiste varias veces no papel da Igrexa católica na preservación da identidade e lingua casubia (Labuda 2007). Brunon Synak (investigador, presidente da ACP entre 1998-2004), no seu comentario ao último censo da poboación en Polonia (2011), falando nunhas palabras pouco optimistas sobre as perspectivas da fala casubia mencionou a Igrexa, xunto coa

⁸⁵ Agradézolle a Eugeniusz Pryczkowski que puxese ao meu dispor varios manuscritos da súa autoría.

escola e os medios de comunicación, como unha institución que axuda a manter a lingua que está en vías de extinción (Synak 2011).

Aínda que os intelectuais de Casubia evolucionaron ata a postulación da introdución do casubio na Igrexa (o memorial da intelectualidade casubia atopado durante a revisión do piso de Aleksander Labuda en 1960), os primeiros rexionalistas casubios máis ben defendían o emprego do polaco neste ámbito. Un dos principais militantes casubios, Aleksander Majkowski, estaba convencido de que «a lingua da Igrexa debe ser, como o foi desde hai séculos, a lingua literaria polaca» (cit. en: Borzyszkowski et al. 1999: 136). Non tiñan estes reparos os xerarcas da Igrexa, ata os seus máximos expoñentes. Xoán Pablo II, durante dúas visitas a Casubia, evocou nos seus discursos o alto valor da cultura casubia. En 1987, en Gdynia, o Papa dirixiuse ao seu público: «Queridos irmáns e irmás casubios, protexan estes valores e esta herdanza que constiúe a vosa identidade» (Archidiecezja Gdańska). En 1999, repetiu o seu chamamento: «Saúdo ao pobo casubio, os anfitrións seculares desta terra pomerana. Faleivos en Gdynia en xuño de 1987. Desexo alentavos outra vez a protexer a vosa identidade coidando as relacións familiares, perfeccionando a vosa lingua e transmitindo a vosa rica tradición á nova xeración. Estade con Deus sempre!» (Archidiecezja Gdańska). Para moitas persoas, estas palabras foron decisivas para a formación da súa actitude lingüística na actividade pastoral como o testemuña o cura de orixe casubia, Grzegorz Ruchniewicz, na carta dirixida á comisión eclesiástica da ACP (Pryczkowski sen data b). Na introdución ao cancionero *Dłó Was Panie* (2006), o arcebispo de Gdańsk (1984-2008), Tadeusz Gocłowski, escribiu: «A riqueza da nosa cultura é un valor que hai que protexer. A cultura casubia enfróntase con moitas dificultades. En varios momentos da súa historia tivo que loitar pola supervivencia. Agora a maior dificultade está na asociación da cultura casubia cun folclore, cunha tradición rural, coa vida privada. Hai que combatelo» (Pryczkowski sen data c). Outro xerarca, de orixe casubia, Henryk Muszyński (arcebispo de Gniezno entre 1992 e 2010, primado de Polonia nos anos 2009-2010), dixo:

Os fragmentos da liturxia na lingua casubia deben ser presentes en toda Casubia. Creo que é importante por dúas razóns. A primeira razón é a nosa integración con Europa, integración non significa unificación. Hai que coidar as diferenzas. Como temos unha tradición tan fermosa como é a nosa lingua casubia, deberíamos coidala moi conscientemente. A segunda razón é a globalización que pode ser moi perigosa se se a trata dunha maneira superficial. A referencia ás raíces e á lingua dos antepasados favorece unha reflexión profunda sobre a propia formación espiritual. (Perszon 2005)

Aos representantes da xerarquía, segue unha longa listaxe dos cregos comprometidos coa cultura casubia que empeza na segunda metade do século XIX. Ignacy Cyra (o primeiro presidente da asociación Casubia Nova), Leon

Heyke (militante de Casubia Nova), Bernard Sychta (etnógrafo de Casubia), Franciszek Grucza (vinculado a *Zrzesz Kaszëbskô*), Antoni Pepliński (poeta e compositor) son só algúns exemplos da actividade cultural e política do clero a favor da súa patria pequena. O cura Grzegorz Ruchniewicz na mencionada carta á comisión eclesiástica da ACP escribiu: «O casubio non pode ser só asunto dos casubios: vivimos no mesmo país e o casubio debe ser percibido como o tesouro de todos!» (Pryczkowski sen data b).

Unha actitude tan unívoca do clero fronte ao idioma casubio tivo que ser formada en parte polo menos polos profesores e polo ambiente xeral dos seminarios en Casubia. O seminario máis importante neste sentido é o Seminario de Pelplin que organiza desde 1980 os Encontros de Pelplin aos que invita investigadores e, no período democrático tamén representantes das autoridades locais, para discutir sobre o presente e futuro de Casubia. Neste mesmo seminario funciona ata hoxe o Círculo dos Estudantes Casubios (*Koło Studentów Kaszubów/Klub Sztudérów Kaszëbów*) fundado en 1908 por Jan Karnowski, ideólogo e militante de Casubia Nova. Os estudantes escriben na súa páxina web: «A súa actual función [do Círculo] é a continuación das tradicións casubias e o cultivo da identidade rexional casubia» (*Koło Studentów...*). O círculo publica a revista *Zwóńk Kaszëbsczi* redactada integramente en casubio (Obracht-Prondzyński 2007: 42) e co apoio do bispo de Pelplin, Jan Bernard Szlaga, falecido recentemente (*Kościerzyna, nasze miasto* 2005). Os seminaristas agrupados no círculo participan tamén activamente na promoción da cultura e lingua casubia (*Kościerzyna, nasze miasto* 2005). No seminario de Pelplin, os estudantes poden ademais redactar as emisións de radio *Głos* en casubio, escoitar as misas en casubio, dicir oracións en casubio e asistir aos cursos deste idioma. Os círculos casubios existían tamén noutros seminarios de Casubia, como o lembra Bogusław Głodowski (un dos primeiros en misar en casubio) quen estudou no Seminario de Gdańsk-Oliwa nos anos 1977-1983:

Os profesores tiñan unha actitude favorable á cultura da patria pequena. [...] Tivemos algúns encontros no marco do círculo de seminaristas casubios, por exemplo con Profesor Jerzy Samp, Wojciech Kiedrowski, Edmund Puzdrowski. No xornal do seminario *Novellae Olivarum* publicábanse os artigos escritos por seminaristas casubios sobre Casubia, a súa historia, tradición e cultura. Durante a miña carreira coñecín tamén ao párroco de Sopot, o «Rei Casubio», do seminario de Chelm, Franciszek Grucza. (Głodowski 2006)

Tamén hoxe funciona neste seminario o Círculo Casubio (*Koło Kaszubskie*), reactivado no ano 2010, sobre o que escriben os seus responsables: «O obxectivo do grupo é sobre todo o mantemento das tradicións casubias e, tamén, o coñecemento e perfeccionamento da lingua. Con este fin os membros do

grupo organizan numerosas representacións así como asisten ás misas na lingua casubia» (Gdańskie Seminarium Duchowne).

Ao contrario do que podería parecer, a lingua casubia nin goza na actualidade nin gozaba na súa historia dun prestixio similar, nin sequera entre o clero. A consecuencia da xermanización das clases altas e medias casubias entre os séculos XII-XV na parte alemá e, despois da primeira partición de Polonia (1772), tamén nos territorios anteriormente polacos, a lingua e a cultura casubia foron conservadas polas camadas baixas. Sobre os casubios, a súa lingua e cultura, pesaban os mesmos prexuízos que sobre os galegos. Gottlieb Leberecht Lorek, un pastor alemán que traballou na terra casubia na primeira metade do século XIX, escribe que os casubios son de carácter escravo, cobizosos, proclives ao roubo e á malicia: «O descoido no fogar e a roupa lixada están difundidas entre os casubios nun grao máximo» (Lorek 2009: 61). En canto á lingua, Lorek afirma que soa dun xeito «repugnante» (Lorek 2009: 60). O clero casubio tampouco foi impermeable a estes prexuízos. Aleksander Hilferding, investigador ruso que visitou Casubia na metade do século XIX, describía así a actitude da fidalguía e o clero polaco respecto á cultura e á lingua casubias:

Polonia, que durante tantos séculos reinaba en Pomerania, podía doadamente construír a irmandade con el [o pobo casubio]. Non o fixo polo eterno desprezo que sentía cara ao pobo baixo. Os casubios son uns campesiños primitivos, a súa lingua é o dialecto feo do polaco; como os grandes señores ían a ocuparse do pobo baixo e a súa lingua primitiva? Esta é a opinión dos polacos-herdeiros que conservaron aínda parte das súas terras en Casubia. Na conversación comigo chegaban a rir de que me interesasen os casubios e a súa lingua. [...] O clero católico neste país [...] oponse á xermanización. Porén, desgraciadamente, a maioría dos seus representantes sente o mesmo orgullo aristocrático ante os casubios e o seu dialecto. (Hilferding 1989: 21)

Como a Igrexa protestante foi un dos axentes da xermanización nas terras de Casubia, xurdiu a asociación do alemán co protestantismo e do polaco co catolicismo (Synak 1998: 12-13). Os casubios que se converteron ao protestantismo foron rexeitados pola comunidade como outros e o seu nome (Pomereniek) foi a maior ofensa para os casubios católicos. Deste xeito a relixión converteuse nun referente de identidade máis importante cá lingua (o Pomereniek conservou a súa lingua). (Synak 1998: 107 e 177) A xermanización da elite privou a Casubia da súa clase dirixente. A clase media casubia formouse a base dos campesiños-proprietarios que se beneficiaron da reforma agraria levada a cabo polo Estado prusiano. A nova intelectualidade casubia (médicos, avogados, mestres, entre outras profesións) recolleu a idea do rexurdimento nacional dentro do grande movemento étnico eslavo. Conscientes da súa debilidade, os dirixentes casubios decidiron integrarse no movemento nacional polaco, o que non foi unha decisión doada. Os recordos que tiñan os casubios da

dominación polaca nos seus territorios non eran precisamente os mellores, como escribía Jan Karnowski en 1911: «O pobo casubio durante moito tempo, porque ata a metade do século pasado non era polaco non tiña a poloniedade na alma. O que conservou do pasado da Polonia antiga foi a relixión católica e a lingua polaca na igrexa. Á parte diso sabe só que existiu a Polonia grande, a Polonia fidalga, a Polonia inxusta» (Obracht-Prondzyński 2003: 175). Mentres tanto, os polacos comprometidos coa loita pola independencia de Polonia desconfiaban dos casubios acusándoos de afiliación alemá.

En 1912 os representantes do movemento cultural e nacional casubio fundaron en Gdańsk a súa primeira asociación, Casubia Nova (Towarzystwo Młodokaszubów / Towarzystwò Młodokaszëbów), que tiña como obxectivo despertar a identidade propia do pobo casubio dentro da nacionalidade polaca. Aleksander Majkowski, o secretario e o líder informal de Casubia Nova, dicía: «O que é casubio, é polaco» (Synak 1998: 156). Aínda que os casubios loitaron pola independencia de Polonia, sentiron a instauración da Segunda República Polaca como un grande desencanto, porque o territorio de Casubia foi dividido en tres partes entre Polonia, Alemaña e a Cidade Libre Gdańsk (Danzig). Ademais, os casubios eran tratados como cidadáns de segunda clase, por exemplo, foron apartados da administración en Casubia e nas cidades non se empregaba aos obreiros de orixe casubia. A pesar diso, os escritores e políticos casubios reunidos en torno á revista *Zrzesz Kaszëbskô* (o grupo chamado *Zrzeszeńcy*) intentaron loitar polo mantemento da lingua, diferenciación cultural e identidade casubia no marco da nacionalidade polaca polas súas ideas radicalmente antialemás.

Cando Alemaña invadiu Polonia iniciando a Segunda Guerra Mundial, os casubios maioritariamente loitaron na súa defensa. Trala capitulación da Segunda República Polaca, o exército alemán executou a maior parte da intelectualidade casubia, mentres que aos outros habitantes de Casubia se lles obrigaba a alistarse a *Wermaht* e inscribíanse nas listas alemás. Despois da guerra, instalouse a República Popular de Polonia que na propaganda comunista era un Estado «homoxéneo nacionalmente». Os casubios, sospeitosos de ser os aliados dos alemáns, eran abertamente perseguidos polas autoridades polacas. Por exemplo, no exército eran relegados ás campañas mineiras que quedaban lonxe da súa terra natal; ás escolas en Casubia traíase aos profesores doutras partes de Polonia; os casubios non tiñan acceso á administración local; e durante algúns anos impúñaselles ás universidades rexeitar aos estudantes-candidatos de orixe casubia. O grao de aversión das autoridades cara a Casubia era tal que nunha das instrucións internas do Partido Obreiro Unificado Polaco (*Polska Zjednoczona Partia Robotnicza*) recomendábase evitar a palabra «casubio» substituíndoa por expresións descritivas como «a poboación local» (Synak

1998: 140). Danuta Stenka (actriz de orixe casubia) lembra así a súa nenez en Gowidlino (Gòwidlëno), unha aldea en Casubia:

Sei que a xeración dos meus pais foi perseguida pola súa identidade diferente. Primeiro polos alemáns e despois, xa trala guerra, traían os profesores de outras partes do país para erradicar todo tipo de rexionalismo. O meu pai contoume que tiña unha profesora traída do leste que lles pegaba por falar casubio. Supoño que os meus pais querían aforrarnos iso. De todas maneiras, aínda que eu entendía casubio, non o usaba. (Stenka 2012: 85)

Parece que o estereotipo negativo do casubio xa non se matén tanto na actualidade, pero non hai moito tempo repetíanse en Polonia proverbios tales como «Arenque non peixe, casubio non home», «O bo casubio é o casubio morto», «A machada é para afiar, o casubio para embotar» e «Vende o cabalo, merca o casubio: come pouco, traballa moito» (Synak 1998: 125).

Na época comunista, a pesar de todo, os casubios declarábanse polacos (a dobre identidade: rexional casubia e nacional polaca), pero a súa actitude fronte ao Estado polaco mudou. Lech Bądkowski, o principal ideólogo casubio deste período, explicaba que, como Casubia foi deixada soa na súa historia, debería funcionar en Polonia coma unha patria pequena pola que cuida a súa nación pequena (Synak 1998: 157). Esta idea dos casubios-anfitrións das súas terras foi sentenciada por Aleksander Labuda nestas palabras que expresan perfectamente a ambigüidade do sentimento nacional casubio: «A Casubia o que é casubio, a Polonia o que é polaco» (Synak 1998: 158). A expresión desta nova filosofía foi a fundación da Asociación Casubia en 1956 (ACP desde 1964) que se converteu nunha ferramenta política moi eficaz. O papel simbólico de Lech Wałęsa e da cidade de Gdańsk déronlle un protagonismo especial a Casubia na transición democrática polaca. A clase dirixente formada no seno da ACP soubo aproveitar os cambios democráticos chegando aos cargos máis elevados da administración non só local senón tamén estatal (Borzyszkowski / Mordawski / Treder 1999: 70).

CONCLUSIÓNS

A actitude lingüística da Igrexa en Galicia e Casubia é diferente. Non tanto pola cantidade das misas na lingua vernácula, que, aínda que é difícil de estimar no caso casubio, pode non diferir tanto ou ser incluso menor, senón polo significado simbólico desta presenza. Tratándose da cultura dunha antiga tradición literaria e dunha innegable riqueza, dunha lingua normativizada, cooficial e cun grande número de usuarios, a súa presenza nas igrexas galegas resulta anecdótica. Os exemplos ilustres dos eclesiásticos que empregaron e defenderon o galego na actividade pastoral non poden ocultar as declaracións contrarias, expresadas moitas veces dun xeito pouco

contrarias, expresadas moitas veces dun xeito pouco diplomático, acerca do uso litúrxico desta lingua dos principais representantes da Igrexa. Pola outra banda temos un grupo étnico dunha identidade nacional vacilante, unha cultura cuxa literatura non se remonta máis de dous séculos, e unha lingua que non empezou ben o proceso da normalización e xa está en vías de extinción. Porén, a Igrexa en Casubia non vacilou en apostar por esta cultura e esta lingua tratando o asunto con extrema delicadeza.

Buscando o factor determinante na elección da lingua de comunicación da Igrexa católica en Galicia e Casubia, repasamos as posibles causas dunha actitude eclesiástica favorable ou reticente cara ás linguas vernáculas nestas rexións. Tanto Galicia como Casubia foron subordinadas a entidades estatais máis fortes e non conseguiron recuperar a independencia. En ambas rexións produciuse o relevo aristocrático e o influxo cultural e lingüístico foráneo. Como consecuencia destes procesos, a cultura galega e casubia foron asociadas coa ruralidade e as linguas foron relegadas unicamente ao uso privado das clases sociais baixas. As dificultades económicas en ambas rexións impuxeron aos labregos galegos e casubios a emigración a terras veciñas ou a América en busca do sustento. O rexurdimento cultural e nacional que xurdiu na segunda metade do século XIX non atopou unha base ampla nin en Galicia nin en Casubia. Ata ese momento, nin en Galicia nin en Casubia o clero se vira atraído pola cultura e lingua galega e casubia desprezándoas igualmente nos dous casos. Parece que as primeiras formulacións rexionalistas en Galicia e Casubia foron decisivas na toma de posición da Igrexa fronte aos idiomas vernáculos destes territorios.

O «pecado orixinal» do galeguismo, segundo expresión de Ferro Ruibal (1990: 350), foi o liberalismo co que compartía tanto o obxectivo (mellorar a situación económica de Galicia) como o inimigo (a Igrexa católica). En Casubia, a clase media formouse a base dos campesiños-proprietarios e adquiriu o seu carácter conservador e tradicionalista (Obracht-Prondzyński 2003: 174). A continuada competencia do protestantismo fixo do catolicismo o factor constitutivo da identidade casubia e determinante na decisión de integración no movemento nacional polaco. De maneira que a Igrexa católica foi un aliado natural do movemento nacional casubio co que compartía tanto o obxectivo (a loita pola independencia de Polonia) como o inimigo (o protestantismo e o *kulturkampf* do Estado prusiano).

O desenvolvemento do nacionalismo galego dentro da tendencia esquerdista agudizou cada vez máis a polarización entre a Igrexa católica e o galeguismo aínda despois da desamortización e da perda por parte da Igrexa dunha posición social. Na última fase do franquismo, cando a Igrexa empezou o distanciamento co réxime ditatorial, situouse, aínda que parcialmente, no mesmo bando que o perseguido galeguismo. No período democrático desapareceron estes vínculos e

o movemento nacional galego adoitou ser interpretado pola Igrexa como un movemento separatista co que non quería ter nada en común.

Durante moito tempo o movemento casubio careceu dun partido que defendera os seus intereses formando só unhas asociacións e grupos de carácter político-cultural. Os escritores reunidos nestes círculos eran á vez os ideólogos do movemento. Nas súas formulacións, sempre se insistía no valor decisivo da relixión na identidade casubia e no vínculo que a unía coa nacionalidade polaca. Na República Popular de Polonia, o movemento nacional casubio e a Igrexa católica combatían no mesmo bando de oposición ao réxime comunista. Desde o principio da súa actividade, a ACP (primeiro como Asociación Casubia), creada en 1956, colaborou moi estreitamente coa Igrexa. O sistema totalitario de esquerdas instalado en Polonia desde 1944-45 e o seu carácter anticlerical non permitiron a aparición doutra tendencia política que a ACP en Casubia. A estrutura e organización construídas durante estes anos déronlle á ACP o práctico monopolio político en Casubia despois da democratización do país. Aínda hoxe, cando xa apareceron outras formacións políticas en Casubia, é sobre todo a xeración nova da mesma ACP a que cambia esta organización desde dentro (Obracht-Prondzyński 2003: 139). Na nova política da ACP hai cada vez menos sitio para a relixión e a colaboración coa Igrexa, porque desapareceu a comunión dos obxectivos.

O CVII supuxo un cambio substancial na perspectiva das relacións entre Deus e crentes. A misa converteuse no encontro do Deus-Pai cos seus fillos. A comunicación entre eles debía realizarse na lingua materna para facer esta relación máis íntima. Nun ambiente familiar, a elección da lingua de comunicación debería ser natural e carecer de connotacións políticas. A actitude lingüística da Igrexa católica en Galicia e Casubia parece probar o contrario. O que na perspectiva conciliar ía servir para afastar a Igrexa do ámbito público, converteuse nunha ferramenta máis para a súa conquista.

BIBLIOGRAFÍA

- BORZYSZKOWSKI, Jan / Jan MORDAWSKI/ Jerzy TREDER (1999): *Historia, geografia, język i piśmiennictwo Kaszubów*, Gdańsk, Wydawnictwo M. Rozak.
- CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1990): *Aires da miña terra*, Vigo, Xerais.
- CHAO REGO, Xosé (1988): *Para comprendermos Galicia*, Vigo, Galaxia.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1990): «Lingua galega e a relixión», *Grial*, 107, 335-357.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2000): «Algúns textos relixiosos galegos anteriores a admisión do galego como lingua litúrxica», en Daniel López Muñoz (coord.), *A palabra fai camiño*, A Coruña, Asociación Irimia, 43-159.

- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1969): «Góngora y Galicia», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, V. XXIV, 225-258.
- GŁODOWSKI, Bogusław (2006): *Duszpasterze Kościoła Katolickiego na Kaszubach w XX wieku* (<http://www.diecezja.gda.pl/modules.php?name=Content&pa=showpage&pid=233>) [última consulta: xaneiro, 2013].
- GUS (2012): *Raport z wyników. Narodowy spis powszechny ludności i mieszkań*, Warszawa, Zakład Wydawnictw Statystycznych.
- HILFERDING, Aleksaader (1989): *Resztki Słowian na południowym wybrzeżu morza Bałtyckiego*, Gdańsk, Zrzeszenie Kaszubsko-Pomorskie.
- IGLESIAS, Armindo (2008): *Carta da parroquia: Santa Eulalia de Vedra*, A Coruña, 378.
- LABUDA, Gerard (2007): «Jak Kaszuba z Kaszubą», *Tygodnik Powszechny*, 7 (<http://tygodnik2003-2007.onet.pl/3229,1401027,0,dzial.html>) [última consulta: xaneiro, 2013].
- LÓPEZ MUÑOZ, Daniel (1989): *O idioma da igrexa en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LÓPEZ MUÑOZ, Daniel / Bernardo GARCÍA CENDIÁN (2000): *Receptividade do galego na liturxía*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LOREK, Gottlieb Leberecht (2009): «Charakterystyka Kaszubw znad Leby», en Józef Borzyszkowski (ed.), *Niemcy o Kaszubach w XIX wieku*, Gdańsk, Instytut Kaszubski w Gdańsku, 37-79.
- MANDIANES CASTRO, Manuel (1997): «Antropoloxía política de Galicia», en Xosé Manuel Gil de Berbabé (et al), *Artesanía. Sociedade*, A Coruña, Hércules Ediciones, 462-490.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1995): «Notas para a caracterización sociolingüística da Galicia dos séculos XVIII e XIX», *Trabe de Ouro*, 24, 563-569.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- OBRACHT-PRONDZYŃSKI, Cezary (2003): *W kręgu problematyki kaszubsko-pomorskiej: studia i szkice*, Gdańsk-Wejherowo, Muzeum Piśmiennictwa i Muzyki Kaszubsko-Pomorskiej, Instytut Kaszubski.
- OBRACHT-PRONDZYŃSKI, Cezary (2007): *Kaszubi dzisiaj: kultura-język-tożsamość*, Gdańsk, Instytut Kaszubski.
- PÉREZ PRIETO, Victorino (1996): *A Igrexa oficial non está comprometida co pobo* (http://www.aelg.org/resources/centrodoc/members/paratexts/pdfs/autor233/PT_paratext4130.pdf) [última consulta: xaneiro, 2013].
- PERSZON, Jan (2005): *Kaszubszczyzna w liturgii* (http://kaszubski.filmjezus.org.pl/index.php?option=com_content&task=view&id=59&Itemid=51) [última consulta: xaneiro, 2013].
- PRYCZKOWSKI, Eugeniusz (sen data a): *Kaszubszczyzna w Kościele*, manuscrito.
- PRYCZKOWSKI, Eugeniusz (sen data b): *Komisja Kościelna ZKP (2004-2010) w procesie wchodzenia kaszubszczyzny do liturgii Kościoła*, manuscrito.
- PRYCZKOWSKI, Eugeniusz (sen data c): «Rodna mowa w liturgii», *Miejsca Święte* (http://www.ms.ecclesia.org.pl/index.php?option=com_content&view=article&id=620) [última consulta: xaneiro, 2013].
- STENKA, Danuta (2012): «Trening z kaszubskiego», *Zwierciadło*, 5, 82-87.
- SYNAK, Brunon (1998): *Kaszubska tożsamość: ciągłość i zmiana*, Gdańsk, Wydawnictwa Uniwersytetu Gdańskiego.

- SYNAK, Brunon (2011): «Czarno-żółta tożsamość *Pomerania*, 02/2011 (http://www.spis.kaszubi.pl/index.php?event=article&parent_id=19&menu_id=1) [última consulta: xaneiro, 2013].
- SZMAGLIŃSKI, Ireneusz (2010): «Biskup Pelpliński odznaczony honorowym wyróżnieniem “Za Zasługi dla Województwa Pomorskiego”», *KAI* (<http://ekai.pl/diecezje/pelplinska/x25281/biskup-pelplinski-odznaczony-honorowym-wyroznieniem-za-zaslugi-dla-wojewodztwa-pomorskiego/>) [última consulta: xaneiro, 2013].
- VILLANUEVA, Carlos (1994): *Los villancicos gallegos*, La Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- XOÁN XXIII (1963): *Pacem in Terris* (http://www.vatican.va/holy_father/john_xxiii/encyclicals/documents/hf_j-xxiii_enc_11041963_pacem_lt.html) [última consulta: xaneiro, 2013].

WEBGRAFÍA

- Archidiecezja Gdańska: Duszpasterstwo Kaszubów
(<http://www.diecezja.gda.pl/modules.php?name=Content&pa=showpage&pid=230>)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Galicia Dixital: Manifiesto polo galego na Igrexa
(<http://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.3643.php>)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Gdańskie Seminarium Duchowne: Koło Kaszubskie
(<http://www.gsd.gda.pl/?modul=strony&strona=157>)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Instituto Galego de Estatística: Datos básicos de la lengua gallega
(http://www.xunta.es/linguagalega/datos_basicos_de_la_lengua_gallega)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Kościierzyna, nasze miasto (2005): Kaszubskojęzyczna prasa
(<http://koscierzyna.naszemiasto.pl/archiwum/929146,kaszubskojezyczna-prasa,id,t.html>)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Sacrosanctum Concilium (1963)
(http://www.vicariadepastoral.org.mx/2_vaticano_ii/sacrosanctum_concilium/sacrosanctum_concilium.pdf)
[última consulta: xaneiro, 2013].
- Wyższe Seminarium Duchowne w Pelplinie: Koło Studentów Kaszubów
(<http://www.pelplin.home.pl/seminarium/index.php?go=content,kaszuby>)
[última consulta: xaneiro, 2013].

**A CONSTRUÇÃO DO
CONHECIMENTO SOBRE
GALAXIA NO CAMPO DOS
ESTUDOS GALEGOS:
PRIMEIRAS ACHEGAS**

Cristina Martínez Tejero

Centro de Estudos Comparatistas –
Universidade de Lisboa

[doi:10.17075/tucmeg.2015.013](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.013)

A complexidade intrínseca aos procesos de emerxencia cultural asenta em varios factores que comprendem desde a nom distinción ou amalgamento entre o plano cultural e o político-ideolóxico até as dificultades para identificar umha entidade sistémica (nos termos definidos por Even-Zohar 1990, 1999 e 2010), pasando pola existéncia de prácticas difusas e ambíguas. Todos estes elementos podem ser localizados no sistema cultural galego de grande parte do século XX e, de forma evidente, no período dos anos 50 e inicios dos 60, etapa fundamental na consolidación do grupo Galaxia, criado à volta da editorial do mesmo nome e cuja fundación oficial data de 1950. Este colectivo é responsável por muitas das formulações assentes no momento atual sobre a cultura galega e, em geral, tivo um peso específico na definición identitária desta comunidade graças às posições centrais ocupadas no sistema cultural galego desde umha fase mui inicial da sua gestación como grupo.

A posición hegemónica de Galaxia deriva dum exhaustivo labor planificador que tentou ser desvendado em trabalhos anteriores (veja-se Martínez Tejero 2012) e que pode ser sintetizado nos seguintes pontos: ativação de instituições próprias (como a editora) e a conquista das já existentes (como a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela); atuação numha pluralidade de espaços e ámbitos; sobrevivência em meios adversos (tanto nas suas vertentes política como económica) e desenvolvimento dumha ação política difusa. A renovação do grupo com o tempo, tanto na desaparición da primeira geração fundadora como na incorporación de novos agentes, modificou a estrutura e posições do colectivo que, no entanto, nom perdeu a centralidade, tal como pode ser verificado na sua presença atual em instituições fundamentais nos espaços social, cultural e académico galegos como som o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega e a Universidade de Santiago de Compostela.

Com o quadro oferecido polas linhas prévias, o objetivo deste artigo é abstrair e analisar as linhas diretrizes que regem (ou regêrom) a produção do conhecimento sobre o grupo Galaxia, levando em consideração as problemáticas e características dos sistemas em processo de emergência. Trata-se, em definitivo, de explicitar quais som os principais aspetos abordados ou desatendidos sobre este colectivo, de identificar as principais vozes enunciadoras e de conhecer e justificar a estrutura e organização desse saber.

As páxinas a seguir ofrecen unha síntese das principais conclusións dunha investigación aínda en curso e que poden ser sintetizadas en dúas ideas que tentarán ser evidenciadas neste traballo: a insuficiencia de estudos sobre este colectivo que dem conta de forma efetiva da súa actuación (sobretudo nos aspectos menos afastados dos feitos efetivos, isto é, unha abordagem que deite luz nos modos e fórmulas) e, en segundo lugar, o peso que teñen certos textos da autoría de agentes de Galaxia à hora de guiar as elaboracións críticas destinadas a focar este grupo.

1. CONSTRUÇÃO DO CONHECIMENTO E REFLEXIVIDADE. O CAMPO DOS ESTUDOS GALEGOS⁸⁶

As coordenadas analíticas propostas conectam com as correntes reflexivas que venhem caracterizando às ciências sociais e humanas nas últimas décadas e que se situam em consonância com as múltiplas vozes posicionadas a favor do desvendamento dos condicionantes que regem a produção do discurso científico, aos níveis tanto agenciasiais como do próprio contexto académico e social que lhe dá cobertura. O sociólogo Pierre Bourdieu abordou em muitos lugares da sua obra a questom da reflexividade, que valoriza como «une forme spécifique de la vigilance épistemologique» (2001: 174). Polo seu caráter sintético, interessa-me colocar a seguinte citação destinada a definir o conhecimento reflexivo (2001: 173-4): «le travail par lequel la science sociale, se prenant elle-même pour objet, se sert de ses propres armes pour se comprendre et se contrôler, elle est un moyen particulièrement efficace de renforcer les chances d'accéder à la vérité en renforçant les censures mutuelles et en fournissant les principes d'une critique technique, qui permet de contrôler plus attentivement les facteurs propres à biaiser la recherche».

A projeção desta perspetiva desde um plano mais secundário ou individualizado (como o oferecido por Bourdieu 2001: 184-220 e, especialmente, 2004), cara a unha disciplina ou um campo de estudos deriva na sua autonomização como objeto de investigação e na formulação de conceitos como o de «conhecimento construído», empregue desde o grupo Galabra para definir o processo de construção dum determinado saber, atendendo aos distintos tempos e vozes implicadas, e surgido em oposição ao conhecido «estado da arte» que reuniria o conjunto de conhecimentos canonizados sobre um determinado assunto. Gráficamente, o conhecimento construído atenderia ao

⁸⁶ Este traballo vincula-se ao projeto de investigación FISEMPOGA (Fabricação e socialização de ideias num sistema emergente durante um período de mudança política. Galiza 1968-1982) subsidiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología do Governo da Espanha entre os anos 2009-2011 (FFI200805335/FISO).

percurso de edificación do saber, entanto o estado da arte fai referéncia ao punto de chegada.

A proposta investigadora formulada neste artigo exigiria, segundo os termos colocados, unha reflexom e análise em profundidade do campo dos estudos galegos, especialmente para a etapa contemporánea, e que debería atender tanto à sua configuração histórica como às suas derivações no momento atual, contemplando a identificação dos seus principais agentes, pontos de conflito, localizaçom de cada disciplina e avaliaçom do grau de assentamento institucional, entre outros. As limitaçoms dum trabalho destas características impedem unha abordagem com este grau de profundidade polo que serám apenas colocados a continuaçom alguns elementos que contribuam para exemplificar aspetos relevantes neste sentido.

O conceito de *campo dos estudos galegos* é empregue aqui como instrumento analítico englobante da totalidade de produçoms críticas — assim como dos agentes e da estrutura de campo associada — destinadas a aprofundar no conhecimento da realidade galega, sobretudo em aspetos relacionados com as ciéncias humanas e sociais, e que formalmente seriam enquadráveis nas estabelecidas disciplinas da filologia, a linguística, a história, os estudos políticos, a antropologia/etnografia, os estudos literários, etc. Neste campo social ocupariam um lugar principal as instituiçoms universitárias (sobretudo as localizadas no território galego mas também qualquer outra desde a qual se realizem estudos com o perfil referido), onde se concentra, polas próprias regras e dinámicas destes organismos, de forma preferente o capital científico e o labor investigador. Cumpre, aliás, ter em consideraçom (e a diferença de outras áreas científicas mais necessitadas de recursos técnicos para desenvolver a sua pesquisa) o papel que nos estudos galegos desempenham agentes enquadrados principalmente no ensino secundário e cuja produçom investigadora obedece a um perfil ligeiramente diferente, ao nom comparecer de forma usual, por exemplo, as doses de exigéncia profissional associadas à universidade.

A historiografia contemporánea, os estudos literários e a filosofia som as disciplinas que mais vam deitar a sua atençom sobre o grupo Galaxia. Aprender as distintas achegas realizadas sobre este objeto com toda a sua complexidade implica atender à diversidade de posiçoms enunciadoras e luitas derivadas. Tentando exemplificar de forma esquemática os elementos a ter em consideraçom dentro da perspetiva analítica que estou a defender, quero evidenciar alguns dos aspetos a focar na própria configuração de cada campo do saber, recorrendo, neste caso, à historiografia.

Segundo o colocado, uma proposta investigadora acorde com os aspetos mencionados debería atender ao processo de constituíçom da historiografia galega contemporánea focando, por exemplo, ao boom de obras historiográficas sobre a Galiza no período compreendido entre a (conhecida como) transiçom

política e o ano 1984, em que a saída do prelo da obra *A historia* de Ramón Villares tem um efeito funil. Isto é paralelo à própria luta entre Villares e Xosé Ramón Barreiro Fernández por erigir-se na principal autoridade neste campo, conflito que se fecha com a especialização temporal de cada um destes agentes e o reconhecimento académico, com sendas cátedras, a final dos anos 80. Na década de 90 produz-se uma nova emergência de obras historiográficas mas já com um carácter mais especializado quanto à orientação científica, e desenvolvidos em muitos casos por uma geração de investigadores herdeiros de Villares, corrente que coexiste no espaço académico com a linha de pesquisa sobre os movimentos nacionalistas encabeçada por Justo Beramendi e X. M. Núñez Seixas (1996). Nesta altura, a Universidade de Santiago continua a ser o referente do estudos historiográficos sobre a Galiza mas aparecem outros núcleos neste mesmo espaço social de forma paralela ao desenvolvimento das Universidades da Corunha e Vigo. Por outro lado e de forma simultânea, deve ser atendida e inscrita dentro das suas coordenadas específicas, a produção associada a uma corrente de perfil nacionalista (com claras concomitâncias com o nacionalismo hegemónico), em que dominam os agentes associados ao ensino secundário e com um nome principal pelo seu carácter de mentor, o de Francisco Carballo. Após uma precursora obra tirada do prelo em 1979 pela AN-PG (Asamblea Nacional Popular Galega) (Barreiro Fernández *et al* 1979), e tratando-se da primeira publicação historiográfica de carácter geral saída na Galiza depois do ano 1936 — a exceção da de Vicente Risco (1952) —, a corrente nacionalista tem presença neste campo principalmente através da publicação de vários materiais historiográficos na década de 90 no selo A Nosa Terra.

2. A CONSTRUÇÃO DO CONHECIMENTO SOBRE O GRUPO GALAXIA

As achegas realizadas sobre Galaxia apresentam um perfil multifacetado tanto ao nível de procedência como dos aspetos específicos da atividade deste coletivo focada. Isto é, o conhecimento existente sobre Galaxia divide-se entre os resultados científicos de diversos campos do saber assentados — como a história, os estudos políticos, literários, linguística, tradução, edição, filosofia, etc. — e trata-se sobretudo de aproximações de orientação diacrónica que cobrem de alguma maneira o período em que a ação deste grupo se desenvolve, derivado do qual, focam esta entidade outorgando-lhe um maior ou menor protagonismo. Assim, este objeto de estudo figura como objeto de atenção em diversos produtos de perfil historiográfico como histórias gerais da Galiza,

histórias contemporâneas, histórias do nacionalismo galego, histórias da língua e da literatura.

É detetável, aliás, umha especialização no tipo de atividade de Galaxia privilegiada por cada umhas destas disciplinas: desta forma, os estudos realizados desde a história e as ciências políticas focam sobretudo a sua atuação a nível político e os desenvolvimentos ideológicos protagonizados (por exemplo, Barreiro Fernández 1982: 488 e s.; Villares 1984: 219 e ss., Beramendi e Núñez Seixas 1996: 194 e ss. e Beramendi 2007: 1081 e ss.); os estudos realizados sobre o campo literário centram-se de forma preferente no labor editorial, no trabalho no género ensaístico (em menor medida, na tradução e na crítica), na importância da revista *Grial* e no enquadramento dos seus agentes dentro da geração do 36, entre outros (Tarrío 1994: 304; Villamayor 1996: 1030; Vilavedra 1999: 213, 2004; e Soto López 2000: 292).

De forma paralela a este conhecimento parcelar e pontual achegado desde estes âmbitos disciplinares, existe toda umha produção notável de estudos de carácter diverso sobre agentes de Galaxia, concentrados de forma prioritária na figura de Ramón Piñeiro, em relação ao qual se produz um efeito de solapamento, isto é, umha identificação entre a atuação e o pensamento deste nome com a atuação e corrente ideológica derivada de Galaxia como coletivo.⁸⁷ Isto contrasta com a escasseza de estímulos investigadores sobre outros agentes como García-Sabell e Isla Couto, sobre os quais apenas existem achegas a exceção dos livros de homenagem sobre eles e em que primam as focagens *laudatório-biográficas* (Álvarez Gándara *et al* 1996 e Agís Villaverde e Villanueva Prieto 2003).

Regressando a Piñeiro, e pola sua importância neste panorama, interessa-me destacar o grande estímulo na produção de obras sobre ele com o seu falecimento em 1990, também através do Centro de Investigación Ramón Piñeiro, mas sobretudo com a seleção como figura homenageada no Dia das Letras do ano 2009. Isto situa-nos precisamente ante o mecanismo mais importante para a ativação de produção do conhecimento sobre um agente no campo dos estudos galegos, se bem com umhas limitações derivadas da própria natureza do evento, ao produzir-se um boom bibliográfico com escasso ou nulo diálogo entre si e prioritariamente de natureza biográfico-divulgadora, dominando os parâmetros documentais mais do que analíticos.

Por outro lado, além desta produção crítica sobre agentes de Galaxia existe toda umha corrente de materiais auto-referenciais elaborados polos próprios integrantes deste coletivo e que se concreta principalmente em livros de memórias e biografias, dumha parte, e, por outra, na elaboração dumha auto-história sobre a editora e instituições derivadas. Para constatar

⁸⁷ Um dos múltiplos exemplos desta identificação pode localizar-se em Bieito Alonso (1996: 274), sendo Piñeiro o único nome referenciado do coletivo, o que lhe outorga umha posição preponderante.

apenas mencionar os libros de memórias de Carlos Casares (1998), Marino Dónega (2002), Franco Grande (2004), os dous de Fernández del Riego (1990 e 2003), o de Ramón Piñeiro (2002);⁸⁸ a biografía deste último realizada por Casares (1991 e 1996), a de Franco Grande sobre Del Riego (2000); e os propios libros de homenagem — sobre Piñeiro, Isla Couto e García-Sabell (Casares *et al* 1991; Álvarez Gándara *et al* 1996 e Agís Villaverde e Villanueva Prieto 2003) que reúnen a agentes próximos com a función de deitar a súa visom sobre a figura em questom; e, inclusive, alguns libros de conversas, como de Victor Freixanes, Unha ducia de galegos, publicado em 1976, e em que entrevista, entre outros, a Piñeiro, Casares e Isla Couto.

À par disto localizam-se umha série de textos sobre o labor deste coletivo, elaborados polos seus propios integrantes, e que se tornarám canónicos à hora de abordar este objeto. Sem dúvida, o principal de todos eles é *A xeración Galaxia* de Fernández del Riego, publicado em 1996, mas existe desde umha fase mui inicial do percurso deste grupo umha vontade de reflexom e fixaçom da própria história segundo os seus critérios. Enumero a continuación alguns exemplos disto:

- os artigos «La editorial “Galaxia” al servicio de la cultura gallega» de Cosme Barreiros (pseudónimo de Fernández del Riego) publicado em *Galicia emigrante* em 1954 e «Galaxia e a cultura galega» que viu a luz em *Vieiros* em 1965 e da autoria de Ramón Piñeiro.

- a entrada sobre a editorial Galaxia na *Gran Enciclopedia Gallega* realizada por Del Riego, quem também incluía umha história desta entidade no seu *Manual de Historia da Literatura Galega* de 1971;

- as colaboraçoms de Piñeiro a inícios dos 80 em publicaçoms alheias, isto é, externas a Galaxia, e em que relata o percurso da editora e de *Grial* (veja-se, por exemplo, Piñeiro 1981 e 1982)

- o próprio texto de Isla Couto (1991) no livro de homenagem a Piñeiro em que achega várias chaves para compreender o funcionamento deste coletivo.

- devem ser igualmente citados o grande número de textos presentes nas distintas publicaçoms comemorativas realizadas por Galaxia em ocasiom dos distintos aniversários da editora e da súa principal publicaçom periódica (por exemplo, Editorial Galaxia 1974, 1980 e 2000).

- é possível acrescentar, inclusive, outras referências relativas a instituiçoms próximas como o livro de Carlos Baliñas (1987) sobre o Patronato Rosalía de Castro (sendo ele próprio membro da diretiva) e, mais próximos no tempo, a obra sobre Fermín Penzol e a súa fundaçom publicada por M^a Dolores Cabrera e

⁸⁸ Este é um caso complexo dado que, embora ser apresentado editorialmente como umhas «memórias», trata-se na maior parte do seu conteúdo da reprodução dumha conversa gravada com Ramón Piñeiro e que serviu igualmente de base para a redaçom da referida biografía deste agente realizada por Carlos Casares.

Henrique Monteagudo (2010), eles próprios integrantes do patronato da instituição.

Esta tendência auto-reflexiva, que abrange grande parte do conhecimento existente sobre Galaxia, produz duas ordens de problemas: dumha parte, e recolhendo a ideia da *illusio* — teorizada, entre outros, por Bourdieu (1991 e 1992) —, a existência de elementos potencialmente distorcedores na avaliação que os agentes realizam da sua própria trajetória, o que conduz à necessidade dumha extraordinária cautela na sua análise; em segundo lugar, o tratamento como fontes primárias da maior parte destes testemunhos, que som reproduzidos e tidos em consideração como pontos a analisar nos estudos realizados sobre este objeto ou próximos,⁸⁹ quando, na realidade, deveriam ser atendidos na qualidade de documentos secundários, isto é, como elaborações retrospectivas.

Relacionado diretamente com as questões recém introduzidas está umha das características discursivas mais recorrentes nas elaborações críticas sobre Galaxia: a habitual comparecência de argumentos elogiosos com este grupo ou com algum dos seus integrantes, isto é, a existência dumha *crítica aliada* em que o sujeito enunciador do discurso científico nom apresenta a suficiente distância em relação ao objeto de estudo. Por referir apenas umha das constantes neste sentido, grande parte das achegas sobre Galaxia incluem valorizações mui positivas sobre a função deste grupo no desenvolvimento da Galiza e sobre a qualidade humana dos seus membros, com os que habitualmente houvo, aliás, algum tipo de contacto pessoal (veja-se, por exemplo, Villanueva Gesteira 2010: 17).

A hipótese que formulo é que a base do conhecimento existente sobre Galaxia assenta, de forma direta ou indireta, na auto-produção ou na proximidade crítica. Este controlo relativo do grupo sobre os estudos que o focam deve ser colocado à luz dumha estratégia para manter umha posição central no sistema e que, até determinada altura, pudo contribuir para alcançar precisamente essa centralidade. Esta situação de dominância pode ser verificada no momento atual noutros aspetos próximos e diretos, como o próprio controlo de agentes de Galaxia sobre a publicação dos epistolários dos seus integrantes históricos e nos estudos que a própria editora e a revista vinculada à ela, *Grial*, produzem, mas, também, na semiótica derivada da ocupação de lugares chave da política cultural galega por parte dos seus integrantes.⁹⁰

⁸⁹ Exemplos dos usos extendido de livros de conversas nesta orientação podem ser localizados em Costa Clavell (1977: 264), Beramendi e Núñez Seixas (1996: 192), Velasco Souto (2009) e Freixanes (2009).

⁹⁰ Algunhas referências neste último sentido devem fazer menção à presença de agentes da configuração atual de Galaxia (como Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Víctor Freixanes e Ramón Villares) na Real Academia Galega, no Consello da Cultura Galega e na Universidade de Santiago de Compostela.

Se bem haja muitas mais questons a colocar sobre as linhas de força que regulam o conhecimento e imagem existentes sobre este grupo, as limitaçõs de espaço impedem-me fazer algo mais do que enumerar algunhas ideias como som: a concentraçom de informaçom sobre Galaxia de forma preferente no período cronológico dos anos 50; a secundarizaçom deste grupo e a sua atuaçom nas focagens realizadas desde posiçõs próximas ao nacionalismo político e a tendênciã a minorar a importãnciã de Fernández del Riego em aras da figura de Ramón Piñeiro.

Por outra parte, e ainda que seja de forma esquemática, nom quero deixar de mencionar alguns dos estudos que considero supõnhem umha avanço significativo no estado da arte sobre este assunto e que, na minha opiniom, residem naqueles realizados sob uns parámetros e umha vontade científica clara. Citarei apenas alguns deles: desde o âmbito da história, os trabalhos de Beramendi e Núñez Seixas (1996); desde os estudos literários, as achegas pontuais mas mui reveladoras de Antón Figueroa (2010) e Álex Alonso (2009); com respeito à configuraçom da norma linguística, os contributos de Roberto Samartim (2005); desde a filosofia, a obra Carlos Fernández (1999, 2000, 2009) e desde os estudos de comunicaçom política, as investigaçõs de Rodríguez Polo (2009).

CONCLUSIONS

O feche deste trabalho vai encaminhado a retomar e completar algunhas das ideias expostas e colocar alguns pontos para a reflexom coletiva tanto em relaçom com o saber existente sobre o grupo Galaxia, como dos próprios mecanismos que funcionam para a produçom de conhecimento no campo dos estudos galegos.

Em primeiro lugar, som insuficientes as abordagens realizadas sobre Galaxia e restam muitas lacunas a preencher sobre o seu funcionamento. Em geral, hai umha concentraçom de estímulos investigadores no ideário (filosófico-político) fraguado à volta deste coletivo, principalmente com estudos sobre o pensamento de Piñeiro, mas faltam focagens que dem conta do funcionamento interno de Galaxia, das suas formas de atuaçom. As próprias estruturas académicas e divisons disciplinares guiam o privilégio concedido a determinados elementos a estudar e conseqüentemente provocam umha série de vazios, por exemplo, os estudos das ciências políticas tendem a obviar as estruturas de caráter nom partidário; e as realizadas com base no âmbito literário habituam deixar de lado as atividades mais próximas ao campo de produçom ideológica ou do poder. A diversidade de âmbitos de atuaçom de Galaxia, assim como a sua própria complexidade, obrigam, portanto, a umha abordagem supra-disciplinar que

permita unha apreñsion global deste grupo e dem conta da súa açom nos distintos campos.

Em geral, é possível afirmar unha cobertura bastante abrangente da trajetória de Galaxia em relação a feitos com sucesso, isto é, sabemos o que Galaxia fixo (em grande medida porque eles próprios o narram). Ficam fora, porém, os projetos falidos, aqueles que nom alcançárom um grau de sucesso mínimo e, inclusive, falta informaçom sobre os mecanismos postos em jogo para alcançar estas metas. Entre as insuficiências a destacar figuram, entre outras:

a/ a ausência dumha definiçom do grupo e de conhecimentos sobre o seu funcionamento;

b/ a falta dumha análise completa das suas estratégias de intervençom no sistema, tanto da sua rede privada como da sua rede pública, onde atuam com os seus próprios órgaos, mas também através dos já existentes e sobre os que se produz umha açom prévia de conquista;

c/ a carência dumha focagem sobre os processos de planificaçom postos em andamento nos distintos ámbitos de atuaçom, assim como as suas estratégias em relação a campos culturais distintos do literário e no relacionamento com outros sistemas;

d/ e, inclusive, as consequências de todo isto nos materiais repertoriais privilegiados e nos processos de canonizaçom ativados.

Em menor medida — dado que o considero um objeto de estudo secundário — faltam muitas informaçom sobre a editora e outras instituiçom próximas, como a Fundación Penzol e que englobariam desde os capitais económicos com que funcionam até os nomes e cifras de acionistas e subscritoras/es, passando polas quantias e frequência dos pagamentos a autoras e autores, os dados sobre o pessoal trabalhador, junto com as cifras das tiragens e reediçom e os mecanismos de distribuiçom, entre outros dados.

Num segundo nível, e projetando as deduçom realizadas a partir dos processos de construçom do conhecimento sobre Galaxia no campo genérico dos estudos galegos, considero que som necessários vários pontos de reflexom articulados em base a três eixos: a tensom entre cientificidade e divulgaçom; a tensom entre cientificidade e partidismo; e os problemas derivados da desigual acessibilidade às fontes no que diz respeito ao conjunto de pessoas interessadas nelas.

Os dous primeiros itens enunciados colocam o foco no grau de rigor científico. Basicamente, considero que, polas próprias características do sistema (e sem possibilidades de aprofundar nisto aqui) hai umha tendência a que os estudos que vem a luz estejam definidos por um prisma divulgador, que nom resta necessariamente rigor, mas do que se deriva umha escasseza de trabalhos com critérios e vontade científica sólida. Sobre isto, convido a consultar as introduçom às histórias gerais ou contemporáneas da Galiza — também historias do nacionalismo —

publicadas nas últimas décadas e em que é explicitada de forma recorrente esta intenção divulgadora e, portanto, a secundarização ou inexistência dum aparelho metodológico-crítico.

Por outro lado, som frequentes os trabalhos em que as argumentações colocadas som intencionadamente favorecedoras — em menos casos, detratadoras — do objeto de estudo em base a critérios nom científicos. É oportuno lembrar, pola sua semelhanças com este processo, as reflexons realizadas por González-Millán (1995) a propósito do *nacionalismo literário* aplicado pola corrente crítica associada ao movimento nacionalista mas, num sentido mais extenso, podem ser recolhida as palavras de Casas Vales (2008: 32) quem, na sua análise sobre a crítica académica galega, indica:

Neste marco teño falado algunha vez de «crítica vicaria» para identificar aquelas prácticas normalizadas de regulación e autorización directamente dependentes de abstraccións como *o gusto, a tradición, o espírito* [...] ou de ideas normativas como *fe, progreso, patria* e outras. A crítica foi nese marco a miúdo un discurso monolóxico e ecoico de lexitimación que poderes estatais, económicos, ideolóxicos... articularon e publicitaron como mecanismos de transmisión de valores e posicións ben concretos; ás veces, debe recoñecerse, sen darse na persoa do *crítico afecto* unha consciencia plena desa funcionalidade nin dese lugar desde o cal se emiten ecos revestidos de criterios autónomos.

Em relação ao terceiro ponto enunciado e que fai referêcia ao corpus, considero que, face as leituras secundárias que muitas vezes servem de base para os estudos desenvolvidos, hai unha necessidade de ir às fontes, aos documentos primários. Para isto, é necessário — e recolho algum dos chamamentos realizados por Beramendi (2007: 1077), entre outros —, a abertura dos arquivos das instituições ao pessoal investigador. Relacionado com este assunto, está igualmente a questom do modo como som publicados muitos dos materiais primários, por exemplo, muitos de epistolários dos agentes de Galaxia som seleçons de cartas (nem sempre com critérios conhecidos) e reunindo unicamente a produçom dum dos remetentes. Resta vislumbrar em que medida o falecimento recente dos últimos membros do grupo inicial reunido em torno à editora viguesa permitirá unha maior abertura na consulta e publicação de materiais e conseqüentemente um crescimento no saber sobre este coletivo. Umha última reflexom sobre as fontes, tem a ver com a valorização excessiva que muitas vezes é realizada sobre o dado positivista (em abstrato), face as deficiências que se apreciam na sua análise; isto é, dá-se mais relevância ao descobrimento de dados inéditos que a umha reflexom que os justifique.

Para finalizar, quero apenas insistir na vontade de síntese e de pesquisa em curso que domina este trabalho. Apesar disto, as tendências expostas, tanto sobre a construção de conhecimento sobre o grupo Galaxia como sobre

as propias dinámicas que imperam no campo dos estudos galegos, situam-nos ante a necesidade imperiosa de avances investigadores desenvolvidos sob criterios de base científica sólida e que nos permitan crecer de forma definitiva no coñecemento sobre a realidade galega nas súas distintas vertentes.

BIBLIOGRAFIA

- AGÍS VILLAVERDE, Marcelino / Darío VILLANUEVA PRIETO (coords.) (2003): *Medicina e humanismo. Homenaxe a Domingo García-Sabell*, Vigo / Santiago de Compostela: USC / Galaxia.
- ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito (1996): «Idade contemporánea. Século XX», em Francisco Carballo Carballo (coord.), *Historia de Galicia*, Vigo, A Nosa Terra, 235-280.
- ALONSO NOGUEIRA, Álex (2009): «Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia», *Grial*, 184, 28-35.
- ÁLVAREZ GÁNDARA, Alfonso et al (1996): *Homenaxe a Xaime Isla Couto*, Vigo, Galaxia [ediçom nom venal].
- BALIÑAS, Carlos (1987): *Rosalía de Castro, entre a poesía e a política*, Santiago de Compostela, Edicións do Patronato Rosalía de Castro.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón et al (1979): *Historia de Galicia*, Pontedeume, Frente cultural da ANPG.
- BERAMENDI, Justo G. (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- BERAMENDI, Justo G. / X. M. NÚÑEZ SEIXAS (1996) (2ª ed. corrigida e aumentada): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.
- BOURDIEU, Pierre (1991): «Le champ littéraire», *Actes de la recherche en sciences sociales*, 89, 3-46.
- BOURDIEU, Pierre (1992): *Les Règles de l'art. Genèse et structure du champ littéraire*, Paris, Éditions du Seuil.
- BOURDIEU, Pierre (2001): *Science de la science et réflexivité*, Paris, Raisons d'agir.
- BOURDIEU, Pierre (2004): *Esquisse pour une auto-analyse*, Paris, Raisons d'agir.
- CABRERA, María Dolores / Henrique MONTEAGUDO (2010): *Fermín Penzol. Unha obra para un país*, Vigo, Galaxia.
- CASARES, Carlos (1991) (5ª ed.): *Ramón Piñeiro unha vida por Galicia*, A Coruña, Fundación Caixagalicia.
- CASARES, Carlos (1996): *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CASARES, Carlos (1998): *Un país de palabras*, Vigo, Galaxia.
- CASARES, Carlos et al (1991): *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- CASAS VALES, Arturo (2008): «A crítica académica da literatura galega: perspectiva e propostas», em Xosé Manuel Eyré / M. Xesús Nogueira / Olivia Rodríguez (eds.), *A crítica literaria galega*, A Coruña, Asociación de Escritores en Lingua Galega, 29-40.

- COSTA CLAVELL, Xavier (1977): *Las dos caras de Galicia en el franquismo*, Madrid, Cambio 16.
- DÓNEGA, Marino (2002): *De min para vós. Unha lembranza epistolar*, Vigo, Galaxia.
- EDITORIAL GALAXIA (1974): *Almanaque Galaxia 1950-1975*, Vigo, Galaxia.
- EDITORIAL GALAXIA (1980): *Galaxia 1950-1980*, Vigo, Galaxia.
- EDITORIAL GALAXIA (2000): *Palabras para un país. Editorial Galaxia 1950-2000*, Vigo, Galaxia.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1990): «Polysystem Theory», *Poetics today*, 11, 27-96.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1999): «Factores y dependencias en la cultura. Una revisión de la Teoría de los Polisistemas», em M. Iglesias Santos (ed.), *Teoría de los Polisistemas*, Madrid, Arco/Libros: 23-52.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (2010): *Papers in Culture Research* (http://www.tau.ac.il/~itamarez/works/books/EZ-CR-2005_2010.pdf) [última consulta: maio, 2015].
- FERNÁNDEZ, Carlos (1999): «A xeración Galaxia entre o romantismo e a ilustración». Marcial Gondar Portasany (coord.), *O feito diferencial galego. Antropoloxía*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, volume I, 71-80.
- FERNÁNDEZ, Carlos (2000): *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia.
- FERNÁNDEZ, Carlos (2009): «Galaxia e Heidegger», *Grial*, 189, 126-133.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco [Cosme Barreiros] (1954): «La editorial “Galaxia” al servicio de la cultura gallega», em *Galicia emigrante*, 7, 16-18, 35.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1971): *Manual de Historia da Literatura Galega*, Vigo, Galaxia.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1996): *A xeración Galaxia*, Vigo, Galaxia.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*, Sada, Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2003): *Caminho andado*, Vigo, Galaxia.
- FIGUEROA, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*, Ames, Laiovento.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luis (2000): *Francisco Fernández del Riego. Galeguista de acción e de cultura*, Vigo, Ir Indo Edicións.
- FRANCO GRANDE, Xosé Luís (2004): *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Galaxia.
- FREIXANES, Víctor F. (1976): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.
- FREIXANES, Víctor F. (2009). «A estratexia do editor», *Grial*, 181 [Dossier «Olladas sobre Ramón Piñeiro»], 34-43.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xoán (1995): «Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega», *Anuario de estudios literarios galegos 1994*, 67-81.
- ISLA COUTO, Xaime (1991): «Ramón e Galaxia», em Carlos Casares *et al.*, *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia, 51-66.
- MARTÍNEZ TEJERO, Cristina (2012): «Sobreviver em tempos de ditadura. O grupo Galaxia na Galiza de meados do século XX», em Petar Petrov *et al.* (eds.): *Avanços em Literaturas e Culturas Africanas e em Literatura e Cultura Galegas*, Santiago de Compostela / Faro, Associação Internacional de Lusitanistas / Através Editora, 289-306.
- PIÑEIRO, Ramón (1965): «Galaxia e a cultura galega», *Vieiros*, 3, 56.
- PIÑEIRO, Ramón (1981): «Galaxia e o frente cultural», *Man Común*, 7, 35.

- PIÑEIRO, Ramón (1982): «A revista “Grial”», em Dieter Kremer / Ramón Lorenzo, *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris (13 a 15 de novembro de 1980)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 35-41.
- PIÑEIRO, Ramón (2002): *Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Fundación Caixa Galicia / Editorial Galaxia.
- RISCO, Vicente (1952): *Historia de Galicia*, Vigo, Editorial Galaxia.
- RODRÍGUEZ POLO, Xosé Ramón (2009): *O triunfo do galeguismo. Opinión pública, partidos políticos e comportamento electoral na transición autonómica en Galicia*, Madrid, Dykinson-Servicio de Publicaciones Universidad Rey Juan Carlos.
- SAMARTIM, Roberto (2005): «Ideia de lingua e vento portugués na Galiza do tardofranquismo: O caso de Galaxia», *Agália*, 82-83 (2º Semestre), 9-50. (<http://www.agal-gz.org>) [última consulta: maio, 2015].
- SOTO LÓPEZ, Isabel (2000): «O ensaio e a crítica desde 1936», em Darío Villanueva Prieto (dir.) / Anxo Tarrío Varela (coord.) (2000b), *Galicia. Literatura. Tomo XXXIV. A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*, A Coruña, Hércules Ediciones, 282-337.
- TARRÍO VARELA, Anxo (1994): *Literatura galega. Aportacións a unha Historia Crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- VELASCO SOUTO, Carlos F. (2009): *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, Ames, Laidvento.
- VILAVEDRA FERNÁNDEZ, Dolores (1999): *Historia da literatura galega*, Vigo, Galaxia.
- VILAVEDRA FERNÁNDEZ, Dolores (coord.) (2004): «Galaxia», em *Diccionario de literatura galega* [Tomo IV. *Termos e institucións literarias*], Vigo, Galaxia, 395-7.
- VILLAMAYOR, Sindo (1996): «O silencio interior (1940-1950)», em Alberte Ansende Estraviz / Cesáreo Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da literatura galega*, Vigo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, volume IV, 1026-1056.
- VILLANUEVA GESTEIRA, María Dolores (2010): *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos desde o galeguismo*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- VILLARES PAZ, Ramón (1984): *A Historia*, Vigo, Galaxia.

**O TEXTO COMO
RESISTENCIA, CORPO E
RUÍNA: A TRADUCIÓN E O
POEMA**

Chus Pato

[doi:10.17075/tucmeg.2015.014](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.014)

Cando nos achegamos ao célebre texto de Walter Benjamin *Die Aufgabe des Übersetzters* (1923), traducido ao galego como *O cometido de quen traduce* (2007), no que o autor expón as súas ideas sobre a tradución, a sorpresa inicial pode ser grande e podemos mesmo quedar suspensas na plenitude do desconcerto. Estas son as primeiras palabras do ensaio: «En ningures resulta fecundo para o coñecemento dunha obra de arte ou forma artística ter en conta a quen a recibe» (2007: 85). E máis adiante, «pois nestas [as obras de arte ou formas artísticas] non se precisa máis ca presupor a existencia e a natureza do ser humano coma tal» (2007: 85). E o parágrafo primeiro remata: «Porque ningún poema está destinado a quen le, ningún cadro a quen observa, ningunha sinfonía ao auditorio» (2007: 85).

Paul de Man (1990), na última das seis conferencias Messenger pronunciadas na Universidade de Cornell en 1983 recolle este desconcerto e escribe sobre o lixeiro pánico que tales afirmacións causarían en Constanza, é dicir, no ámbito do que se coñece como a Teoría da Recepción, que concede ao lector un amplísimo papel e que xulgaría as palabras de Benjamin esencialistas e prekantianas. Acto seguido Paul de Man pregúntase: que di Benjamin? Que di no senso máis inmediato posíbel?

Das precedentes afirmacións de Benjamin deduzo dúas proposicións; segundo as súas palabras, existe algo así como a natureza do ser humano coma tal e a esta natureza diríxese o poema e, en xeral, calquera obra de arte. En consecuencia, un poema e, en xeral, calquera obra de arte debe responder ou inscribir na súa cerna, na súa posibilidade, no seu ditado esta natureza que se define como humana, de aí que non se dirixa a ningún lector ou lectora en particular, senón máis ben a aquilo que nos define como tales e que é en consecuencia anónimo, o poema non se dirixe a alguén concreto senón a unha xeneralidade, a xeneralidade da especie coma tal.

Categoricamente Benjamin (2007: 85) continúa: «A súa natureza fundamental (a do poema, etc.) non é a de comunicar nin a de manifestar algo» e deduce que as malas traducións son aquelas que tratan de comunicar, comunicar algo que evidentemente non forma parte da natureza fundamental dun poema ou transmitir o que se considera inaprensíbel ou enigmático nun poema.

«A tradución é unha forma», insiste o noso autor (2007: 85), e para apreixala cómpre remitirse ao orixinal. Traducir sería serlle fiel a esta lei que un orixinal leva canda si. Benjamin conclúe «Se a tradución é unha forma, a traducibilidade ten que ser parte da natureza fundamental de certas obras» (2007: 85).

Unha tradución nada significa, nada para un orixinal. Con todo e dado que o orixinal leva canda si esta posibilidade, a tradución e o orixinal viven unidos por un vencello vital. Cómpre engadir que por vida o noso autor entende a Historia e desde esta comprende o que adoitamos chamar natureza e, mesmo, os procesos inorgánicos.

A tradución encárgase da Historia dun orixinal. Nese senso, desdobra o orixinal, anovándoo e traéndoo desde o momento da súa escritura, o seu pasado, cara ao presente, un presente que pon en relación as linguas. Esta relación consiste en que as linguas non son alleas as unhas ás outras, pola contra atópanse emparentadas naquilo que queren dicir.

Que as linguas estean emparentadas non significa que se asemellen, do mesmo xeito que nas familias non todos teñen que se parecer os uns aos outros. Benjamin fai fincapé precisamente no que as diferencia e, así, distingue na intención do tido en mente a maneira de telo en mente e faino mediante as palabras «Brot» e «pain», ou sexa, entre o alemán e o francés. Aínda que a palabra «pan» sexa a mesma en galego e en castelán, a maneira de ter a palabra na mente dunha galega e dunha andaluza nunca estarán emparentadas polo seu parecido senón xustamente pola súa diferenza. De por parte, esta maneira de ter en mente unha lingua atópase en mudanza continua e así a tradución, ao se facer cargo do parentesco entre os idiomas —é dicir, ao se facer cargo da súa diferenza, do que é alleo entre as linguas—, asume de vez esta mudanza anovando e alterando o orixinal.

Benjamin non dubida en afirmar que o núcleo esencial dunha tradución é tratar con aquilo que á súa vez non é traducíbel.

Nos parágrafos que seguen explicita as diferenzas entre o labor dun/dunha poeta e o dun/dunha tradutora, non me deterei de momento nesta cuestión, pero seguirei anotando as características da tradución; a diferenza do poema, a tradución non se dirixe ao corazón (sentimentos, emocións, etc.) dunha lingua senón que está sempre fóra, enfronte dela; en definitiva, unha tradución non trata co sentido senón só cos aspectos lingüísticos dunha lingua, non trata con aquilo que desexamos dicir senón co que as palabras din realmente, abrindo o tema sobre a liberdade e a fidelidade de quen traduce.

Desde o punto de vista benxaminiano, os conceptos tradicionais de reprodución do sentido e literalidade, tanto das palabras coma da estrutura sintáctica, non só son diverxentes senón que deben ser superados. A súa proposta é a seguinte (cito e a cita será fragmentada e aínda así longa): «Como os anacos dun vaso roto que, para se deixaren recompor, precisan adaptase no

máis mínimo detalle mais sen exactitude absoluta, así a tradución ten que prescindir da intención de comunicar algo, e en moi grande medida, do sentido [...] en canto ao sentido, a lingua da tradución pode e, até mesmo, ten que se distender, para non facer soar a súa *intentio* como reprodución do sentido, senón como harmonía [...] A verdadeira tradución é translúcida, non oculta o orixinal, non lle tapa a luz, mais deixa caer aínda con máis plenitude a pura lingua sobre o orixinal, como se estivese fortalecida polo seu propio medio» (2007: 99; cursivas no orixinal).

A fidelidade ao orixinal é entendida non como reprodución do sentido, nin como literalidade, nin como comunicación, senón como unha fidelidade dentro da liberdade da evolución da lingua. Benjamin expresa esta fidelidade como unha forma de contacto que remite á que se produce entre a tanxente e o círculo: «así a tradución toca de xeito fugaz e só nese punto infinitamente miúdo ao orixinal, para seguir pola súa mellor traxectoria, segundo a lei da fidelidade dentro da liberdade da evolución da lingua» (2007: 101). Quen, por exemplo, traduce do chinés ao galego, non debería galeguizar o chinés senón achinesar o galego, é dicir, ampliar e afondar a lingua propia por medio da estranxeira.

Por economía non realizarei unha lectura como a que veño de facer co texto da sexta conferencia Messenger de Paul de Man, pero quen estea interesado/a pode sempre ir a ela, non se sentirá defraudado. O que farei será resumir as características que segundo Paul de Man (1990), Benjamin dá para unha tradución. Serían as seguintes: traducir supón a existencia dun orixinal; supón a definición dun fracaso, a tradución nunca pode o que pode un orixinal; o/a tradutora trata só cos elementos lingüísticos (retórica, gramática, etc.), nunca co significado. Unha tradución nunca é mimética, non pode ser copiada (un/unha tradutora non pode ter epígonos/as); un tradutor ao igual que un filósofo ou un teórico da literatura está «atrapado» nun xesto irónico que desequilibra a estabilidade do orixinal (parábase ou ironía); e, finalmente, a tradución canoniza o orixinal, amosa que este, desde sempre, estivo desarticulado. Borra o orixinal ao poñer de manifesto que desde sempre estivo borrado (morto).

Benjamin, ao longo de todo o seu texto, distingue coidadosamente o traballo do/da poeta daquel que realiza o/a tradutora. Pero o noso autor refírese a un tipo de poeta que funda a súa creación nunha política suturada ao mito ou á función relixiosa, sagrada, da lingua poética, e non daqueloutro/a que escribe partindo do presuposto que di «a idea do poema é a prosa» (Benjamin 2006: 101),⁹¹ é dicir, a sobriedade, é dicir, a non exclusión do logos, do pensamento; e non porque o primeiro tipo de poeta pertenza ao pasado, este tipo de poeta existe e seguirá existindo até a fin dos tempos, esa fin que acontece en cada instante e pola que coma un mínimo raio de luz se nos achega o mesías, a intensidade que

⁹¹ Todas as traducións ao galego son da autora a non ser que se indique o contrario.

é redención para o creado. Redención en Benjamin pero tamén en Eduardo Pondal e para os e as fillas da nazón de Breogán.

Esquecemos por un intre este primeiro tipo de poeta para centrarnos naquel que vencella a súa escrita á idea da prosa. A miña hipótese é que para este segundo tipo o traballo poético é exactamente igual ao labor do/a tradutora e o poema tería xa que logo as mesmas características que unha tradución.

Este poeta nos seus textos non establecería co significado extralingüístico ningunha relación. Relacionaríase só cos aspectos non miméticos do idioma (tropos, gramática, etc.). O seu texto nunca sería unha copia do orixinal. O seu texto desequilibraría o seu orixinal. Amosaría que o orixinal está desde sempre desarticulado. Borraría o orixinal ao descubrir que este desde sempre estivo borrado. Fracasaría sempre xa que o poema nunca podería o que pode o orixinal.

E chegados a este punto, a pregunta que corresponde é: que é o orixinal dun poema? Existen múltiples xeitos de contestar a esta pregunta. Hoxe e aquí escollerei a seguinte: o orixinal dun poema, que rexeita a sutura co mito, sería a imposíbel harmonía (conxunción) entre tropo e significado (entre os elementos puramente lingüísticos da lingua, elementos «non humanos» e a intención, o querer dicir humano); entre o querer dicir e o que din realmente as palabras.

O orixinal sería esa dor lingüística que nos corta o alento: cando nunha pequena embarcación, e no territorio dos Kanien’Kehá:Ka (o pobo do sílex) da liga dos Iroquois, remontabamos o San Lorenzo e nos cruzamos cos cargueiros da Canada Steamship Lines, e soubemos que en ningún idioma poderíamos dicir a conmoción do corpo.

Sabemos, sabémolo desde Aristóteles, que somos aquela especie terrestre que non posúe voz, no mesmo senso que un paxaro canta ou un asno ornea. A nosa é aquela voz animal negada, borrada, morta, que foi transformada nesa prótese que denominamos lingua articulada. A voz nosa, que é xa a voz dun ou de varios idiomas, descoñece o inmediato, descoñece a «naturalidade», é unha voz construída, unha voz aprendida. Con esta voz dicimos o mundo, dicimos todo aquilo que queremos dicir e tamén todo aquilo que as palabras din por nós, xa que as palabras, o idioma, é iso que sempre nos precede, que sempre vai por diante, que se nos adianta e nunca logramos dominar nin apreixar. Esa voz nosa nunca está en harmonía con ningún idioma, non está nivelada, non coincide. Hai entre esa voz e o idioma que pronuncia unha sorte de atraso case imperceptíbel, como cando en conferencia falamos con alguén doutro continente, de América ou de Australia.

As linguas de consenso, as linguas da razón instrumental, as linguas mercadoría, saturando a banda auditiva de balbordo, son as encargadas de que non poidamos escoitar ese atraso que xa é en por si case imperceptíbel, case inaudíbel, e que non é senón a pegada dun dos maiores esforzos que toda

criatura pertencente á nosa especie tivo que facer para nacer a un idioma e que consiste en aprender a falar.

Ese atraso, esa non coincidencia «natural» entre a voz da mamífera que somos e a lingua articulada dun idioma sería o orixinal dun poema. De tal xeito que un poema sería aquel texto que dicindo o mundo, calquera aspecto do mundo, non importa cal, celebra, pon de manifesto, amosa a imposíbel concordancia entre o corpo e o corpo das palabras; a imposibilidade das palabras para dicir a conmoción dese extenso que é a alma e que coincide e se ancora punto por punto en cada mínima porción dunha carne, sendo só o extenso, os corpos, o espazo, e dentro deles —e por eles marcado— o tempo.

Un poema sería a memoria, a conmemoración, a lembranza dese atraso entre o corpo da mamífera e o corpo das palabras que a mamífera tivo que aprender para nacer ao que a través da lingua denominamos civilización, cultura, como queirades.

Un poema é sempre pobre se se mide coa vida, esa vida que é unha das ribeiras do seu orixinal, é unha pausa, un atraso que por un instante separa a vida de si mesma, esguizando os sentidos desde un impropio vértice corpóreo, ese separarse non é outro que a cesura, o ton axial do que falaba Hölderlin, e é un acceso ao intelecto. Un poema indica, en contra do que se adoita dicir, a desconexión entre melodía e sentido.

Desfonda o idioma, desfonda a vida e non o fai nin para ti, nin para min, senón para ninguén, é dicir para calquera e desde ese calquera, para ti, para nosoutros, para elas, para calquera nome de persoa, séndolle indiferente, é dicir, sen discernimento, o nome.

O poema nunca poderá dicir a conmoción do corpo fronte ao real do mundo, esa conmoción esgaza, rompe e destrúe o orixinal e disemínase en milleiros de restos; deses restos, desas ruínas componse o poema.

Volvo á cita de Benjamin: «Coma os anacos dun vaso roto que, para se deixaren recompor, precisan adaptarse no máis mínimo detalle *mais sen exactitude absoluta*» (2007: 99; cursivas miñas). Con eses restos o poema compón o seu texto. Un texto que sempre fracasa, nunca pode o que o orixinal pode, e de vez canonízao, xa que o poema é a única posibilidade de dicir o que nel se di, amosando que, desde sempre, estivo desarticulado. Borra o orixinal ao poñer de manifesto que estivo desde sempre borrado, morto. Nese senso o poema é unha vida logo da vida, un fantasma, que funde a súa raíz na fantasía, ou sexa, na extensión ilimitada do sensíbel, dos corpos.

Esa conmoción, esa imposíbel concordancia non pode ser suxeitada baixo ningunha ligadura. De aí que o poema, como quixo Friedrich Schlegel, sexa un discurso republicano, isto é, sen soberano. De aí que, como escribe Benjamin, «ningún poema está destinado a quen le, ningún cadro a quen observa, ningunha sinfonía ao auditorio» (2007: 85), a non ser, claro está, que o poema continúe

suturado a estruturas míticas ou/e relixiosas, que en plena sintonía coas linguas do consenso instrumental engaiolan os nosos ouvidos cunha sempre falsa harmonía e inmediatez entre a clave sónica e o significado no seu trato con calquera tipo de política teolóxica.

Resiste o poema como resiste unha punta de sílex, unha machada biface ou as taboñas de escritura caldea. Resiste porque os/as poetas traballan co material máis resistente do idioma. Resiste porque un poema é o resto dunha destrución. Porque é un fragmento de idioma que se sitúa no lugar do que foi destruído ou do que nunca aconteceu (pode posicionarse na pel dunha fraga, dos defuntos, dos espectros que roldan a escritura, da verdade, do amor, da xustiza, das utopías), e trae iso que non está de novo cara a un. Resiste como resisten os restos, as ruínas. Resiste porque nunca é mimese senón testemuña e un implante de futuro. Un poema resiste e resiste por definición. Resiste contra a lingua de consenso, contra a palabra mito, contra a palabra que é mimese, representación do que está fóra da palabra e é sempre lingua de poder. Resiste contra a teoloxía política, contra o trono e o altar e é sen soberano, sen banda que a suxeite, fóra de banda, fóra de estado, fóra de bandeira.

Resiste porque amosa a imposible coincidencia entre a serie sónica (canto) e o senso (concepto). Resiste porque amosa a imposible harmonía entre o tropo e o significado, porque amosa a imposibilidade que ten un tropo de mimetizar o corte, a marca ensanguentada no corpo. Resiste porque a poesía apréndese de cor, *par coeur*, de memoria. Unha cousa é ter lembranzas, outra distinta é ter memoria. Aprender de cor é gravar os nomes na memoria, os nomes desvencellados do seu significado, tal e como os aprende a meniña que aínda non sabe falar. Aprender de cor é tratar non cos significados, é tratar só ecos aspectos lingüísticos dun idioma, aqueles, xa o dixeran, que non son só de humanos. O que doe na memoria son os nomes, o que doe na memoria é lingüístico (iso, lingüístico, que che corta o alento). O que doe é o nome que aprendido de memoria é sobrio e volve unha e outra vez o *rittornello*, a idea do poema é a prosa. Un poema resiste porque o significado non pode esgotalo. Resiste porque o poema é un fóra de arquivo. Porque no poema sucede o que nunca sucedeu o que nunca vai suceder e sucede sempre no poema. Resiste porque no poema sucede o imposible.

Un tradutor, ao igual que un filósofo ou un teórico da literatura, ao igual que un poeta engadiría eu, está «atrapado» nun xesto irónico que desequilibra a estabilidade do orixinal, escribe Paul de Man (1990) na xa citada conferencia. Non podo estenderme sobre esta cuestión, só dicir que se cadra o que agacha a catacrese (o ollo do furacán, o rostro da montaña) do ourizo cacho derridiá sexa a parábese, a agudeza, a ironía no sentido no que foi definida por Schlegel. Unha cousa é o que queremos dicir, outra o que as palabras din e as palabras

sempre nos preceden. Interrupción, pois, non nun punto do discurso, senón na totalidade do discurso.

A este respecto dúas citas de Paul de Man (1996: 266), do seu ensaio *The Concept of Irony*:

Dito caos non é o que a interpretación tradicional desta pasaxe considerou como belo e irracional pero simétrico de vez. É, segundo as propias palabras de Schlegel [...] «erro, loucura e estupidez». A lingua auténtica é a lingua da loucura, do erro, da estupidez (*Bouvard et Pécuchet*, se se quere [...]) E é tal cousa porque esta lingua auténtica é unha simple entidade semiótica, aberta á radical arbitrariedade de calquera sistema de signos e, como tal, quen de circular, pero que como tal é, de vez pouco fiábel. [...] e estamos referíndonos ao libre xogo do significante.

De Man tamén escribe: «A ironía é a negación radical, que, sen embargo, revela como tal, mediante a ruína da obra, o absoluto cara ao que a obra progresa» (1996: 259).

Para un, para unha poeta sería este un dos abismos a navegar, saber que a lingua do poema linda, non pode deixar de lindar coa lingua da loucura, do erro, da estupidez xa que a lingua poética ao igual que a da loucura, a do erro e a do amor «é unha simple entidade semiótica, aberta á radical arbitrariedade de calquera sistema de signos e, como tal, quen de circular, pero que como tal é, de vez pouco fiábel» (1996: 256).

Se cadra, a outra faciana dese abismo non sexa outra que a da saudade infinita da harmonía entre *mélos* e pensamento, que as palabras do poema digan directamente, e sen borralo, o mundo.

Así o expresa Hölderlin no poema «Pan e viño»: «así é o home; cando o ben está ao seu alcance e é un deus/quen o colma de dons, non o ve nin o admite./Debe sufrir todo isto, previamente; entón nomeará o que máis ama,/entón abrollaran palabras, como flores» (2002: 171). Pasados máis de dous séculos María do Cebreiro escribe: «Pero como facer/que as palabras se abran/coma follas?». E contesta no mesmo poema: «Se o soubésemos, penso/que non escribiríamos.»

BIBLIOGRAFÍA

- BENJAMIN, WALTER (2007): «“Die o Aufgabe cometido des de Übersetzers quen traduce” von de Walter Benjamin», Trad. Burghard Baltrusch/Xoán Manuel Garrido Vilariño/Silvia Montero Küpper, *Viceversa*, 13, 79-103.
- BENJAMIN, WALTER (2006): «El concepto de crítica de arte en el Romanticismo alemán», Ed. R. Tiedemann/H. Schweppenhäuser, Trad. A. Brotons Muñoz, *Obra completa*, libro I, vol. 1, Abada, Madrid.
- MAN, PAUL DE (1990): «Conclusiones: “La tarea del traductor” de Walter Benjamin», *La resistencia a la teoría*, Trad. Elena Elorriaga / Oriol Francés, Madrid, Visor, 115-163.
- MAN, PAUL DE (1996): «El concepto de la ironía», *La ideología estética*, trad. Manuel Asensi e Mabel Richart, Madrid, Cátedra, 231-260.
- HÖLDERLIN, FRIEDRICH (2002): «Pan y vino», en *Antología bilingüe*, Trad. Federico Bermúdez-Cañete, Madrid, Catédra, 171.

WEBGRAFÍA

- CEBREIRO, MARÍA DO, «Poesía erótica», *A queima* <http://www.fronterad.com/?q=nube-habitada-maria-do-cebreiro> [Último acceso: maio 2015]

UN CASO COMPLICADO:
TENSIÓNS REPERTORIAIS NO
TEATRO DE LEANDRO CARRÉ
Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes
Grupo ILLA, Universidade da Coruña
[doi:10.17075/tucmeg.2015.015](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.015)

A XEITO DE PREMISAS

O repertorio⁹² sancionado nun momento concreto dun sistema é o resultado inestábel da concorrencia de moitas forzas dispares que comparecen co interese de deslocalar a centralidade do sistema cara a posicións próximas á que ocupan os axentes que exercen cada unha desas forzas simbólicas.⁹³ E, como é lóxico, non todos os elementos integrados nunha rede de relacións poden desprezar unha forza de igual intensidade.

Por exemplo, se non hai interferencias psicolóxicas, un falante vai tentar que a súa variante lingüística sexa a prestixiada (ou, no seu defecto, que continúe a ser aquela diferente da súa que, nunha etapa anterior da vida, o falante tivo que adquirir con esforzo para ascender socialmente). Da mesma maneira, un elemento institucional teimará en sancionar os itens de repertorio que reforen a súa capacidade sancionadora ou, en todo caso, que non a poñan en dúbida. En última instancia, todos pretendemos que a nosa maneira de facer as cousas sexa a prestixiada, polo poder social que isto confire.

Por iso mesmo, a definición dunha centralidade repertorial activa dous tipos de respostas: un vector de forzas opostas ás mudanzas, que pon o seu esforzo na conservación do estado das cousas tal como están nese momento concreto; e, un outro vector rebelde e sedicioso, que teima en subverter esa situación e deslocalar a centralidade a puntos do agregado repertorial agora periféricos, normalmente aqueles dos que se serve o axente concreto que está a activar esta forza centrífuga.

Estes fenómenos prodúcense igualmente nas etapas incipientes dun sistema, incluídos os literarios. Os encurtados modelos repertoriais sancionados nas etapas iniciais dun sistema emerxente —e, por tanto, aínda non completamente autónomo—⁹⁴ exercen unha forza inmovilista, contraria a calquera vontade de introdución de fórmulas que alaguen, densifiquen e

⁹² Entendemos por «repertorio» a colectánea ordenada de elementos, regras e modelos que regulamentan a produción e consumo dun ben cultural (Even-Zohar 1999: 31)

⁹³ Na teoría sistémica, este proceso de sanción duns modelos repertoriais sobre outros denomínase «canonización dinámica», en oposición á «canonización estática», que se realiza a nivel dos produtos (Even Zohar 1990: 19).

⁹⁴ A subalternidade evidénciase tamén nos propios elementos do repertorio lexitimado, en moitos casos derivados ou dependentes do sistema do que se quere individualizar o sistema de oposición (Beramendi 1991: 136). A falta de autonomía plena dun sistema emerxente fai que tamén compareza, e con moita enerxía,

diversifiquen⁹⁵ o limitado agregado de fórmulas dispoñíbeis nese estado concreto do sistema.⁹⁶

E, continuádomos nun sistema emerxente, quen se vai situar no grupo dos que despregan a enerxía inmovilista, contraria ás innovacións repertoriais, e quen no da enerxía rebelde, que foxe das limitacións dos modelos sancionados? Fóra dos contrarios á planificación cultural alternativa á dominante —que poderán aparecer circunstancialmente como defensores dos limitados modelos repertoriais sancionados nas etapas iniciais do sistema unicamente como consecuencia da súa resistencia a asumir que o repertorio alternativo se densifique e fortaleza—, o posicionamento nunha ou noutra facción vai depender de moitos factores, mais nós queremos agora chamar a atención sobre un, que tentaremos, ademais, exemplificar nun autor teatral.

Estamos a falar da percepción que un axente pode ter de se encontrar situado en lugares centrais dun campo cultural —embora este sexa emerxente—, percepción que o leva a reivindicar a historia que ten levado ao campo a este estado concreto de cousas —e tamén a protexer o lugar que el propio ocupa no mesmo— e a se defender dos elementos —produtores, fórmulas de repertorio, etc.— que desequilibren esta situación dada tan favorecedora para os seus intereses en termos, por exemplo, de prestixio.⁹⁷

Neste traballo pretendemos constatar estas tensións nun exemplo tirado do sistema teatral galego da terceira década do século XX, en concreto da peza en dous actos *Un caso complicado*, escrita por Leandro Carré Alvarellos (1888-1976) a finais de 1922 e estreada polo Real Coro «Toxos e Froles» de Ferrol en xullo de 1928.

Non hai moitas dúbidas a respecto de que o autor desta obra dramática facía parte da elite cultural ocupada en fornecer modelos repertoriais alternativos ao sistema español⁹⁸ —no seu caso fundamentalmente teatrais— coa intención de

a forza exercida polo sistema de oposición, contraria, como é lóxico, á asunción social dun repertorio alternativo extenso e fortalecido.

⁹⁵ Even-Zohar explica a partir da denominada «lei de proliferación» a perentoria necesidade dos sistemas emerxentes de se dotaren, para alcanzaren a autosuficiencia, dun crecente número de posibilidades repertoriais alternativas (Even-Zohar 1990: 26). Por iso, de se conseguir, o alargamento repertorial iría fortalecer o sistema emerxente fronte ao sistema dominante co que loita polo espazo social.

⁹⁶ Pensemos, xa na literatura galega, no exemplo da lírica no paso do século XIX ao XX: a súa consideración como xénero central da produción literaria galega dificultaba enormemente a emerxencia e consolidación doutros xéneros.

⁹⁷ Inclusivamente, unha vez subvertido o estado do campo en que o axente concreto ocupaba un lugar privilexiado, este poderá reivindicar a lembranza do momento en que a situación era para el máis prestixiosa, para valerse dun capital simbólico herdado de situacións anteriores.

⁹⁸ Leandro Carré foi membro das Irmandades da Fala da Coruña, fundou a editorial Lar, fixo parte do Seminario de Estudos Galegos etc. Aliás, escribiu unja gramática e un diccionario galego-español.

alcanzar unha Galiza cohesionada socialmente á volta dunha rede autónoma de relacionamentos⁹⁹, delimitada polo uso da lingua do país.¹⁰⁰

A vontade de ollar para o futuro e superar os modelos caducos do teatro galego está tamén moi presente en Leandro Carré, pois a conferencia ditada en 1923 so o título «A moderna orientación do teatro galego» inclúe a epígrafe «É mester mirar adiante», en que podemos ler: «[...] é preciso corresponder á afición e entusiasmo do pobo ofrecéndolle cousas mais perfeitas cada día, xa que cada día tamén, vaise depurando o seu gusto e adiantando na súa educación estética, ademais de que o artista en maneira algunha ha de se limitar á satisfacer pol-o momento a limitada comprensión e o gusto d'unha parte do actual auditorio das obras galegas, senon que ha de pensar no porvir» (Carré 1923).

Ora, a cuestión é definir onde colocaba Carré o teito para esas innovacións, o límite que podía atinxir o producido teatralmente en lingua galega, pois o autor discordou fortemente da vía naturalista escollida polo Conservatorio Nacional de Arte Galega.¹⁰¹ A razón haberá que procurala no *habitus*¹⁰² desde autor, pois, con efecto, Carré estaba embebido de exemplos rexionalistas e dos modelos calderonianos do teatro español que chegaba naquela altura aos teatros coruñeses. Sen dúbida, o grande modelo galego de Carré en materia teatral era Galo Salinas (1852-1921), ao que o unira unha forte simpatía e proximidade.¹⁰³ Aliás, Carré percibíase como un continuador director do realizado pola Escola Rexional de Declamación e, fronte aos excesos naturalistas que el vía en obras como as de Quintanilla e as desordes cómicas dalgunhas obras, el propio definía os seus títulos en negativo, isto é, polo que non tiñan. Así, *O Engano* (publicada en 2011, aínda que escrita en 1919) «non é unha comedia de chistes nin de situacións cómicas; non é tampouco un drama en que hai riñas, mulleres

⁹⁹ A teoría do polisistema explica a cohesión social a partir do éxito na introdución de repertorios culturais alternativos: «[...] unidades como “pobo”, “nación” non son obxectos “naturais” [...], senón que se configuran mediante a acción de individuos ou de pequenos grupos que toman *iniciativas* e acertan na mobilización dos medios necesarios para tales fins. O elemento clave entre estes medios é un repertorio cultural que fai que o grupo que se esforza en introducir os cambios proporcione, non só modelos efectivos, senón a xustificación da existencia (separada e distinta) da entidade» (Even-Zohar 1998: 481).

¹⁰⁰ Carré foi claro a este respecto: «E ao me referir ao Teatro Galego, non falo naturalmente mais que do escrito na nosa fala, porque eu non podo en maneira algunha considerar como obras galegas á todas aquelas que, aínda tratando de copiar tipos da terra, son escritas en castelán» (Carré 1923).

¹⁰¹ Carré gostou de *A man de Santiña*, de Cabanillas, a primeira obra encenada polo Conservatorio, mais rexeitou con enerxía os modelos naturalistas defendidos desde a dirección desta institución: «O teatro non debe ser copia exacta da realidade» (Carré 1923) e «A arte dramática debe ser a creación de algo novo, que aínda lembrando a vida real, na que se inspira, tenda ao ideal, despertando no espectador un sentimento de beleza, unha emoción purificadora e educativa» (Carré 1923).

¹⁰² Pierre Bourdieu define o *habitus* como o «système de schèmes de perception et d’appréciation, comme structures cognitives et évaluatives qu’ils acquièrent à travers l’expérience durable d’une position dans le monde social» (Bourdieu 1987: 156).

¹⁰³ Son tales as gabanzas de Leandro Carré ao teatro de Salinas que, nalgún caso, chegamos a ter algún exemplo de *excusatio non petita* coa que tenta xustificar a súa entrega ao dramaturgo rexionalista: «Non coidades, noustante, que por simpatía hacia o autor gabo a súa obra, non» (Carré 1961: 168-169).

deshonradas, nin escenas altisonantes» (Carré 1923) e, tamén segundo as súas palabras, *O Pecado alleo* (1924) non é «[...] un drama de situacións violentas, de berros, de actitudes descompostas, de desesperacións clamorosas» (Carré 1923). Polos vistos, o decoro era un asunto de primeira orde para o dramaturgo coruñés.

Mais independentemente dos gustos estéticos, o *habitus* inclúe tamén un outro contido que ten a ver cos intereses de posicionamento na estrutura social, pois, como xa se adiantou (vid. nota 11), a percepción e a apreciación das prácticas artísticas expresan a posición de quen realiza ambas as operacións. Leandro Carré comezara a súa acumulación de capital simbólico a partir do contacto con Salinas e os dramaturgos rexionalistas, que lle abriran ao mozo coruñés, despois dunha breve estada no Porto, o camiño que o levaría a dirixir en 1917 o cadro de declamación do coro coruñés «Cántigas da Terra» —posteriormente tamén o do coro «Saudades», xunto con Mauricio Farto— e en 1922, após a tentativa de crear unha escola alternativa ao fanado Conservatorio, o cadro de declamación da Irmandade de Coruña, que pasará a denominarse Escola Dramática Galega (Tato 1999). Na mesma liña, a súa primeira peza teatral, *Noite de ruada* (escrita en 1910) é absolutamente debedora dos modelos rexionalistas que tanto o marcaron. E a obstinación de Carré de constituír un grupo teatral galego¹⁰⁴ tamén está relacionada coa empresa de Salinas e Sánchez Miño —promotores en 1903 da Escola Rexional de Declamación e, o segundo, da Escola Dramática Galega fundada en 1908 en Ferrol—, xunto co exemplo da agrupación amadora que coñece no Porto.

Leandro Carré era consciente de que o incipiente sistema teatral saíría moi fortalecido da concorrencia dun grande número de modelos repertoriais diferentes e mesmo antagónicos. Con todo, o seu traballo cos coros e a Escola Dramática Galega permitíralle, dun lado, saber de primeira man cal era o horizonte de expectativas dos espectadores que constituían o groso do público do teatro galego —afeitos á comedia, ao costumismo, ás personaxes arquetípicas, ás tramas de enredo, ao ruralismo, etc.—, e, doutro, coñecer as características dos eventuais intérpretes que poderían encarnar os textos dramáticos escritos na nosa lingua: amadores voluntaristas sen formación ningunha. Neste último aspecto, o propio dramaturgo proclamaría: «O que faltan son actores» (Carré 1923). Seguía así, máis unha vez, a Galo Salinas, que apuntara esta carencia como unha das causas do pouco desenvolvemento da arte dramática na Galiza.

¹⁰⁴ O seu biógrafo Xosé Manuel Maceira infórmanos do tempera que esta idea foi: «O 7 de marzo de 1915 xa insistía na necesidade de construír un teatro galego e argumentaba dúas ideas constantes durante toda a vida: a existencia dun repertorio de calidade e a viabilidade dunha compañía que representase obras galegas, que mesmo podería ser “un bon negocio”. Por iso, cando houbo a posibilidade de consolidar un coro na cidade da Coruña foi un dos colaboradores máis entusiastas» (Maceira 2005 I: 374).

Desde a década de vinte do século pasado, Leandro Carré autopercebíuse como posuidor dun importante capital simbólico¹⁰⁵ —nun momento en que era pouco o prestixio que circulaba entre os dramaturgos galegos, debido ao momento de emerxencia que vivía o sistema— e cando as circunstancias socio-políticas dificultaron a transmisión do producido neses anos, el foi un dos que máis traballou pola difusión e conservación do realizado: noutras palabras, pola preservación da fotografía do momento do campo en que el ocupaba un espazo próximo á centralidade.¹⁰⁶

Evidentemente, esta non era a única intención de Carré cando reivindicaba o pasado, pois é igualmente certo que a exixencia do coñecemento da súa historia é síntoma de madurez do propio campo (Bourdieu 2004: 79) e, en último termo, fonte de lexitimación fronte aos que tenten desacreditalo. Mais defender o sistema e a súa historia cando se fixo parte dela é reivindicarse tamén un propio. Aliás, para reivindicar o seu nome no conxunto de activos do teatro galego, Carré ponderaba especialmente a súa figura de dramaturgo-actor-director, fronte aos que moraban unicamente no campo da literatura.¹⁰⁷

Para deixar de repetir o xa reiteradamente feito nun campo e innovar, probabelmente sexa preciso recoñecer as limitacións do realizado anteriormente, ou, simplemente, que os modelos repertoriais produtivos até un momento dado teñen chegado a un punto de estancamento. Leandro Carré estivo disposto desde moi cedo a tratar calquera tipo de tema¹⁰⁸ e a incorporar as ambientacións urbanas e as personaxes de camadas sociais elevadas.¹⁰⁹ Ora ben, é até certo punto normal que percibise que o triunfo de novidades representaban para el un risco de deslocamento cara a posicións máis periféricas: as innovacións —tamén as que afectan aos modelos repertoriais sancionados— deveñen en ameazadoras por provocaren unha mudanza na rede de relacións que caracteriza

¹⁰⁵ Así, nos seus artigos e ensaios sempre incluíu o seu nome e algunhas das súas obras entre os máis importantes do teatro galego.

¹⁰⁶ Falamos de artigos como «¿Houbo denantes de agora teatro galego?» (1975), «Apontamentos para a historia do teatro galego» (1931), «Literatura galega. Teatro» (1961) e tantísimos outros de teor semellante.

¹⁰⁷ «Se botamos unha ollada aos grandes escritores dramáticos, vemos que coase sempre os que mais fama abrangueron pol-as suas obras xeniales son aqueles que, como Molière e Shakespeare, eran ao mesmo tempo actores; e xa nos tempos modernos, un dos que marcou época e fixo escola, Ibsen, conoecía tamén de perto a mecánica e mais o espírito do Teatro, porque durante moitos anos foi director de escena no Teatro de Cristianía, e durante algun tempo adicouse tamén ao estudo da arte escénica en Dinamarca e Alemania» (Carré 1923).

¹⁰⁸ Así o recoñecía Carré no texto co que gañou en 1964 o concurso «Nieto Pena», titulado «Pol-a creación d'un teatro galego do noso tempo»: «Os temas son a esencia, a razón de ser da obra mesma; e como a literatura, sexa teatro, novela ou poesía, é unha arte e a arte é universal, o autor dramático ha procurar dotar á sua obra, libremente, de un valor propio e orixinal, sen se someter a única e forzosamente a tópicos rexionales locais, nen a encaixillados que limiten a sua idea, a sua esgrevia ilusión de lograr unha obra con carácter de universalidade, se ben esto non sexa doado de acadar; mais, hai que intentalo» (Carré 2006: 65).

¹⁰⁹ Carré (1929) chegaría a propor como modelo «que pudiera contribuir grandemente al robustecimiento de la escena gallega» o «sainete de costumbres ciudadanas», habitual no teatro burgués español e perfectamente conciliábel co *habitus* do dramaturgo coruñés.

o sistema e poderen deslocar o prestixio —a centralidade— a outros espazos do campo.

Así se explica que aquelas innovacións repertoriais que escapaban ao seu *habitus* fosen consideradas pexorativamente por Carré. Desta maneira, as novidades de *Donosiña* e *Alén* recibiron o cualificativo de «exóticas» e «cinematográficas»¹¹⁰ e tórnase definitiva a súa afirmación: «En Galicia houbo quen quixo meterse á innovador no noso Teatro, e toda a novidade que se lle ocorreu foi suprimir a división por escenas, iñorando que isto é produto da necesidade mecánica da representación» (Carré 1923).

Parece altamente probábel que Leandro Carré Alvarellos coñecese as principais obras de August Strindberg, Henrik Ibsen, Maurice Maeterlink e Anton Tchekhov, pois el propio afirmou a propósito das obras da súa autoría que «en todas elas tratei de facer arte seguindo un rumbo de modernidade d'acordo cō que puideren aprender nas obras do teatro noruego, ruso, dinamarqués e alemán á cuio estudo adiqueime, e que deixaron na miña alma unha visión de sentimento ideal» (Carré 1923). Cousa diferente é a permeabilidade que fose quen de mostrar a respecto destes modelos teatrais, transferencias intersistémicas que ían depender, como xa vimos, do seu propio *habitus*.

UN CASO COMPRICADO

Imos comprobar estas tensións entre a vontade de alargamento e modernización dos repertorios galegos e o desexo de conservar a caracterización do sistema nun momento dado e resistirse á introdución de elementos agresivos respecto do seu propio *habitus* nunha obra concreta de Leandro Carré, editada en 2011 por primeira vez en libro.

Estamos a falar de *Un caso complicado*, peza escrita con toda probabilidade a finais de 1922 e subtitulada polo autor como «comedia en dous actos». Dela coñecemos dúas encenacións diferentes (Biscainho 2011: 68-69), que foron levadas ao palco, respectivamente, en 1928 (Teatro Xofre de Ferrol) e en 1930 (Salón Campoamor da Graña e Salón Severa de Fene), ambas polo Real Coro «Toxos e Froles» de Ferrol so a dirección de José Castro Moreno. Segundo

¹¹⁰ «*Denosiña* e *Alem*, de Quintanilla, son dúas obras exóticas pol-os tipos, pol-o ambiente e pol-o asunto. A primeira parece inspirada nas cousas francesas en que abundan os maridos enganados, as cobizosas aventureiras, os bandidos que se finxen amigos dos que explotan, e hastra os cínicos chantaxistas. Somella como se Quintanilla quixera satisfacer co' esta obra os gustos do público afeito ás producións cinematográficas por series en que se ven as cousas mais estranas» (Carré 1923).

constaba no manuscrito autógrafo —hoxe desaparecido—¹¹¹ a obra fora «Escrita expresamente para Toxos e Froles a cuia enxebre agrupación adícaa O Autor».¹¹²

O primeiro que chama a atención na estrutura da obra é a lonxitude, concretada na división en dous actos, en lugar dos tres que xa empregara Carré nalgún outro título anterior; para alén dun título de San Luís Romero, unicamente Quintanilla e Carré se decidiran a continuar esta liña iniciada por Lugrís Freire con *Mareiras* (1904). Sen dúbida, o feito de se tratar dunha peza que ía representar un coro non é alleo a esta estrutura, pois estas agrupacións adoitaban integrar as representacións en extensas veladas musicais, das que o teatro non deixaba de ser un apartado máis (Tato 1995). Na altura da redacción de *Un caso complicado*, o seu autor sabe plenamente o funcionamento dos coros populares en relación ao teatro galego.

A acción desenvólvese nunha «vila calquera de pouca importancia» (Carré 2011), continuando co propósito do seu autor de incluír personaxes e localizacións non necesariamente rurais.

Canto á temática, o feito de a trama xirar á volta da resolución dun eventual crime e de o autor incluír entre as personaxes a un xuíz —que vai desenvolver unha serie de interrogatorios—, un escribán e un alguacil, leva inicialmente a considerar a obra de temática policial, de maneira que estaríamos perante un dos primeiros exemplos de texto teatral galego destas características.¹¹³

Trátase, entón, dunha transferencia intersistémica coa que se pretende densificar os elementos e modelos repertoriais do teatro galego? E, en concreto, para evitar recorrer á dramática española, referente de oposición do incipiente teatro galego, foi Carré procurar este formato nos autores europeos nos que dicía que se nutría o seu teatro. Aínda que a temática policial non era a máis abundante no primeiro cuartel do século nas dramaturxias escandinavas, rusa e alemá, encontramos, no entanto, algún exemplo moi significativo, como o *Rosmersholm*, de Ibsen, «[...] que mereció un breve y penetrante estudio de Sigmund Freud y que en cierto modo puede lerse como una compleja trama policíaca», segundo Víctor Gallego, que acrecenta:

¹¹¹ Felizmente, temos unha transcripción do mesmo realizada por Laura Tato nos anos noventa, antes do seu desaparecemento.

¹¹² Como xa dixemos noutro lugar (Biscainho 2011: 55), «A data de redacción de *Un caso complicado* (novembro-décembro de 1922) coincide cos primeiros meses da temporada en que Leandro Carré estivo á fronte da Escola Dramática Galega, polo que non parece insensato pensar que o dramaturgo escribise esta peza coa idea de estreala co cadro de declamación da Irmandade da Fala da Coruña e que, diante da imposibilidade de o facer após o advenimento da ditadura de Primo de Rivera, se decidise a regalala ao coro ferrolán».

¹¹³ Laura Tato (1996) xa comentou a «mestura de folletín e comedia policial» presente na estrutura de *Entre dous mundos*, de Galo Salinas, e chamou a atención, igualmente, sobre a técnica de comedia policial empregada na resolución de *Donosiña*, de Quintanilla, mais ningunha delas podería ser consideradas propiamente obras policiaais. En todo caso, estamos a nos referir a textos teatrais, pois o relato de Risco «Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros», publicado en 1919, tiña xa algo a ver con este xénero.

[...] una sombría residencia señorial, una joven viviendo con un respetado pastor protestante que ha renunciado a su cargo, un suicidio turbio y sin aclarar, pasiones sexuales calladas y culpables, un fantasmal caballo blanco que anuncia la muerte... Y todo ello en medio de intensos debates sobre modelos sociales, ansias de libertad, luchas entre tendencias conservadoras y renovadores, intereses personales, pasados oscuros e inconfesables, revelaciones letales y pavorosas, presagios inevitables de infelicidad. En realidad, *Rosmersholm* es la historia de un crimen, de un «crimen psíquico», como acuñó Strindberg en un artículo de la obra (Gallego 2006: 120)

Nada disto comparece no texto de Leandro Carré, que, pragmático e posibilista, sabía que estas personaxes e estas tramas, aínda que non estivesen tratadas de xeito realista e si recreadas como algo novo que tendese ao ideal e espertase sentimentos de beleza e emocións purificadoras e educativas no espectador, como vimos que defendía o autor (Carré 1923), escapaban moitísimo do horizonte de expectativas do público que acompañaba as encenacións galegas dos coros: xente acostumada a asistir a dramas sentimentais e comedias relaxadas, de ritmo rápido, cheas de personaxes estereotipadas e presentadas nun envoltorio interpretativo moi básico, ora caracterizado por unha declamación grandilocuente, ora por un tipismo na lingua e nas personaxes non exenta de exaxeracións (Tato 1995).

Se non estamos perante unha transferencia intersistémica tirada do teatro escandinavo, alemán ou ruso, aínda poderíamos pensar nun transvasamento do teatro español, neste caso moito menos enriquecedor posto que, en tanto que referente de oposición, estas transferencias axudan a diminuír a diferenza entre ambos os corpus identitarios —o emerxente e o consolidado, co que loita polo espazo social— e aumenta, así, a ameaza de rexionalización ou subsistematización.

Mais, inicialmente, non podemos desbotar a posibilidade de que Carré teña tomado o modelo policial das pezas deste xénero que algunhas compañías españolas de repertorio achegaban regularmente aos teatros das principais vilas galegas, onde gozaban dun público devoto a este tipo de temáticas.

Porén, o certo é que o hipotético modelo policial desaparece xa nas primeiras escenas de *Un caso complicado*, onde se expón o embrollo que haberá que investigar. Na verdade, son apenas algunhas personaxes as que ignoran o que realmente aconteceu, pois para o auditorio non hai tal intriga que deba descubrir: xa desde a sétima escena do primeiro acto —dúas após a escena dos tiros e o suposto crime—, os espectadores saben a quen ían dirixidos os disparos e que non houbo asasinato ningún. O único que ten de descubrir o público é a motivación real do comportamento do criado da casa, quen provocou os tiros.

A intriga é substituída polo humor. Así, introdúcese na trama o roubo dun coche —que se entrecruza co asasinato—, xógase coas palabras de xeito

gracioso¹¹⁴ e constrúense as personaxes en clave cómica: amante medorento que provoca risa, brutalidade exaxerada do pai da ofendida, caracterización paródica das personaxes desde o propio nome.¹¹⁵ En lugar das turbias personaxes de Ibsen, Carré constrúe personaxes arquetipicamente torpes e graciosas, coas que el propio e os coros populares tan ben se mexen.¹¹⁶

Tamén funcionará en clave cómica o feito de o público comprobar a torpeza do investigador, que desbota a versión certa dos feitos, e presenciar a escena do pai do tiroteado a procurar consolo no suposto asasino.

Aliás, fronte aos temas secundarios da obra de Ibsen que tomamos como exemplo —loitas políticas, maltrato psicolóxico, paixóns sexuais non confesas etc.—, aquí temos temas como a preocupación por non dar nas vistas ou os amores non consentidos, de grande tradición como elementos repertoriais no teatro español que facía parte do *habitus* de autor de *Un caso complicado*, mais do que o incipiente teatro galego teimaba en se emancipar. Carré incorporará até un transunto do gracioso do teatro español, na figura de Lucas.

CONCLUSIÓNS

Este texto dramático escrito en 1922 serviunos para comprobar como nun mesmo dramaturgo poden concorrer forzas contrapostas relativas á incorporación de novidades repertoriais que enriquezan as sancionadas —oficial ou oficiosamente— nun momento inicial dos sistemas incipientes, neste caso no teatral.

Puidemos observar como a tensión nun autor por enriquecer e diversificar os elementos, opcións e modelos produtivos vese contrarrestada por visións pragmáticas e posibilistas e, nomeadamente, pola necesidade de conservar un estado de cousas —un mapa de relacións e de distribución de capital— que resultan propicias ao autor —xa que o colocan en posicións privilexiadas—, refreando así calquera tipo de transferencia intersistémica real desde sistemas non ameazadores.

¹¹⁴ Como se pode ver en «Tamén poidera dar que o mesmo que supoñemos morto fose un vivo» e «Como que era un infeliz o tal Feliciano», entre outros moitos exemplos.

¹¹⁵ Por exemplo, Bonifacio é o nome daquel a quen todos temen, Feliciano é un pobre infeliz supostamente asasinado e o petulante xuíz chámase Modesto.

¹¹⁶ Lembremos que o oitavo número da serie «Teatro Galego», publicada por Carré nas páxinas de *A Nosa Terra* en 1922, está dedicada ás «Características dos tipos galegos» (31 de agosto).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVARIÑO, Ramón [pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos] (1922): «Teatro galego. Características dos tipos galegos (VIII)», *A Nosa Terra* (A Coruña), 169, 31 de agosto.
- BERAMENDI, Justo (1991): «El partido galleguista y poco más. Organización e ideoloxías del nacionalismo gallego en la II República», en Justo Beramendi / Ramón Máiz (comps.), *Los nacionalismos en la España de la II República*, Madrid, Siglo XXI, 127-170.
- BISCAINHO FERNANDES, Carlos Caetano (2011): «Estudo introdutorio», en Leandro Carré, *Teatro recuperado: O pago / O engano / Un caso complicado*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral «Francisco Pillado Mayor» da Universidade da Coruña, 7-87.
- BOURDIEU, Pierre (1987): *Choses dites*, Paris, Editions de Minuit.
- BOURDIEU, Pierre (2004): *O campo literario*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- CARRÉ Alvarellos, Leandro (1923): «As conferencias da Irmandade. A do irmán Carré Alvarellos: A moderna orientación do Teatro galego», *A Nosa Terra*, 184, 1 de maio.
- CARRÉ Alvarellos, Leandro (1929): «¿Qué opina usted acerca del Teatro Gallego? Leandro Carré dice...», *Vida Gallega*, 412, 10 de abril.
- CARRÉ, Leandro (1931): «Apontamentos para a historia do teatro galego», *Boletín de la Academia Gallega*, XXVI:235-240, 213-224.
- CARRÉ, Leandro (1961): «Literatura galega. Teatro», *Céltica* (Porto), 3, 166-174.
- CARRÉ, Leandro (1975): «¿Houbo denantes de agora teatro galego? », *La Voz de Galicia*, 9 de maio, 23.
- CARRÉ Alvarellos, Leandro (2006): «Pol-a creación d'un teatro galego do noso tempo», en *Obra inédita e esquecida*, Ed. Xosé Manuel Maceira Fernández, Santiago de Compostela, Alvarellos, 57-68.
- CARRÉ, Leandro (2011): *Teatro recuperado: O pago / O engano / Un caso complicado*, A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral «Francisco Pillado Mayor» da Universidade da Coruña.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1990): «Polysystem Theory», *Poetics Today*, 11: 1, 9-26.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1998): «Planificación cultural e resistencia na creación e supervivencia de entidades sociais», *A Trabe de Ouro* IV:36, 481-489.
- EVEN-ZOHAR, Itamar (1999): «Factores y dependencias en la Cultura. Una revisión de la Teoría de los Polisistemas», en Montserrat Iglesias Santos (comp.), *Teoría de los Polisistemas*, Madrid, Arco, 23-52.
- GALLEGO, Víctor (2006): «En el centenario de Henrik Ibsen», *Revisións*, 2, 120-135.
- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2005): *Leandro Carré Alvarellos na literatura galega*, 2 vols, Tese de doutoramento, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- TATO, L. (1995): *Teatro e nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- TATO, Laura (1996): *O teatro galego e os coros populares (1915-1931)*, Tese de doutoramento, A Coruña, Universidade da Coruña.
(<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/1075>) [última consulta: xuño, 2014].
- TATO, Laura (1999): *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, Vigo, A Nosa Terra.

***CONSIDERACIÓNS
METODOLÓXICAS PARA A
EDICIÓN CRÍTICA DE TEXTOS
LITERARIOS GALEGOS DO
SÉCULO XX. O CASO DE O
PORCO DE PÉ (1928) DE
VICENTE RISCO***

Olivia Rodríguez González

Universidade da Coruña

doi:10.17075/tucmeg.2015.016

I. PROLEGÓMENOS

No curso das pescudas arredor de Vicente Risco e a súa xeración literaria que realicei para a miña tese de doutoramento sobre a narrativa do autor ourensán (Rodríguez 2001), decateime da transmisión de grallas, lecturas difíciles non resoltas, incoherencias sintácticas e outros obstáculos hermenéuticos que se producían nas edicións de textos, tanto deste autor como doutros escritores da literatura galega do século XX. A isto sumábanse, nas reedicións do último terzo do século XX, os cambios no texto para adecualo ás sucesivas normativas propostas desde distintas institucións para a escrita do idioma galego. Estas normas non só atinxían á ortografía, senón que se estendían a todos os niveis lingüísticos, consonte avanzaban os estudos filolóxicos académicos que lles servían de soporte. A insatisfacción como lectora perante un texto literario editado nesas condicións foi o principal motivo para emprender, anos despois, un traballo de crítica textual aplicado á novela de Risco *O porco de pé* coa finalidade de ofrecer unha edición da novela con rigor filolóxico.

Comecei o traballo en maio de 2012 no seminario arxentino «Germán Orduna» de Edición e Crítica Textual (SECRET).¹¹⁷ O seu fundador, Germán Orduna (1926-1999), formouse na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires. Creou o seminario en 1978, cando xa contaba cunha longa experiencia na crítica textual logo de investigar á beira de Hugo Friedrich no Romanisches Seminar da Universidade de Freiburg nos anos 60, onde se integrou na escola neolachmaniana, á luz da cal editou en 1981 o *Rimado de palacio* do Chanceler Ayala. Orduna foi, polo tanto, un conspicuo representante hispánico da ecdótica de cuño neolachmaniano e deixou como legado un equipo de investigadores de traxectoria recoñecida, especialmente na

¹¹⁷ Pertence ao «Consejo Nacional de Investigaciones Científicas y Técnicas» e ten a súa sede no «Centro Argentino de Estudios Históricos Sánchez Albornoz» en Buenos Aires. <http://www.iibicrit-conicet.gov.ar/investigadores/ordunagerman.html>

edición de libros cabaleirescos e a publicación anual desde 1981 da revista especializada *Incipit*.¹¹⁸

Presenteille ao seminario o meu proxecto de estudo e edición de *O porco de pé*, texto cuxa lingua e problemas edición parecían quedar lonxe do mundo dos manuscritos do pasado literario hispánico, e da vía de investigación do material pre-textual de obras contemporáneas, na que o SECRIT traballa ultimamente. Malia tratarse dunha nova exploración cuxos resultados están aínda por darse á luz, foi acollida con interese e atención polo director, José Luis Moure, que me iluminou o traballo en todo momento.

II. O MÉTODO NEOLACHMANNIANO DE CRÍTICA TEXTUAL

Esgotado o Humanismo que recuperaba o estudo e reconstrución de textos deturpados iniciado en Alexandría na época helenística, seguiu unha longa fase de desordenada elaboración de edicións de textos antigos, onde o crítico emendaba de acordo coa súa formación e coñecemento das disciplinas filolóxicas auxiliares —historia da lingua e da cultura e paleografía, entre outras—, cando non a partir do criterio personal e subxectivo. A este estado de cousas puxo fin o método ideado polo alemán Karl Lachmann (1795-1851) para textos bíblicos e grecolatinos, que establece un percorrido en distintas fases. Primeiro recóllense os testemuños directos e indirectos dun virtual arquetipo próximo ao orixinal (*recensio*). Cotéxanse a continuación os testemuños e ordénanse baixo o principio da coincidencia de erros, eliminando os repetidos. Elabórase, a seguir, o *stemma* ou esquema arbóreo xenealóxico da tradición textual, baseado na comunidade de erros e no binarismo lectura errada / boa lectura. Chégase así á fase de reconstrución dese orixinal (*constitutio textus*). A edición crítica remata coa elaboración dun aparato crítico que dá conta do proceso citando as variantes. Lachmann basea rigorosamente a elección de lectura entre variantes polo criterio de maior frecuencia de aparición, deixando só intervir a conxectura do crítico no caso de números equivalentes de aparicións de lecturas enfrontadas. Tamén considera que na fase de emendas de erros, a decisión do crítico debe fiarse do seu xuízo, de non existir fonte na que apoiarse.

O método de Lachmann foi practicado por Gaston Paris (1839-1903) en Francia, ata que chegou a facer crise co seu discípulo Joseph Bédier, cando este alertou sobre a imposibilidade de elaborar *stemma* fidedignos e claros para os

¹¹⁸ Dirixida polo director do SECRIT, José Luis Moure. Durante a miña estada coincidín con Lilia Ferrario de Orduna, Mercedes Rodríguez Temperley, Juan H. Fuentes, Leonardo Funes e Jorge Ferro, entre outros investigadores.

textos que se pretenden reconstruir pensando só nun arquetipo do que se derivan dúas vías enfrontadas. É preferible, sostén, editar un dos testemuños sobreviventes, o que se considere *codex optimus*, segundo o grao de proximidade ao orixinal (Bédier 1928). Reaccionaron contra Bédier os filólogos que non se conformaban con ese texto único e preferían coñecer as diferentes intervencións que facían problemático todo texto. Poñían en dúbida, ademais, a supremacía dunha copia que terminaba dando prioridade ao copista sobre o autor (Pérez Priego 2011: 29).

Provén esta reacción da filoloxía italiana, representada por Giorgio Pasquali, Gianfranco Contini, Césare Segre e outros críticos textuais. A obra de Paul Mass, *Textkritik* (1927, 1950) é tamén unha ponte entre o positivismo e a recuperación á luz da semiótica dos presupostos de Karl Lachmann. O método dos erros é superado polo método de estudo de variantes da corrente neolachmanniana, termo utilizado por primeira vez por Contini (1986: 68). Da semiótica procede a valoración non só do texto orixinal do autor, senón de cada un dos textos dos copistas, entre os que se establece un diálogo textual digno de ser considerado polo editor.

Orduna parte da idea que ten Segre do texto como estrutura lingüística orixinada nun acto de comunicación. Desde este enfoque, a crítica textual adquire unha dimensión dinámica de análise diacrónica desde o momento de emisión do orixinal ata a recepción da mensaxe textual no tempo presente: «ademais, la crítica textual puede intentar restituir el texto al acto de comunicación dado en la comunidad textual de origen y ofrecer un texto vivo y válido para la comunidad textual contemporánea» (Orduna 2000: 9).

III. APLICACIÓN DO MÉTODO Á EDICIÓN FILOLÓXICA DE *O PORCO DE PÉ*

O problema crítico de cada texto ten carácter individual, e daquela é imposible resolvelo coa aplicación exclusiva do manual de crítica textual. No caso de *O porco de pé*, as características que o individualizan proceden do contexto lingüístico e literario galego das sucesivas edicións.

III. 1. A análise da historia textual é un labor propedéutico que deixa preparado o camiño para as fases seguintes. En *O porco de pé*, atopamos un texto do que arestora se descoñecen manuscritos e, por tanto, ten unha historia exclusivamente impresa. Consérvase a *editio princeps* feita en vida do autor en 1928. Tras un lapso de 44 anos, *O porco de pé* reedítase en 1972 e continúa coñecendo reedicións e reimpresións ata a actualidade. Destes primeiros datos non se desprende a necesidade de que a novela sexa obxecto dunha edición crítica. Ao contrario, podería resultar improcedente, dado que existe unha

edición non variada polo autor, que falece en 1963. Porén, *O porco de pé* preséntase desde a súa orixe como texto problemático. En primeiro lugar, porque a edición *princeps* contén variantes que poden deberse tanto ao autor como a erros de interpretación do caixista. En que medida responden a unha ou outra causa é cuestión que require unha análise atenta do contexto histórico e textual en que se edita a novela. O texto tamén é problemático porque desde 1972 foi sometido a revisións editoriais para a súa actualización normativa que, como dixemos, alén do ortográfico, afectou a todos os seus niveis lingüísticos. Este segundo trazo da súa historia textual é inherente ao proceso político cultural da comunidade literaria a que pertence, e daquela, compartido por outros textos literarios coevos e próximos. Este feito permítenos falar dunha «comunidade textual ampla» cuxa necesidade de análise é corolario desta proposta.¹¹⁹

III. 2. Antes de entrar nos pormenores da historia textual da novela, aclararemos os resultados da *recensio*, isto é, a recompilación, ordenación e breve descrición dos testemuños impresos da novela de Risco. *O porco de pé* coñeceu catro edicións diferentes, que denominamos A, B, C e D:

-A: edición *princeps*, 1928, co título *O porco de pé: novela*, na editorial «Nós, Publicacións Galegas e Imprenta», A Cruña, 200 páxinas (o texto da novela comeza na páxina 5). Realizouse en 2008 unha edición facsímil para conmemorar os 80 anos da *princeps*: patrocinada por diversas institucións públicas,¹²⁰ foi unha «edición non venal realizada para a Fundación Vicente Risco», acompañada do folleto de Manuel Outeiriño, «O humor político de Risco».

-B: segunda edición, 1972, non exenta, titulada *O porco de pé e outras narracións*, número 8 da colección «Trasalba» da Editorial Galaxia. O libro ten 254 páxinas. O texto da novela comeza na páxina 9 e remata na páxina 157. Contén ilustracións de Johan Ledo. Fíxose unha reimpresión en 1979.¹²¹

-C: terceira edición, 1982, non exenta e co mesmo título que a anterior, na colección «Biblioteca Básica da Cultura Galega. Literatura», patrocinada polas Deputacións de Galicia, e editada pola Editorial Galaxia.¹²² Precede ao texto

¹¹⁹ O concepto de «diasistema» tomado por Segre da dialectoloxía de Uriel Weinreich resultaría rendible no estudo crítico textual da novela e desa comunidade textual (Segre 1979), tarefa que proxectamos para outro lugar.

¹²⁰ Xunta de Galicia, Deputación de Ourense, Concellos de Allariz, Castro Caldelas e Ourense, Universidades de Santiago Compostela, A Coruña e Vigo.

¹²¹ A editorial é responsable dos criterios de actualización.

¹²² Nota antes do limiar: «O texto orixinal foi adaptado á ortografía actual. Tamén se fixeron correccións de tipo morfosintáctico. En canto ó léxico, ofrécese ao final do libro un pequeno vocabulario no que se substitúen algúns termos empregados polo autor e que consideramos como non galegos. Estas palabras van marcadas no orixinal co signo *».

unha nota editorial sen título e un «Limiar», ambos sen firma.¹²³ Reimprimiuse en 1987, 1989, 1991 e 1993.

-D: cuarta edición, 1994, non exenta, co título *O porco de pé*. Despois dun «Limiar» de carácter xeral, o texto da novela abre o tomo I, dedicado á obra literaria en galego, das *Obras completas* de Vicente Risco da Editorial Galaxia e co patrocinio da Xunta de Galicia. O volume ten 581 páxinas. A novela comeza na páxina 11 e remata na páxina 117. Realizáronse as seguintes reimpresións: 1995, 1997 (exentas, na colección de Galaxia «Literaria», número 126), 2003a (exenta, xunto co selo coruñés La Voz de Galicia na súa «Biblioteca 120 Galega»), 2003b, 2007, 2012, 2013 (exentas, na «Biblioteca Vicente Risco» e «Literaria» de Galaxia). Como acabamos de ver, excepto a primeira, da que se realizou unha edición facsímil en 2008, as outras tres edicións contan con múltiples reimpresións. Algunhas son compartidas por Galaxia con outro selo. Os formatos son diversos, predominando os exentos nos últimos anos.

En canto á tradición indirecta, e deixando aparte a bibliografía crítica na recepción inmediata e posterior de *O porco de pé*, contamos con citas do texto en gramáticas e bases de datos; así como dúas traducións íntegras, ao castelán en 2001 e ao catalán en 2013. A importancia da tradición indirecta, que Paul Mass incorpora ao *stemma*, abre o camiño a unha análise que postergamos por falta de espazo neste lugar (Mass 2012 [1927]: 31).

III. 2. 1. Descrición do texto A

Caracterízase polos seguintes riscos: un número notable de variantes que se rexistran no discurso do narrador e no dos personaxes; unha escrita que trata de reflectir a fala popular mesmo en digresións de alta cultura e en diferentes rexistros paródicos; o uso de dialectalismos da zona de orixe do autor; a tendencia ao diferencialismo (Mariño 2008: 227); e o emprego, inconsciente ou a mantenta, de castelanismos. Estes trazos están filtrados pola peneira irónica e metalingüística dos xogos verbais, que son o eixo construtivo do texto. Daquela, o contexto histórico, literario e lingüístico da edición princeps esixe unha análise demorada:

III. 2. 1. 1. Circunstancias editoriais

O porco de pé sae do prelo tras un período de censura do directorio militar que é asemade o motor da súa creación, pois a novela é unha sátira da ditadura de Miguel Primo de Rivera e a sociedade que a produciu. Estas circunstancias, xenéricas e históricas, explican tamén certa precipitación editora, con falta evidente de revisión, coma se a novela tivese que saír á rúa canto antes, cando o

¹²³ A editorial é, pois, a responsable destes paratextos.

declive do réxime era palpable. Ao non existir manuscritos, a fasquía pre-editorial do texto só pode conxecturarse ata o día en que aparecen novos documentos que dean solución ás variantes e erros da *princeps*. A nosa hipótese consiste en que houbo dous tempos distintos na redacción do texto, ou mesmo, a fusión de dous relatos distintos en orixe.

A predecesora da editorial Nós foi Lar, creada por Ánxel Casal e Leandro Carré Alvarellos en 1924. Cando a revista *Nós*, fundada en 1920 por Vicente Risco, Castelao, Arturo Noguero e outros intelectuais, deixa de imprimirse en Ourense en febreiro de 1923, é acollida finalmente por Lar, vinculada, como a revista, ao movemento das Irmandades da Fala.¹²⁴ En 1927, coa separación dos socios, Ánxel Casal deixa Lar e funda a editorial Nós, que seguirá encargándose na Coruña da revista homónima e dos traballos do Seminario de Estudos Galegos, así como da novela de Risco e as obras doutros escritores consagrados. Coñecerá unha nova etapa en Santiago de Compostela a partir de maio de 1931 e ata a guerra civil, cando é destruída a imprenta e asasinado o seu director, daquela alcalde deste concello. Isto explica a desaparición de documentos da editorial, entre eles, os manuscritos das obras editadas.

Por outra banda, a difícil situación económica da empresa editorial e a pasividade do autor ante a conveniencia dunha reedición mellorada da novela explican que non houbera máis impresos en vida de Risco. Este renunciou, ademais, á práctica literaria en galego cando se autoimpuxo, mediante prego de descargo durante a guerra, o esquecemento do propio pasado nacionalista (Rodríguez 2002: 45).

III. 2. 1. 2. Vicente Risco ante o idioma galego escrito

Risco comeza a usar o idioma galego na oratoria en 1917 e na prensa en 1918. Axiña participa nos debates sobre a unificación da escrita galega (Monteagudo 1995: 88 e ss.), encetando en 1919 o primeiro dunha serie de dez artigos e traballos, ao longo de cinco anos, sobre diversos aspectos dunha posible norma lingüística común. A cuestión preocupaba aos escritores desde o Rexurdimento, e a esa altura do século XX había xa definidas varias orientacións que podemos agrupar a grandes trazos en tres correntes: a escrita fonética (impulsada por Aurelio Ribalta), a que postula o achegamento ao portugués (defendida por Xohán Vicente Viqueira), e a ecléctica, que reivindica a escrita dos Precursores, con atención á literatura medieval e ás posibles achegas do portugués para contrarrestar o peso do castelán. Risco adscríbese a esta última e declárase partidario da liberdade ortográfica. Con esta bagaxe, entra na polémica iniciada por Ribalta en *A Nosa Terra* a propósito dos artigos que Viqueira viña

¹²⁴ Esta empresa publicaba a importante colección Lar de novela curta, un instrumento de popularización da lectura en galego que, xunto a outras coleccións, tales como Céltiga de Ferrol e Alborada de Compostela, difundirían o relato en galego entre 1924 e 1928.

publicando desde 1917 neste boletín sobre a ortografía que debería adoptar o idioma galego. Aínda amosándose partidario da liberdade, concede Risco preeminencia teórica á solución fonética, «que foi a das nosas línguas romances, hastra qu'a pedantería dos humanistas dos séculos XV e XVI trouxo esa *macana* da ortografía etimolóxica» (Risco 1919; cursivas no orixinal). Agora ben, como pensa que a ortografía fonética pode levar a unha sorte de esperantismo ortográfico, opta por seguir a empregada por Rosalía, Curros, Pondal e Lamas: «Ten a gracia decorativa dos apóstrofos, dos guiós, dos acentos circunflexos, que lle dan un aire europeo que non debera perder. Non hai qu'esquecel-a estética que n'esto tamén hai. E inda estaría millor si, contr'o parecer do mestre Ribalta, adotáramos as consonantes dobres do portugués: ph, lh, ss, mm, que campan tan ben. ¿E logo non?» (Risco 1919: 4).

En 1926 entra de novo en polémica sobre a lingua galega, contestando a Evaristo Correa Calderón e a Manuel Amor Meilán. Rexeita a proposta lusista do primeiro, nunha posición xa manifestada no artigo de 1919 que acabamos de citar (Correa 1926; Risco 1919: 3; 1926b). Cando o segundo propón acudir ao «galego que non se fala», é dicir, ao que permanece esquecido nos documentos medievais, Risco non o contradi pero si fai unha glosa ao listado co que Meilán exemplifica a súa proposta, indicando con referencias a autoridades que o uso de algúns dos termos arcaicos citados está vivo. Con isto quere indicar que son moitos os que están a pór en práctica unha proposta que lle parece loable, aínda co matiz de que «hai que guiarse tamén do gusto» (Amor 1926; Risco 1926c). Prosegue na teima en 1927, explicando a necesidade de facer entender aos escritores e lectores que se queixan das novidades estrañas no galego, que este está vivo e evoluciona. Cómpre contribuír á súa mellora facendo accesibles os documentos medievais, procurando que non se perda o galego dos falantes máis vellos ou das comarcas máis arrecunchadas. Aclara tamén a natureza do léxico común co portugués e dos cultismos, patrimonio internacional que o galego non debe rexeitar (Risco 1927).

Hai un texto de 1926, momento próximo á edición da novela, no que Risco expresa opinións e dúbidas sobre cuestións ortográficas. Escribe sobre a formación do plural das palabras acabadas en *-án, -én, -ín, -ón*, que os falantes do norte e noroeste de Galicia fan en *-ns*; mentres os do sur, especialmente os ourensáns, fan en *-ás, -és, -ís, -ós*. Despois de xustificar, mediante leis de evolución fonética que daquela se manexaban, a forma dialectal por el usada, conclúe: «Pra min, tan lexítima é unha grafía com'a outra» (Risco 1926). Interesa salientarmos tamén que o autor expresa dúbidas, que espera resolvan os expertos, sobre a formación dos plurais das palabras rematadas en *-l* e *-r* pregunta que solución é a mellor: *papés* ou *papeis*); acerca da vocalización dos grupos consonánticos cultos, e sobre que sufixos deben usarse: *-enza, -zón* ou *-encia, -ción*.

En 1933, na recensión do *Vocabulario castellano-gallego* das Irmandades da Fala da Cruña, celebra un traballo tan esperado, dada a escaseza de estudos que obriga aos escritores a recorrer a material vello. De novo insiste na defensa dos comarcalismos (dialectalismos), que, ao seu xuízo, non deben ser omitidos; antes ao contrario, deberían xeralizarse para enriquecer o idioma galego. Ademais, a decisión de suprimilos pode ser errada, porque é dubidoso que todas as expresións así consideradas sexan realmente comarcais, sobre todo se o enfoque provén da área coruñesa ou mariñá (Risco 1933).

Cando o Seminario de Estudos Galegos elabora *Algunhas normas para a unificación do idioma galego* (1933),¹²⁵ Risco recíbeas con optimismo desde *Nós*. Non son estritas, di, pois dan abonda liberdade ao escritor, e logran un equilibrio entre as solucións fonéticas e as etimolóxicas. En efecto, adoptan, para facilitar a lectura, a grafía <x> en todos os casos de representación da prepalatal fricativa xorda. Afirma Risco que provisionalmente haberá que aceptalas, pero que cando o galego entre no ensino, deberíase volver «inmediatamente ás formas que podemos chamar clásicas e máis á ortografía etimolóxica» (Risco 1934). En efecto, ese mesmo ano, e seis despois de sacar á luz *O porco de pé*, edita na editorial Nós o ensaio literario *Mitteleuropa (Impresións d'unha viaxe)*, onde se advirte como novidade, debida á aplicación do principio etimolóxico que o autor antes rexeitaba e agora defende, a substitución do uso exclusivo da grafía <x> pola tríade <j, g, x>, para a representación da consoante fricativa prepalatal xorda.

Ramón Mariño Paz sinala a evolución de Vicente Risco desde un interdialectalismo que rexeitaba a uniformización lingüística en 1919, ata o convencemento en 1933 da necesidade de estudos científicos para acadar unha norma enxebre e diferenciada (Mariño 2008: 22). Máis que renunciar ao esforzo entre todos de converter a forma dialectal en forma xeral, diríamos que o cambio notable que se observa en Risco se produce con respecto á ortografía etimolóxica.

III. 2. 1. 3. Vicente Risco e as gramáticas do galego arredor do ano 1928. Risco manexou con toda probabilidade o *Compendio de Gramática Galega* de Leandro Carré Alvarellos, publicada na Imprenta Nova da Coruña en 1919 coas iniciais R.A. Na relación que fai en 1933 para indicar a escaseza de estudos gramaticais, non menciona estes importantes apuntamentos de gramática, aínda que si o *Diccionario* (Carré 1928, 1933).¹²⁶ Pero Carré alude ao *Compendio* nas «Verbas limiares» do primeiro tomo de 1928 do *Diccionario*: «seguimos co'esto a forma gráfica adoutada pol-a case totalidade dos escritores, como xa fixemos no noso *Compendio de Gramática*

¹²⁵ En 1936 realizouse unha *Engádegas ás Normas para a unificación do idioma galego*.

¹²⁶ «... dino de loubanza de Carré Alvarellos, s'ó segundo volume non estivera feito con demasiada presa» (Risco 1933).

Galega» (Carré 1919: 5). E Risco refírese indirectamente a esta obra na recensión devandita a LUGRÍS FREIRE, ao enfrontarse coa teima de acabar cos provincialismos: «Eu ben sei qu'isto responde á nobre cobiza d'erguel-o galego o máis que se poida no rango das línguas cultas. Tal n-outrora o empeño da que Carré Aldao chama Escola Cruñesa, na qu'o propio LUGRÍS áchase catalogado. Empeño dino de loubas» (Risco 1922 [1982: 89]).

O certo é que o texto A acorda con moitas das propostas gramaticas de Carré en 1919, caracterizadas pola liberdade de escolla entre variantes que o *Compendio* recolle. Por exemplo, como a alternancia vocálica é fenómeno propio do galego, reconece Carré o dereito do escritor ao uso indistinto do que chamariamos solucións dialectais dos distintos bloques galegos, así como ao reflexo na escrita da fala: «el / il», «ese / ise», «dormir / durmir», «primeiro / pormeiro». Dá carta de natureza ao uso do *e* paragóxico, á alternancia de grafías consonánticas en casos como «cariz / carís», así como á variedade de terminacións en palabra como «verdá / verdade», «irmán / irmau / irmao». Carré recolle tamén a posibilidade dos plurais «papés», «calzós», «algús», que aparecen no texto A da novela de Risco.

A principal discordancia entre Risco e Carré atopámola no uso de diacríticos, que o coruñés procura simplificar: «Outras diccións perden tamén letras e únense ás seguintes, sinalando estas perdas c'un apóstrofe, pero esto non se debe facer na escritura literaria, senón cando se queira imital-a fala dos paisanos. Algunhas veces, sin embargo, pódese facer no verso» (Carré 1919: 29). Outro importante desacordo é o uso dos tempos compostos verbais co auxiliar haber, que nin se mencionan no *Compendio*.

A *Gramática do Idioma Galego* de Manuel LUGRÍS FREIRE debe estar presente tamén na análise do texto A. Publicada en 1922 pola imprenta Zincke, toma como base a *Gramática* de José Antonio Saco y Arce de 1868, e a *Gramática Histórica* de Vicente García de Diego, tal como se indica nos limiares (LUGRÍS 1922, 1931: VI). Contamos cunha recensión de Risco, publicada en *La Zarpa*, na que se opón á «guerra declarada» de Manuel LUGRÍS contra os chamados provincialismos (é dicir, dialectalismos). Risco reacciona a prol da lingua oral contra o perigo de morte dunha lingua culta que cristaliza nas gramáticas sen comunicación coa fala. Considera que os provincialismos manteñen vivo un idioma, fronte aos cultismos, que son os «elementos osificados do lingoaxe» (Risco 1922 [1982: 90]). Para evitar os cultismos, propón acudir aos arcaísmos, para o cal fala de novo da conveniencia de realizar edicións accesibles dos textos medievais.

Como exemplo da relación textual entre *O porco de pé* de 1928 e a *Gramática*, na que LUGRÍS non dubida en prescribir cando considera oportuno, podemos apuntar casos en que o texto da novela acorda ou difire da norma

gramatical do coruñés. Unha mostra de coincidencia é a aceptación por Lugrís das formas compostas dos verbos co auxiliar haber.¹²⁷ Un exemplo de discordancia vén sendo que, mentres Lugrís Freire sinala a preferencia da serie «este, esta, esto, ese, esa, eso, aquel, aquela, aquilo» e só acepta a variante nas formas neutras: «isto, iso»,¹²⁸ Risco usa as formas dialectais «iste, ise, aquil», facendo por outro lado alternar as formas neutras «esto/isto», «eso/iso».

III. 2. 2. *Descrición do texto B*

A editorial Galaxia reedita a novela de Risco en 1972 como parte dun proxecto de reconstitución da narrativa galega que quere apoiarse nos textos clásicos contemporáneos. Desde os seus inicios en 1950, esta editorial seguiu unha norma flexible que se expresaba nos paratextos dos libros e que terminou callando en 1966 na *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carballo Calero, que incorporaría no sucesivo as normas da Real Academia Galega (RAG). Caracterizada polo autonomismo e a preferencia polo galego literario, non era a de Galaxia a única opción normativa, pois conviviou con propostas reintegracionistas xurdidas arredor do artigo de Manuel Rodrigues Lapa en 1972, e mesmo outras rescatadas da etapa de entreguerras, como a de Leandro Carré, que edita unha *Gramática* en 1967. Urxida pola nova Lei de Educación de 1970, que permitía o ensino do galego na escola, a RAG publica as *Normas ortográficas do idioma galego* en 1970, con algunhas novidades na reedición de 1971, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, e tamén na seguinte, de 1977. En 1971 aparecen tamén as *Bases* do Instituto da Lingua Galega (ILG) e *Gallego 1*, o primeiro dos seus catro manuais, que dá preferencia ao galego falado. Neste contexto explícanse as características da edición do Texto B: sendo abondo respectuosa co texto A, apártase del nos seguintes casos:

En primeiro lugar, e seguindo a tendencia de suprimir os diacríticos que na preguerra se usaron como estratexia diferencialista con respecto ao castelán (Alonso Pintos 2006: 134, 187), desaparecen guións, apóstrofes que reproducen elisións e síncope da fala popular, e elimínanse acentos circunflexos, por exemplo «ôs Adiantos das Cencias».

A continuación, substitúense os plurais «sesiós», «cás», propios da área dialectal de Ourense; por «sesións», «cans», pertencentes ao bloque occidental do galego, que se prefíre. Quedan unificados os plurais dos vocábulos polisílabos agudos acabados en *-al* coa eliminación da posibilidade *-ás*: «providenciás», «parciás» pasan a «providenciáis», «parciáis». Isto indica que o

¹²⁷ «mais tamén se fai, sobre todo modernamente, cō verbo *haber*, por exemplo: *Eu houbera, habería ou houbese falado*. [...] o verbo *ter* é o auxiliar que debe empregarse, sin que por elo se desbote o auxiliar *haber*» (Lugrís 1931: 47, 97; cursivas no orixinal).

¹²⁸ «Cando [...] teñen certo sentido neutro e non se refiren a persoas» (Lugrís 1931: 34).

texto B segue a edición das *Normas* de 1971, onde se cambia a formación destes plurais, que fora un dos puntos máis discutidos entre a RAG e o ILG (Alonso Pintos 2006: 293), xa que a solución *-ás* contaba con tradición literaria e apoio do Seminario de Estudos Galegos, amais de ser a escollida por Risco. Mencionamos, por último, a modificación, non sempre, das variantes patrimoniais dos sufixos *-zón*, *-enza*, para unilas ás voces nas que se impuxeron as solucións *-ción*, *-encia*: «considerazón», «independenza» son cambiadas por «consideración», «independencia».

III. 2. 3. *Descrición do texto C*

A editorial Galaxia reedita a novela de Risco en 1982. O texto C segue exclusivamente o texto B, e transfórmao ostensiblemente. Os cambios aplícanse de acordo coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* publicadas en 1982 polo ILG e a RAG, tras a aprobación do Estatuto da Autonomía de Galicia e a entrada do galego de maneira oficial no ensino.¹²⁹ O precedente destas normas aprobadas pola Xunta de Galicia foron as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, da Universidade de Santiago de Compostela (1977), «onde o autonomismo se reforzaba arredor dun galego común e tendía pontes a aqueles defensores do idioma que postulaban unha maior aproximación á lingua portuguesa» (Alonso Pintos 2006: 286-287). As *Bases* tiveron unha ampla pegada, chegando a influír na reedición da *Gramática del gallego común* de Carballo Calero (1979). Tras elas, publicáronse tamén as *Normas da Comisión de Lingüística* (1980) e as *Orientacións para a escrita do noso idioma* da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (1979, dúas edicións en 1980, e 1982).

O texto C somete a novela a grandes cambios. Por exemplo, representa o encontro de preposición «a» e artigo determinado reflectindo a lingua oral: «á/ó, ás/ós». Procura, en cambio, eliminar riscos considerados impropios da escrita literaria, pois son reflexo da fala popular como «administración», «proteución» e «ideia». Corrixe hiperenxebrismos como «nervoso». Detecta castellanismos no léxico, sinálaos cun asterisco e agrúpaos nun glosario final onde aparece a lectura que se considera correcta (v.g. «sabañós» > «frieiras»). Elimina os castellanismos sintácticos: por exemplo, a incorrecta colocación do pronome persoal átono (v.g. «e onde pódese dicir» > «onde se pode dicir»), as formas verbais compostas e as contaminacións da conxugación española (v.g. «houberan pasado» > «pasasen»; «pasaran» como imperfecto de subxuntivo > «pasasen»). Substitúe formas do pronome persoal e dos demostrativos da zona

¹²⁹ No seu traballo sobre a codificación do galego entre 1950 e 1980, Serafin Alonso Pintos (2006: 291) quere chamar a atención sobre a relación directa que se dá entre a elaboración de propostas e a evolución do marco legal do sistema de ensino en España.

dialectal ourensá polas preferidas pola normativa: «il», «iste» por «el», «este». Substitúese a forma «lle» con significado plural por «lles»: por exemplo, «aquil que lles berraba aos seus mancebos». O texto C, en suma, somete a novela de Risco a unha fonda actualización normativa coa finalidade de convertela nun texto apto para aprendizaxe do idioma galego na escola.

III. 2. 4. *Descrición do texto D*

Este texto atense ás reformas das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* de 1994-1995, levadas a cabo polo ILGA e a RAG e aprobadas en 1995. Segue fundamentalmente o texto C, desbotando os asteriscos e o glosario final que a edición de 1982 usaba para advertir dos castellanismos léxicos. O copista acode ao texto A para resolver lecturas problemáticas, pero non o ten como base.

Engádense algúns cambios relativos ao léxico, nos que se termina de fixar a tendencia culta etimoloxizante e a eliminación de castellanismos. Vemos «garavata» onde A, B tiñan «cravata» e C, «garabata»; e «xulgados» onde A, B presentan «xusgados» e C, «xuzgados», por exemplo. Queda a solución *-án* para o sufixo latino *-anum*: «cristián», en lugar de «cristiano». En canto á morfosintaxe, segue os cambios realizados por C.

III. 3. *Collatio e stemma*

Tomando como punto de referencia A, texto autorizado por Risco, por moito que descoñecemos a consideración que lle merecía, procedeuse a un cotexo de cada unha das tres edicións con ese texto base. Do cotexo empezou a xurdir luz sobre os criterios editoriais aplicados en cada caso, e dos que acabamos de dar conta en relación coa normativización actualizadora de cada copista. Sen determos en máis pormenores, e segundo o exame de erros comúns, podemos establecer o seguinte *stemma*: do texto A dérívase o texto B, que á súa vez é o punto de partida do texto C, que ignora A. O texto D segue o texto C e, esporadicamente, o texto A. Os erros de A pasan a B e C, e as copias xeran á súa vez novos erros. O texto D herda algúns e procura corrixir outros, recorrendo o copista ao texto A ou aplicando a conxectura.

En suma, hai tres liñas de transmisión textual: A--->B, B--->C, C---> D (que parcialmente segue A).

Se analizamos as traducións, observamos que esta tradición aberta afecta só á castelá de Miguel Hernández Sola (2001). O tradutor non segue o texto A, malia existir exemplares accesibles en diferentes bibliotecas do texto A. Prefire basearse en D, *textus receptus* daquela. A tradución ao catalán de Eduard del Castillo Velasco (2013) si parte de A, *editio princeps*, seica pola edición facsímil en 2008. Así, mentres a castelá engade erros novos (por exemplo,

traduce «pautos de retro» por «compromisos adquiridos»), a catalá ofrece un texto óptimo desde o punto de vista filolóxico.

Finalmente, ilustraremos cunha cita a transmisión e cruzamento de erros (en cursiva) cuxas liñas esquematizamos no *stemma*. Engadimos tamén a tradición indirecta das traducións:

A: «O Dr. Alveiros, co libro diante e os ollos perdidos no espazo, lonxe do mundo de Maya, matinaba na inanidade de total-as cousas...»

B: «O *Dr.* Alveiros, co libro diante e os ollos perdidos no *espacio*, lonxe do mundo de Maya, matinaba na *inantidad* de *todalas* cousas...»

C: «O *Dr.* Alveiros, co libro diante e os ollos perdidos no *espacio*, lonxe do mundo de Maya, matinaba na *inentidade* de *tódalas* cousas...»

D: «O *doutor* Alveiros, co libro diante e os ollos perdidos no *espacio*, lonxe do mundo de Maya, matinaba na *inentidade* de *tódalas* cousas...»

Trad. ao castelán: «El doctor Alveiros, con el libro delante y los ojos perdidos en el espacio, lejos del mundo de Maya, reflexionaba sobre la *inentidad* de todas las cosas...»

Trad. ao catalán: «El doctor Alveiros, amb el llibre davant i la mirada perduda en l'espai, lluny del món de Maya, rumiava en la inanitat de todes les coses...»

III. 4. *Constitutio textus* e edición crítica

Como adiantamos, *O porco de pé* non pode ser obxecto dunha edición crítica *stricto sensu*, pero si dunha edición que mereza o nome de crítica polo traballo previo de análise textual que axude a recuperar un texto de tradición contaminada desde o primeiro testemuño. As innovacións contaminadoras prodúcense por *divinatio* ou por prurito actualizador dos copistas nos textos B, C e D; e pola utilización de dúas fontes, unha delas de forma intermitente, polo copista de D (Mass 2012 [1927]: 37).

O texto resultante, que teremos que chamar texto E, ten como base a edición príncipe, que é actualizada moderadamente, e ve emendados por conxectura erros orixinais, ofrecendo como resultado un texto diferente aos das edicións anteriores. Leva anotacións culturais e filolóxicas, sendo estas as menores posibles, posto que un prefacio dará conta da «historia do texto» e a súa problemática filolóxica.

Referímonos coa expresión «actualización moderada» aos límites que pensamos deben poñerse a un texto clásico contemporáneo como o que nos ocupa. Na medida do posible somos respectuoso co orixinal. Por un lado

eliminamos diacríticos, e metaplasmos transcritores da fala popular, usamos a ortografía etimolóxica, e desfacemos variantes do texto A a prol da lectura hoxe normativa. Por outro lado, somos fieis ao *usus scribendi* de Risco, aínda nos casos de agramaticalidade desde a perspectiva normativa de hoxe: non cambiamos as formas dialectais de non existir variantes no texto A, respectamos os sufixos populares en rexistros científicos («explicadeira»), a ampliación semántica que fai de «derradeiro» como sinónimo de «último», a interpolación do pronome «se» e a permanente posposición do pronome persoal átono, así como o emprego de «haber» como auxiliar de tempos verbais compostos, entre outras tomas de decisión.

IV. COLOFÓN

Na nosa proposta de nova edición crítica e actualizada de *O porco de pé* de Vicente Risco, por riba da recollida mecánica de variantes, partimos do principio da escola neolachmanniana que Orduna toma de Pasquali (1988: 6): «un conocimiento directo y lo más completo posible de la *historia del texto* es la mejor y más segura propedéutica a la *recensio*» (Orduna 2000: 7; cursivas en el original). Esa historia ten, como acabamos de ver, unha finalidade hermenéutica evidente, aparte da función de dar sentido e mellorar a escolla de variantes.

Por outra banda, Pasquali, seguindo a Mass, chama a atención sobre a importancia no *stemma* das liñas de transmisión transversal, cando o texto ten unha tradición aberta. Ocorre así con *O porco de pé*, que ofrece unha rama horizontal aberta xa no momento en que B introduce innovacións particulares do copista que atende á actualización ortográfica (v. g. «provindenciáis»). Neste caso, non hai que preocuparse de acadar un *stemma* rigoroso, senón de valorar cada un dos seus elementos coa mesma atención. A nosa edición non pretende ser puramente reconstrutiva porque quere chegar ao lector cunha mínima actualización que facilite a lectura. Ese criterio funciona á hora de anotar o texto con aclaración filolóxicas imprescindibles, e preferir notas hermenéuticas para aclarar o contexto cultural da obra. Defendía Paul Mass na *Crítica del texto* a intuición como instrumento tan valioso como o rigor no seguimento das fases do traballo de crítica textual. Nós trata de aplicala máis na historia do texto, conxeturando unha etapa pre-editorial da que daremos conta noutro lugar cando a edición crítica de *O porco de pé* saia á luz.

BIBLIOGRAFÍA

Fontes primarias

- RISCO, Vicente (1928): *O porco de pé: novela*, A Cruña, Nós.
- RISCO, Vicente (1972): *O porco de pé e outras narracións*, Vigo, Galaxia.
- RISCO, Vicente (1982): *O porco de pé e outras narracións*, Vigo, Galaxia.
- RISCO, Vicente (1994): *O porco de pé*, en *Obras completas*, vol. 1, Vigo, Galaxia / Xunta de Galicia: 9-117.
- RISCO, Vicente (2001): *El cerdo de pie*, Trad. de Miguel Hernández Sola, Madrid, Trama.
- RISCO, Vicente (2013): *El porc dempeus*, Trad. Eduard del Castillo Velasco, Ourense, Xunta de Galicia / Fundación Risco.

Fontes secundarias

- ALONSO PINTOS, Serafín (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- AMOR MEILÁN, Manuel (1926): «El gallego que no se habla», *B.R.A.G.*, 182, 01 de abril: 25-32.
- ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA: (1979 en ciclostil, 1980a, 1980b): *Orientacións para a escrita do noso idioma*, Santiago, Xistral.
- ASOCIACIÓN SÓCIO-PEDAGÓXICA GALEGA (1982): *Orientacións para a escrita do noso idioma*, Ourense, Galicia Editora.
- BÉDIER, Joseph (1928): «La tradition manuscrite du *Lai de l'ombre*. Réflexions sur l'art de éditer les anciens textes», *Romania*, 54: 161-196; 321-356.
- BLECUA, Alberto (1983): *Manual de crítica textual*, Madrid, Castalia.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1966-1979): *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia.
- [CARRÉ ALVARELLOS, Leandro] R.A. (1919): *Compendio de gramática galega*, A Cruña, Imprenta Nova.
- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1928): *Diccionario galego-castelán*, 2 vols, A Cruña, Lar (2ª edición, 1 vol, 1933).
- CONTINI, Gianfranco (1986): *Breviario di ecdotica*, Milano, R. Ricciardi.
- GALAXIA (1952): «Verbas limiares», en Ramón Cabanillas, *Antífona da Cantiga*, Vigo, Galaxia.
- GARCÍA DE DIEGO, Vicente (1909): *Elementos de Gramática Histórica Galega (Fonética-Morfología)*, Burgos, Imprenta y Librería Hijos de Santiago Rodríguez.
- ENRÍQUEZ SALIDO, María do Carmo (1981): «Notas sobre a normativa ortográfica de Vicente Risco», en *Nós, Orense*, número extraordinario: 41-46.
- FREIXEIRO MATO, X. Ramón (1988): *Historia da lingua galega*, Vigo, A Nosa Terra.
- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1971): *Gallego 1*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago.
- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1972): *Gallego 2*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago.

- INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGA (1974): *Gallego 3*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago.
- LUGRÍS FREIRE, Manuel (1922): *Gramática do idioma galego*, A Cruña, Zincke Hnos. (2ª ed. corr. e aum., A Cruña, Moret, 1931).
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2004): *Historia de la lengua gallega*, Muenchen, Lincom GmbH.
- MAAS, Paul (2012 [1927]): *Crítica del texto*, Trad. Andrea Baldissera e Rafael Bonilla Cerezo, Sevilla, Universidad Internacional de Andalucía, 2012.
- MARTINES, Vicent (1999): *L'Edició filològica de texts*, València, Universitat de València.
- MONTEAGUDO, Henrique (1995): «Ideas de Vicente Risco sobre a lingua galega», en *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia: 87-127.
- MONTEAGUDO, Henrique (2001-2002): «Propostas e debates sobre o galego culto no período de entreguerras. 1. Primeira etapa (1917-1927)», *Revista Portuguesa de Filologia*, 24: 1-51.
- MONTEAGUDO, Henrique (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia.
- ORDUNA, Germán (1995): «La edición crítica como arte de edición. 1. Interpretatio-Iudicium», *Incipit*, XV: 1-22.
- ORDUNA, Germán (2000): *Ecdótica. Problemática de la edición de textos*, Kassel, Reichenberger.
- ORDUNA, Germán (2005): *Fundamentos de crítica textual*, edición de Leonardo Funes / José Manuel Lucía Megías, Madrid, Arco.
- PASQUALI, Giorgio (1988): *Storia della tradizione e critica del testo*, Firenze, Le Lettere.
- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (2011): *La edición de textos*, 2ª ed. aumentada e actualizada, Madrid, Síntesis.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*, A Cruña, Real Academia Gallega.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Cruña, Real Academia Gallega.
- REAL ACADEMIA GALLEGA (1977): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Cruña, Real Academia Gallega.
- RISCO, Vicente (1919): «Prosas galeguistas. Ortografía. A Provincia», *A Nosa Terra*, 95, 25 de xullo: 3-4.
- RISCO, Vicente (1921): «Plan pedagógico prá galeguización das escolas», *Nós*, 6, 24 de xuño, e 7, 25 de outubro.
- RISCO, Vicente (1922): «Provincialismos e cultismos», *La Zarpa*, 95, 16 de novembro [reproducido en *Prosas de Risco en La Zarpa' (1921-1923)*, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, Orense, 1982: 89-90].
- RISCO, Vicente (1926a): «Ensaio para un catálogo da lingua galega», Seminario de Estudos Galegos, 30 de xaneiro. [Reproducido como «Pr'o catálogo da léngua galega», en *Homenaxe ó 70 aniversario do Seminario de Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1993: 19-63].
- RISCO, Vicente (1926b): «Os homes, os feitos, as verbas. Porfias diversas», *Nós*, 26, 15 de febreiro: 16.
- R[ISCO, Vicente] (1926c): «Lexigrafía. O galego que se non fala», *Nós*, 29, 15 de maio: 15-16.

- RISCO, Vicente (1926d): «Tribúa aberta. A Fala galega», *El Pueblo Gallego*, 11 de setembro: 1.
- RISCO, Vicente (1927): «Da renacementa galega. A evolución do galego e os seus críticos», *A Nosa Terra*, 233, 1 de febreiro: 9-10. [Reproducido de *Céltiga*, Bós Aires, 10 de decembro].
- [RISCO, Vicente] (1933): «Os homes, os feitos, as verbas. *Vocabulario castellano-galego de las Irmandades da Fala, Cruña*», *Nós*, 118, 15 de maio: 228.
- RISCO, Vicente (1934): «Os homes, os feitos, as verbas. Pra a unificación do idioma galego», *Nós*, 121, 15 de xaneiro: 17.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1972): «A recuperación literaria do galego», *Colóquio/Letras*, 13: 5-14.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (1993): «Documentación acerca de las distintas consideraciones de Vicente Risco sobre la lengua y la literatura gallega», *Revista de Filología Románica*, 10: 221-240.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2001): *La obra narrativa de Vicente Risco*, Madrid, Universidad Complutense. (<http://eprints.ucm.es/3328/>)
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2002): *Vicente Risco, escritor, etnógrafo e ideólogo do galeguismo*, Vigo, Ir Indo.
- SACO ARCE, Juan A. (1868): *Gramática Gallega*, Lugo, Soto Freire.
- SANTAMARINA, Antón (1993): «V. Risco lexicógrafo», en *Homenaxe ó 70 aniversario do Seminario de Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega: 13-16.
- SEGRE, Cesare (1979): *Semiótica filolóxica. Textos y modelos culturais*, Murcia, Editum, 1990.
- SEGRE, Cesare (1985): *Principios de análisis del texto literario*, Barcelona, Crítica.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (1977): *Bases para unificación das normas lingüísticas do Galego. Resume dos seminarios celebrados na Universidade de Santiago de Compostela desde decembro de 1976 a xuño de 1977*, edición non venal, Madrid, Anaya.
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO (1980): *Bases para unificación das normas lingüísticas do Galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago.
- XUNTA DE GALICIA (1980): *Normas ortográficas do idioma galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia [reproducidas en Xunta de Galicia, *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*, 10, xuño: 26-30].

**O CONCEPTO DE MELANCOLÍA
NA OBRA DE XOSÉ LUÍS
MÉNDEZ FERRÍN**

Natalia Szejko

Instituto de Estudos Ibéricos e
Iberoamericanos, Universidade de
Varsovia

[doi:10.17075/tucmeg.2015.017](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.017)

O Cisne

Andrómaca, só penso en ti! O curso de auga,
Espello pobre e triste onde xa resplandeceu,
do teu rostro de viúva a maxestosa mágoa,
O Simoente falaz que ao teu pranto creceu.
(Baudelaire 2014: 112)¹³⁰

Neste extracto da poesía inmortal de Charles Baudelaire pódese entrever —entre sílabas do xénero máis melancólico de todos, o xénero da poesía— un manifesto máis natural e axeitado: a necesidade de meditar de cada ser humano, da necesidade de *melancolizar* ao redor da súa propia existencia. Aristóteles e Galeno definían a melancolía coma un dos estados de ánimo que se encontran no centro da natureza do ser humano. No sistema de catro temperamentos de Hipócrates, a *bile negra* relacionábase coa fortaleza e firmeza dos pensamentos. Ao longo dos séculos a melancolía constituíu un exercicio intelectual para distintas xeracións de investigadores e foi a resposta á crise filosófica de posguerra e da idade posmoderna. Sen dúbida ningunha, a melancolía, sendo unha noción universal, pódese inscribir no pensamento de diversas nacións e, por varias razóns, algunhas delas desenvolveron unha filosofía propia da *saudade*; este é o caso de Galicia. Dende o inicio da súa actividade artística, o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín concentrouse no ser humano situado no mundo do pasado, no mundo que está ao lado da aceleración de posmodernismo. Tanto na súa narrativa como na súa poesía pódense trazar varios niveis da construción do ambiente melancólico. Trátase, en primeiro lugar, do espazo en que transcorren os feitos descritos.

Nos relatos recollidos baixo título *O crepúsculo e as formigas* (2001a [1961]), Ferrín recolle o mundo escondido entre as sombras do pasado, o medo das personaxes que non poden afrontar o encontro co exterior. Dan un paso cara á estética da paisaxe para somerxerse totalmente nela. A brétema, as últimas horas do día, a decadencia da natureza, o seu paso momentáneo no ciclo da vida é, ao mesmo tempo, o paso momentáneo das persoas por esa «terra de proseguir e non dar nada», como di un verso do seu libro de poemas *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980: 25), vense neste fragmento do prólogo de *O crepúsculo e as formigas*:

¹³⁰ Traducións ao galego da autora sempre que non se indique o contrario.

O sol está morrendo e sobre a vila treme unha brétema moi lixeira e algo vermella. Eu vivo no derradeiro piso e ollo a vila. Principian a se acender as luces, impotentes contra a mesta e bárbara avanzada das sombras. As sombras penetran as rúas coma algo sen corpo e fanse mestas nos ollos dos homes. É o intre do crepúsculo. Agora é cando morre a luz e os perfís das cousas deixan de ser concretos. [...] os homes son coma formigas, na vila sen nome. (Ferrín 2001a: 21)

Ferrín sempre opta pola chuvia, pola falta de sol, pola presenza das nubes que maximizan a tristura das persoas. A hostilidade é unha resposta á necesidade de reconciliarse coa natureza. No seu mundo a paisaxe acompaña a nostalxia do ser humano para obter a liberdade e o entendemento dos outros que non chega nunca. A uniformidade e a falta de límites da natureza son os trazos que a converten nun elemento de control exercido dende enriba. O poder supremo dos impulsos vitais somerxidos na terra, esa terra máxica, chea da individualidade, atrae ao ser humano para demostrar tamén que é só un vestixio da grandeza do mundo. Como en *L'exil et le royaume* de Albert Camus, cada paso dado para adiante, para coñecer o fondo do universo en si mesmo, convértese nun achegamento cara ao baleiro existencial e a imposibilidade da acción do ser humano:

Aínda máis adiante, cara ao horizonte, empezaba un reino marrón e gris, o reino das pedras, onde non se podía detectar nin un índice de vida. [...] Dende a eternidade na superficie desa seca, arañada ata os ósos da terra deste país sen fin, viaxaba un grupo de xente que non tiña nada, pero non dependía de ninguén, os miserables e libres reis dese reino. (Camus 1992 [1957]: 19)

Só a inmersión no misterio, volta cara aos impulsos da terra pode ser unha saída axeitada. Os seres misteriosos, os que non poden ser captados pola mirada do racionalismo son os que rompen o dominio do silencio na obra de Ferrín, a longa espera dos personaxes, a chegada do indefinible que os pode salvar ou, polo menos, dar un ar de definición á realidade, como se ve en «Lobosandaus», un dos contos de *Arraianos*:

Sito na caeira da chamada Serra Grande, Lobosandaus élle un núcleo de poboación de cen veciños que me produciu unha forte impresión. Silencioso, o sol oblícuo deste remate de verao dálle un carácter mediterráneo, seco, lúcido. [...] Da outra banda daquel espacio de carqueixas e de mato cativo, en cuxas ondulacións os dolmens non son raros, érguese un murallón escuro coroadado de agullas de formas caprichosas, coma estrañas esculturas semellantes a fantasmáticas tuberías de órgao. (Ferrín 2001b [1991]: 15)

No conto titulado «Suso», incluído en *O crepúsculo e as formigas*, tanto os acontecementos como a identidade dos protagonistas entrecrúzanse constantemente para formular unha amálgama, mestura de misterio e realidade.

A morte e a vida, o sono e a vixilia, a verdade e a imaxinación, as nocións do contrario e do efémero, do inestable son as bases dese mundo delirante en que se moven os seus protagonistas, Suso e Manolo. A melancolía, que é, neste caso, a expresión do medo existencial ante a morte e a vida, ante o sentido da vida que nos rodea, crea ambiente de sombra e inseguridade ontolóxica.

Porén, Ferrín non só se limita a describir o espazo rural, alude ademais ao medio urbano: escollendo na novela *No ventre do silencio* (1999) todo un paradigma da identidade galega, a cidade de Santiago de Compostela. A cidade resulta ser un miúdo acompañante dos personaxes que falan a través dun diálogo dos sentidos que atopan na rúa. Ao mesmo tempo, as mesmas rúas que empezan a ser un medio axeitado para o sentido da saudade resultan ser unha ponte para reunirse cos propios medos, unha ponte para o inferno exterior e interior do que non poden escapar, como diría Camus en *La chute*, «notou vostede que as canles concéntricas de Amsterdam se parecen ás partes do inferno? Do inferno burgués, obviamente, poboado por sonos malos» (Camus 1956: 13).

Fronte ao mundo da cidade, os protagonistas do universo ferriniano volven ás memorias, aos recordos que parecen distantes, pero achegan os valores preservados anteriormente, protexidos nas áreas máis profundas do coñecemento. En palabras do teórico polaco Marek Biencyk, a melancolía empeza a ser un mecanismo do recordo que prolifera nas imaxes do baleiro e da perda, é un pensamento sen límites no centro do mundo que non deixa de mudar, no mundo que cambia máis rápido que o corazón do ser humano (Biencyk 2012: 13). Ao mesmo tempo, as personaxes usan a cidade como un ambiente onde poden compartir a súa melancolía, é o seu novo *modus vivendi*, unha constante submersión no espírito da cidade. Camiñan polas rúas de Santiago para sentir os seus sabores, os latidos da vida nocturna, a transparencia do aire que cobre as cubertas da catedral. Aproxímanse, entón, ás ideas dos modernistas, dos *flâneur*, dos que emprenden unha viaxe sen un destino determinado: «É unha dispersión causada por unha volta constante cara ao mesmo, é un paso entre os sentidos danados e, ao mesmo tempo, paradoxalmente, é unha inmovilidade fronte á velocidade vertixinosa da cidade moderna» (Biencyk 2012: 28).

Os protagonistas que escolle Ferrín para participar no seu mundo de melancolía aceptan as premisas e regras en que viven, porque en realidade senten unha atracción fatal cara á tristeza que empeza a ser natural para eles, unha parte máis da filosofía cotiá. En «Os homes e a noite», incluído en *O crepúsculo e as formigas*, o paso dos protagonistas está constantemente penetrado pola traxedia, unha relación co destino predeterminado polo fracaso e un encontro inevitábel coa morte e o mundo tétrico da mitoloxía galega. Como en *L'âge de raison*, a primeira novela da triloxía *Les chemins de la liberté* de

Jean-Paul Sartre, o seu mundo interior rompe constantemente contra as construcións da realidade, contra o que rodea por fóra para expoñer os elementos da personalidade que normalmente permanecen ocultos: «Tiña ganas de pelexar con eles, sempre nos chegan as ganas de discutir cun home que ten remorsos para facer a súa posición aínda máis inferior para romper nos pequenos anacos o resto da dignidade que lle queda» (Sartre 2001: 172). O ser humano na obra de Ferrín sempre resulta ser unha persoa ferida, ferida pola forza allea ou pola autodestrución que emite cara á súa propia esencia. Por iso está máis predisposta a ver o baleiro, a separación, o presentimento da ruptura da vida harmónica en que vivía anteriormente.

En «Dúas cartas a Lou», pertencente tamén a *O crepúsculo e as formigas*, Ferrín achégase ao tema do amor e da memoria escollendo unha vez máis a forma epistolar. As cartas, un vago vínculo material entre dúas almas, un lazo material, pero, ao mesmo tempo, metafísico, son un monumento ao pasado, á vaga construción do diálogo entre os individuos. A volta cara ao pasado resulta ser un remedio máis para esquecer o presente, para non poñer pé en terra descoñecida, en territorio descoñecido, o territorio da novidade e da aproximación á súa nova identidade. A melancolía cara ao día anterior, presentada polo cineasta americano Woody Allen en *Midnight in Paris* é unha ferramenta escapatoria, de suavizar o *temor e tremor* ante o futuro. Porén, é só unha medida momentánea, unha vinculación fráxil co imaxinario persoal. As personaxes emprenden, entón, unha viaxe dende a melancolía do presente cara á melancolía do pasado para entrar nunha circulación sen fin entre esas dúas realidades. Afástanse das emocións que teñen que afrontar, do amor explícito e miran a vida entre as válvulas do seu corazón parado no século pasado. O amor entre Alberte e Narda, personaxes de *No ventre do silencio*, é unha emoción entre palabras, unha meditación das necesidades do outro dentro do universo dominado polo egoísmo. O tema do amor melancólico aparece constantemente nas obras de Ferrín, as relacións interpersoais limítanse ao intercambio de miradas e pensamentos, volvendo sempre na dirección da memoria e da súa reconstrución. Podemos ver isto en «Señoras do pasado», un emblemático poema de *Con pólvora e magnolias*:

E quíxenvos moi escasamente a todas
porque nas regandixas de eu caben ourizos e sufrir é amor
e nada para o tempo que destrúe os ourizos.
E quíxenvos (queréndome) coma un río que fose
dos meus ollos a vós, as tidas e perdidas,
limítrofes do amor, esquencidas pra sempre.
(Ferrín 1997 [1976])

Os protagonistas reconstrúen o pasado partindo de calquera elemento que atopen, en primeiro lugar da paisaxe. Primeiramente recordan o vento e o movemento dos cabelos tocados pola chuva da mañá. Necesitan só un impulso delicado para deixar de ver a actualidade e comezar o diálogo co ambiente que os rodea. Ao mesmo tempo, están monologando coas outras persoas. Monologando, porque todas as ideas xurdidas están dirixidas cara ao remitente, tratan ao outro como unha sombra, un acompañante necesario e ansiado, pero, na maioría dos casos, máxico e misterioso, cuxa natureza non pode ser entendida plenamente. Os camiñantes polas inhóspitas terras e cidades desaparecen, finalmente, entre a néboa, devorados pola grandiosa imaxe do esperado e inesperado: «naquela mañá do pasado, un norte xeado pola Troia. Cortárase a chuva, que fora constante todo o outono, e o mes de Natal fixérase frío, inhóspito» (Ferrín 1999: 17). Neste ambiente de hostilidade as persoas movidas, como a natureza, por unha forza mítica escollen o extraordinario, o anormal para descubrir as novas modalidades do ser. No conto que lle dá nome ao volume *Percival e outras historias* (1994 [1958]), Percival entra no bosque para descubrir o espazo mítico e ver alí, ademais, a súa propia cara. Os obxectos e as personaxes artúricas son un acompañante continuo na obra de Ferrín. A elección precisamente destes non é arbitraria, senón que supón unha aposta pola tradición cultivada por xeracións de escritores galegos. A sombra da espada de Arturo rompe a simetría das imaxes, introduce un aire de frivolidade e fantasía. Esta última é respectada polos personaxes e o ambiente que os rodea, como se ve nesta cita tomada do conto «O castelo das Poulas» do libro *Arraianos*:

Azuleaban os lonxes, e clarexaban, anunciando que moi axiña ía saír por aquelas estremas a lua grande da Seitura, para así, ocorrer. De pimeiras foi unha mea moeda sobre os cabezos, encarnada. Case podía o Tenente vela subir, a lua. Logo foi coma un globo de lume, ate o pronto en que se separou do horizonte e iniciou a ascensión ao firmamento. Ao tempo en que entraba no territorio da abóveda estrelecida, a lua esmacelaba. Clara, como unha bandexa, deitaba sobre o val farina de prata e xa podía ver o Tenente con nitidez o paseo de ronda da muralla, aperceber as garitas en cada barbaca ou cubo. Luar e estrelas iluminaban o val no que, de pronto, os cans camponeses iniciaron un concerto de latidos que, de inmediato, espertou un estrondo no canil do castelo. (Ferrín 2001b: 105)

A inmersión na paisaxe nocturna, o continuo xogo coa tradición e coa mitoloxía forman unha unidade, unha prolongación do pensamento do autor e dos participantes da historia. A historia realízase a través da súa visualización nos ollos da lectora, a través do seu achegamento á fenomenoloxía do cotián que propón Ferrín. Este universo consiste en facer as preguntas dende a posición do vulnerable mundo da natureza. Por iso, unha e outra vez volve a súa mirada cara ao minimalismo e a harmónica precisión da natureza, enfocando a

aproximación da cámara, como nun microscopio, aos elementos do mundo real e máxico que o rodea:



Fig 1. *Sen título*. Piotr Kwast. 2014. Escaneo do negativo.

Nestoutra cita de «Lobosandaus» de *Arraianos* podemos ver que a melancolía estruturalista, individual e meticulosa é a melancolía dun fotógrafo da paisaxe literaria.

Foise a chuvia de todo e o ceo ficou limpo, azul ate mesmo ferir de pureza a vista dos ollos. A temperatura desceu vertixinosamente e con ela, enfriase a ialma, señor tío. Pésame Lobosandaus derriba dos ombreiros. [...] pódeme crer, si que ela emana unha harmonia poderosa, como cando nos sobrecolle a mole dun penedo, pero nada máis lonxe de min ca unha atracción sensual por tal muller casada nin por ningún outro individuo de sexo feminino habitante nesta soedade que mata. O frío xeoume as pucharcas do desexo, de calquer desexo. Nótome distante, ido; non podería decer triste. Do mesmo modo que cada mañá amenece o sol sobre xeadas totais que fan cristal albo das pólas espidas dos bidos, cada día que pasa noto como se unha odiosa e dura indiferencia se apoderase máis e máis do meu interior. (Ferrín 2001b: 25)

No medio do silencio está a voz do mundo que esperta a través das letras e imaxes do branco e negro. Os intentos formais de Ferrín aparentan, entón, a mirada de entrar no cronotopo: un espazo en que a superficie do físico, dos

obxectos e situacións entra na corrente do tempo. Esa fotografía literaria da paisaxe é un recordatorio da filosofía barthesiana, filosofía das imaxes paisaxísticas:

For me, photographs of landscape (urban or country) must be *habitable*, not visitable. This longing to inhabit, if I observe it clearly in myself, is neither oneiric (I do not dream of some extravagant site) nor empirical (I do not intend to buy a house according to the views of a real-estate agency); it is fantasmatic, deriving from a kind of second sight which seems to bear me forward to a utopian time, or to carry me back to somewhere in myself: a double movement which Baudelaire celebrated in *Invitation au voyage* and *La Vie anterieure*. Looking at these landscapes of predilection, it is as if *I were certain* of having been there or of going there. Now Freud says of the maternal body that «there is no other place of which one can say with so much certainty that one has already been there». Such then would be the essence of the landscape (chosen by desire): *heimlich*, awakening in me the Mother (and never the disturbing Mother) (Barthes 2010: 38-39; cursivas no orixinal).

Parece entón que a analoxía entre a situación fotográfica e literaria se limita ao apoderamento do mítico, entre o pasado e o futuro utópico que circula na obra de arte. Como na fotografía presentada na páxina anterior, entramos na néboa, no luscofusco e na inseguridade ontolóxica: os poucos raios do sol que baixan e chegan cara a abaixo ata a terra húmida e polivalente, empedrada e lisa ao mesmo tempo, coas pegadas dun ser que entrou no espazo fotográfico e desapareceu posteriormente. Onde estará agora, foi unha entrada brusca ou un paseo vagaroso? Un ser efémero e simbólico que deixa os *sinais da súa identidade* no mito do negativo. Unha pantasma da vida humana situada entre os poucos obxectos da creación deste: as máquinas deportivas feitas de ferro e de suor. As árbores, como na obra literaria de Ferrín, son unha prolongación da terra, unha rede de vasos conectados que encerran o silencio. Por esa rede Perceval entra no seu xardín mítico.

Unha culminación absoluta do vínculo que se establece entre o ser humano e o seu acompañante nas forzas da natureza e a chegada da trágica reconciliación entre o mundo do misterio e da realidade na obra de Ferrín, en moitos casos, vese reflectida nunha serie de mortes violentas e inesperadas. A natureza empeza a ser unha personaxe máis, unha vívida célula que reacciona aos movementos das persoas. Reafirma a súa propia existencia e a existencia do ser humano nesa terra chea de bágoas. A natureza resulta ser o fundamento máis firme da esencia do ser humano. Ese ser humano que ten que afrontar as súas eleccións e fracasos e unha e outra vez crer no seu destino, destino de deixar algúns sinais da súa existencia nese mundo, como se pode ver nesta cita de «Meias azuis», conto incluído en *Arraianos*: «Era unha choupana triste, co solpor dándolle pola parte de tras. Posta a casa no meio dos piñeiros, semellaba un animal derrubado. No cumio, brillaba unha aiga de folla de lata. Relocía a

aiga e, de lonxe, viña o fragor do Arnoia escachándose en caneiros e cenzas indecisas. Ningún can latía» (Ferrín 2001b: 49).

No caso de Ferrín estamos ante un constante intercambio, un pacto entre personaxes e natureza no que unha e outra parte prometen reaccionar e manter un vínculo estreito. Con cada paso da persoa, con cada movemento das flores e follas móvese algo, un elemento sagrado, secreto no corazón do mundo e de cada persoa. Por iso as descrições do comportamento e das emocións, na obra de Ferrín, evocan constantemente a presenza dos elementos do mundo que os rodea, os ollos das persoas son os ollos da terra, o paso do río e o paso das persoas que chegaron a beber auga del, como se ve nesta cita do conto «Liño»: «aperto as pálpebras e vexo todo verde, no fondo dos ollos. Vexo o liño da miña mocidade, nos liñares da Assoreira e Alcobaza» (Ferrín 2001b: 57).

Ferrín propón aos seus protagonistas un reencontro co esquecido, co que están buscando e non poden encontrar, porque non saben o seu nome. Ese nome pódeno ver no mundo máxico creado polo escritor e eles mesmos, sen ter conciencia diso. Acoden, entón, levados por un pulo, cara á súa propia memoria e na súa sistematización pódese ver a proba de entender o mundo desde si mesmo. Escribir, falar, relatar significa autodefinirse a un mesmo e á súa melancolía: «na escritura sobre o pasado está inscrita a desesperación que está causada pola imposibilidade de chegar a un mesmo e aos propios sentimentos da vida anterior. O momento de escribir, de probar voltar, e momento de entender dunha maneira dolorosa a súa perda. Unha perda que non pode ser saciada, e a necesidade de escribir só a agrava máis» (Sniedziwski 2011: 35).

Dos catro temperamentos descritos por Klibansky e anteriormente pola escola de Galeno (sanguíneo, colérico, flegmático e melancólico), é este último o que ten o poder do cambio, que significa a virtude da creación e da produción (Klibansky 2009: 12). Os protagonistas de Ferrín apodéranse *do efecto do espello*: para eles o mundo pode ser coñecido só a través da propia experiencia de si mesmos, a aventura consigo mesmos é a aventura do mundo (Sniedziwski 2011: 14). A melancolía pasiva empeza a ser melancolía activa, a redundancia é unha forza de loita e non unha ferramenta do rendimento. Unha vez máis o suxeito de Ferrín mira e medita silenciosamente, aparenta serenidade e transparencia pero en realidade emprende a viaxe de *flâneur*. Viaxe que non ten ningún destino predeterminado pero por esa razón, precisamente é unha viaxe que responde a todas as preguntas: «O ceo foi marabilloso, ningunha luz rompía aquí a escuridade e só facía falla levantar a cabeza para ver a Osa Maior. Pero non foi como antes, antonte desde o cárcere do arcebispo tamén podía mirar o ceo durante o día e cada hora traíame outro recordo distinto. Pola mañá, cando o ceo foi duramente azul e lixeiro, pensaba sobre as praias do Atlántico» (Sartre 1988: 16-17).

O universo de Ferrín é un universo situado dentro do poético e mítico, onde estes dous elementos se entrecruzan e poñen de relevo a autenticidade do ser humano. O autor galego aposta polas imaxes do mundo que desaparece, é efémero e inestable. Volve, ao mesmo tempo, á filosofía básica do ser humano e da natureza, alguén impregnado no mundo do mítico, reunido cos elementos da natureza, formando unha parte máis desta. Ferrín crea, entón, o chamado *homme d'images* (Juszczak 2014: 7); é máis, *peuple d'images*, o futuro baseado na volta cara ao primitivo, a terra, a auga, o lume, os outros elementos primarios da vida. Estes elementos conducen aos protagonistas cara ao futuro e a revelación, cara ao entendemento das imaxes poéticas: «Duc d'un peuple d'images à conduire aux Mers Mortes, où trouver l'eau nocturne qui laverá nos yeux?» (Perse 2014). Ferrín sitúa o mundo dentro do tempo que parou e non ha de voltar nunca máis. O espazo do sagrado en que cada elemento da natureza e da vida cotiá non son accidentais senón que xustifican o xesto literario usado polo autor. O real e o mítico entrecrúzanse aquí e forman a totalidade da imaxinación creativa e verdadeira. A natureza constitúe neste caso un arco que encerra e engloba a totalidade do mundo presentado así como a sacralidade e o silencio do mundo das imaxes literarias: «No final, ou, de facto, no principio mesmo deste grupo, está este anónimo *peuple d'images*: un conxunto de poetas do mesmo tamaño que crean as mesmas imaxes primarias, que teñen todas un aire de sacralidade» (Juszczak 2014: 9).

Esas imaxes primarias forman o centro da atención interior do ser humano: esa atención que permite entender e ollar o invisíbel e distante, o que escapa da mirada cotiá. O ser humano empeza a ser un elemento máis na realidade imaxinaria, empeza a ser tamén un ser misterioso, sacro e primitivo. O carácter primitivo empodérase totalmente da súa natureza, pero coa chegada do primitivo e sacro, do primario, obtén ao mesmo tempo a forza cosmogónica, da reconciliación co seu pasado místico en que existía como primeiro habitante da Terra e o do seu posuidor. Esa posesión realizábase non coa forza física, senón co dominio da palabra que daba ferramentas para a transgresión dos obxectos e das superficies e o entendemento da profundidade e superación da fatalidade, da morte. Os protagonistas de Ferrín viven nun ambiente da expectación da morte ou, polo menos, do seu presentimento, expectación anunciada pola natureza. Nalgúns momentos a morte chega a realizarse, pero a presenza mística do ser permanece. A imaxe literaria para e queda inmóbil, como se tratase da imaxe estática dun filme. A acción continúa, a morte xa tivo lugar, pero a presenza mítica e sacra da vida humana engloba o segredo da existencia do universo literario e real. A morte deixa de ser a finalidade, porque é só unha representación, un vestixio, un símbolo do que acaba pero muda tamén o contorno. Sen dúbida, a fin é o principio, factor inicial e prolongación da loita existencial do ser humano. Para Ferrín, a posición deste dentro das situacións de

crise, tristura e eleccións últimas é un medio de aproximarse á sacralidade. Nestes momentos, precisamente *temor e tremor* existencial apodéranse do ser, da sacralidade primaria e o contraste e loita interior entre os impulsos negativos e positivos predomina no interior do ser humano. O silencio rómpese cos miúdos gritos da inestabilidade do corazón e da mente. O que foi antes concreto e comprensíbel deixou de selo. Neste instante sobrevive só o sagrado e o que está predestinado a gañar. O pasado relaciónase co presente e forma o tempo mítico, circular, que volve constantemente ao punto de partida en que os elementos do inicio único, do primitivo son tamén os que poden loitar contra o esquecemento dos séculos. A vida e a morte xúntanse e deixan de ser os conceptos primarios no tempo mítico. O instante de agora e a actualidade permiten, como na mencionada analoxía fotográfica, a realización do poder, polo menos instantáneo: «Finally, the most grandiose result of the photographic enterprise is to give us the sense that we can hold the whole world in our heads — as an anthology of images» (Sontag 2005: 1).

BIBLIOGRAFÍA

- BARTHES, Roland (2010): *Camera lucida*, New York, Hill and Wang.
- BAUDELAIRE, Charles (2014): *Las flores del mal*, Madrid, Planeta.
- BIENCZYK Marek (2012): *Melancholia. O tych, co nigdy nie odnajdą straty*, Warszawa, Swiat Ksiazki.
- CAMUS, Albert (1956): *La chute*, Paris, Gallimard.
- CAMUS, Albert (1992 [1957]): *L'exil et le royaume*, Paris, Gallimard.
- JUSZCZAK, Wieslaw (2014): *Poeta i mit*, Wolowicz, Wydawnictwo Czarne.
- KLIBANSKY, Raymond et al. (2009): *Saturn i melancholia. Studia z historii, filozofii, przyrody, medycyny, religii oraz sztuki*, Kraków, Universitas.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1980): *Poesía enteira de Heriberto Bens*, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1994 [1958]): *Percival e outras historias*, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1997 [1976]): *Con pólvora e magnolias*, Vigo, Xerais. (<http://www.bvg.udc.es>) [Última consulta: maio, 2015]
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1999): *No ventre do silencio*, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2001a [1961]): *O crepúsculo e as formigas*, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2001b [1991]): *Arraianos*, Vigo, Xerais.
- PERSE, Saint-John (2014): (<http://www.sjperse.org/>) [Última consulta: maio, 2015]
- SARTRE, Jean-Paul (1988): *El muro*, Madrid, Alianza Editorial.
- SARTRE, Jean-Paul (2001): *The age of reason*, London, Penguin Classics.
- SNIEDZIEWSKI, Piotr (2011): *Melancholijne spojrzenie*, Kraków, Universitas.
- SONTAG, Susan (2005): *On Photography*, New York, Rosetta Books.

ILUSTRACIÓNS

KWAST, Piotr (2014): *Sin título*, escaneo do negativo.

**QUEN É ELA? A
REPRESENTACIÓN DA MULLER
NO DIÁLOGO INTERTEXTUAL
DA POESÍA DE XOSÉ LUÍS
MÉNDEZ FERRÍN**

María Carreira López

Universitat de Barcelona

[doi:10.17075/tucmeg.2015.018](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.018)

O obxectivo deste traballo é facer un estudo sobre o poema «Quén é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande» (Méndez Ferrín 2004 : 75-76)¹³¹ poñendo de manifesto a relación intertextual que se establece entre este poema, a Rima IV do poeta italiano medieval Guido Cavalcanti «Chi è questa che ven, ch'ogn'om la mira» (Cavalcanti 1989: 75-76) e o libro bíblico *A Cántiga das Cántigas*, na versión galega de Manuel Casado Nieto (1984). A evidente relación formal entre os tres textos dá pé a encetar un estudo comparativo da representación feminina e a simboloxía que se pon en marcha en cada un dos sistemas literarios, prestando especial interese ao poema ferriniano. Finalmente, remátase coa vontade de tirar conclusións sobre os significados que subxacen no retrato de muller do autor galego, en referencia aos do *Dolce Stil Nuovo* e aos do libro da Biblia.

A lectura do poema de Cavalcanti espertou axiña na autora deste traballo a lembranza do de Ferrín que comeza de parello xeito. Daquela, materializouse a pregunta que dá título a este traballo: quen é ela? Á parte da similitude temática do retrato de muller, o elemento que primeiramente chama a atención nestes dous poemas é a fórmula interrogativa anafórica «quén é ela», que se repite nas cinco primeiras estrofas do poema de Ferrín. O padrón desta inquisición resultou ser moito máis antigo que as *Rimas* do *Dolce Stil Nuovo* e remitía á *Cántiga das Cántigas*, onde se repite explicitamente en dúas ocasións: «¿Quén é ista que xurde coma o abrente,/corusca coma a lúa, reloce coma o sol;/témera coma aaz presta pra a guerra?» (Cant, 6: 9)¹³² e «¿Quén é ista que rube do deserto,/enfeitada de gozos, solermiña, encostada ao seu amigo?» (Cant, 8: 5).

É precisamente co modelo enunciativo bíblico co que se vencella directamente o poema de Ferrín e, se cadra, en menor medida, co do italiano. As dúas últimas estrofas do poema galego están tamén estruturadas nunha pregunta onde a voz lírica atopa un discurso inédito. As conexións cos textos bíblicos son máis que evidentes e aínda se constata de novo nun fragmento que nos remite ao libro da *Apocalipse*, como veremos.

¹³¹ O poema foi publicado orixinalmente nunha edición para coleccionistas, *O outro* (2002), de reducida circulación. Ante as imposibilidades para consultala, este traballo utiliza principalmente a versión editada dentro do volume *Era na selva de Esm* (2004) e fai referencia á publicada no sitio web, Biblioteca Virtual Galega (2002), que, como veremos, presenta certas variantes.

¹³² As referencias dos versos bíblicos proceden de Casado Nieto (1984) e seguen as convencións usuais (libro, capítulo: versículo).

Para situármonos no contexto, queremos só lembrar que *A Cántiga das Cántigas* é un dos libros bíblicos clasificados coma sapienciais ou poéticos polos eséxetas.¹³³ Ao parecer foi Salomón quen importou este xénero culto desde Exipto á literatura hebrea. Tamén parece ser que os exipcios xa tiñan un libro ou pergameo chamado *Cánticos de amor*, que trataba dun diálogo entre dous amantes e que podería ser o precedente do poema bíblico. Para Xesús Precedo Lafuente, na súa introdución á versión galega da *Sagra Biblia*, a atribución a Salomón da *Cántiga das Cántigas* é un caso de pseudoepigrafía,¹³⁴ pero aínda así Precedo reafirma a débeda dos hebreos coa tradición cultural exipcia: «A Sabedoría de Israel recibe o nome probablemente da Sabedoría de Exipto. Hai outros pobos que teñen os seus sabios e a súa sabedoría propia, como é o caso de Mesopotamia; pro o pobo que tivo un influxo meirande en Israel foi sempre Exipto, de quen tomou Israel tamén o exemplo pra a institución monárquica» (Precedo Lafuente 1984: 11).

A gran novidade que achegaron estes libros sapienciais consistía na substitución da figura do profeta pola do sabio, máis preocupado por asuntos de conduta humana que pola relación do home coa divindade. Estes sabios eríxense así en remotos devanceiros do Humanismo. Na *Cántiga das Cántigas* resalta a temática amorosa e erótica, que podería provir dunha evocación de antigos cultos de fertilidade ou agachar outros significados místicos e alegóricos que se lle atribúen desde distintas interpretacións e que, lamentablemente, non se poden atinxir neste traballo. O que nos interesa, polo momento, é subliñar a adscrición deste libro a unha tradición literaria culta.

ESTRUTURA PARALELÍSTICA E FIGURAS DE REPETICIÓN

Nunha primeira ollada podemos ver que Ferrín escribe o poema en verso libre, se ben se podería tratar tamén de versículo métrico. A ausencia de rima clásica non impide que un dos trazos estéticos que sobresaen neste poema sexa o da musicalidade, conseguida maxistralmente grazas ás repeticións. No texto apréciase unha estrutura estrófica manifesta: aparece dividido tipograficamente en sete estrofas e cada unha delas corresponde con diferentes estratos temáticos que serán explicados máis adiante. Das sete estrofas é a cuarta a que concorda

¹³³ A versión galega de Manuel Casado Nieto de 1984 compendia no tomo IV da *Sagra Biblia* os denominados «Libros poéticos e sapienciais»: *Libro de Xob, Eclesiastés, A Cántiga das Cántigas, Salmos, Proverbios, Sabedoría e Eclesiástico*.

¹³⁴ «Os verdadeiros autores non tiñan tanto interese por ver o seu nome no libro, canto porque a xente lera o que eles escribían e que coidaban que podía serlles froitoso aos lectores, razón de que acudiran a nomes garantidos, ben polas súas obras literarias, ben pola sona que tiñan de homes sabios e prudentes» (Precedo Lafuente 1984: 13).

co texto salomónico. Porén, tal e como xa se comentou, a fórmula anafórica «Quén é [...]?» repítese no comezo das cinco primeiras estrofas, o que confire ao poema unha estrutura claramente paralelística.

A repetición do comezo das cinco primeiras estrofas amosa un dos tipos de paralelismo estrófico mais comúns na literatura: a anáfora. Mediante este procedemento auméntase e desenvólvese a relación co referente inicial; relación que se vai enriquecendo con matices ao longo de todo o texto. Tamén se poden observar varios paralelismos sintácticos ao longo do poema que se intensifican, sobre todo, nas estrofas cuarta e quinta e que se potencian con aliteracións tanto de consoantes coma de vogais en case tódalas estrofas, coma no seguinte exemplo, onde a combinación dos fonemas sibilantes e nasais confire un ritmo sensual: «nin no seu embigo Salomón mata sedes de mirra» (v. 18; énfase da autora).¹³⁵

En canto a outros aspectos estruturais, presenta un auténtico catálogo de recursos de repetición, moi do gusto de Ferrín. Este tipo de estrutura reiterativa entronca coa cerna da poesía popular e con tódolos repertorios cultos vencellados coa transmisión oral, como o neotrobadorismo. Da mesma maneira que o neotrobadorismo, este poema podería estar inspirado no trobadorismo, na poesía medieval galego-portuguesa, caracterizada en gran medida polos mesmos recursos dos que estamos a falar. Mesmo cabería a posibilidade da influencia da poesía hebraica, xa que no principio do poema aparece unha relación con gradación, moi na liña dos textos sapienciais, que reforza o ambiente arcaizante: «coberta co pano rameado e sobre o pano a molida e sobre a molida a canastra/comprida canastra e ateigada con bolas de pantrigo/aroupadas en limpo pano de liño cru» (vv. 3-5). Nesta cita, ademais, pódense observar varios casos de epanalepse ou de repetición das mesmas palabras no mesmo verso ou no verso seguinte: «pano», «molida», «canastra». Estas repeticións epanalépticas achegan ao recitado unha cadencia máis lenta en canto que a súa lectura require certas pausas, polo que fornecen a intuición do ritmo e da simetría. O polisíndeto tamén contribúe a xerar, por unha parte, unha sensación de serie, de cadea e, por outra, unha tendencia ao estatismo, sobre todo na estrofa que homenaxea *A Cántiga das Cántigas*, na que practicamente cada frase comeza coa conxunción «nin». Nas estrofas seguintes tamén se fai uso deste mesmo recurso coa conxunción «e».

ESTRATOS TEMÁTICOS

A división por estrofas facilita moito a decodificación en canto que en cada unha delas se amosa un cadro diferente. A estrofa primeira presenta a cabeza, coroada cun cesto ateigado de bolas de pan, en contraposición coas coroas e

¹³⁵ As citas do poema proceden de Méndez Ferrín (2004: 75-76). Entre parénteses indicase o número de verso.

diademas que exhiben as mulleres nobres, e, que son, por extensión, atributos da Virxe e de raíñas. Se a cabeza é o motivo que abre o poema, a orde corporal al térase na segunda estrofa e, ignorándose o colo ou o peito —clásicos das descrições prerrenacentistas—, a ollada do poeta pousa nas mans e nos pés. Pero non é a de Ferrín unha descripción física, senón rigorosamente funcional. A panadeira leva nas mans un amuleto protector: «na mao a corna do alicornio co seu dente de allo» (v. 7); e os pés descalzos, que revelan a pobreza da muller: «non coa lúa aos pés senón espidos estes/duros de se estregar nas laxes de calzadas mil?» (vv. 9-10). Esta referencia aos pés sen deixar de ser bíblica, xa non é a da Amada, senón que se realiza en relación á Muller que aparece na *Apocalipse*.¹³⁶ En canto a este inciso, cómpre sinalar que as teorías esexéticas modernas interpretan que esta Muller embarazada, a piques de parir, coa lúa aos pés, simboliza ao pobo de Israel, e as doce estrelas serían as doce tribos; o que engade unha lectura con matices máis «políticos» á explicación clásica —moito máis literal— do trunfo da Virxe María sobre a Besta. Na terceira estrofa afóndase no estado interior da muller que xa se anticipara na segunda estrofa co adxectivo «tremerosa» (v. 8). Ela vai remoendo en silencio a congoxa que fan abrollar no seu corazón os medos ao tanxible e ao intanxible «a que ten medo aos mortos e o das dúas orellas» (vv. 3-5).

A comparación explícita coa *Cántiga das Cántigas* chega na cuarta estrofa, coa negación ou contraposición con aquilo que caracterizaba á Amada, quen sabe se a Raíña de Saba, que ficou na tradición oral coma arquetipo da máxima expresión de fachenda e realeza. Para unha ilustración deste arquetipo bíblico cadraría á perfección algunha imaxe de Gustave Moreau na súa serie dedicada á *Cántiga das Cántigas*, pintadas cara a 1883. Velaquí o cotexo dos versos de Ferrín cos da *Cántiga das Cántigas*:

¹³⁶ «Un gran sinal apareceu no Ceu: unha Muller, vestida de sol, coa lúa baixo os seus pés, e unha coroa de doce estrelas sobre a súa cabeza» (Ap, 12).

«Quén é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande»	<i>Cántiga das Cántigas</i>
Quén a que non ostenta escudos no colo (v. 16)	O teu pescozo, de David a torre, que foi edificada con almeas das que adágaras penden a milleiros (Cant, 4:4)
ou arredor do colo de marfín (v. 17)	O teu pescozo, torre de marfín (Cant, 7:4)
nin no seu embigo Salomón mata sedes de mirra (v. 18)	O teu embigo, gasalleira cunca onde non falla endexamáis o mosto (Cant, 7:2)
nin devece por amar irmao de ventre e teta en cavernas altas do deserto (vv. 19-20)	Quén me dera que foses meu irmáu, nos seos da nai miña amamentado pra darche bicos ao te ver na rúa sen que ninguén ousara bafallarme! (Cant, 8:1)
nin é celebrada por cincocentas raíñas nin por oitenta [concupinas] nin por arrebaños de mozas complementarias (vv. 21-22)	Son sesenta as raíñas, oitenta as barragás, infindas as doncelas (Cant, 6:7) Ao vérena as doncelas, enlevárona; louvárona raíñas e mancebas (Cant, 6:8)
nin amosa o menor interese en ver o amado en figura de animal macho bravo a pacer nos cotos todo bruto (vv. 23-25)	A voz do meu amigo! Velahí chega choutando polos montes e os outeiros. Semella unha cervela ou un corciño novo (Cant, 2: 8-9) volta onde min, amigo, semellante á cervela, semellante aos corciños no monte de Bether (Cant, 2:17) Fuxe, amado, comigo, semellante ás cervelas, semellante aos cerviños no monte dos recendos (Cant, 8:14)
nin nota os seus peitetes ser cabirtos nin moito menos cachos de dátil zucurado para o padal do antes dito amado amo? (vv. 26-28)	Os teus peitos, xemeos de cervela que pacen entre lilios (Cant, 4:5) Os teus peitiños coma dous cabuxos xemeos de cervela (Cant, 7:4) O teu van é lanzal coma a palmeira, e os teus peitiños coma vagos de uva. Pola palmeira agancharéi –che dixen- pra coller o seu froito, pois pra min serán acios os teus peitos (Cant, 7: 7-8).

Desta oposición por negación e por contraste podería deducirse un afán case didáctico: debe quedar ben patente que ela é a antítese da Amada bíblica. A constatación en positivo do que se presentou primeiro en negativo constitúe a quinta estrofa: unha muller senlleira, moi humilde e non descrita a través do seu aspecto físico senón a través das súas accións, tal e como comezou o poema, cunha descrición nada corporal, senón absolutamente funcional: «Quén é a escalazada/esa que viaxa senlleira polos vieiros da dor [...] e paire e cría fillos bravos con destino á miséria/e goza embute con querido circunstancial/e ten o brazo rexo e con regos da testa rega» (vv. 29-38). O camiño que sobe a encosta

de Cortiña Grande serve tamén como trasunto do tránsito desta muller pola vida, resumido dramaticamente nos versos anteriores. É a aproximación a unha situación crúa, aceda, que o poeta quere achegar por confrontación despois do refinamento da escena bíblica da Antigüidade.

Trala exposición dos aspectos externos e internos da personaxe, na sexta estrofa introdúcese unha primeira vacilación entre o suxeito lírico, que ata agora era unha voz enunciativa, e o obxecto lírico: «serei siescaso eu esa?» (v. 39). O abundamento na descrición da personaxe vólvese moi dinámico, moi vivo, xa que se basea na enumeración de accións, con verbos en presente: «a que marcha», «non se dobra», «olla fixa» e «maldice».

Finalmente, na sétima e última estrofa calla este xogo de superposición ou dilución de identidades, segundo como se vexa, entre o poeta e o obxecto lírico. Non sería de estrañar —sobre todo ao facer a lectura en voz alta— que a pretensión do poeta fora engadir o rapsodo, a persoa que le ou o oínte circunstancial coma cómplice desta representación na memoria. Cómpre indicar que hai certas discrepancias textuais entre a versión publicada no volume *Era na selva de Esm* (2004) coa que aparece na Biblioteca Virtual Galega (Méndez Ferrín 2002). Velaquí as dúas versións:

Il serás tu este poeta que agora
alenta o teu alento e bombea teus sangues
e te lembra amada avoa altiva escrava
en terra de lobos? (2004: 76 vv. 43-46)
Il será agora tu este poeta
que alenta o teu alento
e bombea teus sangues (2002 vv. 43-44)

Este xogo de identidades, no que volveremos máis adiante, posto que constitúe o cumio do poema, xa foi sinalado por Manuel Forcadela coma un elemento característico de Ferrín. O crítico etiquétalo como «a tanxencialidade do protagonismo lírico» (2002: 15) e explica así:

En Ferrín evidénciase un protagonismo que ten que ver coa crise do suxeito, co home que vira a súa ollada cara á historia e cara a si mesmo, no marco cultural definido polo marxismo e tamén pola psicanálise, e desconfía do individuo, do eu enunciador da personalidade, xustamente un dos conceptos que máis interese vai acadar ao longo de toda a obra poética de Xosé Luís Méndez Ferrín, agora que nese vínculo entre a fantasma que leva a cabo o soliloquio do poema e o autor real non hai máis que outra fantasma, a imaxe do autor definida tamén como un espectro. (Forcadela 2002: 15)

O cumio do poema constitúese nesta fusión —ou confusión, se se quere— entre a alteridade (Ela) e a identidade (o eu lírico), para a que o poeta estivo preparando ao lector ao longo de todo o poema e aínda potenciándoa a través

das referencias ás outras mulleres que se suxiren como antepasadas da que sobe a encosta de Cortiña Grande.

EIUSDEM FARINAE: ELA E OUTRAS QUE FORON ANTES

Ademais da beleza e da maxestade coa que se representa a muller da *Cántiga das Cántigas*, temos coma posible antecedente a do poema de Guido Cavalcanti, «Chi è questa che ven, ch'ogn'om la mira», quen anuncia unha muller paradivina e inefable «sì che parlare / null'omo pote» (vv. 3-4)¹³⁷ que aparecía convertida en Anxo, en Raiña, mesmo en Deusa «la beltate per sua dea la mostra» (v. 11) facendo tremer o Ceo e a Terra, coma un ser sobrenatural que daba ou quitaba a virtude e a vida do amador con só unha ollada. No tempo de Cavalcanti (segunda metade do século XIII) estas representacións femininas epifánicas eran o pretexto para a exposición e formulación de materias máis filosóficas ca sensoriais, e mesmo a referencia á muller non é nin tan só unha muller idealizada, senón unha alusión hermética ao caos primordial, á terra negra, ao substrato alquímico ou, noutros casos, á *separatio* ou morte iniciática. No poema de Cavalcanti evítase a (re-)creación sensual no corpo da muller, e, malia ser o seu *incipit* un referente ao poema bíblico, o resto do poema non fai máis que insistir na inefabilidade da dama. O *fin'amor* desprezaba o terreal —polo tanto, o amor carnal e o erotismo— e poñía de relevo aspectos máis espirituais, idealizando á amada, que era espello de virtudes. A muller era un pretexto para elaborar un discurso filosófico e moi intelectualizado, en relación coa divindade e a transcendencia, que para a mente humana era imposible aprehender: «Non fu sì alta già la mente nostra/e non si pose 'n noi tanta salute,/che propriamente n'aviàn canonscenza» (vv. 11-13).

Adóitase describir a poesía do *Dolce Stil Nuovo* como «aliás, altamente aristocrática, restrita a un grupo de poetas que Dante chama de *saggi*, isto é, sábios e cultos, limitados a uma cultura esencialmente filosófica e teolóxica» (Enei 2010: 40). Este artellamento intertextual, a relación tridimensional do poema galego con estes dos *saggi* e dos sabios da Antigüidade, ten unha orientación doutrinal, introdúcenos no ámbito dun repertorio culto a través do tempo, que vai ser un dos eixes de partida para aborda-la lectura do poema.

Cavalcanti foi un dos inspiradores da escola poética do neotrobadorismo, que cultivaron Fermín Bouza-Brey, Álvaro Cunqueiro e outros poetas galegos de xeracións anteriores ao noso autor. Para o mesmo Ferrín (1990: 156) esta escola galega estaba máis próxima ao neopopularismo e gilvicentismo —que daquela estaba de moda en España e cuxos máximos expoñentes son Federico García

¹³⁷ As citas proceden de Cavalcanti (1989) a non ser que se indique o contrario.

Lorca e Rafael Alberti— que á tradición culta. Porén, a conexión coa tradición erudita —que é unha das principais características da produción literaria de Méndez Ferrín— podería vir a través doutras literaturas ás que o autor non é alleo, como os poetas modernistas anglosaxóns. En canto á pegada de Cavalcanti no modernismo anglosaxón tamén é bastante constatable. Segundo indica Claudio Rodríguez Fer, «Tense sinalado un parecido interés cara esta pescuda da tradición poética por vía erudita poñendo como exemplo o gosto pola primitiva lírica italiana —concretamente por Guido Cavalcanti— de T. S. Eliot e pola italiana, provenzal, española e china de Ezra Pound» (2011: 174-175). Joyce, outro dos autores fetiche de Ferrín, menciona directamente a Cavalcanti cerca do final de *A Portrait of the Artist as a Young Man*, no capítulo quinto, onde Stephen Dedalus lembra o humor escuro do italiano: «he would recall the dark humour of Guido Cavalcanti and smile» (Joyce 2009).

Quedarían os tres poemas que tratamos neste artigo ligados por esta adscrición a unha tradición literaria erudita, en canto á elaboración técnica e formal; pero a temática do poema ferriniano non pode estar máis lonxe daquelas temáticas aúlicas. O uso dos atributos da Amada bíblica como antitéticos, aínda potencian máis os aspectos «seculares» e a crúa realidade que rodea á muller no poema galego. E a idealización e a incorporeidade da muller do poema italiano incrementa tamén a corporeidade, a «realidade» da do poema de Ferrín. A que sobe a encosta de Cortiña Grande é unha subversión da tradición por dúas vías: a do modelo ideal neoplatónico e a do canon estético de deusa sensual.

Mais subverter a tradición literaria é un xeito máis de dialogar con ela. Esta intenciónponse de manifesto decote na produción ferriniana e é explicada e toma corpo nestas verbas de Forcadela:

se antes mencionabamos a parodia autorial e a co-autoría como dúas características centrais na creación poética de Xosé Luís Méndez Ferrín que van decantando o devalar da súa propia evolución creadora, agora deberíamos engadir unha terceira: a representación da intertextualidade. Non se trata de dicir que todo texto é herdeiro de un texto anterior que igualmente o é de outro precedente. Trátase de evidencialo, de facer que se note. (Forcadela 2002: 17)

A naturalidade, a sinxeleza, a realidade que desprende esta muller enriquecese aínda máis en contraposición cos modelos bíblico e *duocentista* que a preceden. Se a amada da *Cántiga das Cántigas* se achega á perfección, non menos excelente é aquela muller inenarrable que se cantada na Rima IV de Cavalcanti, que Cabana proclama «Meraviglia ineffabile della donna amata»: «¿Quen é que vén, que todo mundo a mira,/que fai tremer de claridade o ar» (Cabana 2004: 190).

No comentario adicado a esta Rima, observa Letterio Cassata unha «parodia-analogía sacrale» no enunciado do poema e sinala a influencia de libros

bíblicos: «La mossa iniziale deriva da un passo di Isaia [63.1] sul Messia (Quis est iste qui venit? ecc.), e poco meno letteralmente coincide con passi del *Cantico dei Cantici*» (Cavalcanti, 1995: 13). E máis adiante Cassata indica, citando a Contini, que Cavalcanti estaba aludindo temas transcendentais: «la donna fa ammutolire ogni lingua e supera ogni possibilità di adeguato elogio [...] anzi questa ineffabilità [...] riflette una trascendenza della sua vera essenza rispetto alla conoscenza umana [...] ciò comporta la prevalenza del punto di vista indefinito o “corale” [...] su quello personale» (Cavalcanti 1995: 13).

Segundo a profesora Delia Cambeiro, na obra de Cavalcanti esa beleza humanamente indicible, por ser tan perfecta, ten o efecto de conmové-lo ao amado, para transformalo a el e ao mundo que o rodea: «A mais importante temática elaborada por Cavalcanti, depois utilizada por Dante Alighieri, foi, inegavelmente, a do amor que arrasa, que abate e aterroriza o amante, capaz de entorpecê-lo, dedeixá-lo estupefato, pasmo, diante da figura feminina» (Cambeiro 2008: 2).

Foi e é, de feito, a análise dos efectos e das causas de Amor nos seus poemas un dos puntos de discusión da crítica sobre a súa adscrición filosófica: para algúns como Nardi, estaba clara a súa pertenza á escola de Averroes, para outros á aristotélica, e mesmo, como insinúa Boccaccio, hai quen o relacionaba tanto a Cavalcanti coma o seu pai, coa doutrina de Epicúreo (Cavalcanti 1989: 42-47). Queda patente, xa que logo, que a poesía de Cavalcanti áchase moi lonxe dos rexistros populares e que se circunscribe á dese grupo que Dante chamaba *saggi*. O modelo pictórico desta muller ideal sería, por exemplo, a figura central do cadro *Primavera* (entre 1477-1482) de Sandro Boticelli, pintor no que se detecta unha grande influencia do *Dolce Stil Nuovo*.

ELA: DO MODELO ESTÁTICO DA AMADA Á AUTONOMÍA DINÁMICA DUNHA MULLER CEIBE

Porén, no poema de Ferrín a muller non é *amada*, non é *adorada*. No canto do Amor ou dun Amado lembremos que ela ten «querido circunstancial». É protagonista senlleira nun mundo hostil ao que só ela é quen de se enfrontar. É ela a que, malia o seu medo e a súa incerteza, é quen de desbordar o canon feminino tradicional dos modelos clásicos e ser verdadeiramente libre, polas súas mans. A liberdade, que non lle vén dada, senón que é conquistada mediante o seu propio traballo e sufrimento, dótaa de certos matices de heroicidade.

A muller do poema galego é a quintaesencia da humildade: non coa lúa aos pés como a divindade apocalíptica, senón descalza, camiñando envolta de escuridade, por grises corredoiras das que pouco máis se ve que as laxas da calzada. A que sobe a encosta de Cortiña Grande é, a primeira vista, a antítese

do arquetipo de dama idealizada e inalcanzable no *Dolce Stil Nuovo*, precedente directo da dama celestial do Renacemento. A descrición da muller de Cortiña Grande opón tamén a imaxe feminina no poema galego coa da Amada da *Cántiga das Cántigas*, que é descrita sempre como obxecto do desexo do Amado, gozo estético en si mesma, rozando unha perfección de deusa, exemplo da mística da unión carnal. Agora que non por isto a do poema galego resulta menos magnífica, menos impresionante que as outras, que, ao fin e ao cabo, non deixan de funcionar como referentes. Esta relación referencial tamén lle confire parte daquela maxestade que ostentan as figuras arquetípicas. Os traballos de afastamento entre unha figura e a outra dalgún modo tamén poñen de manifesto o elo que as une.

O poeta galego constrúe neste poema un arquetipo que estaría, por unha banda, próximo á de Cavalcanti, en canto que ambas comparten unha omisión explícita de descrición física —a diferenza da Amada da *Cántiga das Cántigas*— e ademais tamén quedan as tres xunguidas por aquela vontade de adscrición á tradición literaria erudita que xa se tratou antes. Este novo arquetipo de muller defínese máis polas súas virtudes espirituais que pola beleza física: ela é capaz de conquista-la súa independencia polo seu traballo, pola súa resistencia, polo seu tesón, etc. Estas calidades eran (e aínda son, non hai máis que ver con que arquetipos femininos se nos bombardea nos medios de comunicación) atribuídas máis aos homes que ás mulleres. E por outra banda, a inversión do arquetipo bíblico ofrécenos unha personaxe que loita, que ten medo, pero continúa o seu camiño. Por pouco a poderíamos considerar ascética, se non fora pola mención aos praceres que lle proporciona o querido circunstancial.

Así, no texto de Ferrín preséntase claramente unha inversión de tópicos, entre os que destaca, ademais dos arquetipos femininos máis estereotipados, a transposición do ideal do *locus amoenus* e da poesía pastoril e bucólica, dos que se afasta definitivamente. A muller non é unha pastora inocente. Ela camiña soa, aínda que medorenta, aspecto que a humaniza máis. En terra de lobos. Vén de traballar arreo. Estes trazos humanizadores contribúen a manter o lector lonxe da tentación, tanto da obxectalización como da idealización.

A relación literaria co outro sexo renóvase, en canto que rompe coa tradicional visión da necesidade de interdependencia —cando non sumisión— das mulleres e os homes. Esta relación foi consagrada na nosa literatura co tema das viúvas de vivos. No traballo que Helena González publica sobre o Libro V de *Follas novas* —que a súa autora, Rosalía de Castro, titulou «As viudas d'os vivos e as viudas d'os mortos»— trátase o tópico da identificación destas mulleres coa nación. Unha nación, coma elas, aldraxada e oprimida, cando non esquecida. Mais esta marxinalidade outorgáballes unha certa independencia, que tamén era aval de liberdade. Para Helena González, Rosalía ofrece unha lectura

moito máis complexa e inesperada que a mera identificación «muller abandonada = nación doente»; pero tamén lembra que esta lectura da muller como metáfora da nación era un estereotipo ao uso: «Con el plural, “viudas”, se pone en evidencia que esta forma de soledad, marcada por la carencia y la espera, es una situación encarnada en cada una de las mujeres anónimas que retrata, y al mismo tiempo todas estas experiencias se pueden abstraer como un único relato de la viuda de vivo y de la nación» (González 2009: 101).

As viúvas de *Follas novas* son suxeitos cun discurso propio, inédito ata aquel momento, en canto que estas manifestan vontade de seu e, nun momento dado, toman a iniciativa —que ata agora era un dos privilexios que lles estaba reservado aos homes— de romper dalgún xeito coa súa situación, xa fora emigrando ou suicidándose: «estudiando la viuda de vivo entre la metáfora nacional y el retrato de género, se puede ahondar en el retrato de un sujeto, la mujer de nación subalterna y clase baja, hasta entonces inexistente que, en su espera, no sólo muestra su dolor sino también su deseo, que es un aspecto poco analizado en los estudios» (González 2009: 101).

A Amada ten voz na Biblia, ponse un discurso na súa boca, ten a súa propia palabra. A de Cavalcanti non ten voz propia, é contemplada e ninguén é capaz de describila, porque ela é exemplo de inefabilidade. A de Ferrín, en principio, é dexergada ao lonxe; segundo a descrición avanza, dun modo claramente introspectivo, a voz que a delinea vaise afundindo nela, de tal xeito que o discurso poético remata nunha identificación da voz narrativa coa figura descrita.

Outro trazo común úneas: a anonimia. Ningunha ten nome propio. Todas son Ela, ou Amada, todas son designadas polo pronome persoal de terceira persoa ou un adxectivo cualificativo. Esta condición de anónimas tamén puidera contribuír á concepción destas personaxes como figuras arquetípicas.

A muller que representa Ferrín tamén ten vontade propia e é dona do seu desexo, mais, a diferenza da Amada, xa non agarda por ninguén, non está subordinada a ningún home. A subordinación, que en efecto existe, non é a producida por un asunto de xénero, senón que se deriva da súa condición de traballadora. Aparece na lonxanía, coroada de bolas de pan, compra gran ao rico e paga do gran maquí, traballa a fogaza que comerán os labregos. Ao contrario dos retratos de muller traballadora galega que son máis habituais, ela non traballa nin na terra nin no mar, senón que coñece un oficio. A muller que Ferrín presenta é unha artesá: é panadeira. Hai un cadro de Maruja Mallo, *Muller con cabra* (1927), que ben podería funcionar como ilustración arquetípica de «Ela». Aínda que exenta da ledicia e optimismo que desprende a da pintura, a muller que se representa neste poema é ceibe, pero tamén é pobre. Cómpre lembrar que na novela *No ventre do silencio* (1999) Ferrín evoca unha figura moi semellante á do poema; a figura dunha muller na que o autor

incorpora o mundo labrador. Este fenómeno revela un dos trazos máis peculiares da obra do poeta ourensán, a autorreferencialidade: «Cruzouse cunha muller nova, con tamancas de botín e pano de pico rameado, que levaba unha canastra ao brazo con algún contido delicado que un paniño branco insinuaba. Era quinta feira e o mundo labrador invadía a cidade.» (Méndez Ferrín 1999: 18). A dependencia da súa clase social está condicionada polo sistema, non por ser muller, en canto que o seu somete-mento é económico: «compra grao ao rico e paga dese grao maquiá» (v. 32). Neste verso calla o que se podería interpretar coma un preludio da temática do poemario *Contra Maquieiro* (2005) que Ferrín publicaría tres anos despois de *O outro*, onde deu a coñecer inicialmente o poema. Pois ben, dunha parte supérase a dependencia do home, desligándose do estereotipo das viúvas de vivos, pero doutra aínda se pode interpretar que se mantén a figura feminina como representación da nación.

Todo este discurso lírico en terceira persoa sérvelle ao autor para achegar os lectores á identidade desta muller, pero, de súpeto, todo bate nunha dúbida, e a identidade de «Ela» termina por se sumir na voz lírica, a do poeta que canta as miserias desa «que vai descalza polos sendeiros da dor» (v. 30) e que acaba disolvéndose nela. Como xa se suxeriu, o proceso de homoxeneización comeza coa visualización (desde o eu a ela), pasa pola identificación (eu-ela) ata chegar a unha mestura (eu?), á confusión do observador coa observada, superando tamén así a barreira do xénero.

A muller é o obxecto lírico inicial no texto, porén, o texto remata coa identificación ou coa fusión deste coa voz lírica enunciadora, claramente masculina: «Il será agora tu este poeta / que alenta o teu alento e bombea teus sangues» (2002: v. 43) na versión dixital do poema, mais que irradia unha gran potencia expresiva en comparación coa versión que aparece na recompilación *Era na selva de Esm*, que varía lixeiramente: «Il serás tu este poeta que agora / alenta teu alento e bombea teus sangues» (2004: vv. 43-44).

Maniféstase unha diversidade de pronomes persoais, a modo de brincadeira ou de «diversión» pronominal, para un mesmo suxeito (ela, eu, tu) «Quen é esa que...», «Serei siescaso eu», «Il serás tu». Esta heteroxeneidade suma posibilidades e enche o poema de multiplicidades (nós, vós, elas...). Propíciase a interpretación desa individualidade en clave colectiva, ou, cando menos, como un suxeito complexo, composta de múltiples facetas. Este aspecto poliédrico, aínda que é revelado con moi poucas palabras, redobra e espállase con catro verbas que se relacionan a modo de oxímoro: «amada, avoa, altiva, escrava» (v. 45).

A fragilidade e, paradoxalmente, a forza que lle confire ao suxeito esta fragmentación ou superposición do obxecto (feminino) co suxeito (masculino) radica nesta identificación, non exenta de dúbida, «Serei siescaso eu esa?» (v. 39). No intre da identificación entre esta muller altiva e o poeta, este, quizais

transido pola condición do arquetipo inmortal, ten que estar á altura para cantar a súa magnificencia, ten que ser digno desa faceta, se cadra, del mesmo.

Dúbida que medra en virtude da circunscrición temporal que confunde e difumina máis aínda o final no que se produce a alquimia, a mística —«¿Il serás tu este poeta que *agora*?» (2004: v. 43; énfase da autora), ou na versión dixital, «Il será *agora* tu este poeta» (2002: v. 43; énfase da autora)— nun tempo, *agora*, preciso e, asemade, sempiterno para cada lectura.

Nas dúas últimas estrofas, a identidade da voz lírica dilúese na identidade do suxeito poético, abrindo múltiples posibilidades interpretativas, entre as que poderíamos suxerir —nun aspecto máis sociolóxico— a constatación da existencia dunha subclase (dentro da clase traballadora) de mulleres traballadoras xa independentes do poder patriarcal. Desde esta perspectiva, o poema achegaría unha visión crítica dunha sociedade inxusta e clasista, da que a protagonista é parte e vítima. Acaeríalles tamén ben, porén, seren metáfora da nación galega. Se callar, esta «amada, avoa, altiva, escrava» (v. 45) é unha alegoría do noso país case invisible, a un tempo oprimido e orgulloso, humilde e desposuído —«a penas ten de seu artesa e auga» (v. 31) —, enviando fillos á emigración —«paire e cría fillos con destino a miseria» (v. 33) — contraposto coa magnificencia e a maxestade das nacións ricas e poderosas.

BIBLIOGRAFÍA

- CABANA, Darío Xohán (ed./trad.) (2004): *Antoloxía do Doce Estilo Novo*, Vigo, Editorial Galaxia / Fundación Caixa Galicia.
- CAMBEIRO, Delia (2008): «A voz feminina das cantigas de amigo e o eu confessional na lírica de Gaspara Stampa, Isabella di Morra e Veronica Franco», en *XI Congreso Internacional da ABRALIC: Tessituras, Interações, Convergências*, São Paulo, USP. (http://www.abralic.org.br/anais/cong2008/AnaisOnline/simposios/pdf/017/DELIA_CAMBEIRO.pdf) [última consulta: maio, 2014].
- CASADO NIETO, Manuel (trad.) (1984): *Sagra Biblia en galego. Libros poéticos e sapienciais*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- CAVALCANTI, Guido (1989): *Rime*, Ed. Marcello Ciccutto, Milano, Biblioteca Universale Rizzoli.
- CAVALCANTI, Guido (1995): *Rime*, Ed. Letterio Cassata, Roma, Donzelli Editore.
- ENEI, Bruno (2010): *Aulas de Literatura Italiana e Desafios Críticos*, Ed. Sigrid Paula Maria Lange Scherrer Renaux / Hein Leonard Bowles. Ponta Grossa, Todapalavra editora. (<http://todapalavraeditora.com.br/adm/CK/shared/files/livro%20Bruno%20Enei.pdf>) [última consulta: maio, 2014].
- FORCADELA, Manuel (2011 [2002]): «A poesía de Xosé Luís Méndez Ferrín», en Xosé María Dobarro Paz / Luciano Rodríguez (coords.), Xosé Luís Méndez Ferrín: *O home, o escritor*, A Coruña, Universidade da Coruña, 87-113. Reedición en *poesiagalega.org*.

- Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura* (<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/145>) [última consulta: decembro, 2013]
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena (2009): «La mujer que no es sólo metáfora de la nación. Lectura de las viudas de vivos de Rosalía de Castro», *Lectora: revista de dones i textualitat*, 15: 99-115. <<http://hdl.handle.net/2445/22129>> [última consulta: maio, 2014].
- JOYCE, James (2009): *A Portrait of the Artist as a Young Man*, Project Gutenberg, (<http://www.gutenberg.org/files/4217/4217-h/4217-h.htm>) [última consulta: maio 2014].
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1990 [1984]): *De Pondal a Novoneyra. Poesía galega posterior á guerra civil*, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2001 [1989]) : *Con pólvora e magnolias*, Ed. Carmen Blanco / Claudio Rodríguez Fer, Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (1999): *No ventre do silencio*. Vigo, Xerais.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2002): «Quen é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande...», *Biblioteca Virtual Galega*: (<http://bvg.udc.es>) [última consulta: decembro, 2013]
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2004): «Quen é esa que sobe a encosta de Cortiña Grande...», en *Era na selva de Esm*, A Coruña, Espiral Maior, 75-76.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (2002): *O outro*, A Coruña, Publicacións Culturais Artesanas.
- PRECEDO LAFUENTE, Xesús (1984): «Introducción xeral», en *Sagra Biblia en galego. Libros poéticos e sapienciais*, Trad. Manuel Casado Nieto, Santiago de Compostela, Bibliófilos Gallegos / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 11-16.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio (2011 [1981]): «A poesía galega de Álvaro Cunqueiro», *Grial*, 74, 171-181. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. (<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1985>) [última consulta: maio 2014]

***CARTAS DE GALICIA, DE
PROSPER-HENRI DEVOS:
HISTORIA DUNHA EDICIÓN,
ANÁLISE DUNHA PUBLICACIÓN***

María Obdulia Luis Gamallo

Universidade da Coruña

[doi:10.17075/tucmeg.2015.019](https://doi.org/10.17075/tucmeg.2015.019)

1. PRODUCCIÓN EDITORIAL E MERCADO DA LITERATURA DE EXPRESIÓN FRANCESA DURANTE A ETAPA FRANQUISTA (DE 1939 A 1975)

A edición e publicación de obras francesas ou de expresión francesa en Galiza durante a etapa franquista resulta dunha selección interesante e posibelmente moi relacionada cos intereses dos eruditos galegos da época e co que se estaba a publicar ou a ignorar no sistema literario español. A apertura da que deron proba editoriais galegas coma Galaxia e Edicións do Castro contrasta co peche que exerceu o réxime franquista. As editoriais galegas reflectiron durante todo este período un claro desexo de diversificar, mesmo pola transgresión, un sistema literario que vai ir descorrendo polos derroteiros da innovación, da polémica e do rexeitamento do politicamente correcto. Grande parte dos autores traducidos e publicados en Galiza durante esta época foron ignorados ou rexeitados polo sistema español no mesmo período¹³⁸.

Autores como Molière e Marcel Proust son de presenza obrigada en calquera sistema literario consolidado ou en vías de consolidación, como tamén o é *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry, un clásico levado ao terreo da literatura infantil e xuvenil. Por outra banda, Jean-Paul Sartre, premio Nobel de Literatura en 1964 (premio que o filósofo rexeitou por cuestións ideolóxicas) e Jean Cocteau, un dos *enfants terribles* do mundo cultural e artístico galo e tamén figura representativa e polémica (as acusacións de colaborar co goberno nazi de Vichy durante a ocupación nunca foron esclarecidas), contan cunha recepción favorábel entre os intelectuais galegos. Léon Bloy é se cadra aínda máis inesperado: autor polémico, defensor dun simbolismo universal e cualificado de anarquista da dereita, Bloy foi un visionario que revolucionou a última década do século XIX e comezos do XX con ideas contrarias ao movemento colonizador francés, sobre todo da Indochina e pola defensa en prol

¹³⁸ Foi o caso de Paol Keineg ou Jean Cocteau. Conclusións tiradas da análise da produción editorial galega traducida do francés (Catálogo Galicia da USC) para o proxecto *Producción editorial e mercado en Galiza durante a etapa franquista*, dirixido por Carmen Pérez-San Julián na Universidade da Coruña. As primeiras conclusións deste proxecto presentáronse, ao mesmo tempo que as *Cartas de Galicia*, no X Congreso da AIEG que tivo lugar en Cardiff do 12 ao 14 de setembro de 2012.

da comunidade xudía (nunha época na que o contexto socio-político invitaba a facer precisamente o contrario: lembremos o famoso *affaire Dreyfus* e o «J'accuse» de Émile Zola). A súa personalidade resulta non menos interesante, dado o catolicismo extremo cara ao que evolucionou e pola creación dunha obra de inspiración místico-relixiosa.

En canto a Paul Keïneg, autor de *Le poème du pays qui a faim* (1967), a súa presenza na literatura galega desta época é máis que simbólica: xefe de filas da literatura bretona, destaca polo seu inconformismo e pola defensa dunha Bretaña libre e afastada do capitalismo (de feito, o poeta foi mesmo expulsado do ensino francés polas súas ideas nunha Francia que acepta mal a diversidade e o rexionalismo).

Pintores coma Jean-Claude Richard, Jean Bazaine e Raymond Auguste Monvoisin destacan polo innovador da súa obra, no momento que precede á Revolución Francesa e como figuras representativas da Nova Escola de París e da pintura de vangardas, respectivamente.

Como peche a esta sucinta lista de autores e intelectuais traducidos do francés á literatura galega durante este período é preciso mencionar o xeólogo Pierre-Marc Anthonioz, editado en Galicia por Edicións do Castro, con obras sobre a xeoloxía do noroeste da Península; o bioquímico Henri Cheftel, editado en Galiza polo seu coñecemento en tecnoloxía dos alimentos e conservas de pescado; o historiador Pierre David, estudoso do camiño de Santiago e o matemático belga, Paul Dedecker. A maior parte deste autores foron publicados en galego grazas ao interese de seguidores e alumnos que se preocuparon por divulgar as súas obras en Galiza¹³⁹. Atopamos finalmente estudosos da literatura galega coma Arlène Lesser, que centrou o seu traballo nas pastorelas e nas serranas galaico-portuguesas, e especialistas da literatura española como Pierre e Simone Saillard e Serge Salaün.

Malia a súa brevidade, esta escolma ten un carácter sobre todo simbólico: cuestións ideolóxicas mestúranse con intereses prácticos, tanto no que ao sistema se refire (desexo de obter unha relativa normalidade), como ao feito de integrar á literatura galega autores menores e/ou descoñecidos no sistema literario español. A escolma manifesta a abertura cultural e artística dos intelectuais galegos durante este anos por dar a coñecer a literatura de expresión francesa. Cando as obras non puideron ser traducidas ao galego, entran no círculo comercial ou bibliotecario dende imprentas que actúan igualmente como editoras afincadas en Lisboa e en São Paulo.

A análise da produción editorial e do mercado na Galiza durante a etapa franquista abriunos a porta a unha obra singular, as *Cartas de Galicia*, traducida por Xosé Ramón e Fernández-Oxea para Galaxia e publicada en 1968. A obra

¹³⁹ Conclusións tiradas do Catálogo Galicia da USC durante o proceso de catalogación do publicado na Galiza durante o franquismo (Proxecto : *Produción editorial e mercado en Galiza durante a etapa franquista*).

orixinal, *Lettres de Galice*, son oito crónicas redactadas por Prosper-Henri Devos para o xornal *L'Étoile belge* entre setembro e outubro de 1912, e que apareceron posteriormente publicadas como apéndice de *Un Jacobin de l'an CVIII* na edición posterior de 1913.

A morte prematura do autor de orixe belga aos vinte e cinco anos trunco unha carreira literaria prometedor. Aínda así, deixou dúas obras maiores, *Un Jacobin de l'an CVIII* (1910) e *Monna Lisa* (1911). Como correspondente do xornal *L'Étoile belge*, Devos chega a Galiza na procura dos derradeiros monárquicos portugueses, que tras dar a causa por perdida, se dispuñan a emigrar ao Brasil. É preciso subliñar que a presenza de Devos en terras lusas mostra a inquietude das monarquías europeas (só Francia, Suíza e San Marino eran nesa época Estados republicanos) pola recente instauración da República en Portugal e a conmoción que provocou o asasinato do rei portugués, Carlos I, e do príncipe herdeiro, Luis Filipe, en 1908. En 1912, Devos trasládase dende o norte de Portugal ata Vigo seguindo ao grande heroe das guerras coloniais portuguesas, Henrique Mitchell Paiva Couceiro, e a un grupo de ferventes defensores da causa monárquica refuxiados no norte de Portugal. Malia o fervor destes homes, Portugal, farto da sumisión do país aos intereses coloniais británicos, do desbaldo da familia real e do poder desorbitante da Igrexa adoptou a república o 5 de outubro de 1910.

A partida de Paiva Couceiro e dos seus homes do porto de Vigo cara ao exilio marca o comezo das cartas e da viaxe do escritor por terras galegas. É precisamente en Vigo onde Devos coñece a Fernández-Oxea. De seguir ao propio Fernández-Oxea na súa introdución e tradución das *Cartas*, o seu encontro en Vigo en 1912 foi puramente casual, pois ata alí se desprazara o intelectual galego para despedir a un curmán seu embarcado para as Américas. A amizade consolidárase despois en Ourense, onde coñecería a Primitivo R. Sanjurjo, Eduardo del Palacio Fontán e a outros intelectuais da época, e posteriormente nun intercambio de correspondencia interrompido pola morte do escritor belga en 1914. Na memoria de Devos, ao que califica de «poeta e mártir e grande amigo de Galicia» (Fernández-Oxea 1968: 7) Fernández-Oxea publica as *Cartas de Galicia* en 1968.

2. PROSPER-HENRI DEVOS. LETTRES DE GALICE

Prosper-Henri Devos naceu en Bruxelas o 28 de xaneiro de 1889 e faleceu a comezos da Grande Guerra, o 3 de novembro de 1914 como vítima dunha bala perdida ao final dun combate contra os alemáns e cando estes o conducían detrás da fronte con outros sobrevivintes da súa compañía. De orixe modesta, a falta de recursos impediulle acceder á universidade e tivo que conformarse con

ser autodidacta e entrar na administración comunal de Anderlecht, que conta cunha reputación de cidade obreira e industrial, ben ao contrario de Bruxelas, abeiro da burguesía e das elites culturais do país. Autor dunha remarcábel precocidade, en 1908 fundou a revista *La Belgique française* e prestou colaboración en diferentes xornais e revistas (*Le Tirse*, *Société*, *La vie intellectuelle* e *La revue de Belgique*) con artigos sobre os clásicos da literatura española e traducións ao francés como a do drama de Eduardo Marquina, *En Flandre le Soleil s'est couché*. Devos escribiu para o teatro *Le Curieux impertinent*, baseado na obra de Cervantes, e *La prudence du Roi Philippe*.

A diferenza dos seus colegas escritores pertencentes ás elites burguesas da sociedade belga, Devos ten que traballar e deixar nun segundo plano as súas ambicións literarias. Consideraba esta situación fondamente inxusta e paseniñamente vai ir alimentando unha inquina contra a sociedade que el desexaba transformar. O seu espírito evoluciona dende o catolicismo ata o ateísmo, para volver de novo á fe da súa infancia.

Lonxe de ser un home feliz e en simbiose coa súa vida persoal e literaria, como afirma Fernández-Oxea na introdución á súa tradución en galego, de acordo con Frédéric Denayer, o escritor belga era un home fondamente decepcionado e en continuo rexeitamento da súa vida. Sentíase atraído por unhas aspiracións persoais e literarias que nada tiñan que ver co seu cotián, de aí que lle resultara tan difícil aceptar a súa vida e a época na que lle tocou vivir: «Tout est mesquin à notre époque, dans notre petit pays sans gloire. J'aurais dû naître ailleurs, il y a longtemps. Les emballements de mon adolescence sont dans le *Jacobin*; j'ai évoqué ma vie de bureau dans *Le Commis*. Mes petites aventures ont fait *Monna Lisa*. Il ne me reste plus rien à dire. Pour écrire des livres vivants, il faut les avoir vécus. Or, ma vie est bête et monotone» (Denayer 1968: 21-22).

Isto explica que cando marcha a España cunha bolsa da Cámara Municipal de Bruxelas para estudar as obras dramáticas españolas que se desenvolven en Flandes ou que teñen relación co seu país, sente bulir nel unha nova enerxía. Esta viaxe lévao ademais a Portugal e a Galiza como enviado especial do xornal *L'Etoile Belge*. Durante esta estadía coñece ao grupo de Fernández-Oxea que o enriquece social, humana e intelectualmente. De aí a impresión tan positiva que deixou no grupo galego. Devos desexa viaxar e consagrarse ao xornalismo e grazas á proposta do xornal belga, o autor considera a posibilidade de vivir da súa paixón e abandonar definitivamente o seu traballo de funcionario. Mais a realidade vai ser moi diferente, xa que o xornal parece máis interesado nas informacións cotiás que nas impresións que Devos lle envía nas súas crónicas dende Galiza. Sofre unha nova decepción e ao final do seu periplo galego deberá voltar á súa vida en Anderlecht. Na súa bagaxe leva a experiencia galega e unha chea de proxectos. Así nace *Monna Lisa*. A incursión do autor na España

mística do Século de Ouro e a lectura das obras de Lope de Vega, Cervantes, Quevedo e doutros autores da época estimularon a imaxinación do escritor e levárono a idealizar este período, ata o punto que tras a súa viaxe á Península Ibérica, era habitual ver a Devos pasear polas rúas da capital belga cun capote de toureiro, chapeu e luvas de mosqueteiro.

Pasada a emoción dos primeiros momentos, Devos vai sufrir outra nova decepción: o Comité de lectura do teatro belga rexeita a tradución de Marquina, *En Flandre, le soleil s'est couché*, e tamén a súa obra orixinal en tres actos, *La prudence du Roi Philippe*. As súas reportaxes tampouco obteñen unha boa acollida e Devos vese obrigado a retomar o traballo no concello. Prosegue a súa obra literaria e comeza unha novela sobre a revolta dos monárquicos portugueses, *L'Assaut de Chaves*, que ficará inconclusa.

A derradeira aventura do escritor belga será a da Gran Guerra na que se alista como voluntario. Xa antes quixera alistarse a carón dos Realistas na guerra civil portuguesa, mais o conflito rematará. A Grande Guerra permitirlle deixar o seu traballo de funcionario e entregarse a unha causa que el considera xusta. Tal e como o afirma Fernández-Oxea na súa introdución, a guerra rematará transformando o literato en heroe e mártir, nun home de acción como era o seu desexo. Mais a súa morte precoz priva á literatura belga en lingua francesa dun autor destinado a darlle un pulo de modernidade e condénao ao esquecemento. Así o subliñaba o filólogo belga Maurice Wilmotte, defensor a ultranza da lingua francesa e da literatura belga de expresión francesa, no prefacio de *Un Jacobin de l'an CVIII* na edición de 1913. Wilmotte non podería ser máis crítico coa literatura belga nin menos eloxioso coa obra de Devos:

S'il y avait dix études comme celle-ci dans notre production contemporaine, on serait fondé à soutenir que nous possédons, enfin, une littérature déclassée de son régionalisme et mûre pour des desseins unitaires. Il est vrai que cette littérature n'en serait pas plus « belge » dans le sens où nos oracles entendent une désignation, qui garde sa valeur par nos brevets industriels, notre âpreté mercantile, notre sens de l'épargne et notre inculture enjouée. (Wilmotte en Devos 1913: 7)

O que explica a crítica do filólogo belga é consecuencia da situación na que se inscribe a literatura belga, dominada pola cuestión nacional e lingüística: fronte ao neerlandés, lingua do 60% da poboación belga, e o alemán, do 1%, o francés é, a comezos do século XX, a lingua por excelencia da burguesía e da aristocracia belga ata tal punto que os grandes autores da época, independentemente de que a súa lingua materna sexa o neerlandés (foi o caso de Maeterlinck e do propio Devos), teñen o francés como lingua de escritura. Por outra banda, é preciso lembrar que o Reino de Bélxica, en tanto Estado independente, existe só dende 1830, de aí a necesidade de crear unha literatura nacional que se demarque da literatura francesa. O rexionalismo será a tónica dominante durante o século XIX e parte do XX, nun desexo evidente para os escritores da francofonía belga, de expresar a súa individualidade e diferenza

fronte á literatura francesa. Mais autores coma Devos comezan a afianzarse nun estilo propio moi relacionado coa arte belga que confire á expresión psicolóxica das personaxes unha dimensión especial. A obra de Devos parece reflectir a mágoa de toda unha xeración de intelectuais que repudia do mesmo xeito o igualitarismo social e a anarquía intelectual.

Un Jacobin de l'an CVIII mostra como o autor, aos vinte anos de idade, desexaba dar un pulo á literatura belga, alén do rexionalismo vixente, para levala ao terreo máis rico e intelectualmente máis ambicioso da análise psicolóxica. O heroe da novela, Jacques Vadier, descendente dun rexicida exiliado polos Borbóns e refuxiado en Bruxelas, podería testemuñar en defensa dun home acusado do asasinato con premeditación da súa amante, xa que coñece a causa que lle valería unha redución da pena. Mais, seguindo o exemplo do seu devanceiro xacobino que consideraba a clemencia como unha debilidade inaceptábel, cala a verdade cando o chaman a declarar e, co desexo maléfico de que o acusado obteña unha pena aínda maior da solicitada, fai da vítima un retrato totalmente inverosímil por ser demasiado loamiñeiro. No entanto, coa súa argallada obtén precisamente o contrario: a absolución sen cargos do asasino. O narrador, nostáxico da época xacobina, ve nesta sentenza o síntoma da dexeneración da sociedade, unha sociedade impunitiva condenada a morrer.

En principio, o contido da obra nada ten que ver coas *Lettres de Galice* que se lle engadiron á edición de 1913, publicadas en Junior, unha colección nacional de divulgación que tiña como obxectivo o de dar a coñecer autores noveis. O contido de *Un Jacobin de l'An CVIII* contrasta pois co das cartas, sobre todo tendo en conta que na reedición de 1913, Devos tivo que defenderse das acusacións por parte da crítica liberal que o identificaban co heroe da novela e o facían defensor da pena de morte. Nas cartas, pola contra, mostra un espírito conciliador e aberto. Mais, o temperamento e a evolución ideolóxica de Devos son difíciles de explicar e aínda máis de comprender. Por iso non é de estrañar que en *Monna Lisa*, a súa derradeira novela, Devos abandone o xacobismo dos seus comezos para refuxiarse de novo nun nacionalismo deísta. A novela que nos mostra a evolución vertixinosa que sufriu Bruxelas na época do escritor, conta cunha intriga bastante convencional e a análise psicolóxica deixa tras de si uns personaxes sen interese. A forza literaria de Devos está presente no terreo dos posíbeis e na capacidade de traballo que o escritor é capaz de fornecer. A obra esgoutouse nada máis saír do prelo porque casualmente coincidiu co roubo do famoso cadro no Louvre. Devos deixou ademais destas dúas novelas publicadas, unha terceira inédita, *Les cinq maîtresses du poète Martué*, que era xustamente un dos personaxes de *Monna Lisa*.

3. CARTAS DE GALICIA: ANÁLISE DA OBRA

Como xa se avanzou, a obra orixinal *Lettres de Galice* consta de oito crónicas redactadas por Prosper-Henri Devos para o xornal *L'Étoile belge* entre setembro e outubro de 1912, e que apareceron posteriormente publicadas como apéndice de *Un Jacobin de l'an CVIII* na edición de 1913. As oito cartas saíron do prelo en Galaxia en 1968, en tradución ao galego de Fernández-Oxea, co título *Cartas de Galicia de Henri Prosper Devos* (sic).¹⁴⁰



Fig. 1. Cuberta de *Cartas de Galicia de Henri Prosper Devos*

Tradutor e autor comparten a experiencia da escrita xornalística, pois Fernández-Oxea fora destinado a Marrocos dende onde enviaba crónicas de guerra (adoptando entón o seu coñecido pseudónimo de Ben-Cho-Shey) ao xornal ourensán *La Zarpa*, posteriormente publicadas como *Crónicas de Marruecos: tras la rota de Annual* (Ben-Cho-Shey 1985).

O tradutor escribe unha introdución ao texto en galego. Este estudo que introduce as *Cartas de Galicia* é un documento prezado para comprender a existencia mesma da obra e as razóns que conduciron a Galaxia á recuperación do texto para o público galego, cincuenta e cinco anos despois da súa publicación en francés. O encontro do autor e do tradutor aparece ilustrado nunha das tantas fotografías que ilustran a introdución de Fernández-Oxea. A introdución convértese, grazas a esta distancia temporal, nunha biografía do autor belga que testemuña a súa amizade con Fernández-Oxea e con Galiza, e tamén amosa como a guerra frustrou a carreira literaria de Devos cando só tiña

¹⁴⁰ A obra non se presenta como tradución do autor belga, senón como obra da autoría de Xosé Ramón e Fernández Oxea. Repárese en que o título menciona o nome do autor como Henri Prosper Devos, en lugar do habitual Prosper-Henri Devos.

vinte e cinco anos. O grande mérito deste paratexto é o de combinar elementos biográficos do autor paratextual (o tradutor) e do autor textual. Deste xeito, a publicación das *Cartas de Galicia* funciona primeiro como homenaxe ao amigo, e logo como homenaxe ao escritor. De feito, antes de referirse ao encontro co autor belga, o autor paratextual introduce un autorretrato do propio Devos dedicado ao amigo galego. O relato deste encontro faise dende a nostalxia e dende o humor do que era, a comezos do século XX, o mal de moitos: a emigración. A madurez do escritor paratextual contrasta coa xuventude do adolescente que coñeceu a Devos: «Era o ano 1912 cando remataba ledoo o meu Bachillerato i estrenaba os primeiros pantalóns longos, cos que xa tiña feitío de homiño novo. (...) Era o primeiro viaxe que ía facer soio na miña vida. Co meu Bachillerato noviño do trinque, meus pais coidaron que xa podía andar polo meu pé e, como a ocasión era eiscepcional, aló me fun á cidade da oliveira acompañando ao meu primo, un emigrante máis pra Arxentina» (Fernández-Oxea 1968: 9-10). Malia non haber unha grande diferenza de idade entre os dous autores, neste período de mocidade sete anos poden tomar grandes proporcións, sobre todo cando o autor paratextual conta os feitos dende a madurez, idealizando e enxalzando a figura do «ilustre poeta e mártir» (Fernández-Oxea 1968: 7).

As *Cartas de Galicia*, oito en total, constitúen un interesante documento xeográfico e etnográfico da época, un relato de viaxes que entronca coa tradición romántica da literatura de viaxes, debedora á súa vez da Idade Media e da Antigüidade clásica. A viaxe constitúe unha apertura cara ao mundo exterior nunha dobre busca: a busca espacial, doutros pobos e doutras culturas, e a busca temporal, para remontar á orixe da alma e da esencia dos pobos, á súa espiritualidade. O interese por España non foi unha descuberta romántica. A súa orixe remonta á Idade Media grazas a obras como a *Chanson de Roland* e a fenómenos sociolóxico-relixiosos como o camiño de Santiago de Compostela que atrae a peregrinos de toda Europa. A partir dos séculos XVIII e XIX, o Romanticismo transforma o interese por España en paixón e paseniñamente créase un imaxinario que adopta matices pintorescos grazas á literatura, ás lendas e a unha historia reinventada para a ocasión. Cando Devos chega a España a comezos do século XX para estudar a literatura clásica, enfeitizado por este mundo soñado e reinventado dende o Romanticismo, sente un grande embargamento e consegue esquecer o sentimento de inferioridade e de mediocridade que o asaltaba continuamente en Bélxica. Cada etapa da súa viaxe achégalle unha experiencia diferente que vai ilustrar na escrita: do contacto coa España romántica e mística do Século de Ouro nace *La Prudence du Roi Philippe*; da etapa portuguesa, *L'Assaut de Chaves* (inconclusa); da peregrinación galega, as *Lettres de Galice*, a obra máis realista e íntima das tres. Nesta última, o autor belga fai súa unha realidade que ata ese momento lle era

estranxeira, unha realidade que moldea para que o texto chegue ao lector belga sen ruídos.

Ofrécese de seguido unha análise das oito cartas, a partir da lectura das traducións ao galego realizadas por Fernández-Oxea. Analízase un texto, xa que logo, que non é o orixinal de Devos, senón que está mediado pola intervención do tradutor. Non é propósito deste capítulo afondar no tipo ou nivel de intervención tradutora, nin ofrecer unha análise contrastiva entre orixinal e tradución. O obxectivo é, no entanto, debullar o contido das cartas.

A primeira carta datada en Vigo, o 8 de setembro de 1912, leva por título «Emigrantes i emigrados». Nela Devos da conta da razón que o leva a Galiza: despedir ao derradeiro tren de contrarrevolucionarios portugueses que morrían de fame despois da derrota de Paiva Couceiro, e que o Goberno brasileiro manda, á súa conta, para Río de Janeiro. Lembremos que esta era a encomenda de Devos como correspondente do xornal belga, tarefa que acomete con certo romanticismo e moita melancolía cando trata aos paivantes de «coitadiños que perden a súa patria por lle querer devolver a súa a un rei que cecais non se coida dela» (Fernández-Oxea 1968: 43). Xa dende o título, Devos fai a distinción entre os emigrantes galegos e casteláns sumidos na tristura e na gravidade ante a perda das súas familias, da súa terra e co tempo da súa identidade, fronte aos emigrados portugueses caracterizados pola vivacidade dos seus movementos. Estes últimos son varios centos, fronte aos primeiros que son máis de mil cada vez. Os emigrados perden a patria polas súas ideas, mais os emigrantes son empuxados fóra dela pola miseria. A perda resulta incomparábel, sobre todo cando se ten en conta que son os homes os que fan a forza dos pobos, os que lle proporcionan unha riqueza de seu: «son brazos o que eiquí compre. Iste ano perdéronse as colleitas en pé. Eiquí, na Galicia, o chan esconde ferro, cobre, chumbo. Pro para iste pobo, que dende Pizarro non cree máis que no ouro das Américas, estas riquezas permañecen tan inaccesibles como os millós afundidos nos galeós queimados baixo as areas da badía, donde o sopor ven de arrojar un lingote máis» (Fernández-Oxea 1968: 44-45).

A visión poética e case profética do escritor belga sobre a emigración, mostra que Devos non se contentou con describir uns acontecementos ou con seguir o destino dos paivantes ata o peirao vigués, senón que se mergullou na realidade sociolóxica, política e cultural galega ata facela propia, ata chegar a sentir coma un galego. De aí a amizade e a simbiose que o uniu ao grupo ourensán de Primitivo Sanjurjo.

Dotado dunha especial sensibilidade ante a miseria, a escritura do belga leva a pegada da pintura flamenca: o artista esvárase tras as xentes e as paisaxes para crear un sentimento de grandeza e de soidade. Malia a gravidade do momento, emigrantes e emigrados aparecen enaltecidos baixo a pluma de Devos.

A segunda carta, datada o 11 de setembro en Vigo, comeza cunha descrición admirábel da cidade para centrarse pouco despois na baía. Séntese de novo a influencia da pintura flamenca que distinguiu aos escritores belgas de máis dunha xeración fronte aos escritores franceses. Para Devos, Vigo é unha cidade ao alcance de todas as sensibilidades, «unha badía cór de ceo, un circo de montañas, aldeas espaxadas nun fondo de verdura, unha cidade de grá en anfiteatro a o pé dun castelo, todo isto non precisa da interpretación dos poetas, para espertar a imaxinación do máis teimoso coleccionista de postas iluminadas» (Fernández-Oxea 1968: 49). Vigo é a beleza, as montañas, as aldeas, o granito das súas pedras, unha mestura perfecta de verde, gris e azul. Somerxido pola beleza da cidade ao solpor, en perfecta simbiose coa súa arquitectura, Devos mergúllase nas cativas rúas entrecortadas, na banda do mar ata o cumio do monte para descubrir o castelo. Ás dez da noite, a cidade parece encherse de vida e son agora as súas xentes, as raparigas que se xuntan na alameda, as que cativan o ollar de Devos. A súa crónica, centrada antes no espazo, adopta unha variedade cromática diferente cando son as xentes as que enchen ese espazo deserto da mañá: «rosa, branco, verde craro. Nin mantillas, nin abanos, senón chapeos máis inmensos que entre nosoutros e faldas máis “entravées” que entre nosoutros» (Fernández-Oxea 1968: 52). Tras tanta sutilidade cromática destacan «os grandes ollos mouros docísimos nas redondas facianas galegas» (Fernández-Oxea 1968: 52), fermosa descrición que atoparemos na cuarta e na sétima crónica, aínda que nun contexto ben diferente. O noso viaxeiro posuía un espírito aberto e liberal que se vai ir confirmando conforme avanza a súa viaxe.

Vigo é aínda o espazo da terceira carta, titulada «A Cita nocturna», con data do 12 de setembro. A beleza e o dinamismo da cidade retiveron ao escritor belga varios días e puido vivir unha experiencia que Devos refire entre realidade e ficción cunha grande dose de literatura, «un duelo a espada francesa» (Fernández-Oxea 1968: 58). É consciente do seu papel de estranxeiro nun país alleo, como revela ao afirmar: «atravesei o meu sobrado, con ise paso sempre un pouco inseguro que impón a o extranxeiro o hule dos pisos españoles» (Fernández-Oxea 1968: 57). Devos segue a un murciano que o invita a presenzar un duelo do que todo Vigo está informado, mesmo a Garda Civil, que acaba por desmontar a trama. O protagonista do duelo fallido é un dos monárquicos portugueses que se ve obrigado a defender o honor do pobo portugués por unha falsa interpretación da Historia, causa da sempiterna rivalidade entre España e Portugal. Coa influencia da literatura clásica, o estilo de Devos ten moito do tono sarcástico, crítico e nostálxico que adoptou Mariano José de Larra nos seus artigos xornalísticos, un estilo que se consolidaría entre os autores da Xeneración do 98 e entre os modernistas, por un lado, e entre parnasianos e ximbolistas franceses, por outro, tendo en conta que estes últimos

influíron tanto na literatura belga de finais do século XIX e principios do XX, coma na literatura da Península Ibérica no mesmo período.

Na cuarta carta, datada o 17 de setembro co título de «Santiago», a cidade que Devos describe coma unha «cidade morta (...) de xionllos arredor dunha catedral» (Fernández-Oxea 1968: 67-68), é todo o oposto á cidade de Vigo. Santiago é unha cidade austera, tallada na pedra, asentada nun tempo pasado, escuro e silencioso. Chama a atención nesta crónica o que se conta do sistema ferroviario da época: «Oitenta kilometros na Galicia representan xa un viaxe, seis horas polo ferrocarril, exactamente. O mesmo tren leva viaxeiros e mercancías; en cada estación emprégase unha meia hora na carga e descarga destas, namentres aquíles van refrescar. Hai tamén o rápido, pro non leva máis que primeiras i eu non houbera consentido en sacrificar as ventaxas dun conforto relativo o pracer de me misturar cos meus galegos» (Fernández-Oxea 1968: 65).

Segundo avanza as crónicas, o punto de vista de Devos é cada vez máis subxectivo e a súa implicación co pobo galego maior. Cando chega a Vigo, parece máis espectador da cidade e das súas xentes que actor. Esta actitude vai mudando segundo vai avanzando na súa peregrinación galega. De Santiago, Devos dá conta da arquitectura, das pedras, da historia da cidade de xeito pormenorizado. A súa descrición adquire pinceladas poéticas e máis que narra, parece estar a debuxala para o lectorado do seu país. Perfilas as liñas das rúas, o claro-oscuro dos edificios, das prazas, dos seus vestixios, a catedral e a voz dunhas campás dotadas de «acentos casi humanos» (Fernández-Oxea 1968: 70). Ao final, fica un documento case vivinte da cidade de principios do século XX, un reflexo do seu corpo e da súa alma.

A quinta carta leva por título «A investidura dun matador» e data do 21 de setembro. Ten como espazo A Coruña, cidade que aínda o vai decepcionar máis que Santiago. A crónica céntrase nun tema de grande interese para un lectorado estranxeiro: a corrida de touros. Devos adopta un punto de vista moi sarcástico cando narra as proporcións rocambolescas que adquire o acontecemento cando quen toma a alternativa na praza de touros da Coruña é un toureiro galego. A boa sociedade coruñesa e os maiores representantes das institucións mobilízanse ante o evento, a prensa non aforra eloxios para o que todos califican de «fillo agarimado» (Fernández-Oxea 1968: 78). A comparación coa Praza das Ventas de Madrid é case obrigada, mais, o que chama a atención de Devos é o «público máis pintoresco» de aquí (Fernández-Oxea 1968: 80). O público cae doadamente na idolatría, ata o ridículo, malia o espectáculo grotesco que ofrecen touro e toureiro: ao primeiro fáltalle coraxe e intenta fuxir cando se lle presenta ocasión; ao segundo, fáltalle habilidade e a arte para o oficio da que falan os especialistas. Mais iso non dificulta o feito de que sexa vitoreado coma heroe nacional. A sorna do escritor belga non pode ser maior cando fai mención

da arrogancia erma dos galegos cando «pretenden contar a Cristobo Colón entre os seus compatriotas» (Fernández-Oxea 1968: 78). Porén, o orgullo galego adquire matices dramáticos cando leva mesturada a vexación que produce a emigración, a miseria e a fame (cartas I e VII). Vese que Devos é máis sensíbel á humildade que á fachenda e á arrogancia, impresión que se confirmará cando se refire á cidade da Coruña, motivo da seguinte carta.

Ao día seguinte, Devos descobre a cidade que será obxecto da sexta carta, titulada «A Cruña e os miradores. Lugo e os amigos dos arbres», con data do 23 de setembro. Acusa á Coruña, descrita como «cidade santa da monotonía, tumba da arquitectura» (Fernández-Oxea 1968: 89), de ter un «esprito provinciano» (Fernández-Oxea 1968: 89) e de ser unha cidade que fai da ostentación o seu único atractivo. A Coruña aparece coma unha cidade sen cultura, sen ningún punto de interese fóra do seu concurso hípico. Na Coruña, como lle confesa un compañeiro de viaxe a Devos, «non se lee, nin se vai a o teatro, nin a o concerto» (Fernández-Oxea 1968: 89). No que se refire aos miradores, Devos non pode ser máis sarcástico cando os define como «caixas de moscas penduradas, (...) o máis feio que vin en punto a unha gran cidade» (Fernández-Oxea 1968: 90-91).

Fortemente desilusionado, marcha nun tren de noite cara a Lugo, cidade que tampouco lle agrada pola súa tristura e frialdade. A muralla non consegue cativar o seu interese e chámalle a atención que os tellados estean recobertos dunhas «follas superpostas» (Fernández-Oxea 1968: 93), as lousas, que lle dan un aspecto frío e triste á cidade moi diferente do resto de España. As tellas, conclúe Devos, «son un luxo» (Fernández-Oxea 1968: 93) reservado para o teito das igrexas. E un punto de vista particular que non suscitaría ningún comentario dos galegos acostumados á lousa, sobre todo nas zonas onde chove moito. Mais o seu comentario non é impertinente se temos en conta que a lousa é máis económica que a tella.

O que o sorprende en Lugo foi o hotel onde se aloxou, o pazo dalgún señor arruinado que o novo dono modernizou coa luz eléctrica, calefacción e cuartos decorados ao estilo inglés. Eran vestixios dun tempo pasado, dos grandes señores que perderon o tren da modernidade e do capital que acaparou a burguesía. Estes burgueses soñan con se converteren nos grandes señores doutrora, por iso non resulta anodino que o dono do pazo-hotel se comporte como tal: «camiñaba polo seu dominio a pasos lentos co chapeo na cabeza como un grande de España. Non autorizaba a os seus camareiros nin a levar mandil, como os marmitóns, nin se afeitar o bico, como os toureiros» (Fernández-Oxea 1968: 94). Ao final desta crónica retoma a súa viaxe nun coche con destino a Ourense, nunha noite de treboada.

A sétima carta titúlase «O orgullo galego», e é a única que non leva data xa que o escritor belga interrompe o relato da súa viaxe, ata agora cronolóxico,

para ofrecer unha serie de reflexións sobre os galegos e o seu carácter. A Galiza esténdese máis alá das súas fronteiras: Buenos Aires, a quinta provincia galega, A Habana e Madrid, á que fornece de cocheiros, mozos de corda e vendedores de auga. Homes de sempre vencidos e abaixados, o orgullo galego recea o ridículo e «resinte máis fondamente a humillación» (Fernández-Oxea 1968: 100). Para corroborar esta opinión, Devos refire o acontecido no tren que o levaba de volta a Vigo despois da súa excursión polo norte do país. Unha mociña galega de orixe humilde que lle prestou axuda coas maletas, séntese humillada pouco despois, tras ser atuada por un estranxeiro. Devos non dubida en saír na súa defensa e rexeitar o tabaco que lle propón ese estranxeiro. A actitude da mociña impresionou ao escritor belga, que sente como nesta forza de carácter se agocha unha grandeza da alma e unha grande dignidade. É esta unha grande mostra de humildade para alguén coma Devos, en continuo rexeitamento de si mesmo e do seu destino: «¿Vístendes endexamais ós nosos aldeáns cairlles as bágoas por se ouvir tutear por un señor?» (Fernández-Oxea 1968: 104), pregunta aos seus compatriotas belgas ao final da crónica.

A oitava e derradeira carta titulada «Ourense e o poeta Sangurjo» con data do 15 de outubro, ten como espazo de referencia Ourense, cidade que o cativa, sobre todo polas súas xentes. Devos refire as riquezas arquitectónicas da cidade: as Burgas, inxustamente desleixadas como fonte curativa, o Santo Cristo e a Ponte Romana. En Ourense vive unhas veladas inolvidabéis na casa de Eduardo del Palacio e Primitivo Sanjurjo e coñece á intelectualidade ourensá. Ao final da crónica, Devos engade varios poemas do poeta Sanjurjo que Fernández-Oxea deixa na súa lingua orixinaria, o castelán. Antes de pechar as crónicas, Prosper-Henri Devos fai unha derradeira alusión aos monárquicos portugueses. Se a loita dos paivantes non tivera rematado logo da chegada de Devos a terras galegas, o escritor belga tería afogado a súa apatía e pesimismo nunha loita que el consideraba redentora e lexítima. Devos conclúe a súa viaxe circular por Galicia retomando a ruta de Portugal, o punto de partida. A viaxe física e espiritual do autor belga por terras galegas achégalle a experiencia dun mundo diferente, de xentes simples e cheas de dignidade das que Devos é capaz de extraer confidencias e compartir preocupacións.

4. CONCLUSIÓN

Coas súas *Lettres de Galice*, Prosper-Henri Devos entronca cunha tradición que leva os nomes de Montesquieu ou de Cadalso e doutros infatigabéis viaxeiros europeos á procura doutras xentes e doutras culturas, nunha errancia non sempre exenta de prexuízos e quimeras. Devos ofrece datos sobre os costumes e as xentes do país, amais de afondar nunha tradición, a da viaxe literaria, que ten a

súa orixe na necesidade de explorar un triple espazo: o espazo propio, o espazo do outro e o espazo da Historia. Cando Devos chega á Península Ibérica é un ser atormentado polas súas orixes sociais, pola soidade e por un complexo de inferioridade fronte ao seu destino. En continua busca de si mesmo e dunha realidade que o transcende, Devos consegue salvarse grazas á escritura. A escritura permítelle ir alén da realidade presente para ser testemuña doutra sociedade, doutro tempo e doutras xentes, ás que, á súa vez, salva do esquecemento. Grazas a un espírito aberto e liberal, Devos pode entrar no espazo do outro, aceptar a diferenza con ironía e certa sorna, mais con moito respecto e benevolencia. Consegue mostrar a beleza dos lugares polos que pasa, tamén a súa fealdade, a sinxeleza das xentes, a humildade e, en suma, describir un país que nos albores do século XX estaba aínda moi lonxe de subir ao tren da modernidade. Mais non por iso cae na narración dun país arcaico ou convencional. Devos entra finalmente no espacio da Historia ao comunicar o presente, a beleza e as imaxes que xorden da súa experiencia galega, sen falsa idolatría, sen caer no estereotipo ou no complexo de superioridade doutros viaxeiros anteriores¹⁴¹.

Fuxida constante cara ao pasado e evasión permanente do escritor cara ao imaxinario fronte a unha realidade, a da súa propia vida, que o afoga e mutila como creador doutras vidas, as *Cartas de Galicia* atrapan ao escritor belga noutro espazo e noutro tempo á marxe da modernidade e da civilización europea. Na procura de si mesmo, o autor atopa unha realidade que o transcende, a da propia literatura. A escrita salva ao escritor da esgazadura sociocultural e da insatisfacción que vive en permanencia. Á súa vez, Devos salva aos seres e as cousas que se cruzan na súa vida de desaparecer sen h(H)istoria.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BEN-CHO-SHEY (1985): *Crónicas de Marruecos: tras la rota de Annual*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Culturagalega.gal (2007): “Xa no século XVIII unha serie de viaxeiros de fala inglesa pasaron polo noso país deixando as súas impresións dunha terra miserenta”, en: <http://www.culturagalega.gal/noticia.php?id=9185#> (Última consulta: maio 2015).

¹⁴¹ Como foi o caso dos viaxeiros ingleses que visitaron Galiza no século XVIII presentados na obra de Jacobo García Blanco-Cicerón, *O perfil dos viaxeiros anglófonos que pasaron por Galicia ao longo do século XVIII*. Estes viaxeiros destacan o lixo das rúas, o ruído dos carros de bois ou das ovellas, o aspecto miserento da xente e a pobreza cultural e material, ignorando todo o que puidera haber de positivo no país (Culturagalega.gal, 2007).

Outro retrato pouco afagador, aínda que menos negativo que o precedente, foi o que Ricardo Becerro de Bengoa recolle na súa obra *De Palencia a La Coruña* en 1883.

DENAYER, Frédéric (1968): *La vie et l'œuvre de Prosper-Henri Devos (1889-1914)*, Lovaina, Université Catholique de Louvain/Faculté de Philosophie et Lettres.

DEVOS, Prosper-Henri (1913): *Un Jacobin de l'An CVIII (Lettres de Galice en annexe)*, Bruxelas, Librairie Moderna.

DEVOS, Prosper-Henri (1911): *Monna Lisa*, Bruxelas, Oscar Lamberty Editeur.

FERNÁNDEZ-OXEA, Xosé Ramón (1968): *Cartas de Galicia de Henri-Prosper Devos*, Vigo, Galaxia.



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA